

COLECCIÓN **BASE**

O PROCESO
DE NORMALIZACIÓN
DO IDIOMA GALEGO
1980-2000

VOLUME I

POLÍTICA
LINGÜÍSTICA:
ANÁLISE
E
PERSPECTIVAS



HENRIQUE MONTEAGUDO • XAN M. BOUZADA
COORDINADORES

CIDADANIA-REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA

O PROCESO DE NORMALIZACIÓN
DO IDIOMA GALEGO (1980-2000)

VOLUME I

POLÍTICA LINGÜÍSTICA: ANÁLISE E PERSPECTIVAS

CIDADANIA-REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS

O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I.
Política lingüística: análise e perspectivas / Cidadania-Rede de Aplicacións
Sociais ; coordinadores Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada Fernández.
— Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de
Lingua, 2002. — 289 p. ; 22 cm. — (Colección Base)

DL C-2922-02 ISBN 84-95415-65-8

1. Lingua galega-Normalización. I. Monteagudo, Henrique. II. Bouzada
Fernández, Xan M. III. Consello da Cultura Galega. Centro de
Documentación Sociolingüística de Galicia. IV. Título

EDICIÓN

María Cuquejo Enriquez
Iolanda Galanes Santos

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 569020 Fax 981 588699
correo@consellodacultura.org

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUELJANEIRO

ISBN 84-95415-65-8
Depósito legal C-2922-02

Realización
Lúdica 7

O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO (1980-2000)

VOLUME I

POLÍTICA LINGÜÍSTICA: ANÁLISE E PERSPECTIVAS

CIDADANIA-REDE DE APLICACIENS SOCIAIS

Coordinadores

HENRIQUE MONTEAGUDO E XAN M. BOUZADA FERNÁNDEZ



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Equipo de investigación do volume I, "Política lingüística: análise e perspectivas": *Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais*.
Luis García García e Xaime Subiela Pérez (Dirección)
Juan Carlos López Pazos, Ana Lorenzo Vila, Marcos Lorenzo Gallego, Rosa Muñiz Castro, Jorge Fente Balsa.

Coordinadores: "O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)": Monteagudo, H. e Bouzada Fernández, X. M.
O proxecto "O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)" está patrocinado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. O proxecto recibiu unha subvención inicial da Unión Europea. Comisión das Comunidades Europeas. Dirección Xeral XXII, Educación, Formación e Xuventude (Acordo 97-06-NOR-0139-00).

NDICE XERAL

PRESENTACIÓN	9
POLÍTICA LINGÜÍSTICA: ANÁLISE E PERSPECTIVAS . . .	29
Abreviacións	31
Índice de cadros, gráficos, mapas e táboas	33
Introducción	35
Marco conceptual	37
Evolución socioeconómica de Galicia	46
Marco político	50
Antecedentes da política lingüística: a lingua galega como problema público	55
Obxectivos da política lingüística da Xunta de Galicia	60
A interacción dos actores na política lingüística	70
O desenvolvemento da política lingüística	86
Actuacións estratéxicas da Xunta de Galicia	93
Análise orzamentaria. Evolución da política lingüística . . .	98
Análise organizativa	117
Análise das accións da DXPL: os produtos	128
Variación social da lingua galega: estimación de impacto . .	155
A opinión dos expertos. Análise da técnica DELPHI	179
Diferencias das políticas lingüísticas da Xunta de Galicia respecto de Cataluña e o País Vasco	201
Conclusións	210
Bibliografía	243
Disposicións normativas citadas	255
Outras fontes documentais	257

Anexo	259
– Ficha técnica Delphi	261
– Cuestionario 1	263
– Cuestionario 2	265
– Lista de participantes	288

PRESENTACIÓN

No presente limiar, imos expor de forma sintética os contidos e obxectivos do proxecto *O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000)*, impulsado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, e que nunha primeira fase recibiu financiamento da Comisión Europea¹. O Consello da Cultura Galega é unha institución oficial de rango estatutario. A súa creación prevese no Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981; art. 32), e foi establecido por Lei do Parlamento galego (Lei 8/1983). Trátase dun organismo consultivo e asesor, plenamente autónomo respecto dos poderes políticos, representativo dos diferentes sectores e institucións da cultura de Galicia. Entre as funcións do Consello atópanse as de “analizar cantas cuestións se refiran ó patrimonio cultural e fomentar a lingua e a cultura galegas”, “investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego”, “asesorar e consultar os poderes da Comunidade Autónoma” e mais “elevantar ós poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego” (Lei 8/1983, tít. II, art. 6).

1. En virtude do Acordo 97-06-NOR-0139-00 entre o Consello da Cultura Galega e a Comisión das Comunidades Europeas (Dirección Xeral XXII, Educación, Formación e Xuventude) desenvolveuse o “Informe de Política Lingüística e Normalización” que é a base desta publicación.

O labor do Consello da Cultura Galega estrutúrase por seccións, das cales, unha é a de Lingua Galega². O traballo que presentamos debe comprenderse, pois, nese marco institucional: trátase dun estudio promovido polo Consello da Cultura Galega, a través da súa Sección de Lingua, con vistas a que a propia institución elabore recomendacións relativas ás políticas públicas de promoción do idioma galego. O noso proxecto foi emprendido a finais de 1998, e será culminado ó remate de 2002, coa publicación dos seus resultados en catro volumes, dos cales o presente é o primeiro.

SITUACIÓN-MARCO DE PARTIDA.

A DINÁMICA SUBSTITUCIÓN / NORMALIZACIÓN

A situación-marco da que partimos á hora de deseñar o proxecto que presentamos é, a grandes trazos, a seguinte³.

O galego é unha lingua minorizada, que viña sufrindo un forte desprestixio social, cunha perda masiva de falantes ó longo de todo o século XX, e moi especialmente desde a metade da centuria, o abandono de transmisión interxeracional. O franquismo, coa súa política de marxinação da lingua galega da vida pública, do sistema educativo e dos medios de comunicación de masas, coincidindo cunha depauperación progresiva do medio rural galego que acentuou unha hemorraxia emigratoria que viña desde a metade do século XIX, colocou o idioma galego nunha situación de extrema debilidade. A pesar do dito, este continúa sendo a lingua inicial e usual (isto é, o idioma que primeiro se aprendeu a falar e o máis utilizado na vida cotiá) da maioría da poboación galega.

2. Vid. na bibliografía final as leis correspondentes editadas polo Parlamento de Galicia (1983).

3. Para un resumo panorámico, vid. Monteagudo (2000). Estudos máis detallados sobre distintos aspectos, con puntos de vista variados, nos números monográficos das revistas *Grial*, *Plurilinguismes* e *Lengas*, vid. na bibliografía anexa a esta introducción baixo as entradas dos respectivos coordinadores: Monteagudo (1990), Rodríguez Yáñez (1993) e Alén Garabatos e Rodríguez Yáñez (2000).

Con todo, esta posición de lingua maioritaria débella sobre todo ó seu arraigamento no medio rural, entre as persoas de máis idade, baixa cualificación educativa-profesional e clase baixa⁴. No medio urbano, entre os adultos altamente cualificados e no conxunto da mocidade, o galego é minoritario.

A partir da transición democrática española, coa aprobación da Constitución española (1978) e pouco despois do Estatuto de autonomía de Galicia (1980), produciuse unha notable mutación do marco político-lingüístico. Gracias ó Estatuto, Galicia dotouse de institucións autónomas, en particular un Goberno (Xunta de Galicia) e un Parlamento, con poderes amplos en materia de educación e cultura. O Estatuto consagrou a co-oficialidade do galego e do castelán, e proclamou o primeiro 'lingua propia' de Galicia, en termos similares ós estatutos das outras dúas 'nacionalidades históricas' recoñecidas na Constitución española. A Lei de normalización lingüística (LNL) de 1983 obriga, mediante mandato imperativo, ó Goberno autónomo e ás demais institucións de Galicia a promover o uso oficial e público do idioma galego⁵. Esta lei contén cinco títulos. Do título I, sobre os dereitos lingüísticos en Galicia, salientamos:

Art. 1: Tódolos galegos teñen o dereito de coñecer e usa-la lingua galega.

Do título II, que versa sobre o uso oficial do galego, destacamos:

Art. 6.1: Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

4. Vid. Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1994, 1995).

5. Para os aspectos xurídicos e legais, *vid.* Montegudo (1990: 387-98) (perspectiva xurídica), García Negro (1991) (visión crítica desde a perspectiva do nacionalismo galego), Domínguez Salgado, Mayo Redondo e Romero Rodríguez (1999: 221-39) (perspectiva xurídica, sobre uso administrativo). O conxunto da lexislación máis relevante encóntrase en Graña Martínez (2001).

Art. 6.3: Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

Art. 6.4: A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

Art. 11: A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración Pública e ás empresas públicas en Galicia.

A LNL destina un título específico ó uso do galego no ensino (tít. III), outro ó uso do galego nos medios de comunicación (tít. IV), outro ó galego exterior (V), e finalmente un máis á función normalizadora da administración autonómica (tít. VI). Do título III, destacamos:

Art. 14: A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.

Art. 13.2: As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.

Finalmente, do título VI, queremos destacar:

Art. 22: O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente Lei.

Art. 23: O Goberno Galego establecerá un plan destinado a resalta-la importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Estes dous últimos artigos, que conteñen senllos mandatos inequívocos para o goberno autónomo, constitúen o soporte legal máis claro para impulsar a planificación lingüística en Galicia. A partir da aprobación desta lei, e en cumprimento do seu artigo 22, creouse unha Dirección Xeral de Política Lingüística

(DXPL) (1983), no seo da Consellería de Educación, que foi e é o organismo a cargo da aplicación da propia lei. Máis tarde, artelouse unha Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1990), que tivo unha vida efémera. O que nunca se chegou a realizar é un plan xeral de promoción do uso da lingua, ó que apunta o artigo 23.

O INFORME DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA E NORMALIZACIÓN

Para expoñer os obxectivos do noso traballo, será útil explicar brevemente a situación da que partimos en canto ó coñecemento da situación sociolingüística de Galicia. Durante as dúas últimas décadas, especialmente no decenio que vai aproximadamente de 1985 a 1995, desenvolvéronse unha serie de investigacións de carácter descritivo e cuantitativo acerca da situación social da lingua galega, basicamente enfocadas ó coñecemento, uso e actitudes da poboación galega, en xeral⁶ e por sectores (sobre todo, no medio educativo⁷); que permiten facerse unha idea bastante exacta e detallada da situación neses parámetros. Sen embargo, existe unha percepción estendida de que carecemos de información básica, contrastada e fiable, sobre o uso da lingua por parte das institucións públicas oficiais, e a súa evolución durante o período autonómico. Tamén se botan en falta estudos avaliadores acerca das políticas de promoción do idioma, especialmente por parte do Goberno autónomo, principal responsable destas⁸.

6. *Vid.* en particular Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1994, 1995, 1996). Tamén son de grande utilidade Siguan (1994, 1999).

7. Para o sector educativo, son fundamentais Rodríguez Neira e Martínez López (1988), Rodríguez Neira (1998) e VV. AA. (1997) para o nivel universitario, Rubal Rodríguez e Rodríguez Neira (1987) para o ensino medio e primario, e Rubal Rodríguez (1992) para o ensino primario. Unha aproximación ó ámbito administrativo local e ó sector socioeconómico en Bouzada Fernández e Lorenzo Suárez (1997). Outros traballos máis parciais nos números monográficos das revistas citadas na nota 3.

8. Aproximacións especializadas a estes dous aspectos (usos institucionais e avaliación de iniciativas), pódense encontrar en Lorenzo Suárez (1997), Domínguez Salgado, Mayo Redondo e Romero Rodríguez (1999) e Domínguez Salgado, Mayo Redondo (2000).

OBXECTIVOS DO PROXECTO. A DIMENSIÓN AVALIADORA

O noso proxecto responde a estas dúas últimas percepcións. Ten, pois, un triple obxectivo: (1) mellorar o coñecemento dos usos públicos, especialmente oficiais ou institucionais, da lingua; (2) ofrecer elementos para avaliar o impacto das iniciativas en materia de política lingüística por parte do Goberno autónomo nas aproximadamente dúas décadas do seu funcionamento (1980-2000), (3) finalmente, a partir da identificación dos puntos fortes e débiles da política lingüística en Galicia, elaborar recomendacións para mellorar a súa efectividade.

En canto ó primeiro obxectivo, o risco que tivemos que sortear foi o de evitar as orientacións dunha recollida de datos fundada unicamente nas informacións facilitadas polos propios axentes interesados⁹. En concreto no ámbito educativo, as enquisas oficiais promovidas desde a administración, así como as investigacións baseadas unicamente en datos declarados polos informantes (exclusiva ou fundamentalmente os docentes ou as direccións dos centros educativos), esixían ser contrastadas.

A idea de realizar un estudio avaliador esixe unha medida da eficacia e da eficiencia das políticas emprendidas, feito que

9. Por iso na fase exploratoria deste proxecto contactamos con 1.540 entidades entre as que se encontran instancias administrativas no nivel local, autonómico, estatal, europeo; así como, organizacións educativas do ensino universitario, do ensino primario, secundario, do non regrado, centros de formación do profesorado, asociacións pedagóxicas e institucións académicas e asociacións científicas de todas as áreas de coñecemento. Estas informacións complementáronse coas fornecidas por diversos medios de comunicación escritos e audiovisuais galegos, ós que nos diriximos. No tocante ó sector socioeconómico contactamos con diversas empresas e con todas as asociacións e colexios profesionais radicadas en Galicia. Igualmente, solicitamos información de todos os partidos políticos e de boa parte das asociacións sindicais con actividade no país. Por último, como non podía ser doutro xeito, concentramos unha parte dos nosos esforzos na petición de información ás entidades dedicadas á lingua, en concreto, os servizos lingüísticos, as entidades dedicadas a investigación da lingua galega, as entidades de defensa da lingua, así como editoras e asociacións culturais e fundacións. Ademais de entrevistas cualitativas a persoas de opinión relevante en materia de lingua e sobre o proceso de normalización lingüística.

implica poñer en relación unha serie de iniciativas (maiormente do Goberno autónomo galego) cos resultados esperados, calculando o custo destes. A finalidade última sería determinar qué funciona, en qué condicións e a qué prezo (Grin e Vaillancourt 1999). As limitacións de que partimos para realizar esta tarefa son basicamente de dous tipos. En primeiro lugar, a medida da efectividade das políticas lingüísticas constitúe un campo de estudio moi pouco desenvolvido: faltan un modelo analítico, estudos comparativos ou polo menos comparables¹⁰, metodoloxías aplicables, criterios homologados, etc. En segundo lugar, existe unha considerable carencia de datos de partida, e grandes dificultades na dispoñibilidade dos existentes (Grin 2000). Así, encontrámonos con que o organismo oficialmente responsable da política lingüística en Galicia durante o período estudado (DXPL) carece incluso dun arquivo organizado. Situación por outra banda non específica, pois outras investigacións teñen sinalado o mesmo problema en lugares próximos (Mezo 1996).

A pesar da boa vontade expresada polos distintos responsables políticos a quen nos diriximos, non podemos ter acceso a un volume considerable de informacións relevantes, ben por imposibilidade de recuperalas, ben porque non nos foron facilitadas. Por exemplo, na análise económica, tivemos que conformarnos co manexo das cifras presupostadas, sen poder coñecer as cifras de orzamento executado, moito máis fiables. Aínda que dispuxesemos de todos os datos necesarios, hai que recoñecer que as relacións causa/efecto entre as intervencións glotopolíticas e os resultados no uso lingüístico son difíciles de establecer cun mínimo de rigor.

Finalmente, no que atinxe ó apartado de recomendacións, foron elaboradas conxuntamente por todo o equipo unha vez concluída a fase de avaliación. Posteriormente, sometéronse á consideración do Plenario do Consello da Cultura Galega, para ser eleva-

10. *Vid.*, sen embargo, unha análise comparada das políticas lingüísticas no sistema educativo nas diferentes comunidades autónomas bilingües, Argelaget (1999).

das ó presidente do Goberno autónomo e dadas a coñecer á opinión pública.

PLAN DE TRABAJO. SUBDIVISIÓN EN ÁREAS
E SECTORES DO IPNL

O plan de traballo consta dos seguintes pasos. En primeiro lugar, estableceuse en discusión conxunta a orientación xeral do proxecto e as pautas comúns de traballo. Como o rango de cuestións e ámbitos de estudo é considerablemente amplo e diversificado, pensamos que era conveniente unha subdivisión do equipo por áreas de traballo. Unha vez constituídos os equipos sectoriais, cada área encargouse de obter a información básica no seu ámbito respectivo. A partir de aí, realizouse en colaboración a tarefa de avaliación. Posteriormente, cada equipo sectorial presenta as conclusións provisionais para a súa área, que son discutidas conxuntamente, coa participación dos membros da Sección de Lingua, para a súa redacción definitiva. Desda discusión saen tamén as conclusións globais e a proposta de recomendacións que examinará o Plenario do Consello da Cultura Galega.

As áreas de traballo que establecemos son as seguintes:

a) *Marco glotopolítico*. Trátase dun ámbito clave, que en realidade constitúe o marco xeral para o traballo nos distintos sectores especializados. En primeiro lugar, realizouse un labor de compilación e análise da produción normativa (leis, decretos, ordes, regulamentos...), das iniciativas parlamentarias relacionadas coa lingua galega e dos discursos e alternativas glotopolíticas. Ademais, realizamos unha análise da evolución dos Presupostos destinados á promoción do galego, e dos organismos especializados na elaboración e execución da política lingüística. Os focos de atención prioritaria nesta área son o Parlamento de Galicia e o Goberno galego (Xunta de Galicia), en especial a Dirección Xeral de Política Lingüística. O groso do traballo foi realizado pola empresa 'Cidadanía'- Rede de Aplicacións Sociais composta por especialistas das distintas ciencias sociais e dedicada á investiga-

ción aplicada. A principal novidade da súa actividade é a utilización de metodoloxías participativas de investigación. Realizaron este traballo baixo a dirección de Luís García García e Xaime Subiela Pérez, coa colaboración de Xosé Manuel Núñez Seixas e de Xesús Costas Abreu na planificación da investigación e de Xosé Manuel Otero Fernández e Ana Isabel Martínez Fernández na compilación de materiais.

b) *Sector de educación*. Dadas as nosas limitacións, e dado que por unha parte existen estudos sobre a situación do idioma nas universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, e por outra parte, cando emprendemos o proxecto o Goberno autónomo anunciaba a realización dunha enquisa exhaustiva sobre o mesmo asunto no ensino secundario, decidimos concentrar a nosa atención no ensino infantil e primario. Realizaron o traballo neste sector Xan Bouzada Fernández (profesor de Socioloxía da Universidade de Vigo), Anxo Lorenzo Suárez (profesor de Sociolingüística galega na Universidade Vigo), e Agustín Fernández Paz (profesor de ensino medio, ex-mestre e ex-coordinador docente de lingua galega), coa colaboración da socióloga Mercedes Fernández Gestido e de Cidadanía na realización da macroenquisa dos centros de ensino.

c) *Sector de administracións públicas*. Aquí tratábase de coñecer a evolución do uso do idioma galego nas distintas administracións, para máis adiante avaliar os factores que puideron influír nela. Dada a amplitude do campo de estudio, e a dificultade para obter a información de base, os focos de atención reducíronse á Delegación do Goberno, á Administración autónoma e as administracións locais (en especial, deputacións e concellos), ficando fóra do estudio a Administración de Xustiza e de Sanidade. A dirección do traballo deste sector correspóndelle a Xesús Costas Abreu (xurista, funcionario municipal e ex-concelleiro do Concello de Vigo), que contou coa colaboración de Iolanda Galanes Santos na redacción e na elaboración de materiais, con Ana Isabel Martínez Fernández na compilación de datos e co apoio técnico das sociólogas Águeda Gómez Suárez, Elvira González Solla e Isabel Diz Otero.

d) *Sector de planificación do corpus e difusión da lingua*. Neste sector, que ten carácter transversal, tratamos tres aspectos:

- 1) Planificación do corpus. Análise de avances e problemas que se verificaron nos seguintes campos: codificación (Henrique Monteagudo Romero, profesor da Universidade de Santiago de Compostela), lingüística e gramática galega (Rosario Álvarez Blanco, profesora da Universidade de Santiago de Compostela), lexicografía (Ernesto González Seoane, profesor da Universidade de Santiago de Compostela) e terminoloxía (Iolanda Galanes Santos, Consello da Cultura Galega / profesora da Universidade de Vigo).
- 2) Difusión do coñecemento do galego (planificación da adquisición). Análise desde o punto de vista didáctico dos materiais para aprendizaxe do idioma galego (Bieito Silva Valdivia e Xavier Mouriño Cagide, Instituto de Ciencias da Educación-USC); análise das iniciativas e recursos para a aprendizaxe do idioma por adultos: métodos, manuais, cursos, etc. (Rosario Pérez Magdalena, Consello da Cultura Galega).
- 3) Cultivo e expansión funcional do idioma galego. Estudio da evolución da produción editorial en Galicia e en galego (Manuel Bragado López, editor, director de Edicións Xerais de Galicia) e análise da expansión temática e funcional da lingua a través da produción de tipos de textos (Henrique Monteagudo Romero e Iolanda Galanes Santos).
A dirección deste sector está a cargo de Henrique Monteagudo, que contou coa colaboración estreita de Iolanda Galanes Santos, así como con Moisés Barreiro Comedeiro, Rosario Pérez Magdalena, Ana Isabel Martínez Fernández e María Cuquejo Enríquez.

e) Tamén prestamos atención á situación do 'galego exterior', falado fóra dos límites administrativos da Comunidade Autónoma Galega (Asturias, León e Zamora), mediante unha ache-

ga do profesor universitario e especialista na cuestión, Francisco Fernández Rei.

Está previsto que o traballo se complete con dous estudos sectoriais máis: un sobre o ámbito empresarial e comercial, e outro sobre os medios de comunicación, que iniciaremos proximamente.

Como se ve, o equipo de traballo é heteroxéneo e, como non podía ser doutra maneira, interdisciplinario. Da coordinación e artellamento do conxunto encargáronse dous directores, Xan Bouzada Fernández (profesor de Socioloxía na Universidade de Vigo), e Henrique Monteagudo Romero (profesor de Sociolingüística galega na Universidade de Santiago de Compostela), apoiados por unha Secretaría (na fase inicial a cargo de Susana Mayo Redondo e logo de Iolanda Galanes Santos, técnicas do Consello da Cultura Galega). Ademais, contamos coa colaboración dun equipo de bolseiros: Moisés Barreiro Comedeiro, María Cuquejo Enríquez, Elvira González Solla, Ana Isabel Martínez Fernández, Antón Porto Sánchez.

Nas discusións que deron orixe ó proxecto e que o acompañaron a cada paso, desde o seu deseño orixinal ata as conclusións non só participaron os membros do equipo, mais tamén, dun xeito especialmente activo, os membros da Sección de Lingua do Consello da Cultura, case todos eles colaboradores tamén no propio proxecto. Enumeraremos aquí a composición actual da devandita Sección: Henrique Monteagudo Romero (coordinador), Rosario Álvarez Blanco, Xan Bouzada Fernández, Manuel Bragado López, Xesús Costas Abreu, Agustín Fernández Paz, Francisco Fernández Rei e Bieito Silva Valdivia. O responsable da Sección cando a proposta de emprender este proxecto foi aprobada era Antón Santamarina Fernández.

TAREFAS, MÉTODOS E MATERIAIS

A continuación, ímonos referir de forma sintética ás tarefas máis importantes que realizou cada sector, ós métodos de traballo seguidos e ós materiais producidos. Destacamos o feito de que

algúns datos de base recollidos, ademais de sernos útiles para a realización do noso traballo, deron pé á elaboración de bases de datos que poñeremos a disposición do público en xeral, a través da páxina web do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega.

a) *Marco glotopolítico.* A documentación compilada é basicamente de dous tipos. Un primeiro, de tipo xornalístico, trátase dun caderno de prensa (diarios de Galicia e outras publicacións de tipo institucional profesional, político, sindical ou cultural), que nos ofrece por unha parte unha información valiosa en si mesma, e por outra un material de base para a análise de posicións e discursos públicos sobre a lingua. Un segundo no que reunimos un voluminoso compendio de materia normativa, medidas legislativas e resolucións xudiciais, e en particular realizamos unha base de datos de iniciativas parlamentarias relacionadas coa lingua galega na Cámara autonómica. Colaborou en esta tarefa o citado Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, en particular a súa responsable técnica, Susana Mayo Redondo, e Xosé Manuel Otero Fernández, ademais de Ana Isabel Martínez Fernández por parte da Sección. Ademais, prestamos unha atención especial á análise dos presupostos anuais da Comunidade Autónoma, especialmente os da Dirección Xeral de Política Lingüística. Finalmente, aplicamos a técnica Delphi a un grupo de testemuñas-clave, especialmente, responsables políticos, expertos académicos, e promotores destacados do uso do galego en diferentes ámbitos. O obxectivo da aplicación desta técnica é facer máis participativa e rica a investigación. A través dela podemos reflectir os lugares comúns sobre a situación da lingua galega e o proceso de normalización; sobre as tendencias previsibles, ou sobre parámetros de avaliación das políticas lingüísticas. O método permite obter unha aproximación cuantificada por consenso sobre temas cualitativos, e ten unha gran virtualidade prospectiva. Polo tanto, constitúe unha boa base para orientar as conclusións e recomendacións xerais. Enviáronse dous cuestionarios: un primeiro aberto, no que cada experto deu a súa opinión de forma

confidencial sobre unha serie de temas que nucleaban a investigación, e un segundo, no que se especificaban máis as cuestións, para poder cuantificar as respostas. As cuestións presentadas pódense clasificar en tres grandes grupos: (a) valoracións xerais sobre a situación da lingua galega, (b) valoración das políticas lingüísticas en Galicia, (c) comparación de propostas alternativas e novas propostas. Obtivemos 45 respostas ó primeiro cuestionario, e 31 ó segundo.

Os participantes foron escollidos cos seguintes criterios: (a) analistas do proceso de normalización lingüística procedentes de distintas disciplinas das ciencias sociais; (b) investigadores significados de distintas institucións lingüísticas; (c) responsables políticos e representantes das distintas forzas políticas e sociais; (d) representantes das asociacións que traballan na promoción da lingua. Queremos deixar constancia expresa do noso agradecemento a estas persoas, que colaboraron de forma eficaz e totalmente desinteresada. Os seus nomes figuran en apéndice ó final do presente volume.

b) *Educación*. Comezamos cunha investigación macrosocial, con utilización de indicadores cualitativos, a partir dunha mostra significativa de 201 centros de educación infantil e primaria estratificada por tipo de centro (público/privado) e por tamaño de municipio e provincia. En cada centro recolleuse información procedente de tres fontes: (a) enquisa/entrevista individual co equipo directivo do centro (cuestionario de 49 preguntas), (b) enquisa/entrevista co equipo de normalización lingüística do centro (cuestionario de 63 preguntas), (c) ficha avaliadora realizada directamente polos observadores (19 ítems considerados). Consideramos imprescindible a triangulación de informacións para asegurar a fiabilidade dos datos obtidos.

Posteriormente, realizamos un estudio de casos baseado en prospeccións cualitativas a partir dunha tipoloxía de centros de ensino con características de maior ou menor nivel de galeguización segundo o tipo de zona (urbano/non urbano) e o tipo de centro (público/privado).

Agradecemos ós equipos directivos, equipos de normalización lingüística, e profesores destes centros, a súa paciencia e o seu espírito de colaboración con este proxecto. Figuran nunha lista que se incluírá en apéndice ó final do volume correspondente.

c) *Administracións públicas*. Realizamos un cuestionario sobre uso da lingua en concellos e deputacións, que se enviou por correo a cada un destes. Outro cuestionario enviouse ás consellerías do Goberno autónomo (12 en total) e ás súas delegacións provinciais. Despois de varias quendas de envío, obtivemos resposta das 4 deputacións provinciais e de 204 concellos (o que representa cerca dos dous tercios do total de 315). En canto ó Goberno autónomo, temos resposta de 7 do total de 12 consellerías, e de 36 delegacións destas (dun total de 48).

A información obtida por esta vía foi contrastada e completada por outras vías. En primeiro lugar, mediante calas no rexistro de entrada de varios concellos escollidos de modo complementario. Así, analizamos en varias datas as entradas do Concello de Barbadás, Cartelle, Moaña, Nogueira de Ramuín, Pontevedra, Quintela de Leirado e Vigo e da Deputación de Ourense, nas que se identificaba a lingua de cada documento recibido e o organismo de procedencia. En segundo lugar, mediante calas nos boletíns oficiais provinciais, pois en tres das catro provincias, cada texto se insire na lingua de orixe (o da provincia de Ourense editase integramente en galego, polo que non é útil para o noso obxectivo). En terceiro lugar, no caso de organismos que contaban cun gabinete de normalización lingüística (caso das catro deputacións provinciais e de aproximadamente trinta concellos), mediante a información facilitada pola persoa encargada deste. A información obtida mediante o primeiro procedemento (calas no rexistro de entrada), é tamén relevante para coñecer os usos lingüísticos doutras institucións e organismos, en particular da Administración do Estado e as de empresas que prestan servicios ó Concello. Tomamos estes datos, pois, como indicadores de uso lingüístico de diversas institucións.

É obrigado facer constar o noso fondo agradecemento ás institucións que colaboraron no traballo de campo, respondendo

ós nosos cuestionarios e ós nosos (ás veces impertinentes) requirimentos. Estas institucións aparecen listadas en apéndice ó final do volume correspondente. De xeito moi especial, debemos agradecer a axuda dos técnicos e técnicas en servicios lingüísticos que tamén nos atenderon e nos facilitaron informacións vitais para a elaboración deste traballo e que aparecen relacionados no anexo do volume correspondente.

d) *Planificación do corpus e Difusión da lingua*. Unha parte do traballo neste sector distribuíuse entre distintos especialistas en aspectos concretos (gramática, lexicografía, terminoloxía, didáctica e edición). O labor máis propio de equipo consistiu na elaboración dunha voluminosa base de datos coa produción didáctica en lingua galega, con especial atención ó material destinado ó ensino do e en galego. Para medir a diversificación funcional da lingua, utilizamos una versión adaptada da denominada retícula de Kloss (Fernández Salgado e Monteagudo Romero 1995) para medir o grao de desenvolvemento do galego por áreas en diversos ámbitos como a investigación universitaria, o ensaio, monografías científicas, etc., e fixemos calas na produción de textos en prosa non ficcional nos anos 1991 e 1999. Tamén compilamos un censo de publicacións periódicas, de carácter científico e outro de publicacións de ámbito profesional, que utilizan a lingua galega como lingua corporativa ou de publicación, para completalo tivemos que contactar numerosas entidades de diverso tipo das que incluimos unha relación de resposta no apéndice do volume correspondente.

Como deixamos indicado nas liñas iniciais desta introducción, os resultados do proxecto aparecerán publicados en catro volumes: o primeiro recolle os resultados do que antes denominamos 'área de politoloxía'; o segundo versa sobre a investigación do traballo sobre o ensino infantil e primario; o terceiro, a investigación levada a cabo nas administracións públicas, o cuarto e último desta serie, os traballos sobre adaptación, actualización e difusión da lingua.

Aínda que nos traballos que presentamos puxemos toda a nosa capacidade de investigación e análise, e investimos todo o

rigor profesional do que fomos capaces; aínda que tentamos ser todo o obxectivos que puidemos na nosa consideración dos problemas (adoito espiñentos) que estudiamos, aínda que, en fin, envorcamos nel toda a ardencia do noso compromiso co futuro do idioma galego, non se nos escapa que o lector pode atopar que aspectos importantes do asunto tratado están insatisfactoriamente alumados, algunhas das nosas opcións de traballo e das conclusións a que chegamos son perfectamente discutibles, os nosos criterios e puntos de vista insuficientemente razoados ou sinxelamente falibles. Asumiremos con toda naturalidade, e mesmo con agradecemento, todas as críticas e opinións a que este traballo dea lugar, que oxalá sexan moitas. Pero, non por ser evidente, resulta escusado subliñar que o noso labor se ofrece con espírito absolutamente constructivo: cando se sinalan o que xulgamos erros ou deficiencias, a nosa intención non é sinalar presuntos culpables, mais contribuír a identificar puntos febles ou sinxelamente mellorables, e de ser o caso suxerir tratamentos ou focaxes dos problemas que nos semellan máis acaídos. Non escudriñamos no pasado pola ansia de furgar nas nosas deficiencias colectivas ou nos posibles defectos dos nosos gobernantes; por parte, non é o noso papel fiscalizar os poderes públicos; pois para esta misión concreta a nosa democracia dotouse de partidos políticos e institucións representativas, ademais de contar cos vivos órganos de expresión da opinión pública.

Sinxelamente, propuxémonos ofrecerlles á sociedade galega, e de xeito especial ós seus responsables políticos, elementos de reflexión e de xuízo, para mellor afrontarmos unha das máis fermosas e máis estimulantes tarefas colectivas con que se enfrenta o noso país: a plena normalización da súa lingua secular e popular.

Ó longo desta presentación fomos deixando constancia das numerosas débedas de gratitude que fomos contraendo e que fixeron posible levar adiante o noso traballo. É probable que polo medio esqueceramos persoas ou institucións merecentes de figurar nun ou outro lugar. Adiantámonos a pregar perdón por eses eventuais descoidos. Non queremos deixar de mencionar, endebén, o persoal técnico do Consello da Cultura Galega que ó longo de todo

este tempo fixo gala do seu talante atento e colaborativo. Individualizamos este agradecemento na persoa de Antonio Montero Carro, o xerente da institución, pero queremos que se faga extensivo a todas as persoas que traballan no Consello. O presidente, Alfonso Zulueta de Haz, e a Comisión Executiva, nunca nos relearon o seu alento e apoio para dar cabo a esta singradura, que experimentou tamén os seus episodios de risco e os seus perigos de naufraxio. Mercés a todos e a todas.

Finalmente, sería imperdoable rematar este limiar sen unha lembranza para o que era Presidente do Consello da Cultura Galega cando este proxecto daba os seus primeiros pasos, quen por desgracia non poderá xa contemplar os seus froitos. Carlos Casares foi, para este traballo coma para tantas outras empresas culturais galegas, unha fonte constante de inspiración, de estímulo e de apoio. A mellor homenaxe que podemos ofrecerlle agora é precisamente pórle o ramo a esta nosa tarefa e continuar mirando cara a diante, a traballar por un presente e un porvir mellor para a nosa terra e para a nosa lingua, como el non deixou de facer sempre, incansablemente.

Henrique Monteagudo

Coordinador da Sección de Lingua
Consello da Cultura Galega

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Alén Garabatos, M. Carme e Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (coords.) (2000): *Le Galicien et la sociolinguistique galicienne à la conquête de la reconnaissance sociale* [Lengas, 47], Montpellier, Université Paul Valère.

Argelaget, Jordi (1998): “Las políticas lingüísticas: diversidad de modelo lingüístico escolares” en Gomá, R. e Subirats, Joan (comp.) *Políticas públicas en España*, Ariel, Barcelona, 295-316.

Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (ed.) (2002): *Actas dos IV Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Bouzada Fernández, Xan e Lorenzo Suárez, Anxo (1997): *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Cidadania, rede de aplicacións sociais (ed.) (2002): *Situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Domínguez Salgado, Ana e Mayo Redondo, Susana (2000): *Actas dos III Encontros de normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Domínguez Salgado, Ana, Mayo Redondo, Susana e Romero Rodríguez, Daniel (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Euromosaic (1996): *Producción e reprodución de grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*, Santiago, Xunta de Galicia.

Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística*, A Coruña, Real Academia Galega.

Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.

Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto (coords.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*, Vigo, Real Academia Galega.

Fernández Salgado, Benigno e Monteagudo Romero, Henrique (1995): “Do galego literario ó galego común: proceso de estandarización na época contemporánea” en Monteagudo Romero, H. (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia, 99-176.

García Negro, M. Pilar (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vilaboa, Edicións do Cumio.

Gomá, R. e Subirats, Joan (comp.) (1999): *Políticas públicas en España*, Ariel, Barcelona.

Graña Martínez, Venancio (2001): *Lexislación da Lingua Galega*, A Coruña, Xunta de Galicia.

Grin, François (2000): *Evaluating police measures for minorite languages in Europe*, Flensburg, European Centre for Minorite Issues.

Grin, François e Vaillancourt, François (1999): *The cost-effectiveness evaluation of minorite language policies: Case studies on Wales, Ireland and the Basque Country*, Flensburg, European Centre for Minorite Issues.

Lorenzo Suárez, Anxo (ed.) (1996): *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Universidade de Vigo.

Mezo, Josu (1996): *Políticas de recuperación lingüística en Irlanda (1922-1939) y el País Vasco (1980-1992)*, Madrid, Centro de Estudios Avanzados en Ciencias Sociales.

Monteagudo, Henrique (coord.) (1990): *Perspectivas sobre a lingua [=Grial, 107]*, Vigo, Galaxia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983a): *Lei de fundacións de interés galego*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983b): *Lei de recoñecemento da galeguidade*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983c): *Lei do Consello da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Rodríguez Neira, Modesto (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez Neira, Modesto e López Martínez, Marisol (1988): *O galego na Universidade*, Santiago, Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (coord.) (1993): *Sociolinguistique Galicienne [= Plurilinguismes, 6]*, París, Centre d'Études et de Recherches en Planification Linguistique / Université René Descartes.

Rubal Rodríguez, Xosé (1992): *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Rubal Rodríguez, Xosé e Rodríguez Neira, Modesto (1987): *O galego no ensino público non universitario*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Siguan Soler, Miquel (1994): *Conocimiento y uso de las lenguas en España*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociolóxicas.

Siguan Soler, Miquel (1999): *Conocimiento y uso de las lenguas*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociolóxicas.

VV. AA. (1997): *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo*, Vigo, Universidade de Vigo.

VV. AA. (1998): *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo*, Concello / Universidade de Vigo.

**POLÍTICA LINGÜÍSTICA:
ANÁLISE E PERSPECTIVAS**

Queremos deixar constancia de que o desenvolvemento desta investigación tivo un carácter moi colectivo e plural. Xa se mencionou o equipo do Informe, a Sección de Lingua do Consello da Cultura, o equipo de traballadores e bolseiros do APNL e queremos volver subliñar as contribucións dos participantes no DELPHI para o conxunto da análise. Hai que indicar tamén que, ademais do equipo de investigación de *Cidadania*, colaboraron como elemento de apoio e contraste algunhas persoas ás que queremos recoñecer a súa achega. Vai o noso agradecemento explícito para María do Carme Vilariño López, Araceli Otero Fernández, Armando Broz Fidalgo, Antón Insua López, Carlos Garavato Vilaverde e Xosé Otero Fernández.

ABREVIACIENS

BOPG	Boletín Oficial do Parlamento Galego
BN-PG/PSG	Bloque Nacional – Popular Galego/Partido Socialista Galego
BNG	Bloque Nacionalista Galego
BILEGA	Bibliografía Informatizada da Lingüística Galega
AGAL	Associaçom Galega da Lingua
AS-PG	Asociación Sócio-Pedagóxica Galega
AA.PP	Administracións públicas
AGLI	Asociación Gallega para la Libertad del Idioma
AFNL	Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística
ANPAs	Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as
CCG	Consello da Cultura Galega
C	Consellería
CG	Coalición Galega
CTNL	Coordinadora de Traballadores e Traballadoras da Normalización da Lingua
CRTVG	Compañía de Radio Televisión de Galicia
CCNL	Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística
CIS	Centro de Investigacións Sociolóxicas
CEC	Consellería de Educación e Cultura
CE	Constitución española
CORGA	Corpus de Referencia do Galego Actual
CC.OO.	Comisións Obreiras
CEFOCOP	Centro Formación Continuada do Profesorado
CIG	Confederación Intersindical Galega
CA	Comunidade Autónoma
CAG	Comunidade Autónoma galega
DOG	Diario Oficial de Galicia
DX	Dirección Xeral
DXCIE	Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa
DXOEFP	Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional
DXPL	Dirección Xeral de Política Lingüística
DNL	Departamento de Normalización Lingüística
EA	Estatuto de autonomía
ERIAL	Extracción e Recuperación da Información mediante Análise Lingüística
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
ENL	Equipos de Normalización Lingüística
EPA	Enquisa de Poboación Activa
EG	Esquerda Galega
CRPIH	Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

DXOEFP	Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional
DXCIE	Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa
GALADOC	Corpus Documentale Latinum Gallaeciae
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
FEGAMP	Federación Galega de Municipios e Provincias
FOESSA	Fomento de Estudos Sociais y Sociología Aplicada
GALWORNET	Wordnet do galego
ILG	Instituto da Lingua Galega
INE	Instituto Nacional de Estatística
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
IGE	Instituto Galego de Estatística
INAP	Instituto Nacional de Administración Pública
IPC	Índice de Prezos ao Consumo
LNL	Lei de Normalización Lingüística
LFPG	Lei da Función Pública de Galicia
LUGLOEL	Lei de Uso do Galego como Lingua Oficial polas Entidades Locais
Mesa, A	A Mesa pola Normalización Lingüística
MDL	Movemento Defensa da Lingua
MSG	Mapa Sociolingüístico Galego
MUPEGA	Museo Pedagóxico Galego
NEG	Nova Escola Galega
NL	Normalización Lingüística
PP	Partido Popular
PPdG	Partido Popular de Galicia
PSdG-PSOE	Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español
PSG-EG	Partido Socialista Galego-Esquerda Galega
PNG	Partido Nacionalista Galego
PCG	Partido Comunista de Galicia
RAG	Real Academia Galega
SNL	Servicio de Normalización Lingüística
SL	Servicio lingüístico
SERGAS	Servicio Galego de Saúde
TICs	Tecnoloxías da información e da comunicación
TERMIGAL	Servicio de Terminoloxía Galega
TSXG	Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
TC	Tribunal Constitucional
UCD	Unión de Centro Democrático
UDC	Universidade da Coruña
UG	Unidade Galega
UE	Unión Europea
USC	Universidade de Santiago de Compostela

NDICE DE CADROS, GRÁFICOS, MAPAS E TÁBOAS

Cadros

<i>Cadro 1:</i>	Contidos dun plan de normalización lingüística municipal	67
<i>Cadro 2:</i>	Caracterización dos actores principais	74
<i>Cadro 3:</i>	Dinámica dos actores no ensino non universitario	82
<i>Cadro 4:</i>	Dinámica dos actores nas administracións públicas	84
<i>Cadro 5:</i>	O desenvolvemento da política lingüística	87
<i>Cadro 6:</i>	Tipoloxía de políticas lingüísticas en Galicia	89, 90, 91, 92
<i>Cadro 7:</i>	Comparativo da distribución do gasto da DXPL en 1992 e en 1993 (cifras en miles de pesetas)	110, 111, 112
<i>Cadro 8:</i>	Balance sobre os cursos de lingua galega	132
<i>Cadro 9:</i>	Balance sobre as axudas á galeguización das organizacións	135
<i>Cadro 10:</i>	Balance sobre as axudas aos medios de comunicación privados	140
<i>Cadro 11:</i>	Balance sobre o apoio á investigación	145
<i>Cadro 12:</i>	Estimativo da distribución do gasto da DXPL no período 1993: 2000	147, 148
<i>Cadro 13:</i>	Avaliación das accións da DXPL. Balance de período	151, 152, 153, 154
<i>Cadro 14:</i>	Evolución das políticas lingüísticas segundo os seus eventos máis relevantes	204
<i>Cadro 15:</i>	Comparanza das estruturas organizativas para políticas lingüísticas	207
<i>Cadro 16:</i>	Resumo comparativo de políticas lingüísticas	209

Gráficos

<i>Gráfico 1:</i>	Orzamentos DXPL 1983-2000	101
<i>Gráfico 2:</i>	Estructura da Consellería de Educación	120
<i>Gráfico 3:</i>	Evolución da presenza do galego na prensa diaria. Anos 1990, 1993, 1998	138
<i>Gráfico 4:</i>	Distribución porcentual do gasto en lingua segundo o ámbito	149
<i>Gráfico 5:</i>	Distribución porcentual do gasto en lingua segundo os destinatarios	150
<i>Gráfico 6:</i>	Distribución porcentual do gasto en lingua segundo o tipo de política pública	150
<i>Gráfico 7:</i>	Opinión sobre a evolución da competencia lingüística en galego nos últimos vinte anos. Datos en números absolutos	181
<i>Gráfico 8:</i>	Opinión sobre a evolución dos prexuízos negativos cara ao galego nos últimos vinte anos. Datos en números absolutos	182
<i>Gráfico 9:</i>	Valoración da lingua que emprega a Administración da Xunta de Galicia nas súas relacións coa cidadanía. Datos en números absolutos	184
<i>Gráfico 10:</i>	Valoración da lexislación lingüística existente na actualidade de cara á promoción social do galego. Datos en números absolutos. Escala do 1 (moi inadecuada) ao 5 (moi adecuada)	186
<i>Gráfico 11:</i>	Valoración do galego como lingua vehicular maioritaria para os niveis primario e secundario do ensino. Datos en números absolutos. Escala do 1 (totalmente en desacordo) ao 5 (totalmente de acordo)	191

<i>Gráfico 12:</i>	Valoración das axudas concedidas pola DXPL aos medios de comunicación privados como unha forma de financiamento á marxe da normalización lingüística. Datos en números absolutos. Escala do 1 (totalmente en desacordo) ao 5 (totalmente de acordo)	194
--------------------	---	-----

Mapas

<i>Mapa 1:</i>	Análise da política lingüística da Xunta de Galicia	44
<i>Mapa 2:</i>	Posición e relación entre os actores	75

Táboas

<i>Táboa 1:</i>	Poboación ocupada por sectores e taxas de ocupación	48
<i>Táboa 2:</i>	Evolución do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma	95
<i>Táboa 3:</i>	Comparativa dos orzamentos: DXPL/ Consellería de Educación/ Xunta de Galicia	103
<i>Táboa 4:</i>	Comparativa simplificada da evolución dos orzamentos da DXPL e da Comunidade Autónoma	105
<i>Táboa 5:</i>	Evolución do orzamento da DXPL e o presuposto consolidado en lingua galega (90-93), en millóns de pesetas	109
<i>Táboa 6:</i>	Evolución das axudas da DXPL para empresas e para asociacións	134
<i>Táboa 7:</i>	Comparativa das axudas da Xunta de Galicia e evolución da produción editorial en galego	136
<i>Táboa 8:</i>	Nivel de coñecemento da lingua da comunidade (en %)	159
<i>Táboa 9:</i>	Media de idade de contacto coa lingua da comunidade	161
<i>Táboa 10:</i>	Forma de adquisición da lingua da comunidade (das persoas que, na súa infancia, vivían en fogares de fala castelá e na actualidade manifestan ter competencia na fala da lingua da comunidade) (en %)	161
<i>Táboa 11:</i>	Uso do galego nas interaccións co cónxuxe e cos fillos/fillas	166
<i>Táboa 12:</i>	Lingua usada nas relacións persoais polas persoas capaces de falar galego (en %)	167
<i>Táboa 13:</i>	Usos lingüísticos noutras situacións para as persoas capaces de falar galego (en %)	169
<i>Táboa 14:</i>	Opiniós sobre as linguas no ensino	173
<i>Táboa 15:</i>	Lingua preferida nos actos públicos (para as persoas que entenden o galego) e na lectura (para as persoas que saben ler en galego) (en %)	175
<i>Táboa 16:</i>	Esixencia de coñecemento do galego a funcionarios. Grao de acordo coa frase: "para ser funcionario desta Comunidade Autónoma debe esixirse o coñecemento da lingua vernácula" (en %)	176
<i>Táboa 17:</i>	Lingua preferida para ser atendido/a nas Administracións (en %)	176
<i>Táboa 18:</i>	Lingua preferida para os impresos administrativos (en %)	177
<i>Táboa 19:</i>	Valoración global a cerca da actuación de cara á normalización lingüística nos últimos vinte anos das institucións lingüísticas. Datos en medias. Escala do 1 (moi mala) ao 5 (moi boa)	196

INTRODUCCIÓN

O presente traballo é unha parte do informe *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)* da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (CCG). Desta primeira consideración derivanse dúas consecuencias:

1. Unha de focaxe e estilo, que ten que ver co seu carácter institucional. Ademais do distanciamento propio da investigación científica, pretendemos ter un coidado escrupuloso na consideración dos actores afectados na análise.
2. Outra de formulación de contidos, xa que esta investigación debía, por unha parte, ter sentido autónomo en si mesma, e por outra, estar integrada no conxunto da investigación desenvolta polo Consello da Cultura Galega, e ser funcional cara a unha comprensión global do Informe.

Esta *análise da política lingüística autonómica* fixose cargo da dimensión politolóxica do informe, a cal tiña substancia de análise propia, e ao mesmo tempo afectou transversalmente ao resto das áreas do estudio. A análise tivo unha compoñente de investigación primaria, de exploración de datos que non estaban dispoñíbeis ata o momento; outra de interpretación e explicación do acontecido, e outra máis de avaliación a modo de balance de período. A análise e a avaliación realizáronse en clave propositiva, con idea de que poidan ser útiles para o futuro.

A pretensión do estudio é que poida resultar de proveito para a mellora da política lingüística, para os axentes sociais que promoven a lingua galega na sociedade, e para as institucións e expertos que se dedican ao estudio da lingua galega; é dicir, para todos aqueles susceptíbeis de integrar a *comunidade política* de nor-

malización lingüística. Sen ánimo de ser presuntuosos, a nosa vontade foi dar conta do que se fixo para podermos establecer un marco de diálogo constructivo sobre “o que se pode facer”, e que fose de utilidade ao conxunto dos actores.

O tema tratado está fortemente politizado e cargado de valores socialmente polémicos. Como vimos ao longo da análise, as posicións sobre o tema da lingua estiveron tradicionalmente moi confrontadas; non nos gustaría que este traballo fose un arma areboladiza máis para botar en cara o ben ou mal que o fixeron uns e outros. Este traballo foi concibido en positivo, e o seu obxectivo é ser funcional cara á normalización lingüística.

Noutra orde de cousas, procurouse unha linguaxe que fose comprensíbel para calquera lector medio, por mor de facilitar ao máximo a comprensión das ideas. Na medida en que fomos capaces, tentamos ofrecer un texto de lectura sinxela sen perder en profundidade analítica. Agardamos ter acadado estes obxectivos.

DELIMITACIÓN DO ESTUDIO

Con ánimo de acoutar os límites do que se fixo –e do que non se fixo– nesta investigación, determinamos a continuación o ámbito de estudio:

Ámbito de análise: Comunidade Autónoma de Galicia.

Período de análise: 1983-2000. O estudio comeza no ano 1983 por ser o ano de aprobación da Lei de normalización lingüística (LNL).

Obxecto de análise: a política pública referida á lingua da Xunta de Galicia. Concentramos a atención no referido ao status da lingua galega (*status planning*). As cuestións referidas á planificación do corpus (*corpus planning*) son tratadas noutra parte do Informe (volume IV), de pronta aparición.

MARCO CONCEPTUAL

O obxectivo deste estudio é realizar a análise da política lingüística desenvolvida en Galicia pola Administración autonómica. Para efectuar esta investigación utilizamos fundamentalmente o marco conceptual da análise das políticas públicas, Subirats (1989) e (1991); Lindblom (1991), e mesmo os marcos especificamente establecidos para a análise de políticas de linguas minorizadas, Grin e Vaillancourt (1999). En todo caso a vontade dos autores é que a articulación conceptual e o instrumental utilizado sexan funcionais para unha explicación desprendida de tecnicismos innecesarios, máxime cando somos conscientes de que os destinatarios principais deste documento non van ser, en xeral, politólogos ou científicos sociais.

Pretendemos contestar as cuestións máis básicas na análise dunha política pública, Subirats (1989):

- ¿Que están facendo os poderes públicos?
- ¿Por que o están facendo?
- ¿Que consecuencias teñen as súas accións sobre a realidade social?

A estas preguntas subxace unha concepción da política como acción, máis que como estrutura. O foco de atención é a actividade dos poderes públicos, reducido aos termos máis simples queremos coñecer: qué fixo a Administración autonómica galega –cáles son os produtos/*output* da política–, qué consecuencias tivo a súa actuación –cáles son os seus resultados/*outcome*–, e cál foi a dinámica que dá conta do proceso –interacción política e a súa influencia na política lingüística–.

A análise das políticas públicas parte do suposto pluralista de que os poderes e os recursos se dividen de xeito desigual entre a sociedade, e que os procesos decisoriais das políticas son máis ben resultado de interaccións múltiples en que participan moitos actores de xeito simultáneo (responsábeis políticos, funcionarios de todos os niveis, axentes da sociedade civil, partidos políticos, expertos académicos, medios de comunicación, etc.).

Desde este punto de vista, analizando a acción real dos entramados político-administrativos, confúndense as fronteiras entre políticos e burócratas. O elemento de obxectivación desta dinámica son os “productos”, que son resultado da interacción entre política e administración, pero tamén da interacción do outro gran conxunto de actores en xogo.

OS CONCEPTOS

Entrando xa a definir os conceptos utilizados ao longo desta análise comezamos por diferenciar entre política lingüística, como regulación dos usos lingüísticos dunha organización, e política lingüística, como responsabilidade da xestión das linguas na sociedade. Na primeira acepción son moitas as organizacións que dispoñen de política lingüística –p.e. unha empresa como *Telefónica*–, no sentido de que existe un mínimo de regulación sobre os usos lingüísticos dentro delas, sen prexuízo de que sexa favorábel ou non á lingua minorizada. No segundo sentido só a Xunta de Galicia asumiu unha responsabilidade, e en menor medida algúns (poucos) concellos e universidades; o cal é un sinal de que a responsabilidade última se lle asigna á Administración autonómica tal e como se reflicte na normativa legal sobre a cuestión. Asumimos o termo *política lingüística* por ser o termo socialmente máis estendido, pero aquí utilizámolo só no sentido de política pública sobre a lingua (*language policy*).

Pasamos a definir varios dos conceptos máis relevantes utilizados neste traballo. Nalgúns casos utilizamos os termos ingleses, para diferenciar entre dimensións que en galego teñen a mesma denominación, e porque esta é a convención da comunidade científica (por exemplo, cando falamos de política, diferenciamos entre *politics* e *policy*).

Politics: designa os xogos e relacións de poder, con especial atención ás deliberacións e desacordos dos distintos actores, que anteceden á toma de decisións; inclúe a dinámica de interacción entre os actores, en que se incorpora a lóxica da racionalidade política –a estimación de rendibilidade para cada actor–.

Policy: fai referencia aos programas sectoriais e ás accións concretas que emanan das institucións de goberno como resultado da interacción política. Cando falamos, neste traballo, de política pública ou de política lingüística referímonos a esta dimensión *policy*.

Producto = *output*: son as accións dos poderes públicos, o elemento obxectivábel da actuación política. Unha das grandes dificultades desta análise é individualizar os “productos” da acción administrativa; se é doado facelo no caso de cursos, de lingua ou subvencións, ten moita maior complexidade cando falamos doutras accións como as campañas de promoción.

Resultado = *outcome*: refírese ao efecto da actuación política, é a variación da situación social da lingua galega como consecuencia da intervención pública. A complexidade da determinación do *outcome* é enorme; primeiro porque hai que coñecer a variación da situación social da lingua entre dous períodos, canto mudou a situación en termos de competencia, uso (cantidade de falantes e funcións), prestixio social, etc; e segundo porque do conxunto das variacións desta situación hai que illar cales son efecto da intervención pública (en concreto da Xunta de Galicia) e non da evolución ‘espontánea’ da sociedade. Temos en consideración, moi centralmente, o marco social e político no que se desenvolve; a receptividade cara ás políticas é un factor dinámico que se interrelaciona coa actuación pública, e, deste xeito, na *oferta* de políticas hai que ter en conta a *demanda* de políticas, Grin (2000). *Outcome* é un concepto crucial porque dá conta da *eficacia* e da *eficiencia*, cuestións que nos permiten analizar o nivel de éxito da política (*policy*).

Eficacia: relación que ese establece entre os obxectivos da política e os seus resultados (*outcome*). Permítenos coñecer o grao de cumprimento do que estaba previsto; se efectivamente se acadou o efecto social que estaba marcado. A eficacia ten unha compoñente de criterio de valor interno, na medida en que os obxectivos son marcados pola propia Administración; en todo caso, como os obxectivos están máis ou menos expresos na normativa legal, o

cumprimento dos obxectivos vai ser a referencia básica á hora de xulgar a política.

Eficiencia: a relación entre os recursos (*input*) postos en xogo na política –económicos, humanos, materiais– e os resultados (*outcome*). A relación custo/beneficio dá conta do grao de produtividade; a través desta análise sabemos se os esforzos que se invisten teñen o seu correlato nos resultados acadados. A eficiencia –tamén chamada relación custo/efectividade– ten dúas lecturas que consistirían en: a) dada unha cantidade de recursos, a capacidade de acadar os mellores resultados posibles; b) dados uns determinados obxectivos, a capacidade de acadalos ao menor custo posible.

Problema: unha construción analítica; definición dunha situación como unha oportunidade de mellora susceptible de intervención polos poderes públicos. A definición dos problemas sempre está vencellada á formulación de solucións, e debe resultar funcional verbo da posibilidade de intervención. Un problema non é un asunto (*issue*); é unha forma de entender un asunto en termos de situación non desexada que debe ser mellorada.

Implementación: a organización e aplicación da política pública, unha dimensión que ten que ver coa materialización das decisións a través das canles administrativas e burocráticas oportunas. A implementación sempre provoca desenvolvemento ou cambio das políticas nalgún grao, Lindblom (1991). Existe unha concepción moi asentada que fai pivotar o éxito de toda a acción de goberno sobre os responsábeis políticos; todo dependería da decisión política e, a partir de aí, a aplicación sería un proceso automático que se encarga da maquinaria administrativa. A análise de políticas públicas móstranos que a cuestión é moito máis complexa; que unha vez que a decisión entra en contacto coa realidade da aplicación, e coas lóxicas de funcionamento dos que a teñen que levar a cabo, o que estaba decidido convértese nunha substancia de implementación un tanto distinta. Neste plano acadan un relevo central os encargados de executar a política (funcionarios, profesores, etc.); como veremos, é básico contar coa súa implicación para garantir o éxito da política.

Concretamente sobre a nosa análise, quixeramos sinalar que o marco estatal –xurídico e político– supón unha restricción estrutural forte para as políticas lingüísticas no nivel autonómico, que ten un carácter limitante –establecer qué non se pode facer– e outro habilitante –establecer o ámbito do que se pode facer–. Pero en calquera caso, quixeramos deixar claro que non predetermina o sentido das accións; é dicir, que dentro do mesmo marco político-xurídico do Estado existen desenvolvementos de políticas lingüísticas que surten efectos moi distintos.

A LINGUA COMO PRÁCTICA SOCIAL

Como complemento, queremos facer algunhas consideracións sobre a compoñente social da lingua. Aínda que este non é un traballo sobre a situación social do galego, consideramos central a análise deste aspecto:

- a) Porque estimamos que a cuestión da utilización das linguas pertence ao terreo do social. Neste traballo asumimos os presupostos manexados para a elaboración do *Euromosaic*¹¹, que tenta evitar a forte tendencia a cousificar a linguaxe; tal criterio, moi acertado dende o noso punto de vista, implica non ocuparse das linguas como tales, mais dos grupos lingüísticos entendidos como grupos sociais.
- b) Porque a realidade social da lingua galega é o elemento central á hora de valorar as políticas lingüísticas. Esta realidade vainos permitir determinar o impacto social das políticas; e, polo tanto, a súa evolución indicaranos a súa efectividade. En todo caso, non podemos confundir a situación social da lingua co impacto das políticas lingüísticas, dado que existen moitos procesos que teñen lugar no seo da sociedade á marxe das accións públicas.

11. Euromosaic (1996).

- c) Porque as cuestións de lingua son un problema que se xoga no terreo do social: que o galego se fale ou se deixe de falar é unha cuestión de orde social, no que a política e as políticas lingüísticas son un factor fundamental pero non determinante.

SOBRE A INVESTIGACIÓN

Para dispoñer de parámetros que nos permitisen avaliar a evolución da política lingüística da Xunta de Galicia, e facer balance do período analizado, botamos man de tres referentes que nos permitiron facer as valoracións que se realizan neste traballo:

1. A valoración realizada por expertos, responsábeis políticos, axentes da sociedade civil, e outras persoas de relevo para a política lingüística, recollida coa técnica DELPHI.
2. A comparanza con outras políticas lingüísticas do ámbito español, nomeadamente con aquelas que están sendo máis exitosas canto á recuperación dos usos do idioma autóctono: Cataluña e o País Vasco.
3. As recomendacións de institucións europeas –en concreto do Consello de Europa– para a avaliación das políticas para as linguas minoritarias, canto á súa eficacia, eficiencia e desenvolvemento democrático.

En definitiva, nesta análise da política lingüística da Xunta de Galicia pretendemos dar conta do seguinte:

- Cómo se desenvolveu a *dinámica de interacción dos actores*, o xogo da política (*politics*) e a súa influencia na política pública de normalización lingüística (*policy*).
- Dar conta das *principais accións (output)* destinadas á normalización lingüística da Xunta de Galicia; sobre todo, as actuacións do departamento responsábel, a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL). Centramos o noso foco de


atención na DXPL, dado que outras actuacións relevantes da Administración autonómica (ensino, administracións públicas (AA.PP.), medios de comunicación autonómicos) vanse tratar noutras partes do Informe.

- Cómo se *organizaron* e *desenvolveron* estas accións (implementación).
- Cáles foron os *resultados* (*outcome*) efectivos desta actuación. Sobre esta base, pretendemos valorar a eficacia e a eficiencia das accións desenvoltas; cáles foron os resultados das accións públicas e cá a súa efectividade.

Toda análise dunha política pública implica establecer un constructo analítico que permita comprender mellor a dinámica de desenvolvemento da política. Trátase de reconstruír os procesos de actuación dos poderes públicos e de examinar as relacións –alianzas e conflitos– de interacción entre os actores. Pero os actores son analizados, a estes efectos, pola súa actuación concreta, non pola súas consideracións xenéricas ou pola súa pertenza formal a tal tendencia ou posición social, Subirats (1991).

Propoñemos como esquema de análise o que aparece no mapa 1, que intenta recoller aqueles factores centrais que teñen repercusión na variación dos usos lingüísticos, e que nos permiten realizar un balance do período.

MAPA 1 - ANÁLISE DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA



As cores deste mapa conceptual correspóndense cos distintos planos que teñen relevo para a análise:

- A área azul indica a situación social da lingua galega nos momentos previo e final que nos permite comparar as dúas situacións e facer balance do cambio.
- Os cadros en castaño sinalan os procesos sociais de fondo que tiveron lugar en Galicia durante estes 20 anos. Cáles foron os máis relevantes cambios sociais de Galicia á marxe da cuestión lingüística.
- Os cadros en vermello móstrannos os factores de interacción política referidos á cuestión lingüística. Estes factores refírense tanto ás construcións estruturais e as interaccións do ámbito estatal, como á conflictividade política e social referida á cuestión lingüística dentro de Galicia.
- A área verde circunscríbese aos distintos momentos e compoñentes que constitúen a política lingüística (*policy*) da Xunta de Galicia.

Neste esquema a variábel dependente é a situación social da lingua galega, e analizaremos en qué medida a súa evolución é efecto das outras variábeis en xogo; tendo en conta as variacións socioeconómicas e políticas, pero principalmente observando en qué medida son resultado da política lingüística da Xunta de Galicia.

EVOLUCIÓN SOCIOECONÓMICA DE GALICIA

Desde o ano 1983 ata o momento actual Galicia ten experimentado intensas transformacións demográficas, económicas e territoriais. Algúns destes cambios resultan da particular evolución socioeconómica de Galicia nestas dúas últimas décadas, mentres que outros responden a tendencias máis estruturais e de longo prazo. En calquera dos casos, entre ambas dinámicas configúrase o trasfondo social sobre o que se asentán os procesos lingüísticos recentes. Imos facer, pois, un breve repaso diacrónico daquelas variábeis sociais que maior relevancia teñen en relación co tema de investigación que nos ocupa.

Comezando polos indicadores de carácter máis demográfico, cumpriría salientar dous fenómenos cunha fonda significación social: por unha banda, o paulatino avellentamento da sociedade galega desde a segunda metade de século (en 1950 un 27% de menores de 15 anos e un 8% de maiores de 65 anos; en 1996, un 14,3% e un 18,3% respectivamente); por outra, pero non desvinculada da anterior, o decrecemento vexetativo neto que xa está a sufrir Galicia desde os primeiros anos noventa, coa conseguinte perda absoluta de continxentes de poboación (dado que a inmigración e os retornos non chegan a compensar esta perda natural).

Ambos os dous elementos estarán máis nidiamente ligados á caída da fecundidade do que á rebaixa na mortalidade. Segundo sinalan os expertos, na base desta situación estarían tanto os efectos retardados da emigración de décadas anteriores como, xa na actualidade, o descenso da taxa de ocupación, e xa que logo das expectativas de vida en importantes camadas de poboación. En efecto, de 1961 a 1975 (cando se detén bruscamente o fluxo de emigrantes) saíron en dirección a Europa, América ou o resto de España, un total de 603.000 galegos, preferentemente mozos e mozas en idade fértil. Así mesmo, de 1976 a 1999 a poboación ocupada en Galicia decaeu de 1.200.000 persoas a 930.000 persoas (un 22%).

Como acabamos de mencionar, o fenómeno pretensamente crónico da emigración galega virou abruptamente a partir de

1975. Desde este ano, a emigración ao estranxeiro diminuíu rapidamente ata que, en 1983, as cifras de retornos superen as de saídas. Nesa tesitura permanecemos ata hoxe en día. Canto aos saldos migratorios co resto de España, sufriron oscilacións cíclicas ao longo destes vinte e cinco anos. Do 1975 ao 1980 a evolución foi negativa para Galicia, así como de 1985 a 1990. Endebén, entre 1980 e 1985, e de 1990 a 1995 resultou favorábel.

En conxunto, o saldo migratorio con España, de 1983 ao 1996, rexistrou un número superior de saídas que de entradas en 792 persoas, cifra esta incomparabelmente máis discreta do que os datos de emigración das décadas anteriores. De feito, sumándolle os datos do saldo migratorio co estranxeiro, o resultado total nesa franxa temporal de 1983 a 1996 foi positivo (en 4.593 persoas). Unha cuestión que podería ter singular importancia para efectos do estudo é a que deriva de que, aínda gardando un certo equilibrio entre entradas e saídas co resto de España, desde 1985 acentúase un novo fenómeno de reforzamento das trocas, de tal forma que a mobilidade de españois (non galegos) e galegos se sitúa na orde de 9.000-10.000 persoas ao ano en cada sentido.

Diciamos que ao longo dos últimos 25 anos Galicia perdeu un 22% de ocupación laboral. Se agora observamos a evolución intersectorial do emprego, advertiremos como o emprego agrario se precipita nesta marxe de tempo, en canto que o non agrario (construcción, industria e servicios) aumenta, mais non coa dimensión abonda para compensar as perdas no sector primario; a xeración de emprego, desde a suma dos sectores da construcción, industrial e de servicios medrou en conxunto a un ritmo inferior do que se dera neses mesmos sectores entre 1950 e 1976. Xa falando de cifras e porcentaxes, o emprego agrario diminuíu de 1976 a 1999 en 400.000 persoas (un 70%); o emprego industrial descendeu nese período nun 17,6%; no sector da construcción incrementouse nun 10,8%; e o sector servicios experimentou unha forte suba do 48%. Por tanto, o emprego en Galicia está a atravesar por un período de acusada terciarización.

Táboa 1: Poboación ocupada por sectores e taxa de ocupación

En medias anuais e miles de persoas

GALICIA	1976 (*)	1981	1985	1991	1995	2000
Agricultura e pesca	570	448,5	480,8	336,8	262,5	177,1
Industria	205	174,7	159,5	156,7	131,8	175,4
Construcción	93	102,1	69,5	93,1	90,3	116,6
Servicios	328	335,9	335,0	442,7	431,6	517,4
Total	1196	1.061,3	1.045,7	1.029,3	916,2	986,6

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa (EPA)

(*) A información de 1976 tirouse de Prada Blanco (1999). Aínda que estes datos están tomados tamén da EPA, non coinciden exactamente cos extraídos do Instituto Galego de Estatística (IGE); neste sentido aparecen soamente a título indicativo.

Este proceso deuse tanto no terciario mercantil coma no sector público, aínda que en maior medida neste último caso. Véndoo agregadamente, o emprego público pasou de representar un 7,7% do emprego total na economía galega en 1977, a supor un 16,5% en 1999. Esta expansión do emprego público, estivo vencellada á institucionalización da Comunidade Autónoma de Galicia, e mantén un peso relativo importante na sociedade galega actual. Na situación de precariedade laboral das últimas décadas, o sector público converteuse nunha expectativa de estabilidade laboral, e nunha esperanza de empregabilidade para os sectores sociais que, cunha formación media ou superior, pretendían incorporarse ao mercado de traballo; esta situación ten mudado nos últimos anos, en que houbo unha contención do emprego público e unha certa mellora do emprego privado. É ao sector servicios, en que se crea máis emprego nas últimas décadas, público ou privado, onde se incorporou a muller en maior medida.

Precisamente a incorporación da muller foi un dos elementos explicativos da expansión do ensino universitario ao inicio dos anos 80. A progresiva socialización da educación superior en Galicia comeza arredor de 1965, *grosso modo* dez anos despois que no resto de España. A partir de aí, a matrícula universitaria seguirá unha evolución regular ascendente ata o ano 1980, en que experimenta unha primeira aceleración, para rematar atinxindo as taxas actuais desde 1988 –temos que lembrar que a partir do ano 1979 se incorpora a lingua galega como materia do ensino nos niveis

básico e medio-. No caso do ensino básico e secundario, á fase de estancamento do primeiro franquismo (cunha taxa aproximada dun 40% de escolarización da poboación) sucederá outra de recuperación ininterrompida desde mediados dos anos 50 ata hoxe (75% aproximadamente). Analizando conxuntamente os tres tipos de ensino, os especialistas sitúan no comezo dos 80 o momento de crecemento máis notorio, derivado dunha combinatoria de elementos significativos: o incremento da oferta de prazas escolares, a reforma institucional que prolonga a escolarización obrigatoria, a difícil inserción laboral dos mozos e mozas produto do deterioro do mercado de traballo, a aposta colectiva pola formación como estratexia de promoción social e a diminución do número de fillos por familia. En 1992 a porcentaxe de galegos en idade de traballar con estudos medios ou superiores era dun 35%.

Outro dos cambios sociais salientábeis nas últimas décadas é o que atinxe á distribución espacial da poboación. Desde 1950 e ata 1991, a poboación residente en núcleos urbanos duplicouse porcentualmente (do 20,1% ao 42%), co conseguinte descenso da poboación residente en asentamentos rurais (do 79,9% ao 58%). Neste fenómeno, basicamente de migración interior, influíron elementos de atracción ás urbes como a expansión do sector servicios (moi centralmente afixo nas cidades) e a expulsión das áreas rurais polo declive do emprego agrario. O proceso de concentración da poboación nas zonas urbanas tivo o seu apoxeo nos anos 60 e 70, mentres que a partir dos 80 vén sendo substituído por un modelo de urbanización difusa nos contornos metropolitanos das grandes cidades (en 1991 habitaban estas áreas metropolitanas, cidades incluídas, o 47,9% da poboación galega). De todas as formas, o nivel de urbanización en Galicia aínda é moi baixo en relación aos ambientes españois e europeos.

MARCO POLÍTICO

O marco político galego en que transcorre a política lingüística vai en paralelo a dous procesos de gran calado na nosa sociedade, que se desenvolveron de xeito simultáneo:

1. A transición e consolidación democrática. Para o período analizado (1980-2000), falamos dun momento de consolidación democrática porque as institucións políticas están aínda en proceso de asentar a súa lexitimación na sociedade. Esta dimensión ten que ver coa institucionalización do Estado democrático de dereito.
2. O proceso de descentralización política e administrativa do Estado. En España os dous procesos van unidos, dando resposta común ás reivindicacións políticas nacionalistas que se formulan desde Cataluña e Euskadi (principalmente) e á necesidade de descentralización administrativa. Estamos a falar da instauración do Estado das autonomías.

Polo que respecta ao noso tema, imos analizar a concreción destes dous procesos na institucionalización da Comunidade Autónoma galega, que se insire fundamentalmente na lóxica de desenvolvemento do Estado das autonomías. Mencionamos a seguir unha serie de trazos característicos do período, que entendemos relevantes para comprender o marco das políticas lingüísticas:

- *Escasa lexitimación da Comunidade Autónoma no momento fundacional.* Como punto de partida vemos que o alto grao de abstención entre a poboación galega nos primeiros momentos da transición atinxe un extremo elevadísimo no referendo do Estatuto de autonomía cun 71,4 % de abstención (Vilas Nogueira 1992). Partindo dun baixo grao de lexitimidade, ao longo da década dos oitenta asistimos a un proceso de consolidación das institucións autonómicas,

que paseniñamente van abrindo un espacio competencial propio, e adquirindo máis transcendencia o campo autonómico como novo espacio de poder.

- *A Comunidade Autónoma como novo centro de poder*: Houbo unha asunción do goberno autonómico por parte das elites políticas procedentes do tardofranquismo. Con anterioridade á institución da Comunidade Autónoma, os niveis de articulación territorial da clase política non eran os autonómicos, senón que os ámbitos de poder relevantes eran o municipal, o provincial, e o estatal. Este fondo terá relevo na configuración dos gobernos galegos, dado que as estruturas provinciais, nalgúns casos, acapararon ámbitos de poder importantes (consellerías, direccións xerais...). Estas elites mantiñan unha serie de inercias herdadas do réxime anterior (nacionalismo español, autoritarismo, etc), pero, en xeral, estaban bastante desideoloxizadas; a aparición da Comunidade Autónoma supuxo unha oportunidade de ancoraxe e substanciación política na defensa das institucións autonómicas.
- *Consolidación autonómica*. A partir dos anos noventa conséntase un período de estabilización das institucións autonómicas, debido á confluencia de varios factores: a) a asunción de boa parte das grandes competencias ás que aspiraba a Comunidade Autónoma e a súa estabilización –a partir de aquí a asunción de competencias vai ser máis gradual–; b) o asentamento dos recursos; se durante os anos oitenta o presuposto da Comunidade Autónoma fora aumentando anualmente de forma moi relevante, a partir dos noventa tende a manterse, cun leve incremento á alza; c) a chegada ao goberno de Manuel Fraga establece un maior control sobre os recursos do goberno e unha maior presenza social que incidiu fortemente na consideración da Xunta de Galicia por parte da opinión pública, e así aquela vai gañando importancia política e lealdade, tanto entre as elites como entre a poboación, Vilas Nogueira (1992).

- *Evolución dos gobernos da Xunta de Galicia.* Durante o período preautonómico, a Unión de Centro Democrático (UCD) foi a forza claramente hexemónica. Sen embargo, as primeiras eleccións autonómicas coincidiron co inicio do declive desta forza, e xa o partido máis votado foi Alianza Popular (AP). Esta carecía en boa medida de estruturación no nivel galego, pero fixo unha asunción “oportunista” do “feito rexional”, Vilas Nogueira (1992), e procurou un candidato fóra da organización: Xerardo Fernández Albor. Os momentos iniciais caracterízanse pola ausencia de tradicións parlamentares e de goberno, pola limitación de competencias e de recursos –humanos e materiais– e pola escasa lexitimidade. Entre o ano 1987 e 1989 conformouse, logo dunha moción de censura, o denominado goberno tripartito encabezado por Fernando González Laxe, do que formaron parte o Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE), Coalición Galega (CG) e o Partido Nacionalista Galego (PNG). A forza que capitalizou electoralmente o goberno foi o PSdeG-PSOE, pero, en todo caso, nos comicios de 1989 foi desbancado polo Partido Popular (PP). A chegada de Manuel Fraga Iribarne á Xunta de Galicia supón a incorporación dun presidente con moito maior peso na súa organización, no parlamento, e mesmo liderado na sociedade, que vai supor unha maior estabilización da Comunidade Autónoma.
- *Evolución do sistema de partidos: do bipartidismo imperfecto ao modelo tripolar.* Na primeira metade do período analizado (anos oitenta) poderíamos caracterizar o sistema de partidos do seguinte xeito: a) predominio do voto conservador; b) predominio do voto a partidos de ámbito estatal, segundo se trate de eleccións ao parlamento de Madrid ou ao de Santiago; e c) tendencia á concentración do voto nas dúas opcións maiores. Vilas Nogueira (1992) e Márquez (2000). Secomasí, a partir do ano 1993 hai un incremento moi relevante do nacionalismo da man do Bloque Nacionalista

Galego (BNG), que leva asociado a simplificación do número de partidos nacionalistas que se foron integrando nesta formación –nomeadamente o Partido Socialista Galego-Esquerda Galega (PSG-EG), logo do Unidade Galega (UG), e o Partido Nacionalista Galego (PNG)–. Os resultados electorais supoñen, primeiro, a ruptura coa dinámica bipartidista e, a mediados dos noventa, colocan ao BNG de segunda forza nos comicios autonómicos. En paralelo ao ascenso do BNG, hai unha incorporación do *cleavage* nacionalista á *arena* política galega.

- *A nova Administración autonómica.* Establécese un aparello administrativo mimético do central. As comunidades autónomas tenderon a reproducir o esquema do Estado central á hora de organizar a súa Administración. Un compoñente que ten relevo para o tema que nos ocupa é a asunción por parte da Xunta de Galicia de moitos traballadores doutras administracións, sobre todo da central. Isto suporá que as inercias das lóxicas precedentes xogaron un papel importante e, especificamente para cuestións lingüísticas, supuxeron unha dificultade engadida para a galeguización da administración. Ao longo de todo este período deuse un forte incremento do número de traballadores e da dimensión da Administración autonómica. Nesta época a Comunidade Autónoma asume boa parte dos compoñentes centrais do incremento do estado do benestar (educación, sanidade...), e remata por ser, con moita diferenza, a Administración con máis persoal ao seu cargo en Galicia.
- *Nova dinámica de competencia entre administracións públicas.* A lóxica de funcionamento da Administración galega non atende só ao ámbito galego, mais que entra en xogo co resto das administracións no marco estatal, no que o politólogo Luís Moreno denominou “concorrenza múltiple etnoterritorial”. Desta proposta analítica interézanos sinalar os seguintes aspectos: a) a conflictividade intergubernamental, nas prácticas de conflito/consenso entre o gober-

no central e as comunidades autónomas ten relevo a coincidencia ou non entre os distintos gobernos; b) a inercia centralista; c) a presión centrífuga dos nacionalismos; d) o “feito diferencial” como trazo diferenciador; e e) o agravio comparativo que esgrimen distintas comunidades autónomas, que as conduce a que moitas propostas vaian na liña “queremos o mesmo que cataláns e vascos”.

- *Marco favorábel para a normalización lingüística.* A institucionalización de Galicia como Comunidade Autónoma establece a *estructura de oportunidade política* que fai posíbel un maior eco da vindicación lingüística, Máiz Suárez (1997). O novo marco autonómico establece as condicións para que as institucións galegas asumisen o “problema” do idioma, e convertelo nunha política incorporada á estrutura permanente de actuación pública. Tamén os axentes que promoven o idioma galego na sociedade dispoñen dun ámbito favorecedor que posibilita que as súas accións dispoñan de maior proxección social.
- *A lingua como fonte de lexitimidade das institucións autonómicas.* O galego foi –e é– un recurso simbólico e real para a lexitimación das institucións. De sempre se fixo fincapé en que as linguas oficiais están vinculadas á construción dos Estados-nación; aquí queremos chamar a atención sobre a oportunidade que supón para os poderes galegos a cuestión do idioma como fonte de lexitimación. O idioma galego establece no plano simbólico unha diferenza cara a fóra, e unha homoxeneidade cara a dentro. Este elemento diacrítico é un compoñente que facilita a xeración dun espacio de poder e intereses autónomo, en detrimento doutras fontes de poder.

ANTECEDENTES DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA: A LINGUA GALEGA COMO PROBLEMA PÚBLICO

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA FROITO DA INSTITUCIONALIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O inicio da política lingüística en Galicia –1983– vén marcado, coma na maioría das políticas, pola dotación dun entramado político e administrativo propio; neste caso coincidente coa institucionalización da Comunidade Autónoma. A situación de partida, previa ao Estatuto, caracterízase pola carencia de deseños político-institucionais para o efecto, e pola inexistencia de regulación na materia.

Ata o momento da constitución da Comunidade Autónoma galega, e a dotación de competencias que lle deron contido, a política lingüística contiñase nos preceptos legais que se marcaban para o ensino a través do Decreto 1981/1979 do 20 de xullo¹² –o galego materia de estudio–. Este Decreto do ensino non universitario implicaba, dunha banda, o recoñecemento dunha práctica social que xa facía presente o galego nalgúns centros de ensino; doutra, a dotación de cobertura normativa ao mandato constitucional de recoñecer a cooficialidade das demais linguas do Estado nas respectivas comunidades autónomas –a desenvolver no futuro nos respectivos estatutos de autonomía–. Esta aplicación normativa hai que entendela na ruptura co réxime franquista e na apertura democrática que se estaba dando no conxunto do Estado; medidas que estaban sendo impulsadas dende outras nacionalidades, nomeadamente Cataluña, e que terían o seu efecto no resto das

12. Coñecido como o Decreto do bilingüismo, viña precedido do decreto para o caso catalán e vasco. O seu carácter burocratizaba ata o extremo a opción para impartir clases en galego. Para que dito Decreto tivese eficacia verbo do uso do galego no centro de ensino, esixíase a presentación dunha solicitude á Comisión Mixta (Ministerio de Educación máis a Xunta de Galicia preautonómica) co beneplácito da comunidade escolar (acta do Claustro e asociación de pais, profesorado encargado, etc.) do centro no que se impartiría; e, con todo, a devandita Comisión Mixta tiña a última palabra.

comunidades recoñecidas como “nacionalidades históricas”. En todo caso, non podemos falar con propiedade de política lingüística ata que non se dota de ferramentas e instrumentos xurídico-políticos: o Estatuto de autonomía de Galicia e o seu posterior desenvolvemento normativo en política lingüística, nomeadamente na Lei de normalización lingüística (LNL)¹³.

Conforme a isto, temos que sinalar que Galicia foi considerada na Constitución española (CE) como un “territorio que no pasado plebiscitou afirmativamente un proxecto de Estatuto de autonomía”, o que lle daba acceso ao teito máximo de autogoberno que, como posibilidade, reconece o texto constitucional¹⁴. As institucións públicas galegas configurarían un novo sistema político e administrativo, e a Comunidade Autónoma adquiriría a responsabilidade de xestionar políticas, entre as cales estaba o ensino da lingua galega¹⁵, que terá moita relevancia na aplicación futura da política lingüística.

A finais dos anos 70 e comezos dos 80 reproducense por toda a xeografía galega unha serie de manifestacións de vindicación do idioma, demandando sobre todo os seus usos públicos. Eran moitas as organizacións¹⁶ (culturais, sindicais, políticas) que utilizaban o galego como vehículo de expresión e de reivindicación. E tamén as reivindicacións de dignificación da lingua galega estaban vencelladas, maioritariamente, á esquerda e ao nacionalismo galego.

Estas organizacións sociais salientaban a necesidade de establecer novos marcos institucionais que se corresponderan coa realidade lingüística da sociedade. A mobilización social de reivindicación a favor da normalización lingüística aparece nos ámbitos

13. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística [DOG, 14/07/1983].

14. Para esta cuestión ver Vilas Nogueira *et al.* (1994).

15. O artigo 148.17º da Constitución española sinala que entre as competencias que poderán ser da Comunidade Autónoma están “o fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma”.

16. Para ver unha análise máis detallada, pódese consultar Fernández Rei (1990).

urbanos e vilegos, os espacios máis “modernizados” da sociedade, que eran á súa vez onde se estaba producindo o proceso de *substitución lingüística*.

Foi no ámbito do ensino onde se desenvolveu o conflito¹⁷ entre os partidarios de dar as clases en galego, sobre todo ensinantes e algúns pais, e os seus detractores, ante todo pais, e algúns ensinantes. Os ensinantes carecen do dereito de exercer a súa profesión en lingua galega, mentres os pais contrarios contan con todos os dereitos garantidos polo Ministerio de Educación. Deste xeito, o profesorado que reivindicaba o uso do idioma galego entendía que o Decreto 1981/1979 fundamentaba a práctica dun poder político contrario á normalización lingüística de Galicia, onde se amparaba a actitude dos pais que pretendían retirar aos seus fillos das clases en galego.

Nestes anos serán os sindicatos e movementos de renovación pedagóxica os que leven adiante as mobilizacións (escritos ao Ministerio de Educación, entrevistas cos inspectores de Ensino, asembleas e campañas reivindicativas,...) para que se recoñeza a lingua galega con plenos dereitos de existencia e uso; de partida, a posibilidade de utilizar o galego como lingua de ensino. As manifestacións en contra do Decreto 1981/1979 trasladábanse ao discurso político a través das forzas nacionalistas e da esquerda. Os actos de protesta (manifestacións e concentracións) repetíronse ao longo da Galicia preautonómica, con posterioridade á promulgación da Constitución e do Decreto do bilingüismo, entre finais dos 70 e comezos dos 80.

O idioma convértese, así, nun dos elementos centrais de reivindicación política. A normalización da lingua galega aparece como problema político e social inducido polas organizacións de esquerda e nacionalistas/galeguistas, as cales vinculaban a súa solución á superación do marco político. Estes colectivos sociais reivindicaban unha política lingüística que dotase o idioma galego de

17. Conflictos vencellados, fundamentalmente, ás denuncias das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPAs) contra os mestres por ensinar en galego.

normalidade de utilización nas instancias públicas, nomeadamente no ensino, facendo tamén fincapé na reivindicación dos topónimos galegos.

Sen embargo, como veremos no capítulo de análise de impacto, o idioma galego antes do Estatuto estaba falto de recoñecemento social como lingua; carecía de prestixio social, non era considerado un instrumento de comunicación moderno, nin un símbolo de identidade, nin un factor de progreso social; e carecía tamén de recoñecemento oficial –baleiro institucional que garante o seu dereito–. Ademais a crecente urbanización da sociedade galega durante os anos sesenta e setenta aceleraba o proceso de substitución lingüística.

O sistema educativo, como instancia socializadora, tiña unha especial repercusión na transmisión de valores que perpetuaban a situación subalterna da lingua galega. O castelán ocupaba os espazos que tiñan maior relevancia na estrutura socioeconómica, e o ensino, que tamén se desenvolvía nesta lingua, era onde o alumnado adquiría as destrezas para optar ao progreso social. Deste xeito, o castelán era a lingua que mellor acaía ás estratexias de mobilidade social ascendente, sendo a preferida pola maioría dos pais galegos á hora de escoller a educación dos seus fillos, Rojo (1981).

A problematización da situación da lingua galega ten que ver, por unha banda, coa tomada de consciencia sobre o desprestixio social deste idioma e a minusvaloración dos seus falantes; pero, sobre todo, por outra, coa estimación de que o galego se estaba perdendo de forma irremisíbel e con el algo moi valioso e esencial da identidade galega.

Pero será o proceso de configuración do Estado das autonomías español o que dará azos á existencia real dunha política lingüística para o idioma galego. A institucionalización da autonomía galega supón a estrutura de oportunidade para que o problema da lingua galega tivese o seu tratamento desde os poderes públicos. Isto suporá o establecemento dun entramado político-administrativo (Xunta de Galicia) que sustentará a capacidade de levar adiante a xestión da política lingüística.

Unha vez creada a Comunidade Autónoma galega, o conxunto das forzas políticas con presenza parlamentaria¹⁸ asume a necesidade de superar a situación social do galego, comezando por dotala duns dereitos básicos que lle outorgan carta de natureza como lingua. Será no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística onde se recolla a consideración do galego como lingua cooficial, e a asignación de dereitos derivados do mesmo.

Nesta situación –baixa receptividade social e obriga legal de intervención– os responsábeis autonómicos tenderon a executar aquelas medidas que tiñan baixos custos políticos. Fundamentalmente actuaron nos ámbitos susceptíbeis de estar lexitimados polo conxunto da sociedade. Por iso, evitar o conflito e eludir os sectores contrarios ás medidas para o avance da normalización lingüística van ser as liñas xerais de xestión da política lingüística.

18. AP, UCD, PSdeG-PSOE, PCG e EG, os tres deputados do BN-PG-PSG foran expulsados do parlamento. Para a análise do proceso de elaboración da LNL ver Garcia Negro (1991).

OBXECTIVOS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

A fixación dos obxectivos dunha política pública é un elemento central para poder determinar o seu grao de éxito. Deste xeito, un concepto clave á hora de avaliar unha política pública será o de eficacia, entendida como a relación que se establece entre os obxectivos marcados e os resultados obtidos (o impacto social derivado da actuación pública). Na cultura da planificación, a eficacia dérívase dun criterio de valor interno no que o cumprimento dos obxectivos é a referencia básica á hora de xulgalos. Na análise de políticas públicas, en xeral, enténdese que os obxectivos declarados como tales pola organización non teñen por qué coincidir cos obxectivos “reais”. Para determinar os obxectivos é conveniente examinar cáles son as “actividades” da Administración e non só deterse nas súas “intencións”.

Así mesmo, unha das grandes dificultades á hora de dar conta da eficacia dunha política é que os obxectivos tenden a ser xeneralistas ou ambiguos, de xeito que resulta imposible avaliar o seu grao de cumprimento. No caso galego os obxectivos da política lingüística son deliberadamente ambiguos, porque iso permitía chegar a consensos que non existirían cun nivel maior de concreción. De feito, se contrastamos o que entenden por normalización lingüística os responsábeis da Administración galega, e a maioría dos activistas a favor do galego, vemos que as concepcións de fondo, e polo tanto os obxectivos que conseguir, non son na práctica os mesmos. Emporiso, ao manterse nun grao alto de xeneralidade os acordos son máis posíbeis, tal e como sucede nas políticas constitutivas de establecemento da normativa legal.

Temos que incorporar tamén as diferencias entre o curto e o longo prazo, que poden xogar en sentido oposto ao devandito: existen concepcións ideais distintas sobre qué se entende por normalización lingüística no longo prazo, que permiten encontros sobre o máis inmediato. Algunhas políticas poden xerar un alto grao de acordo entre actores que perciben modelos “finais”, de aspiración como sociedade, moi distintos.

Pasemos a analizar os obxectivos da política lingüística da Xunta de Galicia.

OBXECTIVOS FORMAIS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Para poder determinar os obxectivos da política lingüística galega temos que remitirnos á lexislación que determina o marco de acción da Xunta de Galicia en materia lingüística. Estamos a referirnos á Lei de normalización lingüística (LNL) así como ao decreto que establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación universitaria, polo que se establecen as funcións e competencias da Dirección Xeral de Política Lingüística; e ao decreto polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística.

Como sabemos, a Lei de normalización lingüística de 1983 foi aprobada pola unanimidade das forzas con presenza no Parlamento Galego naquela data: Alianza Popular (AP) –grupo de goberno–, Unión de Centro Democrático (UCD), Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE), Partido Comunista de Galicia (PCG), Esquerda Galega (EG) (os deputados da coalición Bloque Nacional-Popular Galego/ Partido Socialista Galego (BN-PG/PSG) foran expulsados previamente do Parlamento por non xurar o acatamento da Constitución). A dita expulsión determinou que non fose sometida a debate a Proposición de lei desta coalición para a normalización do idioma galego¹⁹. En todo caso, o feito de que se aprobase por unanimidade e foran escasos os cuestionamentos ao longo destes anos, móstranos un alto grao de consenso respecto da

19. Esta forza política tivo unha postura crítica coa LNL ao longo dos anos oitenta, correspondente coa idea de que “o obxectivo da normalización, se por tal se entende uso progresivo en todos os ámbitos da vida social e política do galego, non cabe no marco constitucional –estatutario” Garcia Negro (1991:301). A partir dos anos noventa a posición sobre a devandita lei será moito máis matizada, estando a súa estratexia política non orientada ao seu cuestionamento, mais ao seu afondamento e á esixencia do seu cumprimento.

lei. Como veremos máis adiante, durante o conxunto do período autonómico as discrepancias non se producen maiormente sobre a validez da normativa existente, mais sobre o cumprimento de efectivo da lexislación aprobada.

A Lei de normalización lingüística sinala:

Art. 22º.

O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á Administración e ós particulares e coordinará os servicios encamiñados a conseguí-los obxectivos da presente Lei.

Art. 23º.

O Goberno Galego establecerá un plan destinado a resalta-la importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Xa que logo, o Goberno galego ten asignadas legalmente a dirección e planificación do proceso de normalización da lingua galega. O executivo asume o nivel superior, e máis global, de responsabilidade sobre o conxunto do proceso. Do resto do articulado da LNL derivamos en parte os obxectivos da política lingüística como mandatos normativos que desenvolver sobre os que o Goberno ten responsabilidade. A análise pormenorizada da normativa está recollida noutra parte do Informe (volume III), aquí só queremos sinalar cáles son os elementos centrais do articulado da LNL referidos a esta parte da investigación:

- A determinación dos dereitos lingüísticos, derivados en boa medida do Estatuto de autonomía e da Constitución española.
- A asignación de dereitos nas relacións dos cidadáns coas administracións públicas galegas.
- A incorporación da lingua galega ao sistema educativo.

- A actuación no ámbito dos medios de comunicación.
- A determinación de responsabilidades e ámbitos de colaboración con outras institucións na promoción da lingua galega.

A acción central da Administración galega atendeu fundamentalmente, como veremos, ao desenvolvemento da lei.

Canto aos departamentos encargados especificamente de cuestións lingüísticas na Xunta de Galicia, cabe sinalar que nun primeiro momento se creou unha Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega (Decreto 102/1982, do 11 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación). Esta subdirección dedicouse, fundamentalmente, á materia de lingua, estando intimamente relacionada coas regulacións que incorporaban esta materia aos distintos niveis do ensino regrado.

De contado esta subdirección xeral convértese na Dirección Xeral de Política Lingüística (Decreto 142/1983, do 11 de outubro), incorporada nunha consellería que ademais de educación asumirá competencias de cultura. Desde este momento, a Dirección Xeral de Política Lingüística manterá un perfil moi similar ao actual. Secomasí, poucos anos despois (Decreto 14/1986 do 1 de marzo), esta consellería desprenderase da Dirección Xeral de Cultura, permanecendo exclusivamente como Consellería de Educación, que incorpora os distintos niveis do ensino, a política científica vinculada ás universidades e a política lingüística.

Vexamos cáles son os obxectivos formais da política lingüística da Xunta de Galicia.

O Decreto 317/1990, do 31 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sinala que:

A Dirección Xeral de Política Lingüística exercerá as seguintes competencias:

- a) Elaborar e executar os plans, os programas e as orientacións pedagóxicas para o ensino da lingua galega nos diferentes niveis, ciclos e modalidades de educación preescolar, educación xeral básica,

bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas e escolas de idiomas, así como no curso de orientación universitaria, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás universidades.

- b) Aprobar os libros de textos e demais material didáctico de lingua galega, así como emitir informes, no aspecto lingüístico e con carácter previo e vinculante, sobre os demais libros de texto editados en galego.
- c) Realizar cursos de formación e perfeccionamento de galego dirixidos tanto ó persoal ó servizo da educación como a outros funcionarios públicos e a particulares.
- d) Promover o uso da lingua galega na vida oficial e social e nos medios de comunicación escrita e audiovisuais.
- e) Promover e organizar congresos e reunións en materia de lingua galega.
- f) Producir material didáctico de apoio ós centros de ensino.

Vemos que a maior parte das funcións e competencias están referidas a asuntos relacionados coa formación en lingua galega: por unha banda, os programas de estudio e o material didáctico do ensino regulado da lingua galega, e por outra, accións de apoio aos anteriores. Como complemento, están os cursos de formación de lingua galega, sen saírmos do ámbito da capacitación lingüística e da formación. Vemos, deste xeito, que o groso da actuación do departamento responsábel dedícase ao que poderíamos denominar como *planificación da adquisición*. Un único epígrafe, diferente dos anteriores, indica a promoción do uso do galego na vida oficial e social e nos medios de comunicación.

Ata 1990 a DXPL era o único órgano con competencias en materia lingüística. Neste ano, a proposta do novo presidente, créase a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, que tenta asumir o groso das funcións da LNL que non eran referidas ao ensino.

O Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, establece como finalidade para a Comisión promover e potenciar o uso da

lingua galega, a través dunha serie de accións que coinciden, punto por punto, coas sinaladas na lei; agás aquelas que inciden na necesidade de coordinar as accións entre as distintas consellerías da propia Xunta de Galicia e con outras administracións, entre as que salienta a local. Aparece a Comisión, por tanto, como un órgano encargado da promoción do galego fóra do ámbito do ensino, asumindo a normalización lingüística como unha cuestión transversal que implicaba a necesidade de coordinar as accións das distintas consellerías. Isto traslócese na propia composición da Comisión, que incorpora como membros ao propio presidente da Xunta de Galicia, o director xeral de Política Lingüística e aos conselleiros de Presidencia e Administración Pública, de Educación e Ordenación Universitaria, de Cultura e Xuventude, e de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno. No ano 1994 haberá unha modificación derivada da recomposición orgánica da Xunta, e os dous últimos conselleiros mencionados serán substituídos polos de Cultura, de Familia, Muller e Xuventude, e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

DEFICIENCIAS NA PLANIFICACIÓN

A creación da *Comisión Coordinadora* pretendía marcar un punto de inflexión a través do cal a Administración galega tomase as rendas da dirección política en materia lingüística. Unha das primeiras accións acordadas pola comisión foi o contrato de asistencia técnica e científica entre a *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* e a *Real Academia Galega*, a través do cal se creaba un Seminario de Sociolingüística no seo da *Real Academia*, co fin de confeccionar o *Mapa Sociolingüístico Galego (MSG)*. O obxectivo do Mapa era coñecer a situación real da lingua galega: número de falantes, distribución social e xeográfica, e ámbitos en que se emprega a lingua galega, determinando que dentro dos seus contidos se recollerían datos sobre os coñecementos, os comportamentos e as actitudes lingüísticas dos galegos, tal e como despois foi estruturado. O primeiro informe da

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística do ano 90 indica claramente en qué marco se insire a confección do MSG, que se entende como paso previo para a realización de estudos e a posterior elaboración dun Plan de Normalización Lingüística que conteña uns obxectivos xerais definitorios a longo prazo.

O efecto combinado do cambio de goberno en 1989, a multiplicación do orzamento a partir do exercicio de 1993 e a elaboración do MSG como base de diagnóstico para a planificación, anunciaban un punto de inflexión na política lingüística da Xunta de Galicia na primeira metade dos anos 90. Endebén, segundo as nosas análises, mantívose unha gran continuidade coas liñas anteriores e non se aumentou o grao de planificación das accións máis alá do que significaba incrementar os efectivos de xestión dun presuposto que se cuaduplicaba. En definitiva, un dos elementos máis demandados durante todo o período, mesmo polas forzas gobernantes, foi o establecemento dun plan estratéxico para a normalización lingüística en Galicia. A carencia deste guieiro foi completada, parcialmente, no ensino, a instancia das organizacións sociais que interviñan nese ámbito; pero no resto dos campos non existiu unha planificación ben conformada.

Tamén nun ámbito como o das administracións públicas, o déficit de planificación non se corresponde co consenso sobre a súa necesidade. Un exemplo disto é como a Lei 4/1988 da función pública de Galicia establece que lle corresponde ao Consello da Xunta de Galicia “aprobar o plan de normalización lingüística da Administración pública da Comunidade Autónoma” Costas Abreu (1999). Estes indicios que presaxiaban pasos neste sentido, remataron por non fructificar ata o momento. Neste sentido, unha proposta achegada aos concellos dende a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para promover o uso do galego nas corporacións locais, sinalaba que para “actuar dun xeito rigoroso, o Servicio de Normalización Lingüística, debe ter como obxectivo fundamental a elaboración dun Plan de Normalización Lingüística. O Plan hai que entendelo coma o

documento marco no que se recollen un conxunto de actuacións sistemáticas e organizadas para cambiar a situación lingüística existente no concello²⁰. A continuación establécese, a título indicativo os contidos que debería ter o dito plan. A proposta parte dunha análise previa da situación sociolingüística do concello para logo concretar os pasos (ver cadro) que seguir na elaboración final do Plan.

Cadro 1: Contidos dun plan de normalización lingüística municipal

Obxectivos	• Situación que se pretende chegar por períodos
Actuacións	• Medidas propostas nas diferentes áreas • Deseño da política formativa do cadro de persoal
Temporalización	• Período que se fixan para conseguir obxectivos concretos
Estratexias de actuación	• Imaxe que se vai transmitir • Filosofía coa que se vai levar a cabo
Recursos	• Medios materiais e humanos
Seguimento do proceso	• Indicadores cuantitativos e cualitativos

Vemos como sendo un lugar común a necesidade de planificación –como forma de estruturar con dirección as accións para que sexan máis efectivas–, non chegou a callar de forma real en ningún momento deste período.

OBXECTIVO IMPLÍCITO NA INTERVENCIÓN:
QUE A LINGUA NON SEXA CONFLICTO

A Administración galega tivo como obxectivo central, ao longo destes anos, evitar a conflictividade social polos usos idiomáticos. Este obxectivo está implícito nas accións dos poderes autonómicos, deixando patente que a súa estratexia normalizadora era a incentivación do idioma galego como “non imposición”. Os responsábeis políticos dos distintos gobernos fixeron moito

20. Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (1995).

fincapé na prudencia das accións, dado que se percibían receos²¹ na sociedade. A prudencia era unha liña xeral dos primeiros momentos de desenvolvemento autonómico, xa que estamos a falar dunha Administración en vías de consolidación que buscaba lexitimarse socialmente.

Evitar a conflictividade era un factor de grande relevo, dado que nas etapas iniciais do período analizado había risco de que calquera acción percibida como favorábel ao galego puxese na súa contra a sectores sociais bastante influentes. As accións que tiñan unha compoñente real de asignación de dereitos (o galego como lingua vehicular do ensino, ou a súa incorporación ás administracións) non tiñan unha moi boa receptividade por parte da sociedade. Sobre todo no ensino, como xa vimos, houbo presións de sentido contraposto.

A concepción de fondo que subxacía a esta estratexia, era a que se denominou *bilingüismo harmónico*. Para un dos seus principais mentores, o señor Regueiro Tenreiro²², esta é a pauta de acción máis adecuada para os programas de promoción da lingua galega. “Para que nas comunidades sexa factible (ou se dea a posibilidade) esa situación de equilibrio lingüístico, é conveniente e incluso necesario que os “usuarios” (falantes) das linguas poidan percibir a exercita-la cooperación entre as dúas linguas en presenza na comunidade galega. A esta situación ou posibilidade de ambiente social é o que chamamos bilingüismo harmónico.”²³. Esta concep-

21. Así o manifestan o Sr. Cacharro Pardo [BOPG, 28/4/82] ou o Sr. Suárez Vence [BOPG, 16/3/1988], conselleiros de Educación en distintos momentos, cando apuntan cara á necesidade de vencer os receos dos casteláns-falantes para integralos socialmente na política lingüística. Ten ademais unha compoñente de racionalidade política, xa que podían entender que unha acción máis decidida tería custos políticos para o goberno.

22. Manuel Regueiro Tenreiro, director xeral de Política Lingüística entre 1989 e 2000. Un dos síntomas do acordo básico dos distintos gobernos autonómicos é o feito de que o Sr. Regueiro fose dos poucos responsábeis políticos que incorporado durante o goberno tripartito permaneceu nel durante tres lexislaturas do goberno do Sr. Fraga.

23. Para unha visión en profundidade do concepto de bilingüismo harmónico ver Regueiro Tenreiro (1999).

ción foi compartida polos distintos gobernos galegos; partía da base de que era posíbel e conveniente a convivencia entre o castelán e o galego, e que a normalización lingüística debía centrarse neste obxectivo.

Desde un sector importante dos activistas a prol do galego argüíuse que se estaba a partir dunha premisa errada: non era posíbel que se dese unha convivencia equitativa entre as dúas linguas, e polo tanto só tiña sentido aspirar ao monolingüismo social en galego; promover e aspirar ao bilingüismo favorecería, de facto, o proceso de substitución lingüística do galego. En sentido contrario, desde o goberno galego considerábase que o activismo tiña unha concepción impositiva da lingua que era rexeitada pola maioría da poboación (en palabras de Regueiro Tenreiro unha concepción de defensa fronte a outra de promoción). Todo isto considerando os polos da confrontación, dado que dentro do activismo, e mesmo desde distintos ámbitos do nacionalismo, houbo posturas moito máis matizadas, partidarias de traballar sobre a realidade aceptando a presenza social do castelán.

Como veremos, o obxectivo do “non conflicto” a través dunha estratexia de persuasión e non imposición tiña unha dimensión de *acción racional* conforme á filosofía de fondo do goberno autonómico, e outra dimensión de *racionalización* dunha situación dada. Deste xeito, concibir esta estratexia como non conflictiva tiña dúas virtualidades: (a) era unha forma de xustificar a morneza ou escasa enerxía de intervención pública, e (b) baixo a lóxica de confrontación co activismo, era unha maneira indirecta de connotar como impositivas as accións ou as propostas alternativas ás da Xunta.

A INTERACCIÓN DOS ACTORES NA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Canto máis entidade teñen as políticas máis difícil é identificar as achegas individuais no resultado final. No ámbito da normalización lingüística é imposible detallar todas as contribucións que axudan a entender a dinámica de evolución da situación deste idioma. É evidente que o desenvolvemento profesional de escritores, mestres, xuíces, empresarios, e outros en lingua galega supuxeron un importante pulo para a normalización lingüística. Neste apartado imos tratar soamente con agregados, isto é, falaremos de actores entendidos como conxuntos de persoas con obxectivos comúns.

DINÁMICA DE INTERACCIÓN POLÍTICA:

GOBERNO AUTONÓMICO VS. NACIONALISMO GALEGO

O plano da interacción política (*politics*) e da política lingüística (*policy*) inflúense mutuamente sobre todo no caso que estamos a tratar. Por unha banda, a dinámica de confrontación política (*politics*) establece o marco político de relación no que se desenvolve a política lingüística (*policy*), e vai ser un factor determinante de cara á súa configuración. E por outra banda, a política concreta (*policy*) é o elemento central respecto do que se marcan os posicionamentos no xogo de interacción política (*politics*).

No plano *politics*, as relacións que se establecen en materia de lingua entre os actores están atravesadas pola confrontación partidista. Neste sentido, cómpre explicitar que os posicionamentos dos actores non poden ser considerados como un dato absoluto só referenciado sobre si mesmo e a súa propia evolución, mais na dinámica de interacción cos outros actores. A posición dun actor defínese con relación ao posicionamento do outro; isto tanto no plano discursivo coma no da práctica política. Os posicionamentos políticos en materia lingüística en Galicia afirmáronse, en xeral, por alteridade. Os dous principais macroactores do proceso, as forzas nacionalistas e a Administración autonómica, defínense por

oposición ao outro; cadaquén daba conta de quen era sobre a base de explicitar quen non era.

A lingua xogou, sobre todo, como o gran capital simbólico da identidade; e neste plano a lóxica da racionalidade política xogaba a favor da confrontación, de marcar o *cleavage* lingüístico como elemento distintivo dos posicionamentos políticos. Os principais protagonistas (a personificación dos actores) entenderon que canto máis denunciaran os postulados lingüísticos e as accións dos seus contrarios, máis avanzaría a súa fórmula de problematización e polo tanto de solución do tema da lingua. A dinámica do proceso tendeu a unha polarización que se retroalimentaba, dado que en termos de racionalidade política semellaba que o enfrontamento era rendíbel para ambos os contendentes. O recurso simbólico á identidade galega non fora a penas utilizado ata o establecemento da Comunidade Autónoma, e ao longo destes vinte últimos anos viuse que a mobilización deste recurso tiña os seus réditos políticos. Esta lóxica xogou a favor dos dous polos que aglutinaron as dúas grandes referencias de normalización lingüística (o goberno autonómico e o nacionalismo galego); e xogou en contra dos que desconsideraron este recurso. Isto motivou unha progresiva galeguización das forzas gobernantes, nas que se recoñece un abrupto contraste entre as posicións políticas mantidas antes e despois de acceder ao goberno da Xunta de Galicia.

Se consideramos as relacións que cada un dos polos establecía co outro, observamos unha dinámica de retroalimentación do conflito:

- Por unha banda, o nacionalismo consideraba a Administración autonómica como contraria á galeguización, negándolle a vontade e a lexitimidade neste campo. En xeral as críticas viñan pola inacción da Xunta, e pola insuficiencia ou inadecuación das medidas tomadas. Pero tamén, o que é máis significativo, cando as accións se comprendían como positivas interpretábanse como un “lavado de cara”; un exercicio de hipocrísia que se asumía pola rendibilidade

política e non pola súa convicción. A Xunta de Galicia aparecía como o principal adversario que había que rebater, por que a consideraba, en último termo, contraria ao progreso da lingua galega.

- En sentido contrario, a Administración autonómica entendía que o nacionalismo tiña unha concepción radical que introducía crispación social. Os responsábeis políticos da Xunta de Galicia vían no nacionalismo unha concepción impositiva que xogaba en contra da súa concepción de convivencia. Ademais, entendían que os axentes sociais vinculados ao nacionalismo xogaban un papel de desacreditación e deslexitimación da súa propia acción. Entendían, en último termo, que os axentes sociais nacionalistas eran elementos que se debían neutralizar, porque xogaban un papel contrario á convivencia lingüística, así como de bloqueo da acción de goberno; ademais, estimaban que a desconsideración cara a estes non tiña maior custo político.

A dinámica de confrontación no plano da interacción política (*politics*) sobredeterminou o desenvolvemento da política lingüística (*policy*). A súa repercusión supuxo que a política lingüística se desenvolvese, nalgunha medida, de costas aos axentes sociais que promovían o galego na sociedade, ou, incluso, sen o apoio dos propios implementadores da política –unha parte do profesorado no ensino–.

En sentido contrario, a actuación social de promoción do galego na sociedade non contaba co aval institucional e en moitos casos era interpretada como prédica política. Ao longo destas décadas asistimos á configuración dunha nova estigmatización social en Galicia: ao tradicional estigma de procedencia social polo uso do idioma galego, superpúxose un estigma de filiación política nacionalista.

En realidade, a conformación deste estigma máis que cun novo prexuízo negativo sobre a lingua galega ten que ver con prexuízos cara aos nacionalistas. Pero tamén, a actuación de promo-

ción do galego na sociedade por parte de moitos activistas tivo unha compoñente de proselitismo sobreideoloxizado que ocasionou reaccións contrarias. O estigma de procedencia política foi, nunha pequena medida, o que os economistas chaman unha externalidade negativa do activismo normalizador; é dicir, un efecto negativo non querido polos seus axentes.

Presentamos no seguinte cadro os trazos máis significativos dos dous principais actores en Galicia da política lingüística, así como un mapa que pretende situar as entidades máis relevantes para o efecto. No cadro aparecen, de forma moi simplificada, as características das partes máis nucleares de cada un dos polos, sendo evidente que en ambos lados reducimos a riqueza de matices da realidade. Seguramente moitas persoas que se autoidentifican como nacionalistas non se verán reflectidas nestes trazos, por que intentan recoller, sobre todo, as posicións das organizacións que foron hexemónicas durante a maior parte do período.


Cadro 2: Caracterización dos actores principais

VARIABEIS	GOBERNO AUTONÓMICO	NACIONALISMO GALEGO
<ul style="list-style-type: none"> • CUESTIÓN NORMATIVA 	Defensa da normativa oficial	Defensa dun novo consenso normativo Tendencia á utilización de normativas distintas da oficial
<ul style="list-style-type: none"> • APOSTAS ESTRATÉXICAS 	Aposta polo bilingüismo harmónico (convivencia das dúas linguas)	Aposta polo monolingüismo social en galego
<ul style="list-style-type: none"> • RELACIÓN ENTRE AS LINGUAS 	Convivencia entre os dous idiomas, non existe conflictividade na sociedade por motivos de lingua	Conflicto entre as linguas en contacto
<ul style="list-style-type: none"> • CONCEPTO PROBLEMA 	Xestión dos usos públicos das dúas linguas	Substitución lingüística do idioma galego polo castelán
<ul style="list-style-type: none"> • SOLUCIÓN PROBLEMA 	Normalización lingüística: evitar a conflictividade por cuestións lingüísticas, garantía efectiva da lexislación	Normalización lingüística: implantar o galego en todos os ámbitos da sociedade
<ul style="list-style-type: none"> • CONSIDERACIÓN DO ESPAÑOL 	Español: a outra lingua cooficial da comunidade, coa que non hai que entrar en conflito	Español: lingua de opresión, á que lle hai que disputar os espazos de uso
<ul style="list-style-type: none"> • CONSIDERACIÓN DO BILINGÜISMO SOCIAL 	Riqueza da comunidade Xogo de suma positiva	Imposibilidade da convivencia non conflictiva no nivel de comunidade Xogo de suma cero (o que gaña unha perdeo a outra)
<ul style="list-style-type: none"> • DINÁMICA DE INTERVENCIÓN • TIPO DE INTERVENCIÓN 	Reactiva, facer o que vai demandando a sociedade Conceptión non impositiva, "laissez faire"	Proactiva, ir por diante da demanda social Conceptión non pasiva, regulación

Fonte: elaboración propia

Mapa 2: Posición e relación entre os actores

O mapa sitúa as entidades en función do grao de proximidade ou rexentamento a cada un dos polos.



Fonte: elaboración propia

CONFRONTACIÓN POLA NORMA

Unha das liñas centrais de actuación da Administración está referida á codificación do corpus da lingua galega, á súa elaboración e á súa difusión. É un lugar común entre os especialistas entender a fixación do corpus lingüístico como un asunto central para a promoción dunha lingua. O idioma galego dispuxo dun código oficial a partir do Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da Lingua Galega²⁴; no que quedan aprobadas oficialmente as “Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego”, elaboradas conxuntamente pola Real Academia Galega (RAG) e o Instituto da Lingua Galega (ILG). Arredor da determinación destas normas houbo unha ácida discusión que marcaría estes 20 anos entre os que estaban chamados a ser actores centrais da política lingüística: filólogos, escritores, profesores de galego, asociacións de normalización lingüística, etc. Poderíamos sintetizalo como un conflito entre quen consideran que o galego debe codificarse tomando como padrón o portugués normativo, e os que defenden que debe dotarse dunha norma autónoma. Isto supuxo que se dese unha diferenciación que cristalizou en tres tendencias principais²⁵: reintegracionistas, autonomistas ou rexeccionistas e conciliadores (“mínimos”).

1. A reintegracionista, con predicamento no ámbito do nacionalismo, ten un certo eco entre o conxunto de actores

24. Este decreto, publicado no DOG do 20 de abril, coñécese popularmente como Decreto Filgueira, por ser o seu asinante o Sr. Xosé Filgueira Valverde (conselleiro adxunto ao presidente para a Cultura). Con anterioridade editáranse as Normas da Consellería de Educación e Cultura (ed.) (1980), elaboradas por unha comisión lingüística constituída pola Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia e presidida polo Sr. Ricardo Carballo Calero, tiñan un carácter máis achegado ás formas portuguesas.

25. Houbo á parte destas “normas” outras propostas dentro do reintegracionismo que tiveron un menor eco: o acordo de Río ou quen utilizaba o padrón portugués. Dentro da norma oficial tamén houbo quen tendeu a facer un uso “flexibel” dela, empregando as formas máis achegadas ao portugués.

da normalización lingüística –estamos a falar da Associação Galega da Língua (AGAL) e de diversos colectivos que, na etapa final, se agruparon en torno ao Movemento de Defensa da Língua (MDL)–. Tiñan unha actitude de aberta confrontación coa política lingüística da Xunta de Galicia; a súa posición sobre a norma deixábaos fóra dos beneficios da planificación lingüística –aínda que non sempre–, e a Administración non permitiu o uso destas normas nas súas funcións públicas. Centran a súa estratexia na cuestión normativa, porque entenden que promover o galego da normativa oficial é contraproducente. As súas posicións introducen cuestionamentos de fondo na conceptualización da propia lingua, e nas políticas referidas á promoción da edición, e dos medios de comunicación, apostando polo vínculo á comunidade comunicacional de países lusófonos.

2. Conciliadores (partidarios dos “mínimos”), a concepción de fondo é similar aos anteriores, pero son máis gradualistas e partidarios do compromiso. Entenden que o galego debe concibirse dentro da familia lingüística galego-portuguesa e tender cara ao patrón portugués na conformación do corpus. Sen embargo, a súa estratexia entende que a normalización lingüística é autónoma respecto do debate normativo, e prioriza a promoción social do galego, aínda mantendo a diferenza normativa. Ten un grande peso no ámbito do nacionalismo e dos principais actores favorecedores da normalización. Asociacións como a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega ou A Mesa pola Normalización Lingüística, organizacións como Bloque Nacionalista Galego e a Confederación Intersindical Galega, e publicacións como *A Nosa Terra* (durante o período analizado), utilizaron oficialmente esta normativa. Tivo un notábel eco social sobre todo no ensino, entre os escritores e no asociacionismo cultural de base.
3. Autonomistas: defenden as normas aprobadas pola RAG e o ILG que xa foron comentadas. Consideran que o galego foi a

mesma lingua có portugués na Idade Media, e que procedeu posteriormente a un proceso de individualización, considerándose na actualidade unha lingua autónoma. Son partidarios dun desenvolvemento autónomo baseado no galego falado, e na tradición literaria. É a norma de uso de todas as administracións públicas, e a súa utilización é o requisito básico na aplicación das políticas da Xunta de Galicia (formación, axudas á edición, etc). Esta norma dispón dun uso moi xeneralizado no conxunto da sociedade galega, sendo de emprego case exclusivo fóra do ámbito do activismo lingüístico. Dentro do nacionalismo houbo persoas e mesmo correntes que defenderon tamén a utilización desta normativa. É a norma das denominadas como institucións lingüísticas: RAG, ILG, e Centro de Investigación Ramón Piñeiro.

Non é obxecto deste traballo analizar a dimensión lingüística deste conflito que será abordada no volume IV. O único que tentamos recoller é como afectou á dinámica da normalización lingüística tanto no plano político, como no social. É neste sentido que consideramos que o conflito vinculado á cuestión da normativa tivo varias repercusións no nivel do status lingüístico:

- *Conflictividade no interior dos propios axentes favorecedores da normalización.* A cuestión normativa foi durante todo o período un auténtico foco de tensión entre o activismo social a favor da lingua galega. Boa parte das disputas vinculadas á norma impediron o entendemento e a colaboración entre os propios promotores do galego na sociedade. O conflito normativo penetraba no tecido social de vindicación do idioma como unha confrontación que, en certo sentido, se consideraba irresolúbel, o que consumiu boa parte das enerxías –moitas delas en negativo– do movemento de promoción do galego.
- *Confusión na transmisión da norma a través do sistema educativo,* dado que o profesorado de lingua galega tendeu a uti-

lizar a norma que consideraba particularmente máis apropiada. Isto a efectos da política lingüística, significa unha discrepancia de base entre os elementos centrais na implementación da política. Se o groso dos debates normativos se mantíña no plano da *intelligentsia* vinculada á promoción do idioma galego, no ensino adquiriría unha proxección moito maior, que interfería no nivel do status lingüístico ao trasladarse ao conxunto do entramado social.

- *A normativa como símbolo do enfrontamento político.* Algúns dos actores máis relevantes para normalización na sociedade asumiron unha norma distinta para a lingua galega; isto implicou que o problema normativo se superpuxera á confrontación entre boa parte do activismo e a Administración autonómica. Era unha forma de obxectivar o posicionamento en contra da política da Xunta de Galicia. Agás notábeis excepcións, a práctica totalidade dos que utilizaban algunha das normativas distintas da oficial tiñan unha posición de confrontación coa política lingüística da Xunta; e, en sentido contrario, unha parte relevante dos que utilizaban a norma oficial dispoñían dunha maior predisposición ao entendemento coa política lingüística da Administración autonómica. Deste xeito, a polarización dos actores supuxo que nalgúns sectores do activismo reivindicativo a utilización da norma oficial tivera a consideración de entreguismo aos postulados do Goberno galego; en sentido contrario, o uso de normativas distintas da oficial era considerado, nalgúns ambientes, como síntoma de radicalismo e falta de responsabilidade institucional, Monteagudo Romero e Núñez Seixas (1998).

Non estamos en condicións de afirmar cómo afectou esta confusión na promoción da lingua galega; pero a maioría dos expertos consultados no DELPHI entenden que si afectou á normalización lingüística, e que o debate sobre a normativa dificultou seriamente un diálogo constructivo a favor do galego.

INCORPORACIÓN DA LINGUA GALEGA AO ENSINO

O proceso a través do cal o idioma galego se foi incorporando ao ensino non universitario sérvenos como *analizador histórico* da dinámica de relación entre os actores que xogaron (e xogan) no proceso de normalización lingüística. O ámbito do ensino vai ser para a Administración autonómica o campo máis relevante da súa actuación, o que ten un maior desenvolvemento normativo, e onde vai atopar maiores problemas para súa implementación; pero ademais, vai ser o espacio de actuación principal dos axentes promotores da normalización lingüística na sociedade.

A Administración autonómica asumiu a incorporación do galego ao ensino como un problema que, á marxe da vontade de promoción do galego, tivo moito de obriga derivada das súas responsabilidades. Por unha banda, desde a institucionalización da Comunidade Autónoma a Consellería de Educación fíxose cargo da competencia estatutaria de educación. Por outra banda, desde a aprobación da LNL o goberno ten legalmente a responsabilidade de desenvolver este proceso –un efecto da oficialidade promulgada no estatuto xa era a obriga da incorporación do galego ao ensino regulado. Sobre estes presupostos de partida a Xunta de Galicia dedicouse centralmente a xestionar o desenvolvemento das dúas linguas no ensino para o cumprimento da lei.

Desta xestión estivo encargada a Consellería de Educación, e principalmente os departamentos de Ordenación Educativa e de Inspección²⁶, e a lingua galega foi unha compoñente máis da organización do sistema educativo. Na incorporación da lingua galega ao ensino, a DXPL como departamento encargado da normalización lingüística cumpre unha función complementaria pero non central; como veremos, as súas responsabilidades tiñan que ver, sobre todo, coa materia de galego e a supervisión do material en lingua galega.

26. Na estruturación actual derivada do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, correspóndense coa *Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional* e coa *Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa*.

Sen embargo a dinámica social de promoción do idioma galego no ensino comezou con bastante anterioridade á aprobación da LNL. Un dos motores centrais do proceso que tivo repercusión real sobre a política lingüística no ensino foi o profesorado de lingua galega e complementariamente os profesores que querían dar as súas clases en galego. Este colectivo –cun forte compoñente de profesionais formados na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago– vai dispoñer dun alto grao de articulación, e vai ter unha presenza activa nas distintas organizacións que tiveron unha proxección relevante na normalización lingüística: movementos de renovación pedagóxica, sindicatos do ensino, asociacións culturais, e mesmo certo peso nas formacións políticas nacionalistas. Vemos que este profesorado constituíuse nun actor central que incidiu de xeito relevante na política lingüística, tanto na súa dimensión de presión a través da reivindicación social, coma na dimensión de articulación e canalización de propostas.

Facendo un repaso da evolución da normalización lingüística, establecemos unha separación dos distintos momentos que podemos diferenciar na interrelación dos axentes sociais promotores do galego e da Administración autonómica. O esquema que propoñemos a seguir non ten unha correspondencia exacta coa realidade en termos históricos, é unha construción analítica que utilizamos pola súa virtualidade explicativa. No cadro mencionamos cales foron as reivindicacións centrais en cada momento e que repercusión tivo no ámbito da política lingüística:

Cadro 3: *Dinámica dos actores no ensino non universitario*

MOMENTO	REIVINDICACIÓN SOCIAL CENTRAL	EFFECTOS NA POLÍTICA
1. Etapa previa á aprobación do Estatuto. Antes de 1981	<ul style="list-style-type: none"> • Poder impartir clases en lingua galega • Reivindicar o galego como materia do ensino non universitario 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Decreto do bilingüismo 1981/1979 do 20 de xullo ■ Galego: materia do ensino a partir do curso 1979-1980
2. Primeiros anos oitenta, anteriores á aprobación da LNL 1981-1983	<ul style="list-style-type: none"> • Regularizar que o galego sexa materia do ensino non universitario, e dar cobertura legal e profesional aos mestres e profesores que quixeran dar as súas clases en galego • Conflicto sobre o acordo da normativa oficial 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Decreto do ensino 135/1983 ■ Orde do 23 de setembro de 1983 ■ Cursos de formación
3. Desde a LNL ata o seu desenvolvemento normativo no ensino (Orde de 1987) 1983-1987	<ul style="list-style-type: none"> • Dar desenvolvemento normativo á LNL no ámbito educativo co fin de que o galego fose lingua da Admn. educativa e crecentemente vehicular do ensino non universitario. Dinamización dos centros. Formación de calidade capacitadora para o exercicio docente • Encontro "Estado actual da NL" • Constitución da Mesa pola NL • Gran manifestación contra o recurso diante do TC 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Orde do 31 de agosto de 1987 ■ Recurso do Goberno central ■ Sentencia do Tribunal Constitucional ■ Nova Orde do 1 de marzo de 1988
4. Desde a Orde de 1987 ao Decreto de 1995 1987-1995	<ul style="list-style-type: none"> • Velar polo cumprimento efectivo da normativa e propoñer unha regulamentación máis ambiciosa • Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Decreto 247/1995 do 14 de setembro ■ Creación dos equipos de NL
5. Logo do Decreto de 1995 1995-2000	<ul style="list-style-type: none"> • Velar por un cumprimento efectivo da lexislación 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Fiscalización da acción da Administración autonómica

Fonte: elaboración propia

INCORPORACIÓN DA LINGUA ÁS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

Do mesmo xeito que acabamos de facer no ensino, procedemos a explicitar de maneira sintética a pauta de interacción entre os actores no referido á actuación sobre as administracións públicas. Da mesma maneira que no ámbito do ensino os axentes sociais promotores (AS-PG, NEG, A Mesa...) tiveron gran protagonismo, no campo das administracións foi a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNL) quen se converteu nun dos principais motores do proceso. (cadro 4).

Tanto o ámbito do ensino como o das administracións públicas foron unha boa mostra da dinámica de interacción entre a Administración autonómica e os elementos vertebrados da sociedade civil para a promoción da lingua galega. A lóxica de funcionamento poderíamos sintetizala no seguinte esquema:

1. As organizacións sociais son os motores do proceso de normalización lingüística a través da reivindicación social e da formulación de propostas á Administración galega.
2. Estas propostas toman curso político en xeral a través dos partidos da oposición (a maioría das veces as formacións nacionalistas).
3. O goberno da Xunta rexeita as propostas, ou acéptaa adaptándoas á súa lóxica de xestión.
4. Nun segundo momento, os contidos das propostas son incorporados de forma parcial (ou rebaixada) a acción de goberno e a regulación.
5. Existe un desfase relevante entre os textos normativos aprobados e a efectividade da implementación.
6. As organizacións sociais e a oposición política esixen o cumprimento da normativa vixente.

A Administración autonómica en xeral tivo unha lóxica de funcionamento reactiva: actuaba como efecto da presión e da iniciativa social. Pero ademais a aprobación da normativa caracteri-

Cadro 4: *Dinámica dos actores nas administracións públicas*

MOMENTO	REIVINDICACIÓN SOCIAL CENTRAL	EFECTOS NA POLÍTICA
<p>1. Anos oitenta, posteriores á aprobación da LNL ata o seu desenvolvemento normativo no ámbito da Administración pública como da apertura de accións normalizadoras. (1983-89)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Capacitación, dotación de instrumentos e ferramentas para o desempeño funcional en galego (SNL, galeguización da documentación administrativa, normalización da toponimia, etc.) • Creación dunha Escola de Administración galega para promover coñecementos científico-técnicos • Condicionar o acceso a función pública á capacitación lingüística e garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Convenio de colaboración cos concellos para a normalización da Administración local, 1984 ■ Creación da Escola Galega da Administración Pública, 1987 ■ Lei de uso do galego polas entidades locais, 1988 ■ Lei da función pública galega, 1988 (discriminación positiva no acceso á función pública) ■ Cursos de formación
<p>2. Logo da consagración das medidas abertas no final do anterior período (1990-2000)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mantemento das liñas demandadas e extensión das medidas a outras administracións/entidades ou organismos públicos actuantes en Galicia • Necesidade de establecer criterios coordinados das actividades normalizadoras. Proposta da CTNL para a coordinación dos SNL 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Formación en linguaxe administrativa e xurídica galega ■ Expansión dos servizos de normalización locais, provinciais e gabinetes nas audiencias ■ Campañas institucionais: Manual de cargos públicos

Fonte: elaboración propia

zouse por unha certa ambición nos obxectivos, e por unha falla de planificación e previsión na súa posta en marcha. Isto supuxo que se producisen fortes desfases entre o que figuraba na letra da normativa e a súa aplicación real.

Finalmente, facemos unha breve mención aos actores vinculados ao Estado central. Os poderes centrais –nomeadamente o goberno central e o Tribunal Constitucional (TC)–, xogan, nesta época, un papel de restricción das propostas normalizadoras. Os recursos do Goberno central e as sentencias do Tribunal Constitucional dos anos oitenta respecto da LNL e da Orde do ensino de 1987, fan unha lectura contraria á *acción positiva* para as linguas minorizadas. Os efectos que provoca dentro de Galicia son, por unha banda, un efecto de repulsa simbólica contra o que se entende como un agravio cara á identidade e o autogoberno; e por outra banda, o pregamento institucional do goberno galego, que, no caso do ensino, acaba aprobando unha norma de contido similar, pero evitando o conflito entre institucións.

De todos os xeitos, a posición dos poderes centrais non é estática, e prodúcese unha certa evolución ao longo de todo o período. Nun primeiro momento adóptase unha postura restrictiva e de confrontación coas normas autonómicas de promoción das linguas propias (defensa dos dereitos dos castelán-falantes nos territorios bilingües). Pero xa nos anos noventa, vaise naturalizando a lexislación sobre linguas autonómicas, o que unido á participación dos nacionalistas nos gobernos do Estado, produciu unha normativa estatal máis favorábel ás linguas autóctonas, podendo ser mesmo un apoio á normalización lingüística²⁷.

27. Para unha análise pormenorizada da evolución do Tribunal Constitucional no ámbito das administracións públicas ver os anexos ao traballo de Costas Abreu (1999).

O DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA


Unha política pública de normalización lingüística implica definir a situación das linguas en contacto como un problema. Enténdese por problema unha situación non desexada susceptible de solución, e que implica a intervención por parte dos poderes públicos. Estamos a falar dun concepto basicamente dinámico que inclúe diversos actores que inflúen tanto na toma de decisións como na implementación política.

Unha política pública inclúe diversos elementos: existencia dunha demanda (aínda que sexa xerada polo propio poder público), unha necesidade que satisfacer, unha oportunidade de mellora, e un conflito (os que queren que o problema se resolva e os que non). Pero as políticas non teñen sentido en abstracto, se non que cobran significado cando toman corpo nas decisións e as accións concretas. Ofrecemos a continuación un gráfico (cadro 5) que pretende mostrar, de forma sinxela, a conexión entre a concepción do problema e da súa solución por parte da Administración autonómica, coas accións desenvolvidas e os efectos pretendidos.

A definición da política lingüística reflicte a baixa concienciación idiomática, é dicir, a ausencia dunha demanda manifesta que articulouse os intereses dos galegofalantes. Trátase de desenvolver accións que teñan en conta a súa receptividade potencial, e eviten a confrontación social. A acción pública da Xunta de Galicia moverase nestas coordenadas: 1º cumprir coas obrigas xurídico-políticas; 2º evitar a confrontación por motivos idiomáticos; 3º atender, dalgún xeito, as demandas dos axentes de promoción do galego na sociedade.

A actividade deste período atendeu á extensión do coñecemento do galego, á neutralización da conflictividade, e á mellora das actitudes o que redundou nunha certa normalidade na utilización dos dous idiomas. Como veremos máis adiante, estes logros están en vía de conseguirse. Sen embargo, estamos a vivir unha especie de cambio de paradigma que pretende focalizar o problema na substitución lingüística, e polo tanto na perda continua de

Cadro 5: O desenvolvemento da política lingüística



Fonte: elaboración propia, esquema adaptado de Losada (2000)

falantes. Unha vez que existe un ambiente de normalidade e actitude relativamente favorábel ao galego, o obxectivo debe ser a reprodución e a produción lingüística do galego –manter e incrementar a comunidade galegofalante–.

Esta meta implica artellar medidas que van máis alá do cumprimento dos preceptos legais. O paradigma emerxente mantén a centralidade da Administración pero pretende intervir de forma substantiva no ámbito do social, corresponsabilizar ao conxunto da

sociedade na normalización lingüística. As novas medidas que se apuntan –e que se están levando a cabo noutros niveis- teñen que ver co diálogo social, e coa implicación en accións de dinamización sociolingüística. Incorpora unha óptica ecolóxica que relaciona a cuestión do galego co seu ecosistema social, vinculando a promoción do idioma aos cambios sociais positivos, e concibindo a normalización lingüística como unha perspectiva que atravesa transversalmente a intervención pública en diálogo permanente coa sociedade. Subxacen dúas ideas de fondo: (a) unha concepción máis activa da sociedade, que deixa de ser un obxecto sobre o que actúa o sector público, para ser un suxeito activo con vontade autónoma: a cidadanía; (b) a convicción de que o futuro do galego se xoga no plano do social, sobre o que o ámbito público ten grande ascendencia –pero non abonda con que o mundo público se exprese en galego se non é a lingua de uso social espontáneo.

Tanto para a concepción como para o desenvolvemento das políticas hai que ter presente a receptividade social cara a elas. Ten que existir unha base de acomodación entre a oferta de políticas e a demanda de políticas, Grin (2000). No caso galego, a receptividade cara á política lingüística foi mellorando ao tempo que foron asentando as primeiras medidas. A demanda veu, fundamentalmente, do ámbito do ensino –tamén desde o ámbito da Administración pública–, e foi este terreo onde haxa un maior desenvolvemento normativo e maior atención. As razóns non só teñen que ver coas obrigas legais, cunha maior demanda dos axentes promotores do proceso de normalización lingüística. Esta dinámica tendeu a situar no ensino a responsabilidade de solucionar o problema da normalización da lingua galega. As accións desenvolvidas foron, fundamentalmente, as que estaban recollidas nos preceptos lexislativos, que ao mesmo tempo daban conta da responsabilidade do goberno autonómico.

Ofrecemos a continuación un cadro que tenta tipoloxizar as políticas referidas á lingua en Galicia, sinalando os obxectivos que pretendían acometer. Abrangue todo o período, pero, sobre todo, recolle o momento de maior despregue nos anos noventa.

Cadro 6: Tipoloxía de políticas lingüísticas en Galicia

TIPO DE POLÍTICA	ENTIDADES RESPONSÁBEIS E NORMATIVA DE REFERENCIA	OBXECTIVOS
Constitucional Oficialidade	CE (1978) – Constitución española EA (1981) – Estatuto de autonomía	Establecer o marco básico de asignación de dereitos Cooficialidade Determinar os dereitos lingüísticos básicos
Regulación de uso en xeral	LNL (1983) – Lei de normalización lingüística EA, LNL, LFPG	Desenvolvemento de dereitos Establecer os ámbitos estratéxicos
Regulacións sectoriais dos ámbitos da LNL		Determinación de usos mínimos, garantía de dereitos, e determinación de responsabilidades
1. Regulación ensino 2. Regulación medios propios 3. Regulación Admón. local	1. Decreto 135/1983 Galego materia Orde de 1987/1988 Lingua vehicular Decreto 247/1995 Lingua máis vehicular 2. Lei 9/1984 CRIVG 3. LUGLOEL (1988) Lei 5/97 da Administración local de Galicia	Determinación de usos mínimos, garantía de dereitos, e determinación de responsabilidades en cada ámbito 1. Galego materia de ensino Lingua da Administración educativa Lingua parcialmente vehicular do ensino non universitario. 2. Lingua de emisión dos medios públicos autonómicos 3. Usos mínimos formalizados no ámbito municipal

TIPO DE POLÍTICA	ENTIDADES RESPONSÁBEIS E NORMATIVA DE REFERENCIA	OBJECTIVOS
Posibilidades de control e coacción Administracións públicas en calidade de organizacións (nas relacións distintas ás dos administrados)	Inspección (só no ensino) Lei 8/1992 que modifica a LFFG	Garantir o cumprimento da lexislación • Obrigas de coñecemento no acceso á función pública (Admón. autonómica sobre todo)
Estructuras de organización	Normas de contratación da AAPP Xunta de Galicia: • DXPL (vertical), • CCNL (horizontal)	• Cláusula de uso nos contratos coas AAPP.
Actuacións sobre o CORPUS LINGÜÍSTICO: A) Regulación B) Produción lingüística C) Investigación D) Toponimia	Do corpus lingüístico: RAG, ILG Decreto 173/1982 sobre as normas ortográficas e morfolóxicas do galego A) RAG, ILG B) RAG, ILG, Ramón Piñeiro, EGAP, SNL-USC; proxectos específicos C) RAG, ILG, Ramón Piñeiro, EGAP D) Comisión de Toponimia Decreto 132/1984 sobre a fixación e recuperación da toponimia	Producir e sancionar o corpus Fixación e desenvolvemento da lingua A) Fixación normativa B) Actualización do corpus e elaboración de vocabularios específicos C) Investigación sobre o corpus, e incorporación do galego ás TICs D) Fixación da toponimia

TIPO DE POLÍTICA	ENTIDADES RESPONSÁBEIS E NORMATIVA DE REFERENCIA	OBJECTIVOS
Orientadas á competencia lingüística: • Corrección	DNL, SNL/SL	Garantir e apoiar o uso correcto • Facetas de tradución, corrección, formación e asesoramento
Orientadas á actitude e uso (escrito) • Distributivas A, Organizacións	DXPL: Subvencións e convenios	Promover o uso e actitudes favorábeis nas empresas e asociacións: • Galeguización da dimensión escrita formal das organizacións
Orientadas á actitude e uso • Distributivas C, Medios de comunicación privados	DXPL: Subvencións e convenios	Promover o uso entre os medios de comunicación privados: • Incremento da utilización na prensa diaria e nas radios
Orientadas á oferta de recursos en galego • Distributivas B, Editoriais	DXPL: Subvencións Consellería de cultura	Promover a edición en galego sobre todo no ensino • Incremento da produción editorial

TIPO DE POLÍTICA	ENTIDADES RESPONSÁBEIS E NORMATIVA DE REFERENCIA	OBJECTIVOS
Orientadas á actitude e uso (escrito) • Sensibilización	DXPL en colaboración con outras entidades DXPL Outras entidades (en xeral co financiamento da DXPL) DXPL Concellos, universidades e algunhas organizacións sociais DXPL Universidades de fóra de Galicia, Comunidades galegas no exterior RAG, ILG DXPL, axudas	Promover o uso (sobre todo na escrita) e actitudes favorábeis. No caso da promoción fóra de Galicia mellorar a imaxe no exterior Promoción en xeral • Campañas de sensibilización Apoio ás organizacións nas funcións de promoción • Mantemento de SNL /SL na súa dimensión de dinamización lingüística • Apoio aos equipos de normalización lingüística no ensino exterior Promoción, sensibilización e fomento do estudio do galego no exterior • Universidades de fóra: lectorados, estudos, etc. • Para as comunidades galegas no exterior / Centros galegos na emigración: cursos • Cursos de galego para estranxeiros Estudios • Congresos, estudos

ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS DA XUNTA DE GALICIA

Os ámbitos principais de desenvolvemento da política lingüística galega foron os eixes da Lei de normalización lingüística (LNL):

1. Galego: materia e lingua parcialmente vehicular do ensino;
2. Galego: lingua da Administración autonómica;
3. Galego: lingua dos medios de comunicación públicos autonómicos.

Existen outros ámbitos nos que a Xunta de Galicia interveu desde o departamento específico –a DXPL– pero cunha incidencia menor que nos anteriormente sinalados: os relativos a administracións públicas distintas da autonómica –nomeadamente o ámbito municipal debido á ascendencia que a Xunta ten sobre el no plano competencial–; aos medios de comunicación privados; á produción editorial, etc.

Estes tres ámbitos estratéxicos coinciden con cadanseu título da propia LNL, e todos foron materia de competencia case exclusiva da Xunta de Galicia. A incorporación do galego a estes ámbitos realízase a través de regulacións normativas, que determinan o uso da lingua galega por parte da Administración, de xeito exclusivo ou preferente. Nos medios de comunicación autonómicos e na Administración pública galega está claro que dende o momento en que se determina que o galego é a lingua de uso –agás excepcións no caso da Administración, derivadas da petición do uso do castelán por parte dos administrados–, este queda fixado estruturalmente como unha característica continua.

Unha vez regulados estes ámbitos, as actuacións dos poderes públicos galegos están orientadas fundamentalmente a favorecer o cumprimento da lei, e irán encamiñadas por dúas vías distintas: 1) A capacitación lingüística daqueles elementos que personifican a dimensión pública destes ámbitos (funcionarios públicos, xornalistas e profesores, principalmente), xunto a sistemas de tradución/corrección; 2) a supervisión do cumprimento da lei: a garantía de que aqueles que deberan desenvolver a función públi-

ca en galego o fagan de xeito efectivo. Veremos como as liñas de actuación que pretendían formar en galego os traballadores públicos deron os seus froitos en canto á súa capacitación lecto-escritora; endebén, aquelas liñas que pretendían garantir un uso efectivo do galego nestes ámbitos non foron tan efectivas.

Xa comentamos con certa profundidade a incorporación da lingua galega ao mundo do ensino, pasamos a continuación a facer unhas breves referencias ás outras dúas actuacións estratéxicas.

GALEGO: LINGUA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Este ámbito vai ser analizado en profundidade noutra área do Informe (volume III); aquí só facemos mención dalgunhas cuestións que teñen relevo para a nosa investigación. A asunción do galego como idioma de uso habitual –no plano formal e escrito– da Administración galega supuxo, fundamentalmente, un efecto nun duplo nivel:

1. Na relación cos administrados; moitas das xestións que os cidadáns teñen que facer coas administracións públicas en Galicia están relacionadas coa Xunta de Galicia, realizándose en galego a maioría das comunicacións institucionais por escrito.
2. Na relación cos traballadores públicos da Administración Autonómica; a esixencia do coñecemento do galego no acceso a súa función pública, e o seu uso por parte dos “produtores de textos”, tivo un efecto moi favorábel para a lingua galega. Unha das liñas principais da DXPL será a formación do funcionariado.

Durante o período analizado produciuse un grande incremento do número de traballadores vinculados á Administración galega; coincidiu (a) co momento de maior expansión do Estado do benestar en Galicia, e (b) co proceso de descentralización do Estado das autonomías, e deste xeito, algúns dos compoñentes

centrais de aquel pasaron a ser competencia da Xunta de Galicia. Teñen especial relevo aqueles que dispoñen dun maior volume de funcionarios: o ensino e a sanidade. Vemos no cadro a evolución dos últimos anos, sinalándose que para o ano 2000 o persoal da Xunta de Galicia ascendía a 75.284 persoas; 30.617 especificamente na área da docencia non universitaria.

Táboa 2: Evolución do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma

Cados de persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (*)						
1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
61.663	69.320	69369	74.137	76.840	81.994	83.639

Fonte: 2000 Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia. Consello Galego de Relacións Laborais

(*) Inclúe o conxunto dos traballadores das administracións vinculadas á Comunidade Autónoma, non só da Xunta de Galicia. Queda fóra a Administración local e a central.

A Administración autonómica conformouse nos primeiros momentos sobre a base da cesión de efectivos doutras administracións, maioritariamente da central. Isto supoñía incorporar lóxicas de funcionamento consolidadas, que introducían unha inercia pouco favorábel á normalización lingüística. Con posterioridade o crecemento desenvolveuse tanto con sistemas propios de ampliación do cadro de persoal, como con base na asunción de novas competencias e os seus funcionarios asociados. Nalgúns casos, con estas novas transferencias introdúcense ámbitos que funcionan de xeito moi autónomo, bastante á marxe da lóxica central da Administración galega, podemos considerar un exemplo disto o SERGAS. Ao longo destes anos houbo unha serie do que o analista Xesús Costas Abreu denomina “ámbitos exentos”. Estes “ámbitos exentos” refírense a parcelas enteiras da Administración que semellaban non verse afectadas polas normativas legais de normalización lingüística, sendo o uso da lingua galega moi esporádico e que tiña que ver coa vontade particular dos funcionarios.

Vendo o relevo do volume de funcionarios e persoal laboral vinculados ás administracións da Comunidade Autónoma,

apreciamos o efecto normalizador directo que tivo e pode ter a Administración autonómica sobre os seus propios traballadores, e polo tanto a potencialidade na relación cos administrados. A decisión de distribuír o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) no formato exclusivamente galego tivo unha grande repercusión nos usos frecuentes dos funcionarios e dos administrados; este é un bo exemplo de como unha medida de custo cero pode ter un grande efecto galeguizador. Durante este período, como se ve detalladamente na área específica do Informe, os usos escritos en galego foron xeneralizados nas relacións para cos administrados; sendo menores no nivel oral que dependía do funcionario correspondente. Dáse unha consideración diferenciada do uso do galego por parte dos funcionarios: na súa dimensión escrita hai consciencia do exercicio da función pública e utilízase a lingua da institución; na comunicación oral considérase como unha interacción persoal e os usos lingüísticos da Administración quedan a discreción do funcionario (agás no ensino).

GALEGO: LINGUA DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS AUTONÓMICOS

“Foi no 1974 cando o Centro territorial de TVE en Galicia –creado tres anos antes– comeza a emitir diariamente un telexornal en galego e no 1985 créase a CRTVG, con dúas sociedades, a Televisión de Galicia, TVG, e a Radio Galega, que emitirán a súa programación en galego, incluída a publicidade no caso da Radio e con campañas de promoción para a mesma no caso da TVG.”, Ledo Andión (2000).

A radio e a televisión de Galicia xogaron e xogan un papel de primeira orde na consideración social da lingua galega. A televisión ten un importante ascendente sobre os referentes simbólicos da audiencia, e o feito de que a lingua galega se incorporase con normalidade a este medio tivo un efecto relevante no combate contra os prexuízos negativos. O medio permitía que o galego ocupase no plano simbólico toda unha serie de funcións das que secu-

larmente carecera, o que lle confería unha consideración social equiparábel a outras linguas, e co decorrer dos anos, unha maior normalidade en ámbitos diversos.

Consideramos que a radio e a televisión de Galicia foron os elementos, xunto co ensino, que xogaron máis favorablemente para o idioma galego. Os efectos producidos sitúanse principalmente no plano actitudinal na mellora da percepción social do galego e no establecemento dunha certa normalidade ambiental que favorece o seu uso. Unha axencia de reprodución lingüística secundaria, como un medio de comunicación, non é un elemento central na modificación dos comportamentos lingüísticos, pero si un referente de prestixio e un importante reforzo para aqueles que utilizan esta lingua.

O único elemento que non está integramente galeguizado destes medios é a publicidade privada na TVG, que mantivo, durante a maior parte deste período, un nivel de galeguización baixo. Ata o ano 1996 as emisións de publicidade en galego non alcanzaban o 30% e os incrementos eran inapreciábeis; sen embargo, a partir de 1997 constátase un aumento considerábel das emisións en galego, Ledo Andión (2000). Este é un ámbito relevante dado que pode reforzar a imaxe de escisión entre público=galego e privado=castelán.

Outro elemento vinculado á TVG xoga de xeito moi positivo sobre o galego: a produción propia. Principalmente, as series que saíron nos últimos anos tiveron, xunto a un grande éxito de audiencia, unha boa repercusión para a normalización lingüística. O vínculo entre a lingua e a produción de contidos ten unha gran relevancia na dimensión identitaria da lingua, e no establecemento dun espazo comunicativo propio.

ANÁLISE ORZAMENTARIA. EVOLUCIÓN DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

ACLARACIÓNS

A análise que desenvolvemos neste apartado baséase na información recollida nos Presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 1983-2000. A pesar de que o tentamos, non puidemos ter acceso á información referida ao gasto efectivo realizado para a normalización lingüística, que permitiría coñecer máis pormenorizadamente o relevo das accións da Xunta de Galicia. En todo caso, fixemos unha aproximación moi acorde coa realidade sobre a base dos orzamentos, e a información contida nos Informes da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, de comparecencias parlamentarias e dalgúns estudos específicos.

Comezamos facendo algunhas aclaracións conceptuais dos termos utilizados. Denominamos “presuposto consolidado” o conxunto de gasto realizado pola Xunta de Galicia en relación coa promoción da lingua galega. A maior parte deste gasto está vinculado, organicamente, á Dirección Xeral de Política Lingüística, que será o central da nosa análise. Para o período estudado (1983-2000), incluímos tamén dentro do “presuposto consolidado” o efectuado pola Consellería da Presidencia (nalgún caso pola Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno) para a normalización lingüística no ámbito da Administración local e da xustiza –ata o ano 1992 incluído–, e o da Consellería de Cultura, destinado á RAG, e á promoción do libro en galego principalmente.

O gasto da DXPL é o único da Consellería de Educación que, a efectos de distribución dos créditos, a súa función non se denomina “Educación” mais “Cultura”; todo o gasto desta Dirección está agrupado a partir de 1993 no Programa 353-F (353-G no 1993). A efectos aclaratorios queremos indicar que o groso do gasto realizado pola DXPL se sitúa nos capítulos: IV-Transferencias Correntes, VI- Investimentos reais, e VII

Transferencias de capital. Referido a esta investigación podemos facer equivaler:

- VI Invetimentos reais = investimento en normalización lingüística da Xunta
- VII Transferencias de capital = investimento en normalización lingüística fóra da Xunta
- IV Transferencias correntes= gastos de funcionamento fóra da Xunta

Á parte existen en menor contía partidas noutros capítulos:

I- Gastos de persoal, e II- Gastos en bens correntes e servicios; e mesmo, nalgún ano, unha pequena cantidade en VIII- Activos financeiros. Neste apartado aparecen o conxunto das cifras mencionadas en pesetas (ptas.) por ser esta a moeda utilizada durante todo o período estudado.

EVOLUCIÓN DO PRESUPOSTO DA XUNTA DE GALICIA
PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: A DIRECCIÓN
XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Este traballo analiza o conxunto do gasto da Xunta de Galicia que podemos entender especificamente como política lingüística. Non aparecen aquí as partidas que soportan o conxunto da Radio Televisión Galega, nin do profesorado de galego do ensino regulado; entendemos que a Administración non soporta ningún gasto engadido referido a esta materia, ou o que é o mesmo, o volume de gasto da Administración sería o mesmo á marxe da normalización lingüística. Polo tanto, aínda que estas medidas de carácter regulativo teñan moita importancia no proceso de normalización lingüística, non ten sentido contabilizalos a efectos orzamentarios.

O gasto que efectuou, ao longo destas dúas décadas, a Xunta de Galicia veu da man da Dirección Xeral de Política Lingüística; ben que ata o ano 1993, cando se incorpora a denominada “débeda histórica”, o gasto realizado por fóra da dirección xeral estaba disperso por varias consellerías, principalmente Presidencia e Cultura, logo desta data, o gasto concéntrase nesta


dirección xeral; agás unha partida da Consellería de Cultura dedicada á promoción, produción e edición do libro en galego, e outra transferencia destinada á Real Academia Galega.

Vendo a evolución do conxunto do gasto en normalización lingüística, podemos diferenciar tres grandes etapas:

- 1ª) A que inclúe os tres primeiros anos, en que o gasto é moi escaso e moi concentrado na formación do profesorado en lingua galega. Estamos falando nestes anos de entre 20 e 30 millóns de pesetas para a dirección xeral, e ata 50 para o conxunto de gasto consolidado en lingua galega.
- 2ª) Un segundo período, dende 1986 –no que a variación do orzamento é dun 164% á respecto do ano anterior– a 1992 incluído; o crecemento anual durante este lapso sitúase entre o 23% e o 44%, agás nos anos 1989 e 1990, que só varía en termos reais un 16% e un 8% respectivamente.
- 3ª) Un terceiro período que vai do ano 1993 ata o 2000. No ano 1993 incorpórase a “débeda histórica”, o que supón unha multiplicación do orzamento que se sitúa en torno aos 2.800 millóns de pesetas para a DXPL, e os 3.000 como presuposto consolidado en lingua galega. Dende o ano 1993 ata o ano 2000 o orzamento mantívose practicamente igual, o que, como veremos, significa unha redución constante do gasto en normalización lingüística unha vez deflactadas as cifras.

No gráfico visualízase claramente a evolución dos tres períodos sinalados: escaso orzamento e escaso incremento nos primeiros anos, incremento importante e sostido entre o ano 1986 e o ano 1992, e por último, logo da multiplicación do orzamento do 1993, unha estabilización ata o presente. Sen embargo, para poder ver a evolución real, non podemos comparar as cifras tal e como nos aparecen nas leis de presupostos: haberá que deflactar estes datos económicos, para converter as variábeis “nominais” ou

Gráfico 1: Orzamentos DXPL 1983 - 2000



monetarias en “reais”. Isto realízase dividindo as variábeis monetarias por un índice de prezos (convencionalmente, o Índice de Prezos de Consumo).

Para que este traballo puidese incorporar esta compoñente comparativa, situamos a globalidade das cifras empregadas (DXPL, Consellería de Educación e conxunto da Comunidade Autónoma) en valores constantes do ano 1993. Entendemos que a elección deste ano nos permitía visualizar mellor a evolución do gasto da dirección xeral, dado o punto de inflexión que supuxo a incorporación da “débeda histórica”. Nas táboas e gráficos utilizamos pois a denominación *pesetas correntes* para referirnos ás cantidades que aparecen “nominalmente” nos presupostos, empregando *pesetas constantes do ano 1993* para aquelas cifras que nos permitan comparar a evolución real dos orzamentos en valores deste ano.

Observando a evolución dos orzamentos da DXPL en pesetas constantes, vemos que hai unha diferenza relevante entre o presuposto considerado en pesetas correntes ou constantes do ano

1993. Ata o ano 1992 os aumentos de presuposto situáronse claramente por riba do IPC, de xeito que o incremento real do orzamento foi constante. Emporiso dende o ano 1993 ata o presente, vemos que as cifras da DXPL se manteñen practicamente iguais –mesmo reducíndose a partir do ano 1997–, en termos nominais. Como xa indicamos, se consideramos a variación real durante este período observamos que hai unha redución constante do presuposto, que ano a ano vai descendendo en termos relativamente proporcionais ao incremento interanual do IPC. Deste xeito, e facendo balance do período, observamos que o orzamento da dirección xeral do ano 2000 equivale ao 76,47% do orzamento que tiña no ano 1993.

Veremos agora a evolución dos presupostos de forma comparada co discorrer orzamentario da Consellería de Educación e do conxunto da Comunidade Autónoma. A estes efectos, a periodización establecida para a DXPL é bastante acaída para a evolución do presuposto do conxunto da Comunidade Autónoma: haberá uns primeiros anos con pouco presuposto e cun irregular pero escaso incremento real (haberá que ter en conta que o IPC foi moi alto durante estes primeiros anos, entre o 8% e o 12%); seguirá un punto de inflexión dende o ano 1987 (na DXPL anticipase o incremento orzamentario ao ano 1986), a partir do cal haberá unha suba forte e sostida do conxunto do presuposto da Comunidade Autónoma ata o ano 1992 incluído; e por último, despois de 1993 estabilízase o presuposto e os incrementos van ser moito máis moderados, en torno ao 3%-4% interanual. Hai un paralelismo entre a evolución do presuposto da Comunidade Autónoma e o da DXPL, coa gran salvidade de que a incorporación da débeda histórica ao presuposto da Dirección Xeral en 1993 multiplica practicamente por catro o seu orzamento.

Títboa 3: Comparativa dos orzamentos: DXPL / Consellería de Educación / Xunta de Galicia

Ano	Orzamento DXPL en pts. constantes de 1993	Variación % real do Da orz. DXPL respecto do ano anterior	DXPL: índice 100 en 1993	Orzamento Consellería Educación pts constantes de 1993	Variación % real do orz. de Educación respecto do ano anterior	Educación: índice 100 en 1993	Orzamento consolidado da C.A. Pts constantes de 1993	Variación % real do orz. da Xunta respecto do ano anterior	Xunta: índice 100 en 1993	Orzamento «lingua ptas. constantes de 1993	Variación % real do orz. «cons.» lin- gua respecto do ano anterior	Orz. «cons.» lin- gua: índice 100 en 1993
1983	61.277	—	2,13	82.684.029	—	50,49	175.646.847	—	25,98	113.023	—	3,74
1984	42.514	-30,62%	1,48	92.718.431	12,14%	56,61	204.895.479	16,65%	30,31	86.981	-23,04%	2,88
1985	60.159	41,50%	2,09	97.596.933	5,26%	59,59	217.674.514	6,24%	32,20	60.159	-30,84%	1,99
1986	158.698	163,80%	5,51	110.351.390	13,07%	67,38	217.339.210	-0,15%	32,15	160.520	166,83%	5,31
1987	196.104	23,57%	6,81	108.460.127	-1,71%	66,22	267.045.039	22,87%	39,50	212.018	32,08%	7,02
1988	283.648	44,64%	9,84	118.792.582	9,53%	72,53	321.925.877	20,55%	47,62	324.619	53,11%	10,75
1989	328.382	15,77%	11,40	128.306.856	8,01%	78,34	366.602.606	13,88%	54,23	404.202	24,52%	13,38
1990	354.095	7,83%	12,29	143.510.611	11,85%	87,63	425.931.963	16,18%	63,01	450.211	11,38%	14,90
1991	466.016	31,61%	16,17	153.125.411	6,70%	93,50	575.959.548	35,22%	85,20	605.986	34,60%	20,06
1992	651.947	39,90%	22,63	158.523.309	3,53%	96,79	653.609.562	13,48%	96,69	870.677	43,68%	28,82
1993	2.881.490	341,98%	100,00	163.775.239	3,31%	100,00	675.999.240	3,43%	100,00	3.021.049	246,98%	100,00
1994	2.802.760	-2,73%	97,27	167.717.666	2,41%	102,41	702.439.344	3,91%	103,91	2.923.613	-3,23%	96,77
1995	2.604.505	-7,07%	90,39	171.999.307	2,55%	105,02	718.187.451	2,24%	106,24	2.604.505	-10,91%	86,21
1996	2.486.721	-4,52%	86,30	174.275.954	1,32%	106,41	711.408.508	-0,94%	105,24	2.596.432	-0,31%	85,94
1997	2.432.393	-2,18%	84,41	172.279.400	-1,15%	105,19	729.639.500	2,56%	107,93	2.532.188	-2,47%	83,82
1998	2.335.252	-3,99%	81,04	173.282.173	0,58%	105,80	758.458.862	3,95%	112,20	2.446.354	-3,39%	80,98
1999	2.259.553	-3,24%	78,42	183.181.591	5,71%	111,85	791.249.925	4,32%	117,05	2.392.037	-2,22%	79,18
2000	2.203.609	-2,48%	76,47	189.245.803	3,31%	115,55	819.378.487	3,55%	121,21	2.348.620	-1,82%	77,74

Fonte: elaboración propia a partir dos presupostos da CAG

Como dicimos, a variación orzamentaria da DXPL e da Xunta foi relativamente similar, aínda máis se a comparanza do presuposto da Xunta se establece co presuposto consolidado en normalización lingüística en vez de comparalo co da DXPL. Viamos con nitidez o gran salto que significa o exercicio orzamentario do ano 1993, e como a partir de aquí o presuposto da DXPL comeza a reducirse en termos reais. Observamos que este descenso do presuposto é máis acusado, se en vez de avaliar autonomamente a súa evolución, o analizamos en termos comparativos coa Consellería de Educación e coa Xunta de Galicia.

O descenso en termos reais do presuposto da DXPL entre o ano 1993 e o 2000 foi superior ao 20%; pero o peso relativo do gasto en normalización lingüística a respecto da Consellería de Educación e da Xunta decreceu de xeito máis pronunciado, dado que en paralelo á baixa do orzamento da DXPL se produce un aumento, máis ou menos continuado, dos presupostos da Consellería de Educación e da Xunta de Galicia. Cando no ano 1993 o orzamento da DXPL supoñía un 0,4263% do presuposto consolidado da Xunta, no ano 2000 vai supoñer un 0,2689%; isto significa que en termos relativos, entre o ano 1993 e o ano 2000 o peso do presuposto da DXPL diminuíu máis dun tercio con respecto a conxunto do orzamento da Comunidade Autónoma.

Na seguinte táboa recollemos de xeito moi resumido a comparativa da evolución entre os presupostos da DXPL e da Comunidade Autónoma.

Táboa 4: Comparativa simplificada da evolución dos orzamentos da DXPL e da Comunidade Autónoma

Anos	Orzamento DXPL en ptas. constantes do 1993	DXPL: índice 100 en 1993	Orzamento da Comunidade Autónoma en ptas. constantes do 1993 (en millóns)	Xunta: índice 100 en 1993
1985	60	2,09	217.674	32,20
1989	328	11,40	366.602	54,23
1992	651	22,63	653.609	96,69
1993	2.881	100,00	675.999	100,00
2000	2.203	76,47	819.378	121,21

Fonte: elaboración propia

EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO GASTO

Para analizar a distribución do gasto imos manter a mesma periodización.

Primeiros anos: 1983-1985

Durante estes anos o gasto concéntrase na formación do profesorado. Esta liña e a promoción xeral da lingua galega completan a dedicación orzamentaria da dirección xeral. Sen embargo, a través das consellerías de Cultura e Presidencia, xa van aparecer diversos epígrafes que permanecerán ao longo de todo o período. Así, xa dende o ano 1983, aparece na Consellería da Presidencia unha liña de subvencións a empresas editoriais en galego, e tamén na Consellería de Cultura aparecen liñas de financiamento de proxectos de toponimia, o Atlas Lingüístico do ILG e, de xeito incipiente, uns cursos de lingua e cultura galegas. Outra liña que permanecerá baixo outras denominacións durante todo o período será a que inicia a Consellería de Cultura para promover ao autor e á súa obra en galego.

No ano 1984 comeza tamén outra das liñas relevantes que se vai manter ata o presente: a Consellería da Presidencia incorpora unha liña de financiamento para a difusión da lingua galega nos medios de comunicación social. Xa neste ano a cifra destinada a

este cometido será de 20 millóns de pesetas, o que supón case a metade do presuposto destinado a normalización lingüística.

O crecemento sostido: 1986-1992

Entre o ano 1986 e o ano 1992, houbo un incremento constante do orzamento da DXPL. En liñas xerais –salvo no ano 1990– medrou nun termo medio bastante superior ao que medrou o presuposto da Consellería de Educación e mesmo por riba do que se incrementaba o presuposto xeral da Comunidade Autónoma (salvo nos anos 1990 e 1991), que tamén foi aumentando fortemente durante estes anos ao ir incorporando novas competencias. Malia que este incremento en termos relativos é moi importante, en cifras absolutas, estamos a falar de 100 millóns de pesetas, no ano 1986 e de 294 no ano 1990. Nos anos finais deste período (1991 e 1992) o incremento será máis cuantioso: 414 millóns para o ano 1991 (539 millóns de presuposto consolidado) e a 616 millóns para o ano 1992 (822 millóns do orzamento consolidado para a lingua galega).

Como dicimos, no ano 1986 prodúcese un forte incremento do presuposto, situándose nos 100 millóns de pesetas. Por unha banda, mantense a cifra destinada á formación do profesorado, en torno a 27 millóns de pesetas; e, por outra, iníciase toda a liña de subvencións a empresas e institucións sen fins de lucro que se mantivo ata a o ano 2000.

Aparecen agora, aínda que con escasa contía, as ordes de subvención e axudas á promoción do galego para as empresas privadas, para xornais e revistas por suplementos didácticos en galego; e nas destinadas "a familias e institucións sen fins de lucro" temos a liña de subvencións de accións de promoción da lingua galega, así como outras destinadas a congresos, simposios ou á prensa escolar en galego. Ábrese ademais unha liña que se mantendrá tamén ata a actualidade, destinada a publicacións, que inclúe tanto a adquisición como a edición de materiais. Neste ano subscribese un convenio coa Federación Galega de Municipios e

Provincias para a formación de persoal das corporacións locais, liña de actuación relevante ao longo destes anos.

Durante este período (1986-1992) van oscilando as cifras dedicadas ás distintas partidas, e mesmo algúns anos desaparecen liñas de subvencións que logo reaparecen. Pero tamén se incorporan ao presuposto case a totalidade dos conceptos orzamentarios que imos ter ata a actualidade. No ano 1988 introdúcese con só 25 millóns o subconcepto “campañas de normalización”, que, como veremos, a partir do ano 1993 será o elemento máis cuantioso do conxunto do orzamento.

No ano 1989 a Consellería da Presidencia asigna unha partida á normalización lingüística nos xulgados (4,5 millóns), e ás corporacións locais (4 millóns, á marxe do que estaba destinado á formación deste persoal). Ao ano seguinte, estas cifras ascenderán a 20 millóns para cada un dos ámbitos referidos. No ano 1991 incorpórase expresamente dentro da D.X. de Política Lingüística a última liña de subvencións a empresas editoriais para textos de ensino en galego e tamén se financia de forma expresa –por primeira vez nos presupostos– un proxecto de lexicografía da Real Academia Galega, desde a Consellería de Cultura.

O ano 1992 supón un forte incremento do presuposto, manténdose á alza a maior parte das partidas. Dáse unha importante suba na partida destinada a cursos para traballadores públicos, pasando de 85 a 200 millóns; dentro destes 200 millóns mantéñense os 85 para profesorado, e o resto dedícase a cursos de galego para persoal da Administración autonómica, periférica do Estado, de Xustiza, persoal militar e tamén outros grupos como colexios profesionais ou institucións de calquera tipo. Aparece por primeira vez dentro da DXPL unha partida específica para a RAG. A partir deste ano dótese dentro do capítulo de “gastos en bens correntes e servizos” unha partida de 25 millóns para os equipos de normalización lingüística nos centros de ensino. Outro grande incremento deste exercicio serán os fondos destinados á promoción do galego nos medios de comunicación social, pasando de 40 a 112 millóns.

A “*débeda histórica*”: *multiplicación e estabilización: 1993-2000*

O ano 1993 suporá un auténtico punto de inflexión en canto a volume orzamentario dedicado á normalización lingüística. Este vai ser o primeiro exercicio económico no que se repercute a denominada “*débeda histórica*”, que situará os presupostos da DXPL en torno aos 2.800 millóns de pesetas anuais dende o ano 1993 ata a actualidade. A “*débeda histórica*” foi unha reclamación recollida polo Parlamento de Galicia e polo Goberno galego que se activa ao comezo da presidencia de Fraga, e procuraba a contribución do Goberno central na normalización lingüística. A *débeda histórica* orzamentaria coa lingua galega recollía dende o ano 1983 (promulgación da Lei de normalización lingüística) a estimación orzamentaria nos seguintes conceptos: formación do profesorado en lingua galega, para a normalización lingüística da Administración local, da Administración de Xustiza e a formación doutros funcionarios; o conxunto de dita reclamación institucional ascendía a 15.597.946.550 pesetas. O Goberno central asinara coa comunidade catalana un convenio semellante con anterioridade.

O ano 1993 será o primeiro das grandes cifras, que ademais vai recoller dentro da DXPL o conxunto do gasto da normalización lingüística, agás o referido á promoción do libro en galego (neste ano, 94 millóns), e o proxecto de lexicografía da RAG, que mantén a Consellería de Cultura dende anos atrás. Desaparecen, por tanto, a práctica totalidade das achegas por fóra da DXPL, salvo as dúas antes mencionadas, o que supón que as contribucións anteriores da Consellería da Presidencia se incorporan ao orzamento da DXPL –principalmente as referidas á promoción do galego nos medios de comunicación, e as transferencias para a normalización lingüística na xustiza e nas corporacións locais–. As achegas por fóra da dirección xeral redúcense en termos absolutos, pasando de 207 millóns no ano 1992 a 140 millóns no ano 1993.

Táboa 5: Evolución do orzamento da DXPL e presuposto consolidado en lingua galega (90-93), en millóns de pesetas

	1990	1991	1992	1993
Presuposto DXPL	295	414	616	2881
Presuposto consolidado en lingua galega	375	539	823	3021

Fonte: elaboración propia

O conxunto do orzamento considerado en pesetas constantes (é dicir, sen ter en conta a inflación) supuxo unha multiplicación case por catro respecto do presuposto do ano 1992. Parte do incremento do presuposto da DXPL responde á asunción de partidas que antes figuraban noutras consellerías, principalmente en Presidencia, pero, en todo caso, o incremento é moi notábel.

Unha comparación entre os exercicios económicos dos anos 1992 e 1993, permitiranos ver o que hai de cambio e de continuidade coa incorporación da “débeda histórica” á DXPL, e analizar o principal punto de inflexión orzamentaria nestes anos (cadro 7).

Vemos que unha das diferencias relevantes refírese ao forte incremento da liña de subvencións, principalmente aquelas convocatorias públicas de axudas de carácter xeneralista dirixidas por unha banda ás empresas en xeral, e pola outra ás familias e institucións sen fins de lucro. As axudas ás empresas editoriais para libros de texto en galego destinados ao ensino serán as que se multipliquen de xeito máis extraordinario. Outra das áreas de crecemento vai ser a da formación para os funcionarios públicos á marxe dos profesionais do ensino, que intenta achegar a formación en lingua galega aos traballadores da Administración autonómica, da Administración periférica do Estado, da Administración de Xustiza, e moi especialmente da Administración local.

Outra das liñas importantes de cambio supón a creación do Centro de Investigación Ramón Piñeiro. Este centro vinculado organicamente á propia DXPL, dispón dun orzamento moi sustancioso –entre 200 e 300 millóns de pesetas– que se dedicaron fundamentalmente a liñas de investigación lingüísticas, literarias, e á

Cadro 7: Comparativo da distribución do gasto da DXPL en 1992 e en 1993 (cifras en miles de pesetas)

ARTIGO	SUBCONCEPTO	GASTO 1992	GASTO 1993	COMENTARIOS
Costos de persoal	Pagamento aos formadores dos profesores de lingua galega	35.115	35.115	Este concepto, cunha cifra máis ou menos similar, está presente dende o ano 1985, e desaparecerá a partir do ano 1995, cando se incorpora aos cursos e actividades de formación recollidos nos investimentos reais
Costos en bens correntes e servizos	Financiamento dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos	25.000	82.500	Incorpóranse no ano 1992, 25 millóns de dotación para os ENL, dos centros de ensino, e dende o 1993 ata o 1999 sitúanse en torno aos 85 millóns de pesetas, baixando ata os 50 millóns no ano 2000 Dende o ano 1988 reservábase aquí unha partida dirixida a custear "gastos de celebración en feiras de lingua (España/estraxeiro)"
Transferencias correntes a empresas privadas	Subvencións e axudas á promoción do galego	30.000	150.000	Con millóns irán destinados á convocatoria aberta para as empresas para a promoción do galego (galeguización do papelame, rotulación, etc) 50 millóns irán destinados a asociacións de empresarios, colexios profesionais, etc, esta cifra irá variando a súa localización no presuposto ata o ano 2000
	Subvencións a empresas editoriais para suplementos didácticos	20.000	40.000	Vencos que esta cifra se duplica, sen embargo o seu incremento é moito menor á variación do presuposto entre o ano 1992 e 1993, aumentando moito menos que o resto das liñas de subvención
	Subvencións a editoriais para promover o uso do galego en textos do ensino	31.000	275.000	O incremento deste apartado é o máis elevado xunto co de campañas de normalización lingüística, multiplicándose por 9 respecto do ano 1992. Esta cifra permanece practicamente igual ata o ano 1998 que se sitúa nos 214 millóns
Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	Subvencións para accións de promoción da lingua galega	7.000	96.000	Financia a convocatoria pública para accións de promoción do galego, subvencionando tanto accións de promoción do uso social do galego, como de galeguización interna das asociacións (rotulación, papelame, etc)
	Cursos de formación	20.880	40.000	Esta partida multiplícase por dous, moi por baixo da variación orzamentaria. Financia a organización de cursos por parte de asociacións, institucións, etc.
	Congresos, xornadas e simposios	0	26.000	
Costos en investimento de carácter inmaterial	Pagamento a profesores para cursos de lingua galega	200.575	75.000 115.575	O que no ano 1992 aparece como un só epígrafe diferénciase no ano 1993, entre os cursos dirixidos ao profesorado (75 millóns) e os cursos de lingua para outro persoal das administracións públicas (115.575) Vencos como esta cifra se mantén igual, e mesmo se reducen 10 millóns os cursos de lingua para o profesorado nun momento de multiplicación do presuposto

ARTIGO	SUBCONCEPTO	GASTO 1992	GASTO 1993	COMENTARIOS
Transferencias a entidades locais	Cursos de formación para o profesorado	0	205.000	Esta partida non se refire a cursos de lingua para o profesorado, senón a ferramentas de xestión e adaptación á reforma educativa. A partir do ano 1995 este subconcepto e o anterior incluíranse no epígrafe cursos e actividades de formación
Transferencias a entidades locais	Formación de persoal e normalización lingüística	25.000 15.000 10.000	200.000	Nos anos anteriores ao ano 1993, as corporacións locais recibían fondos da DXPL para a formación do seu persoal (neste caso 25 millóns), e tamén da Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais da Consellería de Presidencia (15 millóns) como transferencia corrente, e 10 millóns como transferencia de capital. Esta partida non ten que ver soamente coa formación do persoal dos concellos, senón tamén co mantemento dos servizos de normalización lingüística municipais e das deputacións provinciais. A partir do ano 1993 subsúmese todo no subconcepto formación do persoal e normalización lingüística da DXPL. A contía destinada ao ámbito local multiplícase por catro, aumento paralelo ao incremento global do presuposto
Gastos en investimentos de carácter inmaterial	Publicacións	75.000	75.000	Esta é unha partida que xa existe dende o ano 1986, baixo a denominación adquisición. Ao longo do último período (1993-2000) a cifra oscilará entre os 75 e os 95 millóns. Dirixida sobre todo á edición da Revista Galega do Ensino e publicacións varias entre as que se encontran as do Centro Ramón Piñeiro e as referidas ao Día das Letras Galegas
Transferencias da Consellería da Presidencia e Administración Pública	Transferencias para a normalización lingüística na Xustiza	15.000 10.000	Cambio de capítulo	No ano 1992, a Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais da Consellería da Presidencia e Administración Pública, destinaba ao ámbito da xustiza transferencias correntes (15 millóns) e de capitais (10 millóns) destinados á formación do persoal deste ámbito e ao sostemento dos gabinetes lingüísticos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e das audiencias provinciais. Aínda que a partir do 1993 o financiamento se incorporará á DXPL, os gabinetes lingüísticos seguen a estar vinculados á Dirección Xeral de Xustiza
Transferencias a organismos autónomos administrativos	Real Academia Galega	5.000 8.000 30.000	10.000 8.000 30.000	Vamos que as cifras para un e outro ano son similares, aínda que no ano 1992 se consideran transferencias correntes, e no ano 1993 transferencias de capital (5 e 10 millóns respectivamente). O resto das cifras procede da Dirección Xeral de Cultura, na Consellería de Cultura, estimándose os 30 millóns a lexicografía
	ILG	10.100 4.000	12.000	Os fondos destinados a esta institución estableceanse en torno a esta cifra (12 millóns) para todo o período; se ben recibiu algún outro financiamento para proxectos concretos

ARTIGO	SUBCONCEPTO	GASTO 1992	GASTO 1993	COMENTARIOS
Investimento novo asociado ao funcionamento dos servizos	Centro Ramón Piñeiro	0	313.900	Os anos 1993-1994 sóportáse todo o gasto de infraestrutura e equipamento deste Instituto, que logo se irá convertendo en partidas destinadas á investigación que aparecen como bolsas de investigación, bolsas de persoal investigador e lecturas de galego, e estudos e traballos de investigación. En total suman cifras inferiores aos 300 millóns
Gastos en bens correntes e servizos (Consellería da Presidencia)	Comisión de Toponimia	2.500	2.500	Gasto vinculado á Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia e Administración Pública
Transferencias a entes públicos	Universidades de fóra da Comunidade Autónoma (españolas e estranxeiras)	1.900	22.900	A cifra do ano 1992 refírese a unha transferencia corrente para a Universidade de Deusto, a cifra do ano 1993 comeza a expansión da acción exterior en lingua galega, que acadará no ano 2000 arredor de 30 universidades en diversos puntos do mundo
Gastos en investimentos de carácter inmaterial	Campañas de normalización	94.425 112.200	1.100.000	Esta partida é, con moita diferenza, a que máis aumenta, incorporando no seu interior o grosso do financiamento para os medios de comunicación social (incluíndo os 500 millóns da CRTVG). No ano 1992, as transferencias correntes para a promoción do galego e a súa difusión nos medios de comunicación social (112 millóns) estaba adscrita á Secretaría Xeral de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública O resto do epígrafe constituía un fondo relativamente maleábel para afrontar calquera gasto que non estivese descrito no resto dos presupostos, entre eles diversos convenios con outras entidades
Transferencias de capital da Consellería de Cultura	Apoio a empresas para a promoción, produción e edición do libro en galego	0	94.059	Esta é unha partida que foi aparecendo e desaparecendo en distintos anos, e a partir do ano 1993 oscila entre os 84 millóns dos anos 1994-1996 aos 154 millóns do ano 2000; sempre adscritas á Dirección Xeral da Consellería de Cultura

elaboración de aplicacións para a incorporación da lingua galega ás novas tecnoloxías. En xeral, a dirección das investigacións corre a cargo de profesorado das universidades galegas, e dun volume importante de bolseiros que desenvolven as investigacións.

Pero a gran liña de modificación do presuposto do ano 1993 será a que ten que ver coa incorporación ao presuposto da DXPL de conceptos alleos á promoción da normalización lingüística. Isto faise moi patente en dous ámbitos: por unha banda a partida para cursos de formación para o profesorado destinada á adecuación dos docentes do ensino básico e medio á reforma educativa. Estes cursos non son para a formación en lingua galega, de feito o propio conselleiro de Educación, na comparecencia diante do Parlamento, indica que o orzamento destinado á formación do profesorado en lingua galega baixa 10 millóns de pesetas (de 85 a 75), sinalando que “é lóxico que despois de varios anos formando ao profesorado en lingua galega comecemos a baixar o presuposto”. Por tanto, os 205 millóns destinados ao subconcepto cursos de formación para o profesorado non teñen que ver coa normalización lingüística, mais con conferencias, seminarios e congresos para as materias que se imparten *en* galego e outros cursos coordinados polos centros de formación continuada do profesorado (CEFO-COP, a partir do 1999 Centros de Formación e Recursos).

No mesmo sentido, a incorporación dos 500 millóns de pesetas destinados á Compañía da Radio Televisión de Galicia (CRTVG), consideramos que non teñen como obxectivo a promoción social da lingua galega. A DXPL, dende o ano 1993 ata a actualidade, outórgalle un financiamento estrutural á CRTVG mediante un convenio. É evidente que o labor dos medios de comunicación públicos autonómicos, como xa indicamos, foi un dos motores centrais de promoción da lingua galega, sobre todo no que se refire á mellora das actitudes cara a esta lingua; iso non é o que está en cuestión aquí, mais que o obxectivo normalizador destes medios figura nos seus propios estatutos, e ten que ver con que emitan nesta lingua a súa programación. Entendemos que o financiamento da Dirección Xeral de Política Lingüística á CRTVG –polo

menos en semellante contía– non ten como fin a normalización lingüística, aínda que sobre o papel do convenio vaia destinado a incentivar “que as súas accións repercutan no uso do galego” con programas específicos da Consellería de Educación relacionados coa lingua galega²⁸.

Outra liña que incrementa de xeito relevante os seus fondos é a dirixida a subvencionar o uso do galego nos medios de comunicación social. Como vimos, incorpórase ao presuposto da DXPL unha partida procedente da Consellería da Presidencia, aumentando a súa contía e diversificando a súa forma ao destinar os fondos tanto pola vía dos convenios directos con medios de comunicación –principalmente a prensa diaria galega e algunha radio– como a través dun convenio coa Secretaría Xeral de Medios de Comunicación. En definitiva os medios de comunicación –sobre todo a prensa diaria– reciben anualmente deste presuposto entre 300 e 400 millóns de pesetas, destinados á promoción do uso do galego neles.

En todo caso, no referido ás accións de promoción do galego, son moitas máis as liñas de continuidade que de cambio. O groso das actuacións da DXPL (subvencións, formación, apoio ao ensino, etc.) xa foran abertas con anterioridade, multiplicándose este ano a súa dimensión. Isto supuxo que en boa medida se continuou a facer o mesmo con moito máis presuposto.

A partir do ano 1993 e ata o 2000, a estrutura de distribución do gasto permanecerá practicamente idéntica, con algúns cambios de certa profundidade nos dous últimos anos. Danse pequenas modificacións, como por exemplo o cambio de localiza-

28. Os debates parlamentarios do ano 1993 problematizan o destino principal destes fondos, apuntándose por parte dalgúns parlamentarios, que se destinan a paliar o déficit da Televisión de Galicia. Neste sentido o señor Piñeiro Permy, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no ano 93, replicalle ao señor Cortizo Nieto, voceiro do PSdeG-PSOE, “fálame vostede de que facemos todo o que fixemos, que non é certo, polo déficit da televisión. En todo caso, polo herdado, non o esqueza vostede, que o estamos resolvendo como podemos pero en todo caso polo herdado”, referíndose á situación financeira da Televisión de Galicia durante o goberno tripartito.

ción das axudas dirixidas a colexios profesionais, a asociacións de empresarios, comerciais, etc. –entre 40 e 50 millóns–, que no primeiro ano estaban incluídas na liña xenérica de axuda ás empresas; posteriormente adscribíronse ás subvencións para familias e institucións sen fins de lucro, e noutros momentos tiveron unha consideración autónoma. Isto significa que aínda habendo modificacións orzamentarias entre os distintos anos, en xeral estamos barallando cifras similares para os mesmos destinos.

Tal cousa sucede tamén cos epígrafes referidos aos cursos de lingua destinados ao profesorado e ao conxunto do persoal das administracións públicas (agás o das corporacións locais). Se no ano 1993 os cursos do profesorado de lingua galega (75 millóns) aparecen diferenciados doutro tipo de cursos de formación (205 millóns); no ano 1994 van aparecer no mesmo subconcepto, e a partir do ano 1995 aparecerán conxuntamente cos do persoal doutras administracións públicas (115,5 millóns) nun epígrafe que se denominará –a partir do ano 1995– cursos e actividades de formación. Este ascende a 430.690.000 pesetas, manténdose por volta das 400.000.000 ptas. durante todo o período, salvo nos anos 1999 e 2000 nos que se irá reducindo ata sumar 240 millóns no último ano.

Un dos aspectos que si varía ao longo deste período é o que ten que ver co financiamento do Centro de Investigación Ramón Piñeiro, adscrito á DXPL. No ano 1993 e 1994 o desembolso vinculado a esta entidade sitúase por riba dos 300 millóns de pesetas destinados á construción do edificio e ao equipamento de dito centro. A partir do 94 esta cifra vai reducíndose, ata permanecer por baixo dos 50 millóns de pesetas logo do ano 1996. A redución do gasto asociado ao equipamento do centro levou en paralelo un aumento dos gastos destinados á investigación, que situaría a esta institución por volta dos 150 millóns destinados a investigación, o que unido aos custos de mantemento do centro os sitúa por riba dos 200 millóns de pesetas. Estes gastos son os que aparecen nos presupostos baixo os subconceptos de bolsas de investigación e estudos e traballos de investigación.

Outras institucións manteñen un financiamento máis ou menos constante ao longo de todo este período, así a Real Academia Galega sitúase en torno aos 50 millóns de pesetas anuais, dos que boa parte se corresponden con proxectos lexicográficos, en gran medida soportados pola Consellería de Cultura. O Instituto da Lingua Galega, pola súa parte, ten unha asignación fixa da DXPL de 12 millóns de pesetas anuais que nalgúns anos se chegaron a duplicar por cartos procedentes doutras partidas para proxectos concretos.

Un epígrafe que aumenta durante todo o período é o da acción exterior, destinado principalmente a universidades de fóra da Comunidade Autónoma, que vai medrando ao longo deste tempo. Se no ano 1993 a penas ten destinados 23 millóns de pesetas, no ano 2000 as universidades españolas de fóra da Comunidade Autónoma reciben 29 millóns, e os lectorados en centros de ensino do exterior 75 millóns, aos que poderíamos engadirles os convenios coa Fundación Galicia-América (25 millóns) e co Comité Español dos Colexios do Mundo Unido; o que sitúa a acción exterior por riba dos 130 millóns de pesetas.

ANÁLISE ORGANIZATIVA

No capítulo que falamos dos obxectivos da Administración autonómica vimos que os dous organismos con responsabilidades directas na normalización lingüística eran a *Dirección Xeral de Política Lingüística* e a *Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística*. A DXPL cumpría a función de xestión das accións específicas de promoción do galego –a súa dimensión vertical–, e a CCNL tería, máis propiamente, o papel de dirección integral da política lingüística incorporando unha perspectiva horizontal que afectara ao conxunto da Administración autonómica. Como vimos, despois dun certo pulo inicial a comisión coordinadora foi esmorecendo e non deu cumprido co papel que tiña asignado de dirección do proceso. A DXPL será o departamento encargado da xestión da normalización lingüística entendida verticalmente como un ámbito competencial propio.

A DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Estructura organizativa e funcións do departamento

O departamento responsábel da lingua galega na Administración autonómica sempre estivo vencellado organicamente á Consellería de Educación. Nun primeiro momento, anterior á aprobación da Lei de normalización lingüística (LNL), o departamento concibiuse como Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega, para xa a partir de outubro de 1983 convertese de xeito definitivo en Dirección Xeral de Política Lingüística, pero sempre dentro do departamento de Educación. Se analizamos a posición deste departamento dentro do entramado orgánico da Xunta de Galicia e o seu desenvolvemento funcional real, podemos considerar as seguintes características:

1. *Departamento de segundo nivel*: Dirección Xeral. Esta é a tendencia do conxunto de comunidades autónomas con lingua

propia, salvo o caso do País Vasco que primeiro foi unha secretaría xeral e desde o ano 1995 unha viceconsellería.

2. *Situación dentro da Consellería de Educación.* A DXPL sempre estivo adscrita a esta consellería dado que a intervención de política lingüística máis relevante da Xunta de Galicia correspondeuse coa xestión das linguas no ámbito do ensino, sobre todo ao seu comezo. Endebén, que o ensino non universitario se constituíu no principal campo de actuación da Administración autonómica en materia de lingua galega, non significa que fose o ámbito de intervención máis relevante da DXPL.
3. *Responsabilidade compartida sobre os usos lingüísticos no ensino regulado.* Dentro da Consellería de Educación o departamento que ten unha competencia máis directa sobre o cumprimento da normativa no ensino regulado é a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e a Inspección. A DXPL mantivo soamente a súa competencia sobre a materia de lingua galega. De feito, as reivindicacións historicamente máis relevantes –o cumprimento da normativa no ensino básico e medio– dependían de departamentos distintos á DXPL, que, en xeral, estaban menos preocupados pola normalización lingüística.
4. *Funcionamento como un departamento relativamente autónomo da consellería.* A maior parte da súa actuación e xestión tiña que ver con accións que ficaban fóra do ensino regulado: formación de adultos e promoción da lingua galega en distintos ámbitos. De feito, a efectos orzamentarios, o gasto en normalización lingüística é o único da Consellería de Educación que se considera funcionalmente como cultura e non como educación.
5. *Carácter vertical.* A DXPL era o departamento que asumía a normalización lingüística como a “materia competencial” que tiña que xestionar de xeito autónomo, á marxe do resto dos departamentos da Xunta de Galicia.

Con independencia da súa adscrición *orgánica*, a DXPL non se comprendeu, na práctica, como unha unidade *funcionalmente horizontal* que afectara transversalmente ao conxunto da Xunta de Galicia; deste xeito, non se cubriu o baleiro deixado pola CCNL como órgano que implicase á totalidade da Administración autonómica.


Houbo dous campos centrais de actuación da DXPL:

- 1) *A xestión das dúas linguas oficiais no ensino non universitario*. Inclúe a asunción do galego como lingua da administración educativa, pero, sobre todo, a regulación das prácticas lingüísticas do profesorado no exercicio docente non universitario. A DXPL tiña unha responsabilidade compartida na implementación e supervisión do cumprimento da normativa, que a derradeira era responsabilidade do conxunto da Consellería de Educación. Como dixemos, a intervención central no ensino foi a incorporación do galego, primeiro como materia obrigatoria, e máis tarde como lingua parcialmente vehicular do ensino básico e medio. Esta segunda cuestión que foi, con diferenza, a de máis problemática implementación, é xustamente na que a actuación da DXPL ten unha menor incidencia directa, sendo compartida co conxunto da Consellería de Educación. A DXPL cumpriu fundamentalmente unha función de complemento e apoio á intervención, a través da formación do profesorado, da promoción de materiais didácticos en galego, e de apoio aos equipos de normalización lingüística nos centros de ensino.
- 2) *Xeración dun campo competencial propio*. Durante estes anos asistimos á apertura paulatina dun campo de xestión como departamento a medida que este foi dispoñendo de fondos propios. A actividade maioritaria da DXPL durante estes anos foi a referida á xestión dos cursos de formación en lingua galega e das liñas de axudas públicas de promoción do galego. Cursos e subvencións foron as actuacións principais da DXPL, isto podemos velo por dúas vías que dan nida conta da súa centralidade:

- A dimensión orzamentaria: a maior parte do orzamento do departamento destinouse a estes fins, se exceptuamos o convenio coa CRTVG.
- A súa dimensión organizativa: a DXPL dispuxo dunha estrutura interna que diferenciaba dous servicios principais, dos que un (a) se dedicaba centralmente á organización de cursos de lingua e a supervisar materiais e tramitar asuntos derivados da aprendizaxe do/en galego; e outro (b) tiña a responsabilidade de xestionar as subvencións, contratos e convenios nos que participaba a DXPL.

Recollemos a continuación a estrutura e as funcións máis relevantes que sinala o Decreto 213/1998²⁹, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria³⁰:

Gráfico 2: Estructura da Consellería de Educación



29. As citas que aparecen nesta sección están tomadas de Graña Martínez (2001).

30. Na estruturación anterior recollida no Decreto 317/1990, do 31 de maio, a DXPL dispoñía só de dous servicios: Servicio de Plans, Programas e Perfeccionamento; e Servicio de Xestión, Asesoramento e Coordinación Lingüística. Non existía aínda o Servicio do CRPIH.

Polo tanto a *Subdirección Xeral de Promoción e Ensino da Lingua galega*³¹ ten asignada a función de elaboración de propostas de planificación ordenadas desde a comisión coordinadora ou desde a consellería; pero sobre todo ten un carácter de dirección, coordinación e control dos servicios de *Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega*, e de *Xestión, Asesoramento e Coordinación Lingüística*. As funcións que cumpren estes dous servicios vannos dar conta de cal é o tipo de actividades que desenvolve o aparato de xestión administrativa da DXPL.

- (a) *Servicio de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega* (con anterioridade a 1998, *Plans, Programas e Perfeccionamento*).

Correspóndenlle as funcións:

- “Propoñer e executa-los plans, programas e orientacións pedagóxicas para o ensino da lingua galega nos diferentes niveis, ciclos e modalidades da educación non universitaria, en coordinación coa Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional.
- Emitir informes no aspecto lingüístico-normativo sobre os libros de texto escritos en galego, e supervisa-la correspondente produción de material didáctico de apoio ós centros de ensino.
- Coordina-los cursos de formación de lingua galega dirixidos a funcionarios públicos e a particulares que organice a dirección xeral, e expedi-los certificados e títulos correspondentes a estes cursos.”
- Outras funcións responsabilizan ao servizo da tramitación no recoñecemento de certificacións de cursos de galego, nas exencións da materia de lingua galega, e na promoción da aprendizaxe do idioma galego e da investigación da lin-

31. No anterior decreto de estruturación orgánica da Consellería de Educación: Decreto 317/1990, do 31 de maio, non existía esta subdirección xeral; sen embargo o cargo de subdirector xeral existe desde mediados dos anos noventa.

gua, literatura e realidade galega en departamentos de fóra da Comunidade Autónoma, e na promoción de congresos e seminarios en materia de lingua galega.

- (b) *Servicio de Xestión, Asesoramento e Coordinación Lingüística*. Correspóndelle:
- “Elabora-lo anteproxecto de orzamento desta dirección xeral, e exerce-la súa xestión económica-administrativa e o seu control orzamentario.
 - Prepara-las propostas de convocatorias e realiza-lo seguimento e o pagamento das subvencións precisas para a promoción da lingua galega.
 - Xestiona-la contratación administrativa para a realización de actividades de promoción da lingua galega, así como dos convenios de colaboración con esta finalidade.”
- (c) *Servicio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*. As funcións deste servicio refírense ao apoio administrativo e á xestión administrativa, económica e de persoal; sen que a dirección científica teña que ver con este departamento.

Composición

O cargo que dentro da Administración autonómica detenta a responsabilidade política sobre a materia é o de director xeral de Política Lingüística. En niveis inferiores xa se está a falar do aparello administrativo da propia Consellería de Educación, onde as responsabilidades son de xestión administrativa. Existiu desde mediados dos noventa o cargo de subdirector, que ten unha compoñente dupla, dado que sendo un funcionario da Administración autonómica do máis alto nivel (grupo A), asume este posto por designación política.

A responsabilidade do director xeral é aquela que se deriva das accións do seu departamento, pero non do conxunto da política lingüística da Xunta. Quedan fóra da súa “competencia” aqueles asuntos relacionados co que aquí denominamos “actuacións estraté-

xicas" fóra da DXPL: o uso do galego na CRTVG, na Administración autonómica e a incorporación do galego como materia e como lingua vehicular do ensino non universitario. Neste último caso, si que ten responsabilidade, pero compartida con outros departamentos da consellería; o que nos mostra que a actuación máis transcendente da Administración autonómica en materia lingüística compete ao conxunto da Consellería de Educación, e o cumprimento da normativa non é responsabilidade específica da DXPL.

Neste sentido, foi bastante escaso o peso e a capacidade de influencia do departamento dentro da propia consellería, nos asuntos que caían fóra da súa competencia directa (cursos, subvencións, investigación...). Esta situación implicaba un certo paradoxo: as accións centrais da DXPL estaban dirixidas ao ámbito do ensino, pero, ao mesmo tempo, a súa capacidade de influencia foi aproveitada insuficientemente para impulsar a acción central –e de implementación máis problemática– da Administración autonómica: a incorporación do galego como lingua vehicular do ensino básico e medio.

Os responsábeis políticos

Outra das características que reforza a circunscrición ao ensino da política lingüística da Xunta é que case a totalidade dos responsábeis políticos con competencias sobre a cuestión foron persoas procedentes do mundo da educación. A maioría das persoas que ocuparon o cargo de director xeral de Política Lingüística foron profesores de ensino básico ou medio, que en varios casos pertencían a rede de inspectores de ensino. Isto era congruente con que as actuacións fundamentais do departamento estiveran concentradas neste ámbito. Sen embargo, este conxunto de factores que acoutaban a intervención do departamento ao ámbito do ensino, reforzaban o feito de que a actuación fóra deste mundo fose escasamente elaborada, orientándose á formación ou promoción xeneralista, ou á distribución de subvencións con escasa priorización.

En xeral, os responsábeis políticos que asumiron o cargo de director xeral de Política Lingüística foron persoas con talento, e

mesmo certa traxectoria, galeguista. O seu estilo político foi o da moderación, cunha acción moi cauta e tépeda; este feito comportou un enfrontamento cos actores que xogaban un papel central na promoción do galego, sobre todo desde finais dos oitenta.

Os implementadores

O desenvolvemento das políticas lingüísticas corre a cargo dunha serie de axentes vinculados case na súa totalidade a Administración autonómica, pero que desenvolven funcións moi diferentes e con moi distinto relevo. Se ordenamos tipoloxicamente os funcionarios públicos, en relación á función que cumpren no desenvolvemento da política lingüística da Xunta de Galicia, teríamos a seguinte clasificación.

1. Aparato administrativo de xestión do departamento responsábel, a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL).
2. Aparato da Administración encargado do cumprimento da normativa e de coordinar a implementación. Estarían os inspectores de Lingua Galega, os efémeros coordinadores docentes de galego, os asesores técnico-pedagóxicos (para os equipos NL) e os gabinetes de Normalización Lingüística (provinciais)
3. Axentes con responsabilidades en normalización lingüística, tanto nos niveis da promoción social coma no da corrección lingüística.
 - 3.1. SNL/SL, dedicados a traducción/corrección/asesoramento lingüístico e promoción dentro da Administración;
 - 3.2. Equipos de Normalización Lingüística dedicados á promoción da lingua galega no ensino non universitario.
4. Conxunto da Administración autonómica, nomeadamente aqueles traballadores que no desempeño da súa función pública deben utilizar o idioma galego. Diferenciamos
 - 4.1. Mestres e profesores que deben dar as súas clases en lingua galega.

- 4.2. O resto dos traballadores vencellados á Administración autonómica. Hai que ter en conta que non todos teñen o mesmo relevo para a normalización lingüística, variando considerabelmente en función do efecto multiplicador da súa comunicación e da proxección cara á cidadanía.
5. Conxunto da Administración en Galicia, tendo en conta que a Administración galega non ten a mesma ascendencia nin grao de responsabilidade sobre todas.
 - 5.1. Concellos e deputacións provinciais
 - 5.2. Xustiza, Facenda, Seguridade Social, etc

Non queremos facer unha análise pormenorizada do entramado de traballadores públicos que poden estar afectados no desenvolvemento desta política. Pero si queremos chamar a atención sobre a centralidade –en distinto grao– destas persoas para o éxito ou fracaso dunha política. Para que unha organización pública se exprese en galego deben facelo as persoas que a personifican. Considérase fundamental a participación do corpo de profesores para o desenvolvemento da política lingüística no ensino, sen a súa motivación e implicación esta política fracasaría.

Vemos o papel estratéxico da denominada *street level bureaucracy*, Lipsky (1980), a Administración en contacto coa cidadanía, para aplicar acadamente a política; pero tamén para retroalimentar as decisións. É importante facerse conscientes do alto grao de autonomía con que se conducen e facer unha lectura positiva do mesmo; non concibilos como factores que poden bloquear a política, senón como elementos imprescindíbeis para levala a cabo, unha das principais fontes para enriquecela, sendo un *input* central para tomar decisións atinadas. Existe un preconceito moi estendido que fai pivotar en exclusiva o éxito ou fracaso dunha política sobre os seus responsábeis políticos e, en concreto, sobre a súa vontade política. Non se pode eximir de responsabilidade ós decisores políticos, pero debe quedar patente que a implementación dunha política nunca é a aplicación mecánica dunha decisión, e as

persoas que a desenvolven teñen un papel crucial na súa posta en práctica.

Facemos agora un breve comentario sobre os distintos niveis administrativos que interveñen na implementación da política lingüística:

1. O aparato administrativo de xestión da DXPL, ten unha cualificación parella a do conxunto de traballadores da Administración autonómica. Tenden a primar os coñecementos xurídico-administrativos, faltando formación específica sobre planificación lingüística. Noutras áreas da Xunta as cualificacións específicas fóronse incorporando de forma sistematizada ás políticas ben pola integración á estrutura administrativa o ben polo asesoramento externo. Ao longo deste período non se conseguiu incluír este tipo de coñecementos operativos para a política lingüística.
2. Os encargados de facer cumprir a lexislación sobre o galego asumiron, en xeral, a súa función como non fiscalizadora. Comprenderon a normativa legal como tendencial e que non se debía forzar o seu cumprimento. Isto supuxo que en moitos casos quen tiña que desenvolver a súa función pública en galego (p.e. o profesorado) non recibía presión de obriga, e tampouco demasiados reforzos positivos.
3. Os servicios de Normalización Lingüística estiveron en xeral moi orientados cara á corrección lingüística que era o obxectivo para o que foron creados, o e que se vía reforzado polo perfil dos seus traballadores –case todos licenciados en Filoloxía galega. Esta función de tradución/corrección/asesoramento favoreceu a seguranza nos usos lingüísticos en galego. Ao longo dos anos noventa algúns SNL de concellos e universidades foron unha vía de renovación do tipo de accións, orientábanse máis cara a actividades de dinamización na promoción do uso do idioma galego, utilizando formas anovadoras de achegamento a sociedade.

4. O profesorado de ensino non universitario é un actor clave no desenvolvemento da política lingüística. En xeral este profesorado foi bastante receptivo ás cuestións de normalización lingüística, pero como xa dixemos para o conxunto da Administración, moitos profesores tenderon a interpretar os usos dentro da aula como un asunto particular que estaba en función da súa propia vontade.

Especificamente, o entramado político-administrativo da política lingüística da Xunta de Galicia tivo unha lóxica de funcionamento (decisión e implementación) bastante similar a doutros departamentos da Administración autonómica. Esta caracterización dos responsábeis políticos e do aparello administrativo pode predicarse tamén respecto doutras políticas autonómicas.

ANÁLISE DAS ACCIÓNS DA DXPL: OS PRODUCTOS

Na análise da evolución do presuposto distinguíamos tres períodos: 1º) o primeiro ía de 1983 a 1985, e caracterízase por un escaso gasto e unha orientación principal dirixida á formación do profesorado en lingua galega; 2º) o segundo período (1986-1992), supuxo un crecemento sostido do orzamento, ao longo do cal se foron incorporando a maioría das liñas de acción de normalización lingüística da DXPL; 3º) no último período (1993-2000) hai unha multiplicación do orzamento derivado do acordo entre a Xunta e o goberno central, que incorporaba a “débeda histórica” coa normalización lingüística; no exercicio do 1993 inclúense unha serie de verbas –nun volume moi cuantioso– no orzamento da DXPL que, aínda sendo parte da política lingüística, non consideramos que teñan en si mesmos un efecto normalizador; a partir do ano 1993 o orzamento estabilízase á baixa en termos reais –a diferenza do orzamento da Consellería de Educación e da Xunta de Galicia– e mantense a distribución do gasto ata o presente.

Canto ao tipo de accións desenvolvidas pola DXPL, vemos que hai unha continuidade básica durante todo o período, e nin sequera son detectábeis cambios moi relevantes derivados de mudanzas no goberno político da Xunta. Á marxe da DXPL, a Consellería de Cultura e a Consellería da Presidencia desenvolveron accións referidas a: promoción do libro en galego, promoción do galego nos medios de comunicación, investigación lingüística, e outras vencelladas a distintas administracións como a de Xustiza ou as corporacións locais. As accións vanse incorporando ao longo de todo este tempo; deste xeito, liñas centrais da DXPL, coma as subvencións, dan comezo nos primeiros anos, e no ano 1986 estrutúranse dunha forma moi similar á que manteñen hoxe en día.

Outra das grandes liñas da DXPL, a formación en lingua galega, tamén ten presenza dende o comezo, se ben foi modificando a prioridade dos destinatarios en función das necesidades derivadas da apertura paulatina de novos campos. Se nos primeiros anos case toda a formación estaba destinada ao profesorado,

nun segundo momento adquire relevancia a formación dos funcionarios da Administración autonómica e das corporacións locais; e a partir dos anos 90 ábrese unha importante liña de formación orientada aos funcionarios das outras administracións públicas. En todo caso, esta evolución é acumulativa, non significa que se vaia desprazando unha formación por outra, mais que conforme vai aumentando o presuposto, se mantén o financiamento dunhas accións e oriéntase o crecemento cara a outras novas.

Pasamos agora a analizar as principais accións da Dirección Xeral de Política Lingüística durante o período 1983-2000, incluíndo unha avaliación que fai balance delas.

ACCIONES DE APOIO Á NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO

As accións principais da DXPL son, primeiro, as destinadas á adquisición da competencia lingüística en galego nun dobre sentido: por unha banda, accións de complemento á normalización lingüística no ensino regulado non universitario, e por outra, á formación de persoal vinculado ás administracións públicas. Neste punto analizamos as primeiras, tendo en conta que o apoio ao ensino se aborda desde distintas fronteas. O que aquí recolleamos, por ter como destino o ensino, volverá aparecer nos seguintes epígrafes ao analizar o carácter das accións. As accións de apoio ao ensino regulado son de tipo moi diverso:

- a) Financiamento dos equipos de normalización lingüística nos centros de ensino: entre 80 e 85 millóns de pesetas anuais no período 1993-2000, coa función da promoción da normalización lingüística no ensino, constituíndose, en moitos casos, en elemento de animación cultural en galego nos centros.
- b) Subvencións a empresas para a edición de textos de ensino en galego. Esta será unha das liñas máis cuantiosas do último período (entre 275 millóns e 217 millóns de pesetas

- anuais), e trata de fornecer materiais para o ensino obrigatorio en Galicia.
- c) Subvencións a empresas editoriais para suplementos didácticos en galego, que se situaron ao longo do último período nos 40 millóns de pesetas anuais, agás no ano 2000.
 - d) Cursos de lingua para o profesorado, que se desenvolveron dende o principio; neste último período estabilízanse en torno aos 75 millóns de pesetas por ano.
 - e) Cursos de formación para o profesorado; á marxe da lingua galega hai unha liña de formación orientada á introducción da reforma educativa no ensino regulado.
 - f) Por último, tanto os congresos, xornadas e simposios, como as subvencións e axudas para a promoción do galego destinadas ás asociacións, teñen como destinatario máis habitual entidades do ámbito educativo ou a realización de actividades neste campo.

FORMACIÓN CON BASE EN CURSOS DE LINGUA GALEGA

As accións de formación estiveron moi orientadas ao sector público, de cara á capacitación en lingua galega dos seus traballadores. Destináronse principalmente a atender as necesidades derivadas do establecemento de normativas: primeiro aparece unha orde ou decreto e logo intenta cubrirse o baleiro de formación para poder aplicalas. Deste xeito, os poderes públicos deciden que a lingua galega debe ser estudiada como materia en todos os niveis do ensino, e isto obriga á formación de profesores que asuman a docencia da lingua galega tanto no ensino medio (que se pode resolver a través da contratación de licenciados en Filoloxía Galega/Galego-portuguesa) como no ensino básico, que require a formación de especialistas en lingua galega neste nivel de docencia. Unha vez que se decide que o galego ten que ser lingua vehicular de determinadas materias, os docentes destas deberán adquirir a competencia lingüística necesaria para tal fin. Sucede o mesmo coa Administración autonómica, unha vez que se decide que vai fun-

cionar centralmente en galego; aínda que, a esixencia de coñecementos previos desta lingua para o acceso á función pública leva consigo que a formación en galego non sexa un problema tan perentorio.

No ámbito das corporacións locais sucede algo similar, unha vez que se aproba unha lei que obriga a que o funcionamento –oficial, escrito– destas administracións se desenvolva en galego, a Administración precisa proporcionar a formación pertinente a uns funcionarios que, na maioría dos casos, non contaban con coñecementos de galego a través do ensino regulado. Tamén a normativa que afecta a administracións distintas da Xunta de Galicia compromete á Administración autonómica na formación de funcionarios, para facilitar o cumprimento do mandado constitucional e estatutario de atender o administrado na lingua requirida. Estas accións incorporan tamén unha compoñente de promoción da lingua galega nestas administracións.

Polo dito ata aquí, boa parte da formación foi destinada a persoas que desenvolvían unha función pública que requiría competencia lingüística en galego. Pero en boa medida, a capacitación fornecida estaba dirixida fundamentalmente ao ámbito escrito, dado que era o plano que adquiría unha obxectivación pública máis patente. Hai que ter en conta que se estaba formando a uns funcionarios, que na maioría dos casos, xa dispoñían dunha competencia oral pasiva e activa en lingua galega, co cal o que se precisaba de xeito máis relevante era unha capacitación escrita relativa á norma ortográfica oficial.

Tamén houbo unha liña de formación dirixida á xeneralidade da poboación. Ben que moitas persoas asistiron a estes cursos para ampliar os seus coñecementos, na maior parte dos casos a participación vinculábase á súa valoración como mérito para o acceso á función pública. Neste sentido, tamén os cursos xenéricos estiveron relacionados de xeito indirecto coa Administración pública, ao seren boa parte dos asistentes desempregados que pretendían arrequentar o seu currículo, atinxindo un valor relevante no acceso á Administración autonómica.

Estes cursos, ademais de cumprir o cometido de transmitir a aprendizaxe das destrezas de lectoescritura entre os asistentes, cumpriron outras funcións, entre elas: a) a de homoxeneización dos usos da norma oficial no ámbito público; b) a de xerar unha base de confianza que posibilitaba o seu uso posterior. O coñecemento dunha lingua é unha condición necesaria pero non suficiente para o seu uso. Os cursos de galego foron un elemento favorecedor do incremento do seu emprego no ámbito das administracións públicas, pero en xeral as pautas de aplicación non teñen unha conexión directa coa formación. A utilización efectiva da lingua galega nas administracións públicas ten máis que ver con accións dunha índole distinta.

Cadro 8: Balance sobre os cursos de lingua galega

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
<ul style="list-style-type: none"> • Mellora da competencia lingüística en galego nos adultos participantes • Xeración de confianza de cara ao seu posíbel uso • Elemento habilitador e facilitador do uso do galego no ámbito das administracións públicas • Os cursos convertíanse en ámbitos de reflexividade sobre os comportamentos lingüísticos propios • Neutralizaron as resistencias á implantación do galego no ámbito público por descoñecemento • Recadaron unha grande asistencia pola súa valoración no ámbito da función pública • Éxito das experiencias de formación vinculadas ao desempeño laboral, p.e. cursos de linguaxe administrativa galega 	<ul style="list-style-type: none"> • Fornecen escasamente unha competencia productiva en galego, sobre todo no plano oral. Tampouco proporcionan suficiente autonomía para a produción escrita • Concentración da formación nos elementos gramaticais da lingua • Cursos escasamente orientados a perfís específicos –diferentes tipos de destinatarios ou de funcións que desenvolver • Xestión pouco transparente dos cursos

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA
(DISTRIBUTIVAS A)

Outra das grandes liñas de acción da DXPL serán as convocatorias para subvencións e axudas para a promoción da lingua galega, tanto nas empresas como no ámbito asociativo. A partir do ano 1993 houbo sempre convocatorias públicas, que destinaban algo menos de 100 millóns de pesetas para as empresas, de 100 millóns para as asociacións e 40 millóns para as asociacións de empresarios (ver táboa). As axudas tiñan como destino finalidades moi diversas que poderíamos englobar nas seguintes categorías:

- Galeguización interna das organizacións; promovendo fundamentalmente a galeguización da súa dimensión escrita: a denominación, a rotulación, os estatutos, o papelame administrativo, a imaxe gráfica, a publicidade, etc.
- Iniciativas de promoción da lingua galega; accións que desenvolvían entidades sen ánimo de lucro ou mesmo empresas orientadas á promoción social da lingua.

Así, as convocatorias tiñan un carácter xeneralista e daban cobertura a accións de distinta natureza: galeguizar o plano público e escrito das organizacións, e apoiar as iniciativas sociais de fomento do galego.

Canto aos destinatarios, tamén se caracterizaron pola xeneralidade, dado que as concesións de axudas incluían todo tipo de empresas: desde grandes cadeas ou industrias, ata comercios familiares; mesmo incluíndo empresas que xa tiñan cobertura noutras liñas de axuda –p.e., as editoriais e os medios de comunicación que recibiron subvencións por esta vía en calidade de organizacións empresariais–.

Táboa 6: Evolución das axudas da DXPL para empresas e para asociacións

	Subvencións e axudas a empresas para a promoción do galego (cifras en miles ptas.)	Subvención a asociacións para accións de promoción da lingua galega (*) (cifras en miles ptas.)
1983		
1984		
1985		
1986	6.500	5.000
1987	9.000	7.000
1988	20.100	4.000
1989	26.162	6.400
1990	30.150	7.490
1991	30.000	7.950
1992	29.592	6.893
1993	98.880	146.934
1994	97.000	136.000
1995	83.517	136.000
1996	51.577	130.000
1997	94.084	119.000
1998	94.832	109.804
1999	91.570	119.000
2000	100.000	100.000

(*) Inclúe tamén as axudas a colexios profesionais, asociacións de empresarios, comerciantes, etc, aínda que nalgún ano tivo convocatoria autónoma.

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos tirados das actas de concesión das axudas aparecidas no DOG, dos orzamentos da Comunidade Autónoma e do V Informe da CCNL

Á parte desta liña de subvencións, existe outra destinada a congresos, xornadas e simposios, que tivo unha contía aproximada de 6 millóns de pesetas por ano antes do 1992, e de 26 millóns por ano logo de 1993.

Respecto da evolución destas liñas de subvencións, observamos que a partir do ano 1998 se introduciron modificacións nas convocatorias, e o número de solicitudes e o número de concesións foi aumentando nos últimos anos de xeito moi importante, o que provocou un descenso da contía media das axudas.

A DXPL fixo un seguimento das axudas a través do procedemento administrativo normal nas administracións públicas: comprobantes económicos da realización do gasto. Sen embargo, esta liña de axudas non se dotou de ferramentas para o seu seguimento que lle permitan avaliar o seu impacto social.

Cadro 9: Balance sobre as axudas á galeguización das organizacións

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
<ul style="list-style-type: none"> • Galeguización efectiva da rotulación e documentación de moitas empresas e asociacións receptoras das axudas • Impulso xeral á galeguización das empresas, mellora da receptividade por parte do sector cara ás accións de normalización lingüística • Coñecemento crecente das axudas • Contía cun certo relevo 	<ul style="list-style-type: none"> • Non existe un control efectivo do cumprimento, e carécese dunha avaliación sobre o impacto real • Non garanten a sostenibilidade da galeguización • Desconexión coas políticas sectoriais da Xunta de Galicia dirixidas ao mundo da empresa ou do asociacionismo • Inclusión dentro dunha mesma convocatoria de distintos tipos de axudas, con naturezas e funcionalidades distintas • Insuficiente coñecemento (sobre todo entre as empresas) das liñas de axudas. • Certa discrecionalidade no repartimento das axudas

AXUDAS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA EDICIÓN EN GALEGO (DISTRIBUTIVAS B)

Outra liña de intervención da Xunta de Galicia foi a de promover a ampliación da oferta editorial en galego, principalmente orientada á produción de materiais didácticos que facilitasen a súa incorporación ao ensino non universitario. Incluímos neste epígrafe tres tipos de axudas: 1) as subvencións a empresas editoriais para suplementos didácticos; 2) as subvencións a editoriais para promover o uso do galego en textos de ensino da DXPL; e 3) apoio á empresa para a produción e edición do libro en galego, da Consellería de Cultura.

A contribución da Administración autonómica á produción editorial en galego procedeu, maioritariamente, da convocatoria de axudas da DXPL que se mostra na primeira columna da seguinte táboa, aínda que a liña de axudas da Consellería de Cultura foi adquirindo protagonismo crecente. Tamén houbo unha liña de axudas para xornais e revistas para suplementos de

prensa escolar, que comezou en 1986 cun millón de pesetas e que foi aumentando ata situarse nos 40 millóns de pesetas a partir de 1993.

Táboa 7: Comparativa das axudas da Xunta de Galicia e evolución da produción editorial en galego

	Subvencións a empresas editoriais para promover o uso do galego nos textos de ensino (cifras en miles de pesetas) (DXPL)	Apoio a empresas para a promoción, produción e edición do libro galego (Consellería de Cultura) (cifras en miles de pesetas)	Produción editorial en lingua galega en número de títulos
1980			187
1981			201
1982			218
1983		10.000(*)	273
1984			258
1985			259
1986			309
1987			354
1988			481
1989			489
1990			577
1991	25.370		597
1992	31.000		902
1993	275.000	94.059	1.058
1994	263.900	84.533	933
1995	263.900	84.400	1.148
1996	263.900	84.400	1.130
1997	263.900	107.000	1.233
1998	213.900	120.000	1.231
1999	213.900	144.039	1.333
2000	217.536	154.039	1.266
TOTAL	2.032.306	882.470	14.437

(*) Axuda procedente da Consellería da Presidencia

Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, e datos de edición en galego do ISBN, Ministerio de Educación, Cultura e Deportes

A táboa móstranos como na primeira metade da década dos oitenta a edición en lingua galega medraba escasamente, sen chegar aos 300 títulos por ano; soamente no ano 1983 houbo un pequeno repunte vinculado á primeira axuda pública á edición en galego. A partir de 1986 vai aumentando de xeito máis constante ata o ano 1991; atribuímos este incremento a un certo tirón da demanda do ensino non universitario, que se corresponde coa incorporación e universalización do galego como materia e como lingua vehicular dalgunhas materias. A partir de 1992 hai un salto na edición en galego, vinculado ás axudas procedentes da DXPL e da Consellería de Cultura (Dirección Xeral de Cultura), dándose unha tendencia á estabilización da edición en torno aos 1.200 títulos en galego. Na última etapa, xunto ao mantemento do número de títulos, prodúcese un lixeiro incremento do número de exemplares.

A partir de 1992 a edición en galego sitúase nunhas cifras similares, en número de títulos ás da produción en éuscaro e cinco veces menor que a edición en catalán (6.764 títulos no ano 2000). Total, 14.437 títulos editados en galego desde 1980 ao 2000, dos cales 10.234 títulos son posteriores ao 1992. En correspondencia co ámbito das axudas e coas demandas do mercado, as categorías en que máis libros se editaron en galego nos anos noventa foron (por esta orde): ensino e educación, literatura, e xeneralidades, a moita distancia do resto.

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DO GALEGO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN (DISTRIBUTIVAS C)


Unha liña que atinxe un gran relevo a partir de 1993 son as axudas destinadas aos medios de comunicación social, dentro da partida “Campañas de normalización”. Inclúe tanto o financiamento á CRTVG, como aos medios de comunicación privados.

No referido aos medios de comunicación privados, a maioría das axudas están dirixidas á prensa diaria, sendo as contías máis avultadas as da Editorial Compostela (que publica *O Correo Galego*, único xornal en galego), e as de *La Voz de Galicia*. Tamén algunhas

emisoras de radio participan das axudas. Con anterioridade ao ano 1993 esta partida procedía da Consellería da Presidencia, mentres que neste período (1993-2000) parte das axudas se desenvolve a través dun convenio no que figuran os dous organismos –conselleiras de Educación (DXPL) e Presidencia– e os medios de comunicación. O conxunto das axudas sitúase entre os 300 e os 400 millóns anuais. Isto só aparece explicitamente nos orzamentos do ano 2000, onde o subconcepto “Convenios cos medios de comunicación” ten asignados 900 millóns de pesetas.

Facemos agora unha comparativa da evolución da presenza do galego nos medios de comunicación e das axudas procedentes da Xunta de Galicia para a súa promoción³². Vemos que, deixando á marxe a importante aparición do *Correo Galego* en 1994, houbo unha diminución no uso do galego nos medios de comunicación escritos. Mostramos aquí o gráfico de Xesús Ferro Ruibal:

Gráfico 3: Evolución da presenza do galego na prensa diaria. Anos 1990, 1993 e 1998



Fonte: Ferro Ruibal, Xesús. “Porcentaxes de galego na prensa diaria. Dúas catas en outubro e novembro de 1998.”
En *Cadernos de Lingua*, 18, 1998.

32. Para este fin utilizamos centralmente o artigo de Ferro Ruibal (1998).

Ademais hai que sinalar cualitativamente que o galego está ausente da maior parte das seccións (política internacional, europea, española, deportes ou economía), e resérvase para a información cultural, o humor gráfico, artigos de intelectuais e colaboradores do xornal, e a programación da TVG; fóra da redacción estarían algunhas cartas dos lectores, comunicados dos grupos sociais, e, sobre todo, publicidade institucional, Ferro Ruibal (1998). Continúa habendo unha forte asociación entre a expresión en lingua galega e o ámbito da cultura ou da educación. Este vínculo ten un carácter recíproco, de feito, aqueles medios que se expresan unicamente en galego son os que dispoñen dun maior volume de información cultural: *O Correo Galego*, *A Nosa Terra*, *Tempos Novos*...

Un dos efectos positivos das axudas foi a aparición do *Correo Galego*. Non é casual que o único xornal diario en galego apareza ao ano seguinte do forte incremento das axudas da Xunta de Galicia (neste caso a DXPL) aos medios de comunicación. Á marxe deste importante fito, a negativa evolución do galego nos medios de comunicación na década dos noventa indica que as axudas con esta finalidade non tiveron efectividade. Non foron eficaces porque non conseguiron os obxectivos marcados nas ordes das axudas, e foron ineficientes dado que se investiu unha cantidade importante de recursos sen detectárense avances. Ao longo desta década saíron das partidas da DXPL aproximadamente uns 2.500 millóns de pesetas que non podemos dicir que tiveran efecto galeguizador.

Chamamos a atención sobre tres potenciais efectos perniciosos para a normalización lingüística: 1) o normal derivado de calquera tipo de ineficiencia: o custo de oportunidade que suporía o investimento destes recursos noutros ámbitos; 2) o derivado da ineficacia: xeneralízase o desalento producido pola falta de efectividade das accións, e semella imposíbel calquera tipo de mellora na galeguización dos medios de comunicación; e 3) o efecto perverso canto á imaxe do departamento responsábel, que continúa reparando fondos á marxe da esixencia dun cumprimento efectivo dos obxectivos das axudas.

Cadro 10: Balance sobre as axudas aos medios de comunicación privados

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
<ul style="list-style-type: none"> • Aparición dun xornal diario en galego • Importante contía de axudas para a promoción do idioma galego neste campo • Mellora nas actitudes dos profesionais e na receptividade social cara ao uso do galego nos medios 	<ul style="list-style-type: none"> • Non se producen avances significativos no uso do galego entre os medios de comunicación privados • Non existe correspondencia entre as axudas de promoción do galego da DXPL e o seu uso efectivo • Concepción pouco autónoma do proceso de galeguización, calquera avance ten que ir vinculado ás axudas públicas • Concentración das axudas nos xornais diarios e na radios, esquecendo outros ámbitos e dimensións relevantes da comunicación (televisións privadas, radios locais, publicidade, etc.)

MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS

A DXPL destinou un montante anual en torno aos 500 millóns de pesetas (300, 550 e 650 para os anos 1995, 1996 e 1997, respectivamente) para a Compañía de Radio Televisión de Galicia, fundamentalmente destinado á TVG. Como xa indicamos un dos cometidos fundacionais deste medio é o fomento da lingua e a cultura galegas. A partida achegada desde a DXPL, en torno a un 18% do presuposto da DXPL, semella terse convertido nun financiamento estrutural que non dispón de contrapartida en canto a actividades específicas de promoción da lingua galega³³.

33. O *Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia*, Consello de Contas de Galicia (1998), avaliou con profundidade o exercicio económico de 1997 da Televisión de Galicia. No referido á partida de 600 millóns de pesetas para o Programa de promoción lingüística –dentro do convenio coa Consellería de Educación– afirma o seguinte: “Examinada a documentación relativa ó seu cumprimento, observamos que a xustificación dos gastos realizados pola TVG, S.A. efectúase só cun certificado da CRTVG. Consideramos que esta documentación é insuficiente para acreditar o cumprimento da finalidade da subvención”

Estimamos que aínda que a CRTVG cumpre unha función fundamental na promoción do idioma galego, non se pode considerar que o financiamento por parte da DXPL a esta entidade teña por obxectivo a normalización lingüística.

APOIO Á INVESTIGACIÓN

O financiamento por parte da DXPL de institucións e centros de investigación foi unha liña que atinxiu bastante relevo a partir do ano 1993, coa creación do *Centro de Investigación Ramón Piñeiro*.

O *Instituto da Lingua Galega*³⁴ (ILG) recibiu un financiamento constante ao longo de todo o período. Desde os primeiros anos dispuxo de axudas da DXPL para a realización do *Atlas Lingüístico de Galicia* (entre 2 e 3 millóns de pesetas anuais), e logo, desde 1987 (7 millóns de pesetas), este financiamento mantívose nos anos noventa cunha contía aproximada de 10 millóns de pesetas anuais.

A *Real Academia Galega* (RAG) dispuxo dun financiamento similar antes e despois de 1993. Desde o ano 1991 destináronse 30 millóns de pesetas anuais á lexicografía (naquel momento procedentes da Consellería de Cultura), aos que se engaden 13 millóns máis en 1992 con outras finalidades.

Hai que sinalar que co grande incremento orzamentario de 1993 os fondos de investigación canalizáronse a través do Centro de Investigación Ramón Piñeiro. O ILG mantivo un financiamento similar ao que viña dispoñendo con anterioridade ao 1993. E mesmo os aumentos da RAG son moito menores có incremento do presuposto para lingua galega destes anos.

34. O ILG é un centro de investigación lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. O labor investigador que desenvolve o ILG distribúese en varias seccións: Lexicografía, Xeografía lingüística, Didáctica da lingua, Linguaxe administrativa, Léxico medieval, Onomástica, Fonética, Sociolingüística e Historia da lingua, e Dialectoloxía.

O *Centro de Investigación Ramón Piñeiro*³⁵ desenvolve unha serie de proxectos a través do traballo do persoal bolseiro con que conta o centro, coordinados e dirixidos por profesores de ensino medio, destinados en comisións de servizo, e profesores universitarios, os cales compatibilizan o seu labor docente e investigador na universidade co traballo no centro.

Analizando os proxectos desenvolto polo Centro Ramón Piñeiro, e a efectos dos cometidos deste *Informe*, poderíamos clasificarlos do seguinte xeito:

- a) Investigacións sobre o corpus lingüístico
- *Corpus de referencia do galego actual (CORGA)*: proxecto destinado á elaboración dunha base de datos gramaticais e léxicos da lingua galega actual.
 - *Bibliografía informatizada da lingüística galega (BILEGA)*, deseño e desenvolvemento dunha base de datos bibliográfica que ofrezca información exhaustiva sobre os traballos lingüísticos e filolóxico-lingüísticos que tratan da lingua galega.
 - *Estudio terminolóxico científico-técnico*, froito do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega, naceu o Servizo de Terminoloxía (Termigal) a finais de 1995, que ten como cometido o estudo, revisión e difusión da terminoloxía galega nos diferentes eidos da ciencia e da tecnoloxía.
 - *Diccionario de fraseoloxía galega*, pretende recoller a maior cantidade posíbel de fraseoloxía galega e ofrecela debidamente depurada, ordenada e definida.

35. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (antes Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).

b) Investigacións para a incorporación do galego ás novas tecnoloxías da información

- *Etiquetador e lematizador do galego actual*, conxunto de recursos léxicos e morfolóxicos capaces de asignar automaticamente o lema, clase de palabras e valores das diferentes categorías gramaticais correspondentes a cada forma de textos do galego contemporáneo.
- *Traducción automática español-galego*, programa de tradución automática de textos do español ao galego.
- *GALWORDNET (Wordnet do galego)*, elaboración dunha base de datos semántica. A Wordnet do galego intégrase no proxecto EuroWordNet que ten como obxectivo a elaboración dunha base semántica multilingüe.
- *Sintetizador texto fala para o galego*, ferramenta que permite a conversión dun texto escrito nunha cadea oral, de xeito que a transferencia texto-fala poida facerse cun nivel de calidade aceptábel.
- *ERIAL (Extracción e Recuperación de Información mediante Análise Lingüística)*, é un proxecto financiado con fondos FEDER (en colaboración coas tres universidades galegas) que persegue a realización dun sistema de extracción intelixente de información nun contorno multilingüe.

c) Literatura

- *Bibliografía da literatura galega*, proxecto permanente do centro que consiste en reunir, procesar e almacenar información bibliográfica sobre a produción literaria galega.
- *Informes anuais de literatura*, dar noticia de todo aquilo que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da literatura galega, incluídos o teatro, a literatura medieval e a literatura de transmisión oral, aparece en soporte impreso.
- *Diccionarios de literatura*, elaboración dunha batería de diccionarios directa ou indirectamente relacionados coa literatura, en xeral, e coa literatura galega, en particular. Inclúe un *Diccionario de termos literarios*, e un *Diccionario de literatura galega*.

- *Narrativa recuperada*, estudio preliminar e posterior publicación da narrativa galega de finais do século XIX e primeira década do XX, moi pouco coñecida e divulgada
- *Edicións facsimilares*, recuperación de textos de revistas culturais, e máis especificamente, de contido literario,
- *Estudio da serie «Parladoiro»*, seiscentos textos da autoría de Ramón Otero Pedrayo, que baixo o título de «Parladoiro» foron publicados no xornal compostelán *La Noche*.
- *Arquivo da Galicia medieval*, a suma de catro proxectos (*Lírica galego-portuguesa*, *Cantigas de Santa María*, *Prosa literaria medieval*, *Prosa documental*)

d) Outros:

- *Dimensións da identidade colectiva galega*, inclúe os proxectos: identidade colectiva e marcos interpretativos nun xornal galego: *La Voz de Galicia* (1977-1996); e as dimensións sociopolíticas dos concellos galegos.
- *Corpus documentale latinum gallaeciae*, elaboración dun corpus textual, e o estudio lingüístico, toponímico, antroponímico, etc., da documentación medieval galega en lingua latina, materialízase nunha base de datos que recibe o nome de GALADOC.
- *Base de datos cinematográfica/audiovisual de Galicia*.
- *Castelao: A ética da galeguidade*.
- *MUPEGA*, elaboración do documento «Bases e anteproxecto para a creación do MUPEGA».
- *Monografía etnolingüística sobre o gando vacún en Galicia*.

De todas as liñas de investigación abertas, teñen grande relevancia para a normalización lingüística as referidas ao corpus da lingua galega e á súa incorporación ás novas tecnoloxías da información e a comunicación. As relativas ao corpus lingüístico son liñas de investigación de moito relevo e interese, precisando dunha coordinación e integración dos distintos esforzos que se están a realizar neste sentido por parte de diversas institucións.

Falta un aproveitamento efectivo por parte daqueles actores susceptibles de utilizar esta información; é dicir, que a produción sexa funcional ao desenvolvemento social da lingua galega.

As relativas ás novas tecnoloxías da información e da comunicación son un ámbito central para o progreso do idioma, non só por vinculalo aos procesos modernizadores, senón polo que pode supor como custo de oportunidade; avanzar a un ritmo menor supón perder posicións relativas, Romero e Vaquero (2001). Neste sentido, as críticas están referidas á timidez das actuacións, á escasa optimización dos esforzos sociais desenvolto neste ámbito, e, sobre todo, a que os produtos desenvolto carecen dunha difusión sistemática que posibilitaría un efecto galeguizador real.

As restantes liñas de investigación deste centro carecen dun vellelo efectivo coa normalización lingüística.

Cadro 11: Balance sobre o apoio á investigación

PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
<ul style="list-style-type: none"> • Existencia dun corpo de investigacións que poden revertir positivamente na planificación lingüística • Existencia dunha comunidade científica básica • Fixación do corpus básico da lingua galega • Proxectos de incorporación da lingua galega ás novas tecnoloxías da información • Abundancia de fondos destinados á investigación por parte da DXPL 	<ul style="list-style-type: none"> • Boa parte da investigación non está vinculada coa planificación lingüística, e repercute escasamente en beneficio da normalización lingüística • Inexistencia dun auténtico corpo de expertos que produzan coñecemento para a planificación e a promoción do uso do galego • As investigacións lingüísticas versan sobre o corpus do galego. A maioría da investigación vinculada á lingua procede do ámbito da filoloxía; non hai apenas científicos sociais que se ocupen desta materia • Existen solapamentos e baleiros entre as distintas institucións que se dedican á investigación sobre o corpus • Falta unha concepción integrada destas institucións, e unha orientación funcional da súa produción que maximice os importantes esforzos realizados

Clasificación das accións na última etapa (1993-2000)

A modo de resumo, establecemos unha clasificación das principais accións da DXPL durante o último período, no que o orzamento é máis elevado. Para isto fixemos o seguinte exercicio: partindo da gran continuidade na distribución do presuposto, compuxemos un cadro que recolle os conceptos máis pequenos que fomos capaces de identificar ao longo do período e asignarlle unha cantidade que é unha equivalencia aproximada á media dedicada á dita acción. Deste xeito, identificamos os “átomos” orzamentarios que nos permiten unha comprensión máis atinada do período, do que faríamos se tomáramos como referente o orzamento dun determinado ano. Sobre a base desta descomposición podemos ver con maior claridade como se distribuíron os fondos de política lingüística, deixando claro que estas cifras son unha construción analítica utilizada pola súa virtualidade explicativa, que non teñen correspondencia exacta con ningunha cifra real.

Cadro 12: Estimativo da distribución do gasto da DXPL no período 1993-2000


Artigo	Subconcepto	Termo medio gasto 1993-2000 (en millóns de pesetas)	Ámbito	Destinatarios	Tipo de política
Gastos de persoal	Pagamento aos formadores dos profesores de lingua galega	35	Ersino	Xunta	Formación
Gastos en bens correntes e servizos	Financiamento dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos	85	Ersino	Xunta	Sensibilización
Transferencias correntes a empresas privadas	Subvencións e axudas á promoción do galego	100	Sociedade	Empresas	Distributivas (A)
	Subvencións a empresas editoriais para suplementos didácticos	40	Ersino	Empresas	Distributivas (B)
	Subvencións a editoriais para promover o uso do galego en textos do ensino	250	Ersino	Empresas	Distributivas (B)
Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	Subvencións para accións de promoción da lingua galega	100	Sociedade	Asociacións	Distributivas (A)
	Cursos de formación para público xeral	40	Sociedade	Asociacións	Formación
	A coleccións profesionais, asociacións de empresarios, de comerciantes, etc.	40	Sociedade	Asociacións	Distributivas (A)
Gastos en investimento de carácter inmaterial	Cursos de lingua galega para o profesorado	75	Ersino	Funcionarios	Formación
	Cursos de galego para o persoal das administracións públicas (autonómica, periférica do Estado, Xustiza e persoal militar)	115	Administración	Funcionarios	Formación
	Cursos de formación para o profesorado (para a reforma educativa)	200	Ersino	Funcionarios	Formación (*): non de lingua galega
Transferencias a entidades locais	Formación de persoal e normalización lingüística (inclúe os servizos de normalización lingüística das deputacións e dos concellos)	200	Administración	Funcionarios + institucións	Formación

Artigo	Subconcepto	Termo medio gasto 1993-2000 (en millóns de pesetas)	Ámbito	Destinatarios	Tipo de política
Transferencias a organismos autónomos administrativos	Real Academia Galega	50	Investigación	Institucións	Corpus: Investigación
	Instituto da Lingua Galega	15	Investigación	Institucións	Corpus: Investigación
Investimento novo asociado ao funcionamento dos servizos, bolsas e traballos de investigación	Centro Ramón Piñeiro	220	Investigación	Xunta	Corpus: Investigación
	Universidades de fóra da Comunidade Autónoma (españolas)	20	Sociedade	Institucións	Formación
Transferencias a entes públicos	Universidades do exterior (incluídos lectorados e conventos)	90	Sociedade	Institucións	Formación
	Campañas de normalización: CRTVG	500	Medios de comunicac. CRTVG	Xunta: CRTVG	Sensibilización
Gastos en investimentos de carácter inmaterial	Campañas de normalización: medios de comunicación	350	Medios de comunicac.	Empresas	Distributivas (C)
	Campañas de normalización (1): o restante (incluídos outros conventos)	300	Varios	Varios	Sensibilización
	Publicacións	75	Ensino	Xunta	Sensibilización
Transferencias de capital da Consellería de Cultura	Apoio a empresas para a promoción, produción e edición do libro en galego	100	Sociedade	Empresas	Distributivas (B)
	TOTAL	3.000			

(1) O subconcepto campañas de normalización inclúe accións de moi disímilata natureza, sendo difícil situar nun só campo; en moitos casos trátase de campañas de promoción ou de conventos con outras institucións, por iso aparecerá na categoría de Varios.


Sobre esta base establecemos a seguinte repartición, a modo de resumo conclusivo, en función do ámbito no que queren repercutir as accións, os destinatarios cara aos que van destinados, e o tipo de política a que se refiren.

Gráfico 4: Distribución porcentual do gasto en lingua segundo o ámbito




Fonte: elaboración propia

Gráfico 5: Distribución porcentual do gasto en lingua segundo os destinatarios



Fonte: elaboración propia

Gráfico 6: Distribución porcentual do gasto en lingua segundo o tipo de política pública



Fonte: elaboración propia

Cadro 13: *Avaliación das accións da DXPL. Balance de período*

Tipo de política	Accións (distribución orzamentaria)	Obxectivo	Dimensión	Impacto / Variación na situación social	Eficacia/eficiencia
Formación (non de lingua galega)	Pagamento aos formadores dos profesores de lingua galega para o profesorado	Formación do profesorado galego lingua vehicular do ensino	Relevante no gasto Cobertura case total	A maioría do profesorado ten competencia en galego Incumprimento da normativa en moitos centros	Alta na competencia. Problemas coa eficacia operativa da formación en galego Baixa na promoción de usos, a formación non é suficiente para promocionar o uso (uso pola vontade particular do profesor)
Formación (non de lingua galega)	Cursos de formación para o profesorado (para a reforma educativa)	Adaptar ao profesorado á implantación da LOXSE	Non lingüística	Indirecto Case nulo para a normalización	Moi baixa
Formación	Cursos de galego para o persoal das administracións públicas (autonómica, periférica do Estado, Xustiza e persoal militar)	Formación dos traballadores públicos cumprimento das normativas das AA.PP. (lingua propia da Admón., dereitos dos administrados, etc)	Importante en contía Moi ampla en cobertura Moa parte dos funcionarios pesaron por cursos (depende das admón. e dos niveis)	Relevante na competencia (sobre todo escrita) e menor no uso Importante nos usos públicos algunhas administracións públicas O uso escrito está en función dos usos da Administración Os usos orais en función do/a traballador/a	Alta capacidade escrita Baixa na promoción do uso, aínda que contribúe a crear un clima xeral favorable ao uso do galego nos espazos públicos Maior eficacia nos máis específicos (p.e. Linguaxe Activa, Galega)
Formación	Cursos de formación para público xeral	Formación xeral da poboación consolidación de usos e iniciación á lingua galega de non galegoafalantes	Cobertura importante en determinados perfís de poboación	Escasos usos, facilitan a consolidación algunhas falantes completos en galego Vinculado indirectamente ao sector público e a valoración dos cursos	Importante na capacidade escrita algun estrato de poboación Baixa na promoción do uso, aínda que contribúe a crear un clima xeral favorable ao uso do galego nos espazos públicos

Tipo de política	Accións (distribución orzamentaria)	Obxectivo	Dimensión	Impacto / Variación na situación social	Eficacia/eficiencia
Sensibilización	Financiamento dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos Campañas de normalización: CRTVG	Planificar e promover o uso do galego nos centros de ensino, e velar polo cumprimento da normativa Inclusión de actividades de promoción do galego	Alta cobertura Escasa contía Moi importante en contía Convenio plurianual	Existe unha rede de mobilización Dedícanse sobre todo á dinamización cultural dos centros Favorecedor do uso nos centros de ensino Moi escaso	Relevante na sensibilización Baixa na promoción do uso Escasa eficacia diferencial: a contribución da DXPL non supón efectividade suplementaria
Sensibilización exterior	Universidades de fóra da Comunidade Autónoma (españolas) Universidades do exterior (incluídos lectorados e convenios)	Fomentar o estudio da lingua e cultura galegas en centros de ensino de fóra de Galicia	Bastantes centros, escasa contía	Certo relevo como elemento de prestixio e de autoimaxe positiva Impacto escaso, salvo que fose orientado a galegos emigrados que queiran retornar	Baixa nos usos Maior coñecemento da lingua galega nos ámbitos académicos fóra de Galicia
Sensibilización	Campañas de normalización: o restante (incluídos outros convenios)	Promoción xeral do galego desde a DXPL ou en colaboración con outras institucións	Campañas xeneralistas. Convenios con institucións máis concretas Vinculados en gran parte ao ensino, salvo os da Igrexa católica Escasamente vinculadas á normalización lingüística	Difícil estimación	Non coñecemos
Sensibilización	Publicacións	Edición de publicacións moi orientadas ao ensino		Escaso na normalización lingüística	Baixa

Tipo de política	Accións (distribución orzamentaria)	Obxectivo	Dimensión	Impacto / variación na situación social	Eficacia/eficiencia
A) Distributivas: galeguización organizativa	Subvencións e axudas a empresas para a promoción do galego	Galeguización da dimensión escrita das organizacións (rotulación, documentación, publicidade, etc.) Tamén SNL.	Importantes en custo	Non existe seguimento e avaliación do impacto Maior uso na dimensión escrita pública	Non hai datos
	Subvencións a asociacións para accións de promoción da lingua galega	Galeguización da dimensión escrita das organizacións Inclúe acción de promoción do galego. Tamén SNL.	Importantes en custo	Non existe seguimento Maior uso na dimensión escrita pública	Non hai datos
	A colexios profesionais, asociacións de empresarios, de comerciantes, etc.	Galeguización da dimensión escrita das organizacións Inclúe acción de promoción do galego, nalgúns casos custeando SNL.	Non demasiado relevante en canto a orzamento	Accións discontinuas	Non hai datos
B) Distributivas: promover a edición	Subvencións a empresas editoriais para suplementos didácticos	Promoción do galego no ámbito educativo a través dos medios de comunicación	Non moi importante en conta	Maior repercusión que na prensa diaria	Non hai datos
	Subvencións a editoriais para promover o uso do galego en textos do ensino	Producir material didáctico en lingua galega, para cubrir as necesidades do ensino	Moi importante en conta	Existen materiais básicos en galego. Incremento do emprego social (lectura) vinculado ao ensino	Alta no fornecemento de materiais para o ensino non universitario. (pode implicar problemas de concorrencia nas empresas)
	Apoio a empresas para a promoción, produción e edición do libro en galego (Consellería de Cultura)	Promover a edición de libros en galego	Importante	Maior edición de libros en galego Máis para libro literario orientado aos complementos do ensino	Alta na edición Importante no incremento dos índices de lectura en galego

Tipo de política	Accións (distribución orzamentaria)	Obxectivo	Dimensión	Impacto / Variación na situación social	Eficacia/eficiencia
O Distributivas: promover o uso nos medios de comunicación	Campañas de normalización: medios de comunicación	Incrementar o uso do galego nos medios de comunicación	Subvencións e convenios. Importante en contía, destinada sobre todo á prensa diaria	Inexistente variación no uso a excepción O Correo Galego, moi vinculado ao mundo da cultura	Eficacia nula Eficiencia negativa
Competencia-corrección	Servicios de Normalización Lingüística: Xunta Deputacións Concellos Gabinetes Xustiza Universidades	Apoio de corrección e formación nas organizacións Promoción do galego nas organizacións	Xunta caso á parte: uso xenerado, pero non polo efecto dos servizos lingüísticos. Algúns concellos e universidades: importante labor de sensibilización cara á cidadanía nos últimos anos	Mellora da calidade (escrita) Algo importante en custo Uso do galego escasamente entendido, salvo málguns concellos, deputacións e universidades	Diferencia entre os máis orientados á corrección/formación: Eficacia na calidade lingüística pero escasa nos usos E os SNL máis orientados á dinamización e planificación Relevante nos usos dentro da organización e mesmo fóra Via importante de renovación das actuacións de NL
Corpus Investigación	Real Academia Galega Instituto da Lingua Galega Centro Ramón Piñeiro (*) (órgano pertencente á DXPL)	Máxima autonomía nas cuestións relativas á normativa, á actualización e uso correcto da lingua galega Investigación da lingua galega pertencente á USC Promover, desenvolver e difundir programas de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropológicos do galego	Gasto pouco elevado Relevante (parte importante da C de Cultura) Organiza os cursos de galego para estranxeiros dentro de Galicia Escaso presuposto da DXPL Fondos moi importantes	Importante na produción de corpus Moi escaso na dimensión aplicada cara á normalización lingüística, salvo o MSG Potencialidade das aplicacións que incorporan o galego ás novas tecnoloxías Abundante produción lingüística e literaria	Efectividade alta na produción de corpus Baixa para a normalización lingüística Eficacia potencial para as aplicacións das novas tecnoloxías

(*) Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (antes Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro)

VARIACIÓN SOCIAL DA LINGUA GALEGA: ESTIMACIÓN DE IMPACTO

O obxecto deste capítulo é analizar a situación social da lingua galega de xeito que a avaliación comparativa desta realidade nos permita deducir o impacto das políticas lingüísticas levadas a cabo en Galicia. Para a elaboración deste apartado utilizamos os seguintes textos:

- a) “Conductas e actitudes lingüísticas en Galicia” de Rojo (1981), que fai unha análise das distintas investigacións sobre a lingua galega dispoñíbeis nesta data. Este estudio dará conta da situación social da lingua galega no momento inmediatamente anterior ao desenvolvemento das accións da Xunta de Galicia, constituíndose en referente de partida.
- b) As publicacións do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), dirixidas polo investigador, Siguan (1993) cunha enquisa do ano 1993 e Siguan (1999) cunha enquisa do ano 1998. Estes dous textos son os únicos que nos permiten comparar baixo os mesmos parámetros a evolución da situación social da lingua galega en dous sentidos: na súa dimensión temporal –o cambio entre o ano 1993 e 1998– e en relación con outras linguas de comunidades españolas tamén bilingües.
- c) O *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, sen dúbida o traballo máis rigoroso levado a cabo sobre a situación lingüística en Galicia, realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Nós utilizámolo para o contraste de datos e pola súa profundidade interpretativa; pero sen ser o texto central desta análise, ao non ofrecer posibilidades de comparación en distintos momentos, e con outras comunidades, e dado que os datos ofrecidos proceden do ano 1993.

NIVEL DE COÑECEMENTO DA LINGUA DA COMUNIDADE

Existen dúas limitación previas para analizar os datos de nivel de coñecemento das linguas como índices que dean conta do impacto das políticas lingüísticas. A primeira ten que ver co tipo de técnica empregada para obter estes datos: o cuestionario non mide a competencia, mais recolle a autopercepción que cada persoa enquisada ten da súa competencia. Unha das principais orientacións que isto pode entrañar é que nun momento onde socialmente exista unha maior aceptación e aprecio polo dominio da lingua galega as persoas tenderán a sobrevalorar as súas competencias, e viceversa.

A segunda ten que ver coa ordenación dos datos nunha escala que non nos permite comparar as categorías de competencia activa (falar e escribir) e competencia pasiva (entender e ler) e que ademais xerarquiza o nivel de competencia establecendo como estrato superior a lecto-escritura. Por último, esta ordenación en agregados poboacionais para cada categoría, non permite, en xeral, ver as diferencias por idade ou por niveis de estudos que poderían indicarnos con máis claridade qué colectivos son os que mudan e por qué. Vallan estas apreciacións iniciais para relativizar o carácter conclusivo das análises que de aquí se poidan extraer.

Competencia en lingua galega a finais da década dos 70

O nivel de comprensión da lingua galega dentro da nosa comunidade é extraordinariamente alto ao longo de todo o período, entendéndoa na práctica case a totalidade da poboación. Nesta situación converxen varios factores que nos diferencian doutras comunidades con lingua propia:

- a) A similitude lingüística do galego co castelán que nos separa das comunidades de fala éuscara.
- b) A elevada porcentaxe de poboación autóctona, que nos diferencia claramente de comunidades como o País Vasco,

Cataluña e mesmo Valencia, onde a presenza da poboación foránea é moi superior á de Galicia.

- c) Ser a lingua inicial e habitual da maioría da poboación, o que supón que o galego estea presente en ambientes comunicativos próximos tamén aos que non falan esta lingua, como explicaremos máis adiante.

Isto explica que a porcentaxe de persoas que non entenden o galego sexa practicamente desprezábel, situándose entre o 3% que sinala o censo de 1991, e o 1% que sinalan as enquisas do CIS. Tamén para efectos de saber falar a lingua galega é moi maioritaria a porcentaxe de persoas que din saber falalo, manténdose nunhas porcentaxes que oscilan entre o 80% e 90% dos residentes en Galicia. Guillermo Rojo recolle como o dato máis representativo para estes efectos, a enquisa do ano 1975 de S. del Campo *et al.*, que indica que o 81,4% dos galegos poden falar con soltura en galego.

Esta enquisa, que se realizou simultaneamente noutras comunidades, permítenos sinalar que o galego era, con diferenza, a lingua máis coñecida pola poboación da comunidade correspondente, con anterioridade á institucionalización das comunidades autónomas. Deste xeito, a competencia oral activa situárase nun 68,4% en Cataluña, nun 60,2% no País Valenciano, en nun 19,1% no País Vasco; fronte ao 81,4% do galego, como acabamos de indicar. Aínda así, debemos matizar estes datos dado que como dicíamos, en Cataluña máis do 30% da poboación non era autóctona, sendo a capacidade de falar catalán por parte dos nados en Cataluña superior ao 95%. Sen ser universal, a competencia productiva oral do galego é moi xeneralizada; hai que ter en conta que tampouco o coñecemento do castelán é, na década dos 70, totalmente universal, como se dá por suposto nalgunhas investigacións da época.

Con todo, o final dos anos 70 ofrécenos unha situación lingüística moi cambiante que se corresponde coas mutacións sociais de fondo que foi experimentando Galicia dende mediados dos

anos 50. O maior nivel de urbanización e de “modernización” dalgúns sectores da poboación, fai que xa no ano 75 haxa unha diferenza moi significativa entre os maiores e os menores de 35 anos. Mentres que os maiores de 35 anos din falar o galego nunha porcentaxe superior ao 85%, da cohorte de idade situada entre os 18 e os 35 anos (nacidos despois do ano 1940) din poder falar o galego o 65,3%. O perfil de partida tamén naquela data implicará que o coñecemento do galego dáse nunha proporción maior nos núcleos rurais, nas persoas con menores recursos económicos, cun nivel cultural máis baixo e de maior idade.

A situación de partida nos anos 1975-1980 é que a maior parte dos galegofalantes non se declaran capaces de escribir na lingua que dominan oralmente. No 1975, só o 6,4% da poboación di poder escribir o galego con facilidade, e os que non saben escribir nada en galego situaríanse no 63,2%. Na competencia lecto-escritora é determinante a ausencia de escolarización nesta lingua, pero tamén o son as carencias desta natureza mostradas respecto do castelán. Dáse un paradoxo: as persoas que teñen máis capacidade para ler e escribir en galego, son xustamente as que teñen o castelán como lingua inicial ou como primeira lingua. Isto deriva-se do perfil dos galegofalantes, que teñen unha procedencia social en xeral máis baixa que os castelán falantes, o que supoñía, naquela data, un menor nivel de estudos e polo tanto de destrezas de lecto-escritura.

Competencia en lingua galega nos anos 90

Vemos no seguinte cadro a evolución da competencia na lingua propia de cada comunidade:

Táboa 8: Nivel de coñecemento da lingua da comunidade (en %)

	GALICIA		C. VALENCIANA		C. VALENCIANA		BALEARÉS		CATALUÑA			
	1993	1998	+/-	1993	1998	+/-	1993	1998	+/-	1993	1998	+/-
Entende, fala, le, escribe	33	53	+20	12	19	+7	22	31	+9	41	48	+7
Entende, fala e le	26	15	-11	19	19	0	32	25	-7	24	23	-1
Entende e fala	30	21	-9	24	17	-7	17	16	-1	9	8	-1
Só entende	10	10	0	35	34	-1	23	21	-2	22	18	-4
Non entende	1	1	0	10	11	+1	6	7	+1	4	3	-1
TOTAL	100	100	-	100	100	-	100	100	-	100	100	-
(N)	(674)	(679)	-	(771)	(771)	-	(473)	(473)	-	(1007)	(1006)	-

Fonte: elaboración propia a partir de Siguán (1993) e (1999)

As porcentaxes de poboación que non entende ou que só entende o galego mantéñense estábeis no intervalo de referencia (1993-1998), nuns valores menores pero similares a antes da constitución de Galicia como Comunidade Autónoma. Polo tanto, o groso das variacións deste período non afecta ao grupo dos que só entenden o galego, mantense no mesmo nivel sen pasaren a ter un dominio superior desta lingua. A importante mellora durante este período ten que ver coa adquisición de novas competencias por parte dos que xa sabían falar en galego. O aumento da competencia lingüística –aumento de 20 puntos– rexistrado na categoría dos que entenden, falan, len e escriben (competencia completa) correspóndese coa mellora competencial das persoas das dúas categorías intermedias (os que entenden, falan e len –pero non escriben– e os que só entenden e falan). Hai que sinalar que o incremento da competencia completa é bastante superior ao derivado da escolarización de novas xeracións en lingua galega.

Nunha comparación coas comunidades de lingua romance, salienta, para o período de referencia, o superior aumento competencial rexistrado en Galicia. Se no ano 93 as persoas que entenden, falan, len e escriben na lingua galega representan un tercio da poboación, para o ano 98 a porcentaxe ascende ao 53%, situándose, comparativamente, nos valores máis altos do nivel estatal, por enriba de Cataluña que partindo dun nivel superior para 1993 (o 41%), sobe a un 48%. Con respecto a Cataluña, ao contrario do proceso galego, descrito no parágrafo anterior, o aumento de competencia derivase en gran medida do descenso do peso relativo da poboación que só entende ou que non entende o catalán (baixan 4 e 1 puntos respectivamente).

Se vemos máis detidamente as formas de adquisición da lingua galega, o peso do ensino é crecentemente máis importante, sobre todo, naqueles que non a teñen como lingua do fogar.

*Táboa 9: Media de idade de contacto coa lingua da comunidade**(das persoas que, na súa infancia, vivían en fogares de fala castelá) (en %)*

	GALICIA	C. VALENCIANA	BALEARES	CATALUÑA
1993	12,23	10,46	11,40	12,33
1998	11,17	11,95	11,52	11,09

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

En Galicia, igual que en Cataluña e como tendencia inversa á de Baleares e a Comunidade Valenciana, diminúe a idade media de contacto co galego. Como veremos a continuación, este descenso está en relación á escolarización en galego.

Táboa 10: Forma de adquisición da lingua da comunidade (das persoas que, na súa infancia, vivían en fogares de fala castelá e na actualidade manifestan ter competencia na fala da lingua da comunidade) (en %)

	GALICIA		C. VALENCIANA		BALEARES		CATALUÑA	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Na familia	33	32	25	23	18	12	7	6
Na escola	26	41	18	29	27	41	37	48
No traballo	4	6	4	9	9	10	16	14
Cos amigos	6	5	12	10	20	19	15	11
Na veciñanza	14	11	22	28	12	14	13	20
Medios comunicación	4	1	1	-	-	1	1	1
Cursos	2	3	2	-	-	1	1	-
NC (*)	11	1	16	1	14	2	10	-
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100	100
(N)	(114)	(140)	(116)	(149)	(64)	(80)	(293)	(336)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

(*) Temos unhas porcentaxes de Non Contestan (NC) moi importantes para o ano 93, e que a penas teñen valor no ano 98. Isto introduce unha orientación na comparación de cada categoría entre os dous anos, cara á alza nos cambios que significan un aumento porcentual e cara á baixa nos cambios que representan un decrecemento porcentual. Con esta precaución, procuraremos analizar os cambios reais producidos neste período

En todas as comunidades se rexistra un aumento do peso da escola como medio de adquisición de competencia respecto da lingua autóctona. Se no ano 93 era un 26% da poboación de orixe familiar castelanfalante quen aprendía galego na escola, no ano 98 a porcentaxe superaba o 40%. Este aumento (que pode ser orientado á alza) atopa o seu envés no decrecemento (como dixemos cara á baixa) da aprendizaxe no ámbito das relacións sociais máis próximas (a familia, os amigos e a veciñanza).

Mesmo coas precaucións nas que acabamos de insistir, se agrupamos xunto coa escola outros espazos formalizados de aprendizaxe (como os cursos ou mesmo o traballo), teremos a totalidade dos lugares que viron aumentada a súa incidencia na aprendizaxe do galego entre 1993 e 1998. Fóra deste grupo, e con tendencias á baixa, quedan, como sinalamos, os contornos máis próximos e, tamén de forma destacada, os medios de comunicación.

Se exceptuamos o peso do veciñanza, que nas outras comunidades é o segundo ámbito que máis puntos gaña no período, podemos ver que os procesos son similares nas catro comunidades romances. Se atendemos aos valores máis cá tendencia, destaca a diferenciación de Galicia no que atinxe ao peso dos medios de comunicación (para o ano 93) e dos cursos (para os dous anos de referencia), que atinxen valores superiores aos do resto de comunidades (nas que a penas teñen importancia).

Balance do nivel de comprensión do galego no período

Como balance podemos dicir que a comprensión oral do galego é case total, pero tamén o era con anterioridade á institución da Comunidade Autónoma. No referido ao nivel falado mantívose á alza a porcentaxe de poboación que dispón desta competencia ao longo do período. Nos anos 90 son máis as persoas que saben falar a lingua galega, situándose en torno ao 90%, isto mostra a contención dunha tendencia á baixa que se amosaba xa no ano 1975, onde a xente máis nova dicía non dispoñer desta destreza. De feito, a cohorte de poboación que no ano 75 estaba situa-

da entre os 18 e os 35 anos é, en boa medida, a que na enquisa do ano 98 se sitúa entre os 35 e os 54 anos; vai ser xustamente neste tramo onde as porcentaxes que indican que só entenden o galego, sexan máis altas. Tomando como referencia o Mapa Sociolingüístico, poderíamos dicir que se nos momentos previos aos anos 80 as mutacións lingüísticas conducían cara a un monolingüismo en castelán, que mesmo supoñía unha falta de competencia lingüística en galego, a partir dos anos 80 os cambios lingüísticos daranse máis ben cara a un bilingüismo, con dominancia dun ou outro idioma dependendo da procedencia e do ámbito ao que nos refiramos.

A incorporación da materia de lingua galega ao ensino de xeito obrigatorio no curso 1979-1980, suporá un punto de inflexión no coñecemento desta lingua. Emporiso, no ano 1998 a poboación situada entre os 18 e os 24 anos, continúa mantendo un 9% de respostantes que din só entender o galego (sen máis competencia). Esta porcentaxe parece importante nun momento de universalización do ensino do galego, no que mesmo esta lingua tería que ser parcialmente vehicular do ensino. Hai que ter en conta en todo caso que as cifras baralladas no resto das comunidades salvo en Cataluña, son superiores.

Vemos que hai unha evolución extraordinaria durante estas dúas décadas nas competencias referidas á lectura e escritura en galego. Na actualidade (datos de 1998) a porcentaxe de persoas que teñen unha competencia lingüística completa en galego é superior ao de Cataluña (53% fronte a 48%). O factor fundamental desta mudanza, como é obvio, foi a incorporación da lingua galega ao ensino (como materia e como lingua parcialmente vehicular); así obsérvase un gran salto entre as cohortes de poboación maiores e menores de 35 anos. Se a porcentaxe de maiores de 35 anos que dispoñen dunha competencia completa en galego é inferior ao 50%, os menores de 35 superan o 72%, chegando ao 81% nos situados entre os 18 e os 24 anos. Este cambio foi paralelo aos doutras comunidades, que tamén teñen como punto de inflexión a incorporación da lingua autóctona ao ensino; sendo tan importan-

te como en Cataluña, ou noutra dimensión Euskadi, e a moita distancia doutras comunidades.

Por outra banda, chama a atención que no ano 1998, entre a poboación non escolarizada en galego, haxa unha alta porcentaxe que di ter unha competencia completa nesta lingua, mesmo en valores significativamente superiores aos de Cataluña. Isto indúcenos a pensar que existen outras variábeis relevantes á marxe do ensino, na adquisición de competencia en lingua galega. Deste xeito, coidamos que hai un efecto combinado de diversos factores: a formación complementaria desenvolta nos cursos de galego; as esixencias de coñecemento desta lingua para as administracións públicas; o maior prestixio derivado dos usos públicos nos medios de comunicación, na Administración galega, etc.; e a acción social a favor do galego. Isto implica unha certa presión ambiental que pode levar aos respostantes da enquisa a entender o coñecemento do galego dentro do politicamente correcto, podendo ser un descrédito amosar o seu descoñecemento –presión inversa á que podía orientar as enquisas dos anos 70–.

Queremos comentar que a repercusión das destrezas lingüísticas sobre os usos e a proxección da lingua galega é moi distinta dependendo do momento en que nos situemos. A xente de máis idade dispoñía de escasa competencia na lecto-escritura en galego, pero isto afectaba escasamente o seu desenvolvemento nesta lingua. Nunha sociedade máis ruralizada, que caracterizaba a Galicia a mediados de século, estas destrezas en galego eran case nulas, pero tamén os usos eran moito menores, e atinxían a sectores moi reducidos da poboación –aínda que fosen os de maior prestixio–.

En sentido contrario, nas sociedades máis “modernizadas” xeneralízase o manexo de materiais escritos no ámbito laboral, e adquire un papel central na mobilidade social. É moi importante que as destrezas lecto-escritoras en galego se desenvolvan nas capas de poboación que as precisan de xeito operativo para o seu desenvolvemento profesional. De feito a fenda entre o proceso de urbanización xeneralizada nos anos 60-70, e a expansión do ensino regulado en galego, supuxo que toda unha xeración, con moito

peso na Galicia actual, teña dificultades para manexarse na lingua galega en ámbitos centrais do seu traballo.

USOS DA LINGUA GALEGA

A análise realizada sobre a evolución da competencia lingüística xa nos mostra moitas claves sobre os perfís de usuarios, e como é lóxico, tende a haber unha correlación entre maior uso e maior competencia oral. Do mesmo xeito que a competencia oral, os usos aumentan entre as persoas de maior idade, as que teñen menor nivel de estudos, cando os núcleos de poboación son máis rurais e o seu tamaño é máis pequeno, ou cando o nivel social é máis baixo. Este é un lugar común que continúa a ser correcto no presente para a xeneralidade, pero que ten diversas liñas de fractura, como veremos.

No período anterior aos anos 80, non se dispón de ningún traballo que nos permita coñecer a lingua habitual maioritaria; o que nos levou a analizar os seus usos en diferentes espazos comunicativos. Un dos ámbitos sinalados é o familiar, onde aparece a maior porcentaxe de uso do galego, e que poderíamos considerar como a lingua habitual de uso dos entrevistados; sen embargo existen diferencias moi acusadas nos comportamentos lingüísticos no seo dos fogares galegos. Como dicíamos antes, a “modernización” dos anos 60 posibilitaba unha maior mobilidade social que requiría novas destrezas para novos traballos no ámbito urbano; estas habilidades desenvólvense en castelán de forma moi clara antes dos anos 80, e de forma máis complexa na actualidade. O compoñente instrumental e pragmático –Bouzada e Lorenzo (1997)– fixo que o castelán fose a lingua da mobilidade social, e por tanto na que moitas familias educan aos seus fillos “polo seu ben”. Isto viuse de forma moi nidia nos anos setenta.

Táboa 11: Uso do galego nas interaccións co cónxuxe e cos fillos/fillas

% USO DO GALEGO SEGUNDO AS ENQUISAS	Co meu cónxuxe	Cos fillos
• Ruíz Fuentes – Pérez Vilarriño (1977) Situacións ou circunstancias en que se fala galego (realizada en núcleos de poboación de máis de 2000 habitantes)	47,4	28,5
• FOESSA(1970) Lingua que utiliza preferentemente a ama de casa para falar:	75	5 (Castelán e galego o 16%)

Fonte: elaboración propia a partir de Rojo (1981)

As mostras sobre as que se fundamentan estes datos non permiten facelos extensivos ao conxunto de Galicia, pero o que nos interesa é sinalar a diferenza entre a lingua do matrimonio e a que se utiliza na transmisión interxeracional. En datas anteriores ao Estatuto de autonomía, a situación de non reprodución da lingua galega xa era moi profunda.

Canto a outros ámbitos de utilización observamos as seguintes pautas: nas situacións máis formais aumenta o uso do castelán, e pola contra, o galego emprégase máis en situacións informais. Deste xeito na familia falaríase máis galego e nos establecementos comerciais máis castelán. Sen embargo, vemos que o da familiaridade é máis complexo, dado que a utilización do galego cos fillos está ó mesmo nivel có detectado para situacións obxectivamente máis formais, Rojo (1981). Este reparto de funcións xa comezara a variar á altura de 1980 en varios sentidos, como veremos máis adiante.

Canto á evolución ao longo das últimas décadas, vemos que se caracteriza por tendencias de sentido distinto. En primeiro lugar, como sinalan as análises do Mapa Sociolingüístico Galego e do Centro de Investigacións Sociolóxicas, hai unha caída sostida do número de galegofalantes, tanto iniciais como habituais. Mantemos unha situación de non reprodución, onde a lingua galega non se mantén como habitual no transcurso xeracional, e na que o castelán acaba sendo a lingua maioritaria das xeracións máis

novas. Esta tendencia móstranos que estamos a asistir a un auténtico proceso de substitución lingüística lento, pero continuado. Vemos agora as táboas de evolución dos últimos anos, e tamén hai motivos para a esperanza.

*Táboa 12: Lingua usada nas relacións persoais polas
persoas capaces de falar galego (en %)*

	Galego		Castelán		Indistintamente		Outra lingua		Total	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Falaba/fala co pai	70	66	24	28	5	5	1	1	100 (581)	100 (595)
Falaba/fala coa nai	72	68	23	26	5	5	-	1	100 (581)	100 (601)
Fala cos fillos e fillas	38	51	34	28	28	21	-		100 (451)	100 (350)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

Nota: para a confección deste cadro pátense dos datos de Miquel Siguan Soler, aínda que se exclúen do cálculo de porcentaxes as respostas NS/NC e aqueles casos que non son pertinentes (por exemplo cando as persoas enquisadas non teñen fillos)

Debemos ter aquí coidado tamén coas comparanzas. Mentres as respostas achegadas respecto do uso das linguas na relación cos fillos e fillas se refiren ao ano de realización da enquisa (1993 e 1998), non é así nas relacións coa nai e o pai, que poden referirse a anos moi anteriores, onde puideran existir configuracións sociolingüísticas marcadamente distantes das da década que analizamos. Xa que logo, os datos non nos serven para comparar sincronicamente unhas e outras relacións, mais para valorar en qué medida quen fala nun momento dado cos seus fillos e fillas nunha lingua, foi socializado nela na relación cos seus pais, e en qué medida puido darse unha substitución dunha lingua por outra nesas relacións materno/paterno-filiais.

Por outra banda, os datos porcentuais para cada tipo de relación correspóndense cun número total de persoas entrevistadas distinto, marcadamente inferior no caso das relacións con fillas e fillos, dado que existen entrevistados que non os teñen. Con todo, a efectos da comparanza, imos partir da hipótese de que entre quen ten fillos ou fillas existe a mesma distribución por-

centual no que se refire á lingua usada nas relacións cos pais que entre quen non os ten.

Analicemos, pois, as diferencias entre usos na relación cos pais e usos na relación con fillos e fillas. Para o ano 93, esta diferenza dimensiónase en 32/34 puntos porcentuais (32 tomando como referencia as relacións co pai e 34 as relacións coa nai). Esa perda do uso do galego nas relacións pais-fillos, correspóndese cun aumento en 10/11 puntos do uso do castelán (pasa de 24/23% na relación con pai/nai a 34% na relación con fillos e fillas), e cun aumento máis significativo do uso indistinto de galego e castelán que pasa do 5% na relación con pai e nai ao 28% na relación con fillas e fillos.

No ano 98 dáse a mesma dinámica, aunque menos acusada, sobre todo no tocante ao uso do castelán, que a penas sofre modificacións entre ser lingua de uso nas relacións cos pais e selo na relacións cos fillos. Os datos son de perda de 15/17 puntos porcentuais no uso do galego na relacións paterno/materno-filiais, correspondéndose cun aumento similar de uso indistinto de galego e castelán nas novas relacións cos fillos e fillas.

Nunha comparanza das mesmas variábeis para os distintos anos, é destacábel que o uso do galego na relación cos fillos e fillas aumentou en 13 puntos porcentuais, pasando de representar o 38% en 1993 a acadar en 1998 valores por enriba da metade da poboación capaz de falar galego (51%). Interpretamos estas cifras como que os galegofalantes habituais tenden a unha certa normalidade nas súas pautas de uso, como veremos no seguinte cadro.

Noutra traxectoria, o peso das persoas que empregan o galego na relación cos seus pais e nais, diminúe en 4 puntos porcentuais entre o 93 e o 98, sen que por iso deixe de ser un valor equivalente ou superior aos dous tercios da poboación capaz de falar galego. Neste caso, as perdas correspóndense con aumentos case equivalentes de quen empregan o castelán na relación cos seus pais. Sen embargo isto non ten por qué reflectir unha variación nos usos, senón o saldo vexetativo no que as xeracións que falaban moi maioritariamente galego cos seus pais/nais perden peso relativo sobre o conxunto.

Táboa 13: Usos lingüísticos noutras situacións para as persoas capaces de falar galego (en %)

	GALEGO		CASTELÁN		NC		TOTAL	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Cando fala cos que viven na súa casa	67	64	31	35	-	1	100 (594)	100 (606)
Nas tendas ao ir de compras	56	59	41	40	2	1	100 (594)	100 (606)
Cando contesta ao teléfono	47	54	50	44	3	2	100 (594)	100 (606)
Cando escribe unha carta a un amigo	20	40	72	56	7	4	100 (594)	100 (606)
Cando pregunta algo na rúa a un descoñecido	40	50	57	48	3	2	100 (594)	100 (606)
Cando pregunta algo a un policía municipal	45	52	52	46	2	2	100 (594)	100 (606)
Cando vai ao banco	50	54	47	44	2	2	100 (594)	100 (606)
Cando toma notas para o seu propio uso	24	45	72	54	4	1	100 (594)	100 (606)
Non traballo, no lugar de estudio	56	58	37	39	5	3	100 (594)	100 (606)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

Nota: os datos de 1993 inclúían a categoría de 'as dúas', non os recollimos ao non aparecer en 1998 e por seren moi pouco significativos

Nunha comparanza entre 1993 e 1998, podemos salientar, como primeiro paso, que en case todas as situacións o uso do galego gaña puntos con respecto ao uso do castelán. A principal excepción vai estar no uso máis ligado ao ámbito privado (*cando fala cos que viven na súa casa*). Aquí pásase dun 67 a un 64% no uso do galego para as persoas capaces de falalo, que equivale a unha redución do galego como lingua habitual dos falantes.

Nos outros ámbitos aumenta a porcentaxe de persoas que usan o galego, anque este aumento é significativamente distinto segundo se trate de situacións e uso escrito ou falado, da vida privada ou da vida pública.

Os aumentos máis salientábeis correspóndense coa escrita: tanto ao escribir cartas a amigos como ao tomar notas persoais, entre 1993 e 1998 o galego vai pasar de ser usado en porcentaxes ao redor do 22% a usarse entre o 40 e o 45% das persoas. Poderíamos dicir que o galego xa ten carta de natureza escrita, e iso supón un importante gaño nesta competencia.

O peso do galego aumenta, en segundo lugar, nun bloque de situacións ligadas a un certo tipo de relacións no ámbito público (as preguntas na rúa a descoñecidos ou a policías municipais e cando contesta ao teléfono). As porcentaxes de quen usan o galego nestas situacións acrécentanse entre 7 e 10 puntos, acadando en todos os casos o 50% ou máis de representación porcentual.

As relacións que se establecen ao ir ao banco, aínda que gañan galegofalantes en menor medida que as referidas no bloque anterior, sitúanse en valores semellantes a ese bloque: o galego úsase polo 50% das persoas en 1993 e pasa ao 54% en 1998.

As situacións que van ter unha maior estabilidade durante o período de referencia, sen cambios substantivos no uso de galego e castelán, serán: *nas tendas ao ir de compras* e *no traballo, no lugar de estudio*. En ambos os casos, sitúanse en valores achegados ao 60%, no tocante ao uso do galego.

Partimos dunha situación que en 1993 mantén unhas pautas de comportamento continuadoras dos anos 80. O galego úsase máis canto máis privada e próxima é a relación de tipo oral, de feito

que un extremo sitúase na lingua da casa e o outro na escrita. Podemos establecer a seguinte tipoloxía de maior a menor utilización do galego:

- 1º) Relacións dentro da familia;
- 2º) Relacións sociais próximas, do coñecido;
- 3º) Relacións sociais máis formalizadas e con descoñecidos;
- 4º) Usos escritos.

Nunha visión global, partíase en 1993 de posicións moi diferentes, en que o galego tiña moi pouco peso na escrita e máis importancia nas relacións cotiás (na casa, no traballo, no centro de estudio, nos lugares da compra). No ano 1993, e moito máis nos anos 70, nestas relacións comunicacionais os galegofalantes mudan a súa lingua, adaptando a súa conducta en beneficio do castelán. A tendencia, analizando os datos de 1998, é a concentrarse os valores, para todas as situacións, en torno ao 50% no uso do galego (dos capaces de falar o galego), valor que semella un pouco inflado para o plano escrito. O cambio que se dá no ano 1998 ten que ver cunha maior pauta de normalidade nos usos, os galegofalantes tenden a estender a utilización da súa lingua á maioría de situacións e interaccións comunicativas. Todo isto pode significar unha contención na caída continuada no uso da lingua galega, e unha mellora relativa no traspaso interxeracional. Unha certa presión ambiental favorecedora, fai que os galegofalantes tendan a achegar o seu idioma a ámbitos nos que antes utilizarían o castelán.

PREFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

Tal como indicamos ao falar dos usos, as actitudes lingüísticas eran moi desfavorábeis para o galego en épocas anteriores ao Estatuto de autonomía. A lingua galega estaba asociada ao rural, inculto, pobre, ao desvalorizado en definitiva; identificándose ao castelán co contrario, a lingua do poder, da cultura, do prestixio, do alto poder económico, Rojo (1981). O galego era un estigma de procedencia do que había que fuxir; por iso se se quería para os fillos unha vida distinta ás penurias dos pais, había que procurar-

lles ferramentas que posibilitaran esa mobilidade: o castelán e a educación.

Os datos son claros neste sentido cando se observan as preferencias sobre aspectos materiais de regulación política: a inmensa maioría da poboación quería que os seus fillos se educasen en castelán (segundo que enquisa, entre o 77% e o 89% dos galegos). Isto non quere dicir que estivesen en contra de que os seus fillos aprenderan o galego, en realidade, a maioría gustaríalles que souberen falalo, pero estas querencias circunscribíanse á esfera das competencias. Cando se trata da lingua en que queren que se expresen fundamentalmente os seus fillos o castelán é maioritario (enquisa 1977- referida aos núcleos de máis de 2000 habitantes, en Rojo, 1980). Concluimos, por tanto, que cando as preferencias se refiren a asuntos con proxección material real, a opción polo castelán é determinante.

Nesta orde de cousas haberá que situar a receptividade social cara ás políticas lingüísticas no ensino. Desde logo non existía, en tal data, ningunha demanda social maioritaria a prol de que a educación regulada se desenvolvese en galego; pola contra unha grande parte da poboación, seguramente non elixiría por propia vontade un ensino para os seus fillos nesta lingua. Non semella que unha actuación pública contraria á introducción da lingua galega no ensino fose ter maior custo político para a forza gobernante.

Sobre a receptividade do galego como lingua vehicular do ensino, hai que dicir que a súa evolución foi variando moi favorablemente para o galego ao longo deste período. Partindo dunha preferencia esmagadora polo castelán como lingua do ensino, a incorporación desta ao sistema educativo supuxo unha enorme mudanza na opinión dos galegos. Vemos no seguinte cadro como máis da metade da poboación quere que as linguas vehiculares sexan o castelán e o galego a partes iguais; e a porcentaxe dos que prefiren que a maior parte do ensino se desenvolva en galego ou en castelán é similar, sendo esta última máis avultada.

Táboa 14: Opinións sobre as linguas no ensino

¿Como cre que debería ser o ensino nesta Comunidade Autónoma?

	GALICIA	C. VALENCIANA	BALEARES	CATALUÑA	PAÍS VASCO
A maior parte en castelán	25	40	23	5	10
Metade e metade	52	45	59	50	44
A maior parte en vernácula	18	11	14	42	36

Fonte: Siguan (1999)

Nota: non se recollen os NS/NC

Vemos que as preferencias se concentran naqueles modelos que realmente existen nos sistemas educativos; no caso de Galicia, a maioría da poboación aposta por un ensino nas dúas linguas por igual, cando en momentos anteriores a opción polo castelán era moi maioritaria. En certo sentido a lexislación lingüística no plano educativo vaise amoldando ás querencias maioritarias da cidadanía. Nos primeiros momentos a normativa legal era máis tépeda, coincidindo cunha menor receptividade dos pais; esta lexislación continuou desenvolvéndose a medida que a percepción social da acción pública ía mellorando. Sen embargo, debemos analizar este asunto en clave dinámica, e ver a opinión pública non como un dato estático que dá conta da acción política, mais ben ao contrario, como unha variábel que se vai modificando segundo observa os efectos das accións públicas. A maior receptividade actual cara a un ensino vehiculado nas dúas linguas ten que ver con que esa é a normativa existente, e polo tanto o modelo mínimo ao que se aspira, pero tamén con que a incorporación paulatina do galego ao ensino regulado vese como algo positivo, con moita normalidade e de forma desprexuzada.

A opinión favorábel cara ao ensino en galego é notabelmente menor que nos casos de Cataluña e País Vasco respecto das súas linguas propias; a receptividade para incorporar as súas linguas ao sistema educativo xa era maioritaria con anterioridade, pero o desenvolvemento normal dos seus modelos educativos

supuxo tamén que as preferencias se fosen adecuando á situación. En Galicia houbo unha incapacidade para promover desde a iniciativa civil a creación de colexios, institutos ou escolas infantís –salvo honrosas excepcións– cunha presenza maioritaria do idioma galego. Queremos subliñar que a receptividade favorábel cara ás políticas de incorporación do galego ao ensino regulado teñen que ver con que os modelos elixidos se desenvolvan con normalidade: se unha vez que se implanta non hai conflitos vaise internalizando a virtualidade dos modelos. De todos os xeitos este é un proceso lento que supón que as accións públicas desenvoltas neste campo teñen que ter unha correspondencia mínima coa receptividade social cara a elas.

Fomos vendo ao longo destes anos que o rexeitamento cara á lingua galega foi moi minoritario; a sociedade galega era receptiva á incorporación do galego a novos ámbitos, pero rexeitaba a idea de que esta lingua se puxese en competición co castelán. A opinión pública galega era –e maioritariamente é– favorábel ao castelán cando a situación se conceptualiza como un xogo de suma cero (o que gaña o galego pórde o castelán). Cando se concibe como un xogo de suma positiva, a receptividade cara ao galego é moi favorábel, o cal significa unha vontade maioritaria a dispoñer das dúas linguas no ensino.

Se consideramos a receptividade social cara á lingua galega noutros ámbitos, vemos que nos anos 70 a inmensa maioría da poboación era partidaria do uso exclusivo do castelán nos documentos públicos (o 71,6% da poboación) mentres que tan só o 2,5% se inclinaba pola utilización única do galego. Sen embargo, esta realidade que era moi maioritaria nesa data, xa se estaba modificando e a poboación máis nova consideraba que o galego debía ser introducido noutros ámbitos e adquirir outras funcións, de xeito que as actitudes eran moito máis favorábeis.

Nos últimos anos tamén se foron modificando as preferencias, de forma importante.

Táboa 15: Lingua preferida nos actos públicos (para as persoas que entenden o galego) e na lectura (para as persoas que saben ler en galego) (en %)

	GALEGO		CASTELÁN		CALQUERA		NC		TOTAL	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Nos actos públicos	30	30	31	24	38	46	1	-	100 (674)	100 (673)
Na lectura	10	12	51	44	31	41	8	3	100 (400)	100 (453)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

Sobre as preferencias da lingua galega a penas muda a situación entre 1993 e 1998, quedando en valores relativamente baixos, especialmente no caso de lectura, no que pasa dun exiguo 10% a un 12% aínda pouco significativo, sobre todo tomando en conta que se trata só da poboación que sabe ler en galego (59% no 93 e 68% no 98), polo que as porcentaxes para o conxunto da poboación serán aínda máis baixas.

Pero o dato máis relevante deste cadro é a redución da preferencia polo castelán, tanto para os actos públicos como para a lectura, e o correspondente aumento da porcentaxe de quen non ten unha preferencia marcada por ningunha das dúas linguas. Isto sinala unha tendencia á normalidade na percepción de usos das dúas linguas, e polo tanto o gaño de posicións do galego, dado que a variación indica un aumento do grupo receptivo cara ás dúas linguas a custa dos que antes preferían o castelán.

As tendencias son similares para os actos públicos e para a lectura, anque os valores son distintos. No ano 1993, as preferencias respecto dos actos públicos estaban máis ou menos equilibradas entre o galego, o castelán ou ambas as linguas indistintamente (cun maior peso desta última categoría). No 1998, as preferencias polo castelán sitúanse en valores por debaixo das preferencias polo galego e, sobre todo, salientáanse as posturas de indistinción que acadan valores próximos ao 50%. Neste ano Galicia é a única comunidade, xunto con Cataluña, onde a preferencia pola lingua propia nos actos públicos é superior á do castelán, aínda que en realidade á maioría élle indiferente a lingua que se utilice.

Polo que respecta á lectura, o castelán parte dunha preponderancia que o sitúa por enriba do 50% no ano 93. No ano 98, a preferencia polo castelán segue a ser a de maior peso (44%), aínda que tendendo a equilibrarse coas posturas de quen lle gusta ler en galego ou en castelán indistintamente (41%). Na interpretación dinámica que estamos a facer destes datos, queremos sinalar que as preferencias tamén son móbiles e teñen que ver coa oferta editorial; como vimos na análise de presupostos o momento de maior expansión editorial coincide coa maior inxección de cartos públicos logo do desembolso da “débeda histórica”.

Preferencias lingüísticas nas administracións públicas

*Táboa 16: Esixencia de coñecemento do galego a funcionarios
Grao de acordo coa frase: ‘para ser funcionario desta Comunidade Autónoma
debe esixirse o coñecemento da lingua vernácula’(en %)*

	GALICIA		C. VALENCIANA		BALEARES		CATALUÑA	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Acordo	77	69	50	64	70	68	82	85
Desacordo	14	20	38	31	20	27	15	12
NS/NC	9	11	12	5	10	5	3	3
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100	100
(N)	(681)	(681)	(771)	(771)	(473)	(473)	(1007)	(1006)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

Táboa 17: Lingua preferida para ser atendido/a nas administracións (en %)

	GALICIA		C. VALENCIANA		BALEARES		CATALUÑA	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Lingua da comunidade	37	36	15	21	38	35	38	38
Castelán	26	27	60	50	34	40	30	28
Indiferente	36	36	25	29	27	24	32	34
NS/NC		1		-		1		-
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100	100
(N)	(681)	(681)	(771)	(771)	(473)	(473)	(1007)	(1006)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

Nota: nos datos do ano 1993 non se recolle a categoría de NS/NC. Para Galicia e Baleares atopamos na fonte un erro nas porcentaxes, que suman 99 e non 100 como deberan. Este erro non altera significativamente as nosas análises

Táboa 18: Lingua preferida para os impresos administrativos (en %)

	GALICIA		C. VALENCIANA		BALEARES		CATALUÑA	
	1993	1998	1993	1998	1993	1998	1993	1998
Lingua da comunidade	19	26	6	7	11	13	31	29
Castelán	47	31	70	67	62	59	34	37
Indiferente	28	29	18	16	20	18	28	24
Nas dúas	6	13	6	9	4	6	6	9
NS/NC	-	1	-	1	3	4	1	1
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100	100
(N)	(681)	(681)	(771)	(771)	(473)	(473)	(1007)	(1006)

Fonte: elaboración propia a partir de Siguan (1993) e (1999)

Nunha comparanza global dos cadros 16 a 18 para as catro comunidades, é na lingua preferida para ser atendido/a nas administracións onde os cambios entre o 1993 e o 1998 son máis moderados, coa excepción da Comunidade Valenciana onde hai unha perda de 10 puntos porcentuais na preferencia polo castelán. Nos restantes casos existe bastante equilibrio entre as tres opcións (lingua da comunidade, castelán e indiferente), representando a preferencia polo castelán valores inferiores á preferencia polas outras linguas.

Exceptuando Cataluña, onde os valores son algo máis equilibrados, a preferencia de lingua para os impresos é maioritariamente do castelán. Sen embargo, Cataluña é a única comunidade na que o castelán gaña posicións neste aspecto como lingua de preferencia durante este período. En Galicia, pola contra, é onde se produce un cambio máis acusado tanto cara á preferencia do galego como cara a posición de indistintamente. A nosa comunidade aproxímase aos valores de Cataluña e mesmo para o ano 1998 Galicia mostra os valores menores de preferencia única polo castelán.

A esixencia de coñecemento da lingua comunitaria aos funcionarios é o que suscita máis respostas positivas, desde o punto de vista da promoción destas linguas, chegando a superar o 80% de acordo en Cataluña. Pero os cambios no período analizado a este respecto teñen sentidos e intensidades distintas para cada comunidade.

En Cataluña o grao de acordo non se modifica moito no período, a penas un 3% de aumento deste acordo. Na mesma traxectoria pero cunha intensidade máis marcada, a Comunidade Valenciana incrementará en 14 puntos porcentuais este acordo. Nas Baleares, en sentido inverso, increméntase o grao de desacordo. O mesmo vai pasar en Galicia de forma máis acusada, aumenta este desacordo achegándose aos valores das comunidades balear e valenciana para o mesmo ano 98, e distanciándose, polo tanto, de Cataluña.

Con esta última análise quixemos dar conta do grao de receptividade das políticas lingüísticas para ver, en qué marco se desenvolveron, cáles eran os límites e as potencialidades da acción, e cómo foi evolucionando; de xeito que as demandas actuais xa son moi distintas das da sociedade galega ao comezo do 1980.

A OPINIÓN DOS EXPERTOS ANÁLISE DA TÉCNICA DELPHI

A información recollida a través da técnica DELPHI está integrada no conxunto deste traballo. Destarte, moitas das reflexións que aparecen no estudo non son propiedade única do equipo de investigación e teñen unha procedencia dispersa. Conflúen as nosas propias análises coas ideas dos participantes no DELPHI e cos debates da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

Numerosas foron as persoas que a través desta técnica participaron nesta investigación, e contribuíron amabelmente ao seu arriquecemento. Queremos agradecer moi sinceramente a súa achega e recoñecer de forma pública a débeda deste traballo con estas persoas.

Aínda que a información máis detallada do DELPHI aparece na *ficha técnica do anexo* queremos lembrar cal foi o perfil dos seus participantes³⁶:

- Analistas do proceso de normalización lingüística procedentes de distintas disciplinas das ciencias sociais;
- Investigadores significados de diversas institucións lingüísticas;
- Responsábeis políticos e representantes das distintas forzas políticas e sociais;
- Representantes das asociacións que traballan na promoción da lingua galega.

Queremos recoller de forma específica os contidos e os datos procedentes desta técnica. Neste capítulo aparece reflectida de forma sintética a opinión dos especialistas que participaron no DELPHI. Figura, fundamentalmente, a análise das opinións maioritarias, pero hai que sinalar que, en xeral, o grao de coincidencia foi bastante elevado.

36. *Vid. anexo.*

SITUACIÓN SOCIAL DA LINGUA GALEGA


As opinións máis comunmente compartidas sobre a situación social da lingua galega, son coincidentes cos estudos feitos ata a data sobre a situación do galego (principalmente o Mapa Sociolingüístico de Galicia-Real Academia Galega)

- Hai unha perda continua de falantes (iniciais e habituais), correlativa co proceso de urbanización e cambio social producido en Galicia nos últimos 20 anos.
- Falla a transmisión interxeracional, de xeito que a xente nova non ten o galego como lingua habitual.
- A carta de natureza oficial da lingua galega foi central na mellora de actitudes lingüísticas.
- O status do galego mellorou bastante nestes anos, sobre todo no plano formal e institucional. Están esvaeándose os prexuízos negativos sobre o galego, sen embargo algúns estereotipos continúan actuando. Aparecen novos prexuízos que estigmatizan máis a procedencia ideolóxica cá procedencia social.
- Dáse unha valoración máis positiva da lingua canto elemento de identidade colectiva e elemento central da cultura galega.
- A lingua galega está asentada no mundo da cultura e na política. Existe un problema de certa redución a estes ámbitos, dándose unha ritualización de usos.
- Unindo a boa actitude en canto ao status lingüístico do galego coa pronunciada baixa de falantes, pode que esteamos asistindo a unha ilusión óptica na que a situación sexa moito máis preocupante do que semella.

Hai unha visión positiva sobre a evolución da situación social do galego: a maioría das opinións indican que se mellorou bastante canto ao uso público nos ámbitos formalizados, e que tamén mellorou bastante a competencia lingüística en galego. No mesmo sentido considérase que diminuíron algo os prexuízos


negativos cara ao galego, e ao tempo que aumentou algo a receptividade cara ás accións públicas a prol do galego. Hai sen embargo discrepancia á hora de valorar a evolución do uso social en xeral, concentrándose as opinións entre quen considera que empeorou e mellorou algo, cunha certa inclinación para os que fan unha lectura positiva da evolución.

Gráfico 7: Opinión sobre a evolución da competencia lingüística en galego nos últimos vinte anos. Datos en números absolutos



Fonte: elaboración propia

Gráfico 8: Opinión sobre a evolución dos prexuízos negativos cara ao galego nos últimos vinte anos. Datos en números absolutos



Fonte: elaboración propia

OBXECTIVOS AOS QUE DEBE ASPIRAR A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En xeral considérase que hai que garantir os dereitos individuais dos falantes; e que as administracións públicas deben fomentar o galego. Enténdese que a igualdade entre as linguas pasa porque o galego teña unha posición preferente no uso público. As ideas máis comúns coinciden en boa medida co fondo da Lei de normalización lingüística (LNL):

- Considérase unha riqueza que dispoñamos de dúas linguas, entendendo a lingua galega como un valor engadido da nosa comunidade.
- Todos os galegos deben coñecer o castelán e o galego.
- Todos deben ter ao final do ensino obrigatorio unha capacitación que habilite para o uso operativo das dúas linguas.

- Deben garantirse os dereitos lingüísticos individuais.
- Dada a situación de perda de falantes pola desigualdade social de fondo entre o galego e o castelán, as administracións públicas deberan intervir en sentido compensatorio, usando preferentemente o galego e promovendo o seu uso.
- Para o mantemento e recuperación do galego como lingua de uso normal, debe haber unha actuación decidida por parte da Administración da Xunta de Galicia promovendo entre a cidadanía o uso do galego.
- As actuacións de promoción da lingua galega deben ter en conta a receptividade dos seus destinatarios, non deben vir pola vía da imposición.

Hai un acordo case unánime na idea de que a lingua galega sexa un elemento central da nosa identidade diferencial e sobre que as administracións públicas deben intervir en cuestións lingüísticas.


Os participantes están en desacordo coa aseveración “en Galicia non existe conflictividade entre as linguas”, pero de xeito matizado, dado que un número relevante está de acordo con ela.

Existe dispersión de opinión sobre se a sociedade galega ten interese en que as administracións interveñan en asuntos lingüísticos, sendo algo maioritaria a opinión que considera que si ten algo de interese.

Nas relacións entre as administracións públicas e os cidadáns, considérase, de xeito moi maioritario, que o galego debe ser a lingua de uso preferente da Administración. Os resultados son case equivalentes en todas as administracións preguntadas: municipal, autonómica, de Xustiza e periférica do Estado, cunha leve proclividade superior no ámbito municipal e da Xunta. Ten algún relevo tamén o número dos que consideran que a lingua de atención debe ser á elección do cidadán. Ningún dos entrevistados estima que a lingua da Administración deba quedar a libre criterio do funcionariado, como actualmente acontece en moitas administracións.

No ámbito da Administración é moi alto grao de acordo no referido á esixencia do uso da lingua galega a aquelas persoas que desenvolvan unha función pública cara á cidadanía, e que debe haber unha proba de galego obrigatoria no acceso á Administración. Tamén é alto o nivel de acordo sobre que nas administracións públicas deben existir prazas con perfil lingüístico que esixan distintos graos de coñecemento da lingua galega, ben que esta afirmación é menos contundente como se pode deducir do menor número de contestacións.

Gráfico 9: Valoración da lingua de uso na Administración da Xunta de Galicia nas súas relacións coa cidadanía. Datos en números absolutos



Fonte: elaboración propia

VALORACIÓN DAS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS DE GALICIA


A maior parte dos participantes no DELPHI opinan sobre as actuacións da Xunta de Galicia. Consideran que non existiu planificación, e mesmo que non houbo propiamente unha política senón unha serie de iniciativas dispersas sen vontade de conexión, que non se marcaron obxectivos, nin se fixo labor de avaliación.

- Valóranse mellor as actuacións relacionadas coas liñas básicas da LNL (ensino, medios públicos autonómicos, Administración autonómica), que a traxectoria do departamento específico: a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL).
- Considérase que a lexislación establece un marco acaído para a normalización lingüística, pero o problema está en que non se cumpre (sobre todo os desenvolvementos do ensino e dos concellos).
- A DXPL tivo boas intencións, houbo unha “vontade de galeguización” por parte dos responsábeis; pero foi pouco eficaz. Houbo falta de ambición, este departamento debera xogar un papel planificador e motor do proceso de normalización, que non deu xogado.
- Valórase positivamente a ausencia de conflito social derivado das accións de normalización lingüística, pero considérase que máis ben é froito da timidez destas.
- Critícase a excesiva discrecionalidade nas accións e no uso dos fondos públicos.
- Non se contou, desde a Administración autonómica, cos actores sociais máis relevantes que podían apoiar as accións.
- Os medios humanos cos que conta a DXPL non son os axeitados, debería contar con profesionais relacionados coa planificación lingüística.
- As accións circunscribíronse en exceso ao ámbito do ensino e da capacitación lingüística.

- A DXPL tende a insistir excesivamente nos aspectos simbólicos da lingua, facendo moita incidencia no elemento afectivo, pola vía das campañas de sensibilización.

Considérase, en xeral, que a lexislación lingüística existente na actualidade –en referencia á Lei de normalización lingüística– é adecuada ou bastante adecuada de cara á promoción social do galego, á marxe da súa aplicación concreta.

*Gráfico 10: Valoración da lexislación lingüística existente na actualidade de cara á promoción social do galego. Datos en números absolutos.
Escala do 1 (moi inadecuada) ao 5 (moi adecuada)*



Fonte: elaboración propia

Á hora de valorar as catro grandes liñas de actuación autonómica segundo o seu grao de efectividade na promoción do uso do galego

1. Os medios de comunicación autonómicos (RTVG)
2. O galego como lingua vehicular do ensino básico e secundario
3. A galeguización dos usos públicos da Administración autonómica
4. A actuación da DXPL (incluíndo cursos de galego, campañas de sensibilización, liñas de axuda, etc.)

Considérase que foron as dúas primeiras liñas: os medios de comunicación públicos autonómicos (en primeiro lugar) e a incorporación do galego ao ensino, as que tiveron unha maior repercusión na promoción do galego. En terceiro lugar, a bastante distancia, estarían os usos lingüísticos da Administración autonómica, e por último a actuación o departamento responsábel (a DXPL).

A Dirección Xeral de Política Lingüística

Centrándonos na actuación da Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL), hai que sinalar que non existe unha opinión moi diferenciada sobre os distintos momentos da política autonómica.

Hai unha consideración similar dos dous primeiros períodos (ou sexa, da década dos oitenta) pero a valoración media agocha matices interesantes: no período do goberno de Fernández Albor hai un número relevante que teñen unha consideración boa e un número superior que a consideran mala, sen embargo o goberno tripartito concentra as súas valoracións no punto intermedio –diríamos nin boa nin mala– tendo menos valoracións positivas e tamén menos negativas. Quen sae peor parada da comparación é o período que se abre a partir de 1990 ata o ano 2000 onde as valoracións se concentran entre mala e moi mala.

Na valoración sobre os orzamentos empregados pola Xunta de Galicia para a promoción social do galego repártense case a partes iguais os que consideran este presupostos como suficientes e os

que non; priman as consideracións máis matizadas, sendo maioritarias as opcións que estiman os orzamentos como suficientes ou como algo insuficientes; secomasí tamén teñen relevancia (e un peso similar) as opcións que os consideran como abundantes ou como moi insuficientes.

Valorando especificamente o grao de eficacia das distintas accións desenvoltas ou promovidas desde a DXPL vemos que hai unha valoración xeral negativa sobre estas, onde as medias en ningún caso chegan ao aprobado.

En canto aos cursos de lingua galega é maioritaria a opinión que considera que teñen unha efectividade normal (o valor máis repetido é o 3 de 1 a 5) canto á capacitación lingüística operativa acadada polos asistentes, teñen tamén moito peso os que consideran a súa efectividade escasa. A valoración redúcese bastante ao referirse á eficacia dos cursos na promoción do uso da lingua galega.

En canto ás liñas de axudas e subvencións de fomento da lingua galega teñen a súa mellor consideración no tocante á mellora das actitudes, aínda que o valor máis repetido considéraas como baixa, o conxunto dos valores que o sitúan entre o 3 (normal) e o 5 (moi alta) é superior aos que fan unha valoración negativa da súa eficacia. Ao pasar das actitudes aos usos redúcese a estimación da súa efectividade, tanto no referido ao fomento da utilización pública escrita do galego entre os destinatarios das axudas –estando a opinión algo máis dispersa–, coma na promoción en xeral do uso.

Canto ás campañas de sensibilización, sen chegaren a unha media de “aprobado”, recollen as valoracións máis favorábeis na súa eficacia no tocante á mellora das actitudes sociais cara á lingua galega, sendo máis escasa verbo da promoción do seu uso.

En conxunto considérase que as accións do departamento responsábel tiveron efectividade na mellora das actitudes cara ao galego ou na mellora da competencia, e foi menor a súa efectividade no promoción do uso desta lingua.

Unha liña de críticas á actuación da Xunta de Galicia é a localización na que está inserido o departamento responsábel. En xeral, considérase que deba ter un carácter máis horizontal para

poder actuar transversalmente no conxunto da Administración autonómica; pero, por outra parte, tamén se considera interesante que se manteña vinculado ao ensino, tendendo a ver as dúas dimensións como necesarias e non excluíntes.

Do conxunto das alternativas posibles para dirixir a política lingüística galega, os participantes inclináronse de forma moi maioritaria por unha (vice)consellería de carácter horizontal, e como segunda opción relevante aparecía a localización da DXPL –con outras atribucións– na Consellería da Presidencia. Noutra orde de cousas, tamén tivo un forte apoio a creación dun organismo tipo consorcio que vinculara a Xunta de Galicia e a Administración local. Cabe sinalar que as opcións que recolleron un menor apoio foron as que reflectían a situación actual: manter a Dirección Xeral de Política Lingüística coas actuais atribucións e a Comisión Coordinadora de Normalización Lingüística.

Á hora de priorizar os ámbitos estratéxicos de actuación, considerouse que o ámbito máis relevante con diferenza é o do ensino, tamén se lle dá moita importancia ás familias, aparecendo en terceiro lugar os medios de comunicación privados. Ao cambiar do ámbito máis relevante aos que se considera que debe intervir a Administración autonómica muda algo a opinión. O ensino segue sendo o ámbito no que de xeito moi maioritario se considera que debe intervir, aparecendo a moita distancia outros ámbitos como os medios de comunicación privados, os públicos e as administracións públicas. Nótese que moitos participantes consideraron as familias como un ámbito relevante, e sen embargo poucos estimaron que se debiera intervir aí.

O ENSINO

- Considérase un dos ámbitos máis importantes, a escola ten un papel central na transmisión da lingua.
- É un dos ámbitos en que mellor está o galego porque é onde hai máis sensibilidade e a comunidade escolar está máis vinculada co tema.

- Endebén, a situación está estancada e segue a considerarse un ámbito desgaleguizador: os nenos galegofalantes non conservan a súa lingua. De feito, coincide a incorporación da lingua galega ao ensino co momento de maior perda de falantes en galego.
- Hai unha consciencia do incumprimento da normativa no tocante ao galego como lingua parcialmente vehicular do ensino. Neste sentido, crese que non cumpre unha función recuperadora do uso.
- O uso do galego depende das vontades particulares dos profesores.
- Non hai mala receptividade entre pais/nais e alumnas/os de cara a accións de normalización lingüística.
- Hai un grave problema no ámbito das escolas infantís (0-3 anos), onde a lingua galega a penas ten presenza; as nais e pais que queren escolarizar os seus fillos en galego non o poden facer.


No referente aos distintos factores que inciden na normalización lingüística de cara ao cumprimento da normativa no ensino, os participantes consideraron como factores moi influentes: a vontade por parte da Administración de facer cumprir a normativa –en primeiro lugar–, o interese por parte do profesorado, e, tamén, a demanda por parte dos pais/alumnos. Pola contra considérase que a influencia dos equipos de normalización lingüística dos centros e os recursos existentes é un tanto menor.

No que atinxe ao modelo lingüístico do ensino valórase positivamente o marco lexislativo actual. Emporiso, moitos dos participantes entenden que debера ser máis ambiciosa a consideración do galego como lingua vehicular do ensino, actuando como factor de compensación á desgaleguización da sociedade.

Partindo da base lexislativa, que sinala que o sistema educativo obrigatorio debe garantir a capacitación nas dúas linguas, a opción preferida de forma moi maioritaria é a que xulga que o ensino debe ter como lingua vehicular maioritaria o galego para os

niveis primario e secundario do ensino. Outra opción bastante ben considerada é outra variante relativamente similar á primeira pero máis matizada, que debe partirse dun mínimo do 50% e ir incrementando progresivamente o galego como lingua vehicular en función da situación ambiental. O resto das opcións colleitan escasos apoios entre os participantes, sendo a opción de que sexan as familias as que elixan a lingua vehicular a minoritaria. Hai que ter en conta que a opinión máis estendida é que o modelo non debe favorecer a división en dúas comunidades lingüísticas.

Gráfico 11: Valoración do galego como lingua vehicular maioritaria para os niveis primario e secundario do ensino. Datos en números absolutos. Escala do 1 (totalmente en desacordo) ao 5 (totalmente de acordo)



Fonte: elaboración propia

OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Considérase, xeneralizadamente, un ámbito fundamental para a normalización lingüística, sendo moi distinta a situación e as posibilidades de incidencia no ámbito público e no privado.

Medios de comunicación públicos

- Os dependentes da Xunta (CRTVG) funcionan en galego e cumpren un papel fundamental para a difusión do galego: o seu uso público diverso e continuado ten grande importancia na redución dos prexuízos negativos.
- A aparición da CRTVG é un dos elementos con efectos máis positivos na promoción da lingua galega durante este período.
- Hai unha serie de críticas relacionadas cos contidos de certa programación (populismo, folclorismo, manipulación informativa), tendo unha repercusión negativa sobre as imaxes que se proxectan da lingua galega. En contraste, outros programas coma os infantís e as series de produción propia valóranse positivamente, como máis representativos da realidade plural de Galicia, e cuns efectos máis favorábeis sobre as imaxes do galego. Neste sentido, apréciase certa desconexión cos sectores urbanos.
- Reitérase outra crítica referida á calidade da lingua: o mal galego dalgúns presentadores deixa albiscar un certo desleixo cara a un elemento central da comunicación como é a lingua.
- Os medios públicos non autonómicos fan un uso moi escaso da lingua galega.

En xeral considérase moi relevante a repercusión da RTVG sobre a normalización lingüística. Sen embargo, recóllense unha serie de críticas sobre os medios públicos autonómicos. Por unha banda consideran que a imaxe do galego que proxecta RTVG é artificial, sendo tamén significativo o número de partici-

pantes que a consideran ruralizante, mesmo variada ou similar ao castelán.

Preguntados sobre se cre que coas partidas de normalización da DXPL se debe financiar a RTVG de forma constante, a resposta negativa foi practicamente unánime. Os participantes están en contra de que o financiamento da CRTVG sexa a través de política lingüística.

No referente á posibilidade dunha segunda canle para a TVG a maioría estima que sería unha oportunidade para diversificar a emisión, e incluír programas que agora non se recollen por motivos de audiencia, endebén non é despreciable o número de escépticos sobre esta cuestión aos que lles parece suficiente co que hai.


Medios de comunicación privados

- Hai unha presenza testemuñal da lingua galega neste ámbito.
- Son remisos ao uso do galego pola estimación que fan das preferencias dos consumidores; ten que ver coa apreciación da competencia lectora en galego da poboación.
- A presenza da lingua galega nos medios privados é moito menor do que na sociedade galega.
- Non reflicten a realidade lingüística, fanse traducións das manifestacións en galego.
- Non se cumpre coas cláusulas de incremento do uso, asociado ás axudas públicas.
- Neste ámbito hai unha certa identificación da lingua galega escrita co nacionalismo e con santuarios culturais ou intelectuais.
- Tamén a publicidade é maioritaria en castelán.

Na valoración das axudas concedidas pola DXPL aos medios de comunicación privados o grao de acordo é case unánime: compréndense como unha forma de financiar os medios con finalidades á marxe da normalización lingüística, non habendo,

polo tanto, ningún tipo de vínculo entre as subvencións da DXPL e a progresión do seu uso do galego. No mesmo sentido, é maioritario o desacordo sobre que as axudas sexan unha forma realmente eficaz para que os medios teñan unha boa actitude cara ao galego e o utilicen progresivamente.

Gráfico 12: Valoración das axudas concedidas pola DXPL aos medios de comunicación privados como unha forma de financiamento á marxe da normalización lingüística. Datos en números absolutos. Escala do 1 (totalmente en desacordo) ao 5 (totalmente de acordo)



Fonte: elaboración propia

Ao dar o parecer sobre diversas cuestións relacionadas cos medios de comunicación produciuse unha disparidade de opinións. Os ítems que concentraron máis a resposta foron: o desacordo coa idea de que o uso da lingua galega nos medios de comunicación poida restar lectores/oíntes; tampouco se considera unha boa fórmula para a promoción do galego a edición nas dúas linguas dos mesmos xornais; e estase bastante de acordo en que a promoción do galego nos medios de comunicación ten que estar vincula-

da sobre todo á produción de contidos propios, e non tanto á tradución de produtos importados.

No resto, as contestacións son variadas, habendo un certo acordo en que a sociedade demanda máis oferta en galego da que existe actualmente. A fórmula preferida para a promoción do galego nos medios de comunicación é a de conseguir que os xornais teñan o mesmo volume de noticias en castelán que en galego. No referido a se debера promoverse un acceso xeneralizado aos medios de comunicación portugueses é case idéntico o grao de acordo e de desacordo.

OUTROS ACTORES

Servicios de normalización lingüística

En canto ao grao de eficacia nas funcións desenvoltas polos servicios de normalización lingüística, valoráronse de forma bastante positiva no tocante ás cuestións: (1) ao uso correcto da lingua galega polas organizacións que dispoñen destes; (2) en canto ao apoio para a formación e asesoría no uso do galego; e (3) para que a organización utilice o galego nos seus usos públicos. A opinión xa é máis matizada cando se refire a promover a extensión do uso dentro da organización, reducíndose máis a valoración se falamos da promoción do uso do galego no sector da sociedade ao que se dirixe a organización.

En canto ao actual modelo de financiamento por parte da Xunta dos servicios de normalización lingüística (SNL) nos concellos, a maioría estima que é pouco efectivo, aínda que consideramos que o grao de coñecemento deste particular é escaso dado o elevado número dos que non contestan a esta pregunta.

Institucións lingüísticas

Na valoración global sobre a actuación das institucións lingüísticas de cara á normalización lingüística desde os anos oitenta ata

o 2000 estas saen paradas de xeito moi desigual. O Instituto da Lingua Galega ten unha valoración moi favorábel, tendo boa consideración, tamén, os departamentos de Filloxía Galega das universidades. Endebén a valoración da Real Academia Galega durante este período é máis ben negativa, aínda que a peor consideración tena o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Táboa 19. Valoración global a cerca da actuación de cara á normalización lingüística nos últimos vinte anos das institución lingüísticas. Datos en medias. Escala do 1 (moi mala) ao 5 (moi boa)

INSTITUCIÓN	MEDIA
Instituto da Lingua Galega	4.12
Departamentos de Filloxía das universidades	3.76
Real Academia Galega	2.77
CIH Ramón Piñeiro	2.33

Fonte: elaboración propia

A maioría da produción das institucións lingüísticas está referida ao corpus lingüístico, sendo poucas as investigacións desenvoltas no ámbito sociolingüístico e aínda menos aquelas que poidan ter un aproveitamento operativo de cara á planificación.

Deste xeito, baixan ostensibelmente as puntuacións ao referirnos ao grao de aproveitamento da produción investigadora das institucións lingüísticas para a promoción social do galego. Aínda que a orde de clasificación das institucións segue a ser a mesma que para a valoración xeral, baixan todos os valores, sobre todo os daquelas que tiñan unha boa consideración xeral; considerando que o aproveitamento para o fomento do galego é máis ben escaso.

OS PARTIDOS POLÍTICOS E AS ALTERNATIVAS Á POLÍTICA LINGÜÍSTICA

- Obsérvase unha postura moito máis firme en defensa do galego nos sectores relacionados co nacionalismo.

- Os ámbitos ligados ao nacionalismo son máis capaces de mobilizar activos a favor da lingua galega.
- Os posicionamentos contrarios á política actual están escasamente articulados e adoito pecan de falta de realismo nas propostas.
- A vindicación do galego tende a estar circunscrita a determinados ámbitos profesionais e/ou militantes.
- Varios participantes indican o perigo de que as formulacións políticas sobre a lingua galega estean vinculadas ao nacionalismo.
- Faise fincapé en que a lingua debe ser un compromiso institucional de todas as forzas políticas e do conxunto dos actores en xogo. Considérase moi necesario xerar un consenso institucional e social, establecer un grande acordo pola lingua galega.
- O asociacionismo de base e os sectores culturais galeguistas son os que máis pulan pola presenza social da lingua galega, sobre todo son os que sosteñen a súa vindicación mantendo a súa vitalidade.

Os partidos políticos

En xeral, non se lle dá aos partidos políticos un papel moi destacábel na normalización lingüística entendida como promoción social do galego, pero faise fincapé no seu relevo á hora de establecer os grandes consensos que se demandan neste campo.

Valorando as súas actitudes e actuacións a forza política que con diferenza sae mellor parada en todas as dimensións é o Bloque Nacionalista Galego. O Partido Popular de Galicia colleita unhas valoracións moi baixas en xeral, sendo especialmente escasa ao valorar o nivel de compromiso coa promoción social do galego. O Partido Socialista de Galicia-PSOE ten unha consideración mellor que o PPdeG en todos os ítems. A cuestión que máis aproxima a valoración dos participantes sobre as distintas forzas políticas –aínda habendo diferenzas relevantes– é a capacidade de consenso

na normalización lingüística, onde tamén o BNG recolle opinións positivas e negativas a partes iguais. Pola contra, a cuestión que marca unha maior distancia é o nivel de compromiso coa promoción social do galego, na que o BNG recolle uns valores moi altos, o PSdeG-PSOE intermedios-baixos, e o PPdeG moi baixos.

ASOCIACIÓNS A PROL DA LINGUA

- Hai unha boa valoración das asociacións a prol da lingua, como elementos de promoción do galego e axentes que activan a iniciativa da Administración autonómica.
- A maioría dos participantes entenden que as asociacións a prol da lingua xogaron un papel moi determinante na promoción social do galego.
- Avaliase, sobre todo, á Mesa pola Normalización Lingüística, considerando moi positiva a súa acción; entendendo, en todo caso, que non consegue ser o grande foro da sociedade civil (apartidario) que pretende ser. Tamén se menciona unha certa indefinición nas súas funcións que ás veces ten que ver coa chamada de atención á sociedade, outras coa proposición ou a protesta ante a Administración e outras co desenvolvemento de funcións que solapan á propia Administración.
- Considérase que nos últimos tempos existe unha certa desmobilización do activismo a favor do galego, que leva aparelado un menor protagonismo da sociedade civil na normalización lingüística.

Ao valorar a efectividade das súas actividades, a organización mellor considerada con diferenza durante o período foi a Mesa pola Normalización Lingüística, que recolle uns valores moi altos. Seguindo a esta cunha valoración positiva estarían os movementos de renovación pedagóxica, mellor no caso da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG), e algo menor no caso de Nova Escola Galega (NEG). Por baixo destas organizacións está a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística

(AFNL) cunha valoración de efectividade positiva e negativa case a partes iguais. Por último cunha valoración de efectividade moi baixa estarían as entidades reintegracionistas, sendo algo mellor a consideración da Associação Galega da Língua (AGAL).

Analizando a evolución da mobilización social a prol do galego ao longo destes anos considérase, en xeral, que diminuíu. A opinión maioritaria é que en todos os casos diminuíu algo, agás no referido á Mesa pola Normalización Lingüística que se estima que se mantivo ou mesmo aumentou algo. Lembremos que a avaliación abarca ata o ano 2000.

A NORMATIVA DO GALEGO E A RELACIÓN CO PORTUGUÉS

- Hai en xeral unha valoración negativa de como repercute a confusión normativa na expansión do uso da lingua galega.
- Enténdese como necesaria a existencia dunha soa normativa, de cara a eliminar a confusión.
- Boa parte dos participantes desvincula a discusión sobre a normativa da discusión sobre o contacto coa área lingüística luso-brasileira.
- O galego debe vincularse máis proactivamente á área luso-brasileira. Considérase unha riqueza comprender ao galego na área desa familia lingüística, de cara a fomentar os intercambios con Portugal e Brasil.
- Sinálase o perigo da deriva da lingua galega cara a estruturas lingüísticas do castelán.

Sobre a cuestión normativa hai bastante acordo canto a que non debe permitirse o uso de distintas normativas do galego, considerando mesmo unha irresponsabilidade que determinados representantes sociais e políticos non asuman a normativa oficial. Tamén existe acordo sobre que o debate arredor da normativa foi unha fonte de crispación que imposibilitou o diálogo constructivo a favor do galego, aínda que é máis feble a opinión sobre se isto repercutiu na normalización lingüística.

Por último, son maioritarias as opinións que sinalan que os responsábeis lingüísticos deberan apostar de forma máis decidida por achegar o galego á área lingüística luso-brasileira, e mesmo, aínda que máis morna, a que considera que a nosa posición no Eixo Atlántico e o maior intercambio con Portugal debe conducir a unha maior vinculación entre as formas galegas e portuguesas. Sen embargo, tamén son maioritarias as opinións que entenden que as potenciais relacións co portugués inciden moi pouco na normalización lingüística do galego.

Semella que se valora positivamente un incremento da relación coa área comunicativa do portugués, á marxe da súa relación coa normativa lingüística. Neste sentido é maioritario o acordo sobre a necesidade de incorporación do portugués ao ensino (como lingua diferenciada ou vinculada ao galego), ben que esta cuestión foi con diferenza a menos contestada deste bloque.

DIFERENCIAS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA RESPECTO DE CATALUÑA E DO PAÍS VASCO

A pretensión deste estudio non foi en ningún caso realizar unha análise comparativa entre distintas políticas lingüísticas; sen embargo consideramos de grande utilidade dispor de elementos de contraste, que nos permitisen conformar parámetros de avaliación da política galega. Se se tomaran outros referentes de comparación, como poderían ser os casos do País Valenciano, Baleares, ou Navarra, os resultados da comparanza serían moito máis matizados. Galicia encóntrase, sen lugar a dúbidas, nunha posición moito mellor ca todos os casos mencionados. Secomasí, analizamos os casos do País Vasco e Cataluña por seren os únicos dos que temos certeza de que están invertendo, aínda que timidamente, o proceso de substitución lingüística; polo tanto recollemos as escasas experiencias das que podemos, dalgún xeito, afirmar que tiveron unha política lingüística eficaz.

A comparanza con outras situacións permítenos ver como noutras comunidades o proceso de reprodución da lingua autóctona está garantido, e mesmo se asiste a un auténtico proceso de produción que incorpora ás novas xeracións á lingua da comunidade en fogares castelán falantes. Este é o caso de Cataluña, onde moitos descendentes de españois non cataláns están asumindo o catalán como a súa lingua principal.

É evidente que as diferencias entre as políticas lingüísticas non se poden ver en abstracto, mais habería que analizalas en relación á situación das distintas linguas e á situación social das comunidades. O carácter periférico de Galicia (en termos socio-económicos respecto da Unión Europea), comparativamente con Cataluña ou Euskadi, introduce diferencias sustantivas na situación e consideración social das súas linguas respectivas.

A distinta situación e estrutura socio-económica, así como a diferente posición das elites sociais cara ao idioma, tivo que ver con que o catalán fose unha lingua prestixiada, tendo un uso moi estendido e un apoio social moi relevante. Por outra banda, a par-

tir da segunda metade do século XX Cataluña recibiu unha ampla porcentaxe de poboación de orixe non catalana; a política lingüística en Cataluña tivo que ver fundamentalmente con este factor, formulándose cómo se podía incorporar a este sector da poboación ao catalán. Polo tanto, as accións da política lingüística catalana dirixíronse á “producción do catalán”; é dicir, a fomentar á aprendizaxe e o uso desta lingua por parte de persoas de ascendentes non catalán-falantes.

A situación en Galicia é moi distinta canto á concepción social da lingua e a potencial receptividade cara ás políticas lingüísticas. As políticas desenvoltas en Cataluña son máis efectivas verbo da promoción da lingua autóctona, o cal non nos permite afirmar que as accións desenvoltas naquela comunidade puidesen ter lugar en Galicia. A acción governamental en Galicia procurou centralmente a ausencia de conflito social na cuestión das linguas. Está claro que determinados sectores sociais influentes eran renuentes a unha política lingüística máis decidida; é posíbel que unha actuación máis contundente tivese reaccións contrarias máis manifestas e articuladas, cun efecto contraproducente sobre a normalización lingüística.

A diferenza nas políticas lingüísticas está moi marcada no ensino. Neste ámbito, seguindo a Jordi Argelaget³⁷, nas comunidades autónomas con lingua propia distinguimos dous modelos:

- 1) Separatismo lingüístico parcial e electivo, que recoñece o dereito de elección da lingua oficial que os pais ou os alumnos queren como lingua docente; o que implica a separación dos alumnos en función da lingua elixida –o caso do País Vasco, Navarra, Comunidade Valenciana e Baleares (durante o período analizado)–.
- 2) Conxunción lingüística; os poderes públicos son os responsábeis de elixir a lingua docente no ensino obrigatorio,

37. Argelaget (1998).

e non se recoñece o dereito a elixir salvo nalgúns tramos (primeiros anos) ou circunstancias especiais. Temos un só tipo de ensino no que todas as escolas son bilingües, cabendo moi distintas intensidades ao haber un alto grao de discrecionalidade na súa aplicación (o caso de Cataluña e Galicia³⁸).

A seguinte táboa pretende dar conta do conxunto dos factores máis relevantes na evolución das políticas lingüísticas:

38. O autor considera que no caso galego o modelo de conxunción lingüística foi implementado con moita menos forza que en Cataluña, ata o punto de que podería ser considerado de separatismo lingüístico. Sen embargo estima que coas tendencias dos últimos anos é previsíbel que se instale claramente no modelo de conxunción lingüística.

Cadro 14: Evolución das políticas lingüísticas segundo os seus eventos máis relevantes

	PAÍS VASCO	CATALUÑA	GALICIA
1982	<ul style="list-style-type: none"> • Lei básica de normalización do uso do éuscaro³⁹ • Creación da TV vasca e da Radio Euskadi Irratia 		<ul style="list-style-type: none"> • Decreto de normativización da lingua galega
1983	<ul style="list-style-type: none"> • Decreto de bilingüismo⁴⁰ 	<ul style="list-style-type: none"> • Lei de normalización lingüística⁴¹ • Decreto do ensino⁴² • Creación da radio e televisión públicas catalanas 	<ul style="list-style-type: none"> • Lei de normalización lingüística
1984			
1985			<ul style="list-style-type: none"> • Creación da radio e televisión públicas galegas
1986			
1987			<ul style="list-style-type: none"> • Orde do ensino
1988		<ul style="list-style-type: none"> • Creación do Consorcio para a Normalización Lingüística 	<ul style="list-style-type: none"> • Lei do uso do galego polas entidades locais
1989	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de normalización das administracións públicas vascas 		
1990	<ul style="list-style-type: none"> • Creación da Radio Euskadi Gaztea 		<ul style="list-style-type: none"> • Constitución da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística
1991			
1992			
1993			
1994			
1995	<ul style="list-style-type: none"> • Transformación da Secretaría Xeral de PLen Viceconsellería de PL 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan xeral de normalización lingüística 	<ul style="list-style-type: none"> • Decreto de normalización do galego no sistema educativo
1996			
1997	<ul style="list-style-type: none"> • Comisión de Coordinación Interdepartamental e Interinstitucional 		
1998	<ul style="list-style-type: none"> • Plan xeral de promoción do uso do éuscaro 	<ul style="list-style-type: none"> • Lei de política lingüística⁴³ 	
1999			
2000			

Fonte: elaboración propia, tomando como referentes Direcció de Política Lingüística (2001) e Hizkuntza Politikarako Sailburuordetza (1998).

39. Lei 10/1982, do 24 de novembro.

Analizando a evolución dos grandes fitos de desenvolvemento das políticas lingüísticas en Galicia, Cataluña e o País Vasco, vemos que houbo unha evolución bastante paralela, aínda que retardada no caso galego. Poderíamos sinalar que houbo dous momentos álxidos de impulso das políticas lingüísticas:

1. Un primeiro momento constituínte durante a primeira década dos anos oitenta
 - O marco normativo global, as leis de normalización aprobadas por unanimidade.
 - Creación das radios e televisións públicas autonómicas, de expresión na lingua propia, salvo o caso da 2ª canle vasca.
 - Establecer os usos lingüísticos públicos das administracións autonómicas respectivas, preferentemente monolingüe no caso galego e catalán e bilingüe no vasco.
 - Establecemento do marco normativo sobre os usos das linguas no ensino non universitario (no caso catalán e vasco nos primeiros anos 80 e no caso galego nos anos 1987/1988).
 - Programas de formación de adultos na lingua autóctona.
 - Programas de axudas de apoio á edición e ao fomento do idioma propio en distintos ámbitos (con moito peso dos medios de comunicación privados).

Nun momento posterior, a finais dos anos 1980, téndese a concentrar a atención no resto das administracións que non son a

40. Decreto 138/1983, do 11 de xullo, desenvolvido pola Orde do 1 de agosto de 1983.

41. Lei 7/1983, do 18 de abril.

42. Decreto 362/1983, do 30 de agosto, desenvolvido pola Orde do 8 de setembro de 1983.

43. Lei 1/1998, do 7 de xaneiro.

autonómica, principalmente cara ao ámbito municipal, e iníciase unha expansión de cara a outros ámbitos de promoción social das linguas propias.

2. Momento de relanzamento das políticas lingüísticas na segunda metade dos anos noventa. Unha vez que van dando froito as medidas establecidas na etapa fundacional, ábrese unha etapa de novo impulso que poderíamos identificar coa aparición dos plans xerais, e coa Lei de política lingüística catalana. Neste momento faise moito fincapé na planificación, e considérase central a apertura á sociedade e a súa implicación no desenvolvemento da política, como garantía de fundamentación democrática, e de éxito nos resultados sociais de expansión da lingua autóctona.

Galicia semellaba ter comezado esta segunda vía coa elaboración do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) orientado cara a un potencial plan de normalización lingüística. Ata o momento, estase consolidando o modelo establecido nos anos oitenta, e o relanzamento que houbo nos dous outros casos analizados non tivo lugar.

Observando tamén as diferencias referidas á estrutura de organización da política lingüística, vemos que, tanto no caso do País Vasco como de Cataluña, existen dous departamentos diferenciados dentro da Administración autonómica con responsabilidades en materia de lingua: un dedícase ao ensino da lingua propia (na Consellería de Educación) e outro á promoción no resto dos campos (na Consellería de Cultura). O caso galego subsumiría as dúas funcións nunha soa forma, e, en realidade, os cometidos dos servicios de ensino no caso catalán e vasco estarían diluídos no caso galego no conxunto da Consellería de Educación. Á marxe da posición do departamento responsábel, un dos factores máis relevantes é a capacidade de actuación horizontal no conxunto da Administración autonómica. Neste sentido, a actuación horizontal no País Vasco e en Cataluña é moito máis decidida; no caso catalán

Cadro 15: Comparanza das estruturas organizativas para políticas lingüísticas

	PAÍS VASCO	CATALUÑA	GALICIA
Departamento responsable	Viceconsellería de PL (con anterioridade Secretaría Xeral)	Dirección Xeral de Política Lingüística	Dirección Xeral de Política Lingüística
Consellería á que se vincula o departamento	Consellería de Cultura	Consellería de Cultura	Consellería de Educación
Servicio vinculado do ensino da lingua no ensino regulado	Servicio especificamente do Departamento de Educación	Servicio do Ensino do Catalán (SEDEC) da Consellería de Educación	Non existe especificamente. As funcións cúmpreas a DXPL e a DX de Ordenación Educativa
Participación horizontal dentro da Admón. autonómica	Comisión de Coordinación Interdepartamental e Interinstitucional	Comisión Técnica de Política Lingüística	Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística
Cooperación interinstitucional co nivel municipal	Comisión de Coordinación Interdepartamental e Interinstitucional ⁴⁴	Consorcio para a Normalización Lingüística ⁴⁵	
Servicio de asesoría		Instituto de Sociolingüística (unidade da Dirección Xeral de Política Lingüística)	
Función de diálogo social	Consello Asesor do Éuscaro	Consello Social da Lingua Catalana	

Fonte: elaboración propia, tomando como referentes Dirección de Política Lingüística (2001) e Hizkuntza Politikarako Sailburuordetza (1998)

inclúe o principio de aplicación coordinada, que supón a implicación de todos os departamentos da *Generalitat*.

As outras diferenzas teñen que ver coa:

- Distinta colaboración con outras administracións públicas no desenvolvemento do proceso de normalización lingüística, que implica unha actuación coordinada no ámbito local en Euskadi e Cataluña.
- Dotación dun sistema de asesoramento en materia sociolingüística e de planificación; tanto no País Vasco como en

44. Composta polo Goberno vasco, as tres deputacións forais, e os concellos das tres capitais provinciais.

45. Composta pola Generalitat e polas asociacións de municipios cataláns.

Cataluña existen órganos vinculados ao departamento responsábel que o asesoran.

- Mecanismos de diálogo social en torno á lingua; existen consellos no caso do País Vasco e Cataluña que cumpren esta función, e que son considerados organismos consultivos da Administración autonómica.

Analizando as accións desenvoltas polas distintas administracións responsábeis de política lingüística, vemos que as diferencias se refiren menos ao contido das accións –qué se fai–, e máis á forma en que se desenvolven as accións –cómo se fai–. Existe unha certa similitude no tipo de políticas levadas a cabo en Galicia, Cataluña e mesmo Euskadi: a regulamentación (menos desenvolta sectorialmente no caso galego), a prioridade do ensino e os medios de comunicación propios, a formación, e as axudas económicas á produción cultural na lingua propia, e aos medios de comunicación.

As diferencias están no nivel de planificación e de consenso sobre as accións. As políticas desenvoltas en Cataluña e Euskadi, a diferenza de Galicia, procuraron incorporar as distintas administracións e actores sociais relevantes no deseño e implementación das accións; sobre todo establecer unha sinerxía entre as intervencións institucionais e os axentes promotores da normalización lingüística na sociedade. No grao de planificación, tanto en Cataluña como en Euskadi dispoñen dun sistema de planificación nos niveis macro (Comunidade Autónoma) e micro (organizacións) cun alto grao de concreción que lles permite facer un seguimento e avaliación das accións. Todo isto afecta ao grao de incidencia das políticas lingüísticas no plano social; o seu grao de efectividade ten que ver coa capacidade de implicación dos actores favorecedores da normalización, e co compromiso dos elementos vertebradores do conxunto da sociedade.

Cadro 16: Resumo comparativo de políticas lingüísticas

CARACTERIZACIÓN DAPL	GALICIA	CATALUÑA	EUSKADI	VALENCIA
Situación				
Distancia lingüística	Baixa	Baixa	Alta	Baixa
Extensión de uso da lingua autóctona	Alto	Alto	Baixo	Medio
Prestixio social da lingua autóctona	Medio	Alto	Medio	Medio
Política lingüística				
Confrontación pola norma	+	-	-	+
Diálogo social	-	+	+	-
Modelo lingüístico no ensino	Conxunción	Conxunción	Separatismo electivo	Separatismo electivo
Medios de comunicación propio na lingua autóctona	+	+	+/-	+/-
Promoción da lingua propia no Ensino	+	+	+	+/-
Emprazamento do departamento	Educación	Cultura	Cultura	Educación
Estructuras de coordinación interinstitucional	-	+	+	-
Planificación (Plan xeral)	-	+	+	-
Estructuras de asesoría á planificación	-	+	+	-
Intervención organizativa	-	+	+	-
Efectos				
Incremento da competencia	+	+	+	+/-
Prestixio da lingua propia	+	+	+	+/-
Producción / reprodución lingüística	-	+	+	-

Fonte: elaboración propia, tomando como referentes Direcció de Política Lingüística (2001), Hizkuntza Politikarako Sailburuordetza (1998) e Argelaget (1998)

CONCLUSIÓNS

SOBRE A SITUACIÓN SOCIAL DA LINGUA GALEGA

Situación paradoxal da lingua galega

Durante os vinte anos de presenza da autonomía e da Lei de normalización lingüística, asistimos a un proceso social de fondo de substitución lingüística: o galego foi deixando de ser a cada paso a lingua inicial e a lingua principal da poboación. En sentido contrario está a desenvolverse un proceso político que intenta conter o proceso anterior regulando e promovendo a lingua galega nos ámbitos sobre os que ten maior ascendencia.

Podemos dicir, polo tanto, que esta dupla tendencia, do lado da dinámica social e do lado da intervención pública, marcará para a lingua galega unha situación paradoxal: nunca antes se interviña tan activamente na súa promoción e nunca antes estivera tan ameazada como tal lingua.

Non reprodución da lingua galega

Ao longo dos trinta ou corenta últimos anos estase asistindo a un descenso sostido do uso social da lingua galega asociado a que na transmisión interxeracional de pais/nais a fillos/as o galego tende a usarse tendencialmente menos que o castelán. Esta situación lingüística vén derivada do proceso que poderíamos denominar de “modernización” da sociedade galega nestes anos, caracterizado por un descenso acusado das dedicacións aos sectores primarios e a caracterización rural da sociedade; e pola correspondente urbanización de Galicia. Vencellada a esta urbanización o castelán asóciase á mobilidade social de amplos sectores da poboación. O castelán é a lingua axeitada para evolucionar nas cidades, e a lingua case exclusiva dos ámbitos máis prestixiados. Nos momentos centrais da expansión do espazo urbano en Galicia a penas houbo movemento para que o galego se apropiase destes

ámbitos, ben ao contrario as vindicacións lingüísticas que se facían eran debedoras da súa procedencia eminentemente rural.

O galego segue sendo a lingua maioritaria de Galicia: así o sinalan a maioría de estudos referidos aos usos lingüísticos da poboación. Sen embargo existe unha especie de “distorsión perceptiva” procedente do avellentamento da poboación e do carácter paulatino que teñen os procesos de cambios lingüísticos nas sociedades. En Galicia non existe unha correspondencia inmediata entre cidade e castelán, mais esta lingua comeza a ser predominante entre segmentos da poboación criados no ámbito urbano (segundas e terceiras xeracións) vinculadas ao sector servicios, e en xeral a aqueles ámbitos cunha maior posibilidade de mobilidade social, que cada vez son maiores na nosa sociedade. De non invertirse a situación, a medida que pase o tempo o peso relativo dos galegofalantes vai descender. A nivel agregado a lingua galega perde netamente posicións en volume de uso de xeito continuado, en paralelo á perda de posicións relativas dos sectores e ámbitos onde si está consolidada. A medida que medra a Galicia urbana –na que non só consideramos as cidades– o idioma galego vai perdendo falantes.

A caída da transmisión interxeracional provocou que o galego deixase de ser a lingua habitual para amplos e crecentes sectores da poboación. Neste momento, este vai ser o problema fundamental do idioma galego.

Forte incremento da consideración social da lingua galega

Dende o momento da institucionalización da autonomía ata a actualidade, dáse un proceso de incorporación do galego a ámbitos prestixiados, o que ten unha gran repercusión en canto á percepción social positiva desta lingua. Varios factores xogan neste sentido:

- a) A institucionalización como lingua: a consideración social xeneralizada en canto idioma, non como fala vulgar. A súa oficialidade que lle dá carta de natureza como lingua asig-

nando dereitos e con efectos simbólicos relevantes na súa consideración de lingua propia. A decisión política (normativa) de oficializar o idioma galego é un feito histórico –sen precedentes– de grande transcendencia, ao supoñer unha creba radical co marco institucional anterior.

- b) As grandes accións dos poderes públicos autonómicos: o galego como materia e como lingua parcialmente vehicular do ensino, lingua da Administración autonómica, e lingua dos medios de comunicación públicos autonómicos, xunto a outras accións de promoción.
- c) Unha pauta de uso xeneralizado da lingua galega nalgúns ámbitos públicos de prestixio, principalmente o mundo da cultura e da política. No mundo da cultura boa parte da produción e reprodución cultural durante as últimas décadas ten lugar en galego: a literatura, o teatro ou as asociacións culturais son boa mostra disto. A querencia da cultura polo galego ten moito que ver coa querencia do mundo do galego pola cultura. Boa parte dos grupos que fan unha promoción activa da lingua galega teñen como preocupación principal este ámbito. É moi significativo que a información cultural de dous dos principais medios de produción escrita en galego (*O Correo Galego* e *A Nosa Terra*) ocupe unha porcentaxe sobre o total moito superior ao do resto dos xornais. Con todo, hai que subliñar a dimensión positiva desta relación: o vínculo entre unha lingua e a produción de significados vai indicarnos a pertinencia de incorporar a lingua autóctona á produción cultural.
- d) No ámbito da política o galego incorporouse á “corrección política” dos usos públicos, o que ten que ver coa hexemonía discursiva do galeguismo histórico a estes efectos. En xeral os posicionamentos públicos dos representantes políticos son en galego: os debates públicos no Parlamento, os comunicados das institucións públicas galegas, os voceiros das forzas políticas exprésanse nesta lingua e mesmo a imaxe

pública das organizacións políticas é practicamente monolingüe en galego. O mundo da política, en canto mundo eminentemente público, funciona, xa que logo, en galego.

- e) Posición circia na defensa activa dos usos da lingua galega dun sector non desprezábel da sociedade galega. Este factor ten dúas vertentes: por unha banda, o uso constante do galego en calquera situación como opción firme en todo tipo de interaccións lingüísticas, por parte dun sector da poboación cun status social medio ou medio-alto. Por outra banda, a presión de uso público por parte dos activistas a favor da normalización lingüística, principalmente dende o mundo do nacionalismo ou galeguismo e no mundo do ensino. Isto constituíuse nun auténtico movemento de activación social a favor da lingua galega.

SOBRE A DINÁMICA DE INCORPORACIÓN DO GALEGO COMO PROBLEMA PÚBLICO

A institucionalización dos poderes autonómicos como elemento favorecedor para a lingua galega

A fundación da Comunidade Autónoma e a súa consideración como nacionalidade histórica fai que dende o comezo a lingua galega se considere un elemento propio e diferencial da comunidade que debe ser especialmente protexido. As institucións galegas constitúense nos responsábeis da defensa do patrimonio lingüístico. Vemos como un gran número de responsábeis políticos que nunca se significaron antes como promotores da lingua galega asumiron roles institucionais de compromiso con ela.

A cuestión da institucionalización debe verse en clave dinámica. A creación dunhas institucións galegas supón a activación dun mecanismo de autoxustificación de actividade e a diferenciación respecto doutras administracións; pero sobre todo a asunción de competencias –para o que nos afecta, principalmente no ensino– que obrigan a actuar e tomar decisións en ámbitos novos.

Cando isto se cruza con confrontacións partidistas, acentúanse máis os elementos de defensa do propio como unha fórmula de capitalizar os referentes simbólicos comunitarios no enfrontamento político. Isto foi o que sucedeu en Galicia, onde boa parte do curso autonómico transcorreu cun goberno central en mans socialistas e un goberno autonómico en mans da dereita/centrodereita (AP/UCD, PP).

Deste xeito vemos como se dá unha especie de tensión poderes autónomos/poderes centrais onde á cabeza dos poderes autónomos na defensa do galego están persoas de traxectoria non autonomista. Polo tanto, na dinámica de desenvolvemento institucional asúmense posturas respecto da lingua galega máis condicionadas polo elemento “*posicional*” que polo proxecto político das forzas gobernantes. En sentido contrario, vemos como durante o goberno tripartito (PSdeG-PSOE/CG/PNG, 1987-1989) o partido socialista (de moita maior tradición galeguista) e mesmo partidos nacionalistas, préganse ás esixencias do Goberno central dada a coincidencia das formacións gobernantes en Santiago e Madrid. Simultaneamente a este proceso, os propios grupos que ostentan o poder –nomeadamente as forzas de centrodereita– desenvolven un proceso de asunción do capital simbólico do galeguismo que provoca que aparezan socialmente como os grandes defensores “*do noso*”.

Nesta perspectiva dinámica, debemos considerar tamén o carácter simultáneo do desenvolvemento da lexislación lingüística noutras comunidades españolas con lingua propia. Do mesmo xeito que os estatutos de autonomía catalán e vasco foron anteriores ao galego e, polo tanto, tomados en consideración á hora da súa elaboración, tamén a Lei de normalización lingüística foi precedida pola vasca e a catalana. Esta situación que se repite tamén no propio desenvolvemento normativo –os decretos e ordes máis específicos, tenden a ser posteriores–, inflúe no caso galego nunha dupla dimensión:

- a) Como fonte na que bebe a normativa galega, boa parte dos nosos textos teñen unha clara similitude cos cataláns –moi

forte no caso da LNL-; deste xeito o desenvolvemento das políticas lingüísticas vasca e catalana serán unha referencia principal para o caso galego, afectando tanto de xeito directo –bases para a regulación e a acción da política lingüística galega–, como indirecto –na que os principais actores sociais tamén asumen como referente a política catalana, e nela fundamentan boa parte das súas propostas–.

- b) Como marco ambiental favorecedor cara a propostas máis ambiciosas na promoción do galego. O feito de que existan outras lexislacións anteriores en territorios cunha proclividade maior na promoción da lingua propia leva aparellado unha sorte de normalidade ambiental –debates xa dados no marco estatal, acordos institucionais entre os partidos das dúas nacionalidades incluídos os de ámbito estatal–; e noutro sentido a existencia doutras normativas establece un fondo susceptíbel de agravio comparativo. Este ambiente define un estado de cousas, tanto no interior como no exterior de Galicia, tendente á equiparación normativa coas outras comunidades.

Observamos que os denominados poderes centrais non tiveron unha posición unívoca ao longo do proceso. Houbo unha posición desde os primeiros momentos (anos oitenta) onde se facía unha lectura moi tendente a defender a ultranza os dereitos dos castelanfalantes sen comprender as accións positivas a favor do galego como elemento de compensación da desigualdade de fondo. Isto facía que a dialéctica de confrontación se significara como da comunidade galega contra o centralismo como visión uniformizadora de España, que non comprendía o valor das outras linguas do Estado.

Emporiso, ao longo dos anos noventa a dinámica social e política española fixo que, no nivel estatal, fose variando parcialmente a consideración, e se fosen asumindo marcos menos restrictivos para as linguas distintas do castelán. Isto provocou outra dinámica na que os principais axentes promotores da normaliza-

ción lingüística na sociedade deixaron nun segundo plano a confrontación cos poderes centrais e mesmo tentan aproveitar a súa virtualidade favorecedora diante dos sectores máis remisos ao galego dentro de Galicia (por exemplo na toponimia).

Asunción dos presupostos do galeguismo/nacionalismo histórico nas liñas estratéxicas dos poderes públicos galegos

Os elementos máis estruturantes da política lingüística en Galicia están fundamentados no fondo discursivo do galeguismo histórico sobre a lingua galega. O preámbulo da propia LNL considera a lingua galega o “núcleo vital da nosa identidade”, “a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro”, entendendo así mesmo que a lei “asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo”.

O discurso da normalización lingüística fundaméntase nas seguintes premisas:

- O galego é a lingua propia de Galicia, o cal en termos relativos supón considerar, nalgún sentido, a outra lingua con presenza na comunidade (o castelán) como allea.
- Relacionado co anterior vincúlase a lingua galega á identidade da Comunidade, elemento que lle dá unidade e transcendencia.
- Adquiren un grande peso dous argumentos: o histórico e o popular. Por unha banda, o galego tivo un momento –na Idade Media– de “normalidade” e mesmo de florecemento como lingua; e a partir de aí a lingua galega arrastra unha situación de “anormalidade” debido á opresión derivada do “proceso histórico centralista”. Por outra banda, o feito de que fose a lingua asociada cos ambientes máis humildes, identifícaa coa lingua do “pobo”, asumindo unha connotación na que o concepto “pobo”

subsume a procedencia social popular e a comunidade étnica pre-política.

- O galego é un prezado patrimonio que hai que preservar como garantía de continuidade da esencia comunitaria; a identidade de Galicia está en xogo na preservación da lingua galega. Recuperación do galego como “recuperación da nosa personalidade colectiva”.
- Os poderes públicos galegos teñen a obriga de intervir a favor da súa lingua para manter un dos seus esteos comunitarios.

Este discurso sitúase claramente na tradición do galeguismo. A asunción destes presupostos por parte das institucións galegas e, en xeral, do conxunto dos seus poderes públicos, indica a hexemonía discursiva da concepción galeguista neste ámbito. A día de hoxe, este discurso tamén é hexemónico entre a sociedade galega, o que implicou a súa incorporación ao plano da corrección política, e dámos conta da mellora da receptividade social cara ás accións de normalización lingüística. Isto supón que o conxunto das forzas políticas asuman, no plano discursivo, os obxectivos da normalización lingüística, ben porque os teñen internalizados, ben porque non están en disposición de os discutir. En todo caso, todas as forzas políticas o incorporan e non están dispostos a que os referentes que identifican ao conxunto da comunidade non sexan compartidos por todos.

Que a dinámica central de evolución da política lingüística en Galicia fose a confrontación entre o Goberno autonómico e o nacionalismo, non contradí as nosas afirmacións. O que o nacionalismo quixo cuestionar dos gobernos foron: “os verdadeiros motivos das accións”, “a hipocrisía que supoñía a disociación entre o plano discursivo e da acción”, “a falta de decisión e dirección do proceso”, ou, sobre todo na última etapa, “a falta de cumprimento da normativa”. Pero a lóxica (compartida) que subxace á normalización lingüística ten que ver fundamentalmente coa asunción dos presupostos do galeguismo, que se incorporan aos obxectivos institucionais da Comunidade Autónoma.

O mesmo que sucede con outros movementos sociais, a asunción da normalización lingüística como obxectivo polo conxunto da comunidade é parte do éxito do galeguismo. Ten moito que ver coa acollida dos seus presupostos e a súa instalación nas bases estruturais das institucións e no plano do politicamente correcto. Na mesma lóxica dos movementos sociais, moitas das reivindicacións lingüísticas son recollidas por boa parte da sociedade e incorporadas á estrutura da institucións (así sucede coa TVG, cos usos da Administración galega, etc.); e deste xeito os seus principais axentes perden o monopolio da súa defensa.

O galeguismo/nacionalismo como motor central da mobilización social a favor do galego

Durante este período os principais axentes que activaron a normalización lingüística na sociedade foron os sectores sociais vinculados ao galeguismo, particularmente ao nacionalismo como movemento sociopolítico, con forte contido cultural de reivindicación étnica. O escaso debate que había sobre a lingua galega na sociedade estivo duplamente vinculado ao mundo do galeguismo/nacionalismo: por unha banda, foron os actores sociais asociados a este os que introducían a temática da normalización lingüística nos ámbitos sobre os que podían influír; e por outra banda a acción das administracións foi en boa medida inducida, ben asumindo parcialmente as propostas destes sectores vinculados ao galeguismo, ben tentando desenvolver accións nos ámbitos de maior reivindicación que funcionaban, en boa medida, a xeito de resposta aos actores que promovían a normalización lingüística na sociedade.

En definitiva, van ser os nacionalistas quen problematizan (no sentido politolóxico) a lingua galega, quen consideran que a súa situación social non é a desexábel e que isto ten solución, para o que haberá que activar os medios públicos adecuados. A dialéctica goberno galego/nacionalistas vai ser o fío nucleador do proceso de normalización no interior de Galicia. Na política (e non-política) da Xunta de Galicia coexiste o obxectivo de evitar a conflicti-

vidade social arredor da lingua, cunha confrontación na sociedade contra quen entende como adversario político, evitando así mesmo que as súas accións non se entendan como claudicacións políticas por febleza.

As aseveracións precedentes hai que velas en termos relativos. Os galeguistas en xeral, e os nacionalistas en particular, cumpren unha gran función de promoción da normalización lingüística en comparación co resto dos actores políticos e sociais. No plano político-partidario apréciase unha diferenza notábel entre o número de iniciativas e, en xeral, o grao de preocupación pola lingua galega por parte dos nacionalistas e do resto das forzas políticas. Por exemplo, no número e calidade das iniciativas parlamentarias, o peso recae nas organizacións nacionalistas (nomeadamente nos parlamentarios do PSG/EG e BNG: Camilo Nogueira, Francisco Rodríguez e María do Pilar García Negro). Se o pulso o manteñen as forzas nacionalistas no ámbito político, sucede o mesmo no plano social onde as organizacións sociais que activan a sociedade nun sentido promotor da normalización lingüística son maioritariamente nacionalistas ou galeguistas.

Centralidade da lingua para os nacionalistas

Se o peso relativo da promoción do galego na sociedade ten que ver coa acción do nacionalismo é pola consideración que este movemento fai da cuestión lingüística. Entende a lingua galega como un elemento de identidade étnica (prepolítica), que se presenta como a principal característica diacrítica de diferenciación étnica: unha auténtica “evidencia social” que nos distingue dos “outros” como comunidade. O idioma aparece como a síntese de toda a cultura que constitúe a etnia. A lingua vai converterse nunha das temáticas centrais de actuación social do nacionalismo, dado que lle proporciona un elemento central de diferenciación cultural susceptible de politización. A reivindicación da lingua propia implica a vontade política de crear un espazo lingüístico cohesionado, que se corresponde coa vontade de crear un espazo nacional tamén cohesionado cultural e politicamente, Cabrera (1992) e Máiz (1997).

O significado que o idioma galego ten para os nacionalistas sitúao nun dos lugares máis centrais da súa acción. A normalización lingüística constitúe un dos obxectivos básicos do nacionalismo, porque é o principal elemento de diferenciación cultural da comunidade que reivindica como suxeito político. Destarte a defensa da lingua galega vai ser unha constante do nacionalismo, o que o converte no seu principal motor de promoción fóra do goberno.

SOBRE A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

A normalización sen conflito, obxectivo da Administración galega

A Administración galega ao longo destes anos ten como obxectivo central que non exista conflictividade social polos usos idiomáticos. Este obxectivo está máis ou menos expreso nos textos das institucións ou dos responsábeis políticos, pero sobre todo están implícitos na propia acción dos poderes autonómicos. Consideramos este un factor de primeira importancia, dado que en boa parte do período analizado había risco de que calquera acción que fose sospeitosa de defensa do galego tivese en contra sectores sociais influentes. O feito de que a activación social en contra do galego sexa escasamente significativa ten relación co proxecto e a tradición política das forzas no goberno, proxecto e tradición que non facían pensar que as políticas se deseñasen en contra dos castelanfalantes ou do propio status do castelán. Debémolles, pois, aos gobernos destas décadas a neutralización das potenciais reaccións en contra da normalización lingüística. Con todo, seguen vivas as reaccións en contra deste proceso, que afloran, por veces, como oposicións manifestas, pero sobre todo, mantéñense coma na fronte de resistencia pasiva.

Como contrapartida esta situación ten que ver coa renuncia a políticas activas de promoción do uso do galego nun momento no que os responsábeis políticos sabían que o descenso de falantes era importante e continuo. A maioría das accións desenvolvidas

dende a Xunta teñen que ver coa capacitación lingüística en galego e co incremento do prestixio de cara á mellora das actitudes sobre a lingua galega; pero escasamente se formulan accións que tendan a frear a perda de galegofalantes e só timidamente orientadas a gañar novos ámbitos de uso.

Podemos dicir que a normalidade no uso das linguas en Galicia entendida como a ausencia de conflictividade social e non estrañamento diante da súa utilización é un obxectivo en vías de conseguirse. Os últimos estudos indican que quen teñen o galego como primeira lingua tenden a estender o seu uso á maioría dos ámbitos, cando antes había unha clara disociación entre os usos máis formais ou máis informais. Isto atribuímos en boa medida ao aumento do prestixio da lingua galega e, polo tanto, ao efecto da mellora na actitude cara a ela, que fai que os que están instalados no galego o usen de xeito moito máis xeneralizado.

Sen embargo o uso do galego continúa a ter unhas connotacións sociais moi fortes. O uso do galego sinala, en xeral, un estigma de procedencia ou adscrición (procedencia social, dos sectores populares da poboación, ou de adscrición política nacionalista ou cultural galeguista). Polo tanto, existe por parte de moitos galegos falantes unha certa “autocontención” do uso en función do ámbito no que se desenvolvan; existen vetos máis ou menos explícitos ou máis ou menos tácitos en determinadas interaccións lingüísticas que se desenvolven en certos ámbitos urbanos, nalgúns sectores profesionais ou nas relacións con determinadas persoas.

Non queremos deixar de sinalar neste punto que esta concepción da normalidade como ausencia de conflictividade renunciaba a incidir no proceso social de substitución lingüística. Pero ademais incorporaba unha concepción da normalización lingüística que na práctica a poñía de costas a boa parte dos promotores da lingua galega na sociedade. Os responsábeis políticos autonómicos entenderon en moitas ocasións que moitos dos actores que xogaban un papel máis activo na promoción do galego eran os que introducían a crispación social asociada á lingua, polo tanto eran elementos que neutralizar.

Poderíamos dicir, en termos máis propiamente politolóxicos, que a situación social da lingua galega deixou de ser un “conflicto” (no sentido anteriormente indicado de crispación social) porque en boa medida tamén deixou de formularse como un “problema” (situación social non desexada susceptible de solución polos poderes públicos). Cremos que esta foi unha vía que tiña sentido no seu carácter preventivo e de evitar a conflictividade social. Pero concentrarse en accións non problemáticas (formación, subvencións...) traducíuse nuns resultados cativos canto aos usos.

Preponderancia do mundo do ensino na normalización lingüística

É un lugar común considerar o ensino como o ámbito onde a Administración galega ten concentrado a súa atención en asuntos lingüísticos. Coidamos que esta situación é produto de diversos factores:

- a) A consideración, por parte dos especialistas, da educación como ámbito central para a recuperación das linguas minorizadas. A educación é a única axencia de reprodución dunha lingua que cadra dentro do ámbito de intervención política. Os poderes públicos están obrigados a regular necesariamente o uso das linguas no ensino, con efectos relevantes na reprodución; sen embargo, a intervención nos ámbitos máis netamente sociais como a familia e a comunidade é necesariamente máis indirecta. Asociados á aprendizaxe da lingua están os coñecementos que posibilitan o seu uso, pero tamén os valores positivos asociados que animan a falala; a escola universaliza estas cuestións, no caso galego cunha certa facilidade, dado que pouco máis cumpría que a regulación, a formación do profesorado e a elaboración de materiais.

No tocante á Administración:

- b) Ser un ámbito estratéxico de intervención para a Xunta de Galicia e para a LNL, como xa indicamos; o que levou consigo que a educación fose a área de maior desenvolvemento e atención por parte da Administración galega.
- c) Por ser o ensino un ámbito de competencia *quasi* exclusiva da Xunta de Galicia, e ser un dos ámbitos competenciais máis relevantes da Administración autonómica –xunto coa Sanidade– en volume orzamentario e proxección social.
- d) Por ser o ensino o ámbito principal en que os problemas lingüísticos viñan derivados da propia xestión educativa; a ordenación do ensino non universitario obrigaba a regular sobre as linguas, era un dos poucos ámbitos onde era ineludíbel intervir.
- e) Un dos obxectivos centrais da Administración autonómica era a capacitación lingüística en galego: que todo o mundo coñeza o galego e que cadaquén o use se quere. Había unha especie de inxenuidade inicial que presupoñía que unha vez que os galegos coñecesen “a súa lingua” xa a ían a utilizar en todos os ámbitos; o problema para os galegofalantes fora, historicamente, a escolarización en castelán, a incorporación ao ensino regulado e a formación de adultos bastaría para inverter o proceso. Por outra banda, a concepción do ensino como adquisición de competencia completa nas dúas linguas era unha acción –en teoría– pouco conflictiva.
- f) A localización do órgano responsábel da normalización lingüística (DXPL) na Consellería de Educación. Este órgano estivo adscrito sempre ao ámbito educativo, e mesmo nun primeiro momento foi concibido para o ensino da lingua galega.
- g) Que os responsábeis dos departamentos de política lingüística estivesen en mans de persoas procedentes e vencelladas ao mundo do ensino, mesmo a sectores determinados deste ámbito como o da inspección educativa.

No tocante aos axentes que promoven o galego na sociedade:

- h) A maior parte dos activistas e das asociacións que xogaron un papel reivindicativo a favor da normalización lingüística, pertencen ao mundo do ensino. Boa parte das persoas significadas na defensa do galego nos niveis altos pero tamén nos medios e baixos, foron e son profesores ou mestres; mesmo cun gran peso dos profesores de lingua galega. A pouco que fagamos un repaso das principais asociacións que traballan a prol do galego –agás o caso da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e boa parte das asociacións culturais– vemos que directamente son movementos de renovación pedagóxica –como a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (ASPG) e Nova Escola Galega (NEG)–, ou ben proceden do ensino como a propia Mesa pola Normalización Lingüística, que, malia ter diversificado grandemente os seus obxectivos, está constituída maiormente por activistas vinculados a este mundo. Mesmo poderíamos observar que un dos viveiros centrais de axentes promotores da lingua galega foi a propia Facultade de Filoloxía, principalmente na especialidade de Filoloxía Galega; é evidente que a saída laboral natural destes titulados foi o mundo do ensino, espacio no que desenvolveron boa parte do seu activismo.
- i) Tamén hai unha forte presenza do mundo do ensino no ámbito do galeguismo; como vimos a mobilización nacionalitaria é o motor principal dos axentes sociais normalizadores. Boa parte dos cadros medios e altos do nacionalismo (sobre todo a forza hexemónica na maior parte deste período, o BNG) están vinculados, dalgún xeito, ao mundo do ensino. En correspondencia con isto, os ámbitos educativo e cultural foron de atención preferente por parte das forzas nacionalistas.

- l) Existencia na maioría dos activistas dunha concepción moi coercitiva da Administración, o que presupuña que se os responsábeis tiñan decisión política e regulaban de forma favorecedora para o galego, de aí se seguirían mecanicamente fortes avances na normalización lingüística. Non é que minusvaloremos a ascendencia dos poderes públicos sobre a sociedade en cuestións lingüísticas, pero o automatismo que se lle supón para o seu uso social non é desde logo tan evidente.
- m) Derivado do anterior poderíamos dicir que, o discurso da normalización lingüística é hexemónico no mundo do ensino. Boa parte do profesorado comprende a educación como un ámbito que debe promover a lingua galega e compensar o declive no seu uso, pero sobre todo para que non sirva como elemento non reproductor entre os galegofalantes. Cuestión distinta, son as prácticas desevoltas no ensino, que teñen máis que ver coa lingua principal do profesorado. En todo caso, nas zonas máis urbanas esta hexemonía pode ser máis aparente ca real.

Grandes liñas de acción dos poderes autonómicos: ensino, medios de comunicación autonómicos e Administración galega

Sostemos que os usos da lingua galega nos sectores estruturais determinados na LNL (os medios de comunicación autonómicos, a Administración galega e o ensino) son os elementos que surten un efecto máis positivo en canto á mellora na competencia e a modificación de actitudes cara á lingua galega. Estas áreas de carácter estrutural, están en boa medida á marxe da iniciativa política dos gobernantes, e do investimento do departamento específico de promoción do galego –agás para a formación dos traballadores destes ámbitos–; sen embargo van ter máis impacto cás liñas específicas de promoción da lingua galega noutros ámbitos.

Mención á parte require a cuestión do ensino, onde se dá un certo incumprimento da lexislación, e un posicionamento ante

a mesma por parte dos responsábeis políticos que tende a comprender a lexislación lingüística favorábel ao galego como unha lexislación tendencial e desiderativa e non impositiva. Polo tanto, neste ámbito, si son máis relevantes, a efectos da normalización, a decisión e as formas de facer da Administración autonómica.

Boa parte dos efectos galeguizadores da acción dos poderes autonómicos teñen que ver coa institucionalización da Comunidade Autónoma. A Comunidade Autónoma ten unha Administración propia e decide que esta funcione “de oficio” en galego. Debemos tomar en conta que esta se desenvolve enormemente ao longo destes vinte anos; mesmo vai ser un factor de empregabilidade moi relevante. Créanse uns medios de comunicación autonómicos: a radio e a televisión galega, e adóptase a decisión de que sexan en galego. A creación de organismos con proxección pública xurdidos dos poderes autonómicos foron elementos que, se teñen unha forte compoñente política na decisión fundacional do seu funcionamento en galego, posteriormente os seus efectos galeguizadores teñen fundamentalmente que ver coa garantía do seu cumprimento.

Ausencia de diálogo cos actores máis relevantes do sector

A política da Xunta desenvolveuse de costas a aqueles axentes sociais que máis promovían o galego dentro da sociedade, por entenderen os responsábeis políticos que eran estes os que crispaban a convivencia lingüística forzando moito a situación, e por seren comprendidos como auténticos adversarios políticos. Isto levou en Galicia a unha disociación entre a dimensión institucional e social e a promoción lingüística, que rematou por ser contraproducente para ambos os dous elementos, e dende logo para a normalización: a Administración perdeu a oportunidade de lexitímase socialmente no ámbito e ser máis efectiva na sociedade, impulsando o consenso na promoción da lingua galega asentado nas bases sociais máis articuladas neste sentido.

Pero tamén os axentes sociais reivindicativos na defensa da lingua galega, perderon a posibilidade de darlle un carácter máis

institucional e menos connotado politicamente e, polo tanto, cunha maior proxección e efectividade normalizadora. Se cadra ningún dos interlocutores deste frustrado diálogo tiña motivación dabondo para incorporarse a un proxecto constructivo conxunto; de todos os xeitos, a responsabilidade non se reparte a partes iguais.

Se durante a década dos 80 houbo momentos de colaboración e apoio tácito entre algunhas organizacións sociais de defensa da lingua e os poderes públicos galegos, a partir de 1989 acentúase a falta de diálogo, sen sufrir modificacións en sentido contrario desde ese momento ata o ano 2000.

Secomasí un bo número de especialistas estiveron ao abeiro das institucións lingüísticas que mantiñan unha postura de suspensión de xuízo sobre as políticas lingüísticas oficiais e de colaboración institucional co goberno autónomo. A investigación desenvolvida por estes especialistas versou fundamentalmente sobre cuestións do corpus da lingua que non problematizaban a situación sociolingüística de Galicia, nin valoraban as políticas lingüísticas levadas a cabo. Así ocorre con moitos investigadores vinculados á Real Academia Galega ou ao Instituto de Investigacións Ramón Piñeiro (organismo adscrito á DXPL).

Escaso diálogo interinstitucional

As actuacións dos poderes públicos referidas á normalización lingüística –fóra do ensino, os medios de comunicación públicos e a Administración galega, como xa indicamos– teñen que ver case en exclusiva coa Dirección Xeral de Política Lingüística. A penas houbo actores públicos distintos que incidisen na promoción da lingua galega, se exceptuamos algúns concellos e as institucións vinculadas a cuestións lingüísticas (ILG, RAG, CCG). Tan só a EGAP cumpre unha función relevante na formación dos funcionarios públicos dende a súa creación a fins dos anos 80.

O departamento responsábel non tendeu a actuar de xeito coordinado con outras institucións. Non existe ningún órgano de coordinación estábel con outras administracións, a excepción dos convenios que se establecen con outras institucións (TSXG, audien-

cias, deputacións, concellos, universidades...) que implican unha comisión de seguimento. A maioría das colaboracións teñen como obxectivos principais a formación dos funcionarios e o custeamento de gabinetes de tradución/corrección lingüística, agás naquelas institucións que xa dispoñen dunha dinámica autónoma. Os avances do grao de galeguización destas institucións non viñeron derivados das accións desenvoltas en colaboración coa DXPL, mais do impulso da propia organización. Algúns dos convenios que teñen unha maior perdurabilidade (no ámbito da Xustiza, e dalgúns deputacións provinciais) a penas surtiron efectos normalizadores en todo o período; pola contra, algunhas das administracións máis galeguizadas e máis activas na normalización lingüística non dispuxeron dunha gran colaboración por parte da DXPL.

Falta de integralidade na acción da Xunta de Galicia

Tampouco no plano interno da propia Administración autonómica se deu unha colaboración efectiva entre os distintos departamentos. As accións referidas á promoción social do idioma galego eran ideadas e implementadas desde a DXPL sen incorporar a outros departamentos con responsabilidades no tema.

Envíanse mensaxes contradictorias á sociedade cando por unha banda se fomenta a galeguización, e por outra a propia Administración autonómica emprega o castelán como lingua para comunicarse co cidadán. A título de exemplo podemos comentar como por un lado se pretende fomentar a galeguización dos concellos e, por outro, finánciase *software* que implica o funcionamento xeneralizado en castelán; o mesmo acontece no ámbito empresarial con algúns dos produtos, por exemplo do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

Compréndese o fomento do idioma galego como unha apelación moral á consciencia dos destinatarios. Establécese unha disociación entre o fomento do galego e o conxunto das accións levadas a cabo para o desenvolvemento. Por unha banda están as accións de normalización lingüística que apelan en bruto ás bon-

dades da lingua galega, e por outra as accións que desde a Administración autonómica se deseñan de xeito específico para a mellora dun sector.

Estamos persuadidos de que aquelas intervencións que teñen un efecto máis beneficioso para a galeguización son as que están dirixidas directamente ao sector, e principalmente as que vinculan a introducción do idioma galego aos momentos de cambio que supoñen unha mellora e modernización dese ámbito. En definitiva, a promoción do galego debe verse como un elemento incardinado no conxunto de medidas de promoción dun ámbito, e non como unha compoñente engadida *ad hoc*. É neste sentido que se bota en falta unha maior coordinación entre a DXPL e outros departamentos, e sobre todo unha actuación máis horizontal que permitise incidir da man doutras intervencións da Xunta de Galicia, e deste xeito darlle un carácter máis integral ás accións de normalización lingüística. Neste sentido a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, sendo unha boa iniciativa, viuse fanada pola súa inacción.

SOBRE O IMPACTO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Aumento do prestixio e mellora das actitudes cara á lingua galega

Un dos efectos grandemente positivos da acción combinada dos poderes públicos e da acción social a favor da lingua, foi que a maior presenza pública e diversificación de funcións do galego redundou nunha actitude moito máis favorábel por parte da cidadanía galega. O galego mellorou canto ao seu prestixio social –entendemos o prestixio dunha lingua como o valor desta para a mobilidade social ascendente, Euromosaic (1996),–; isto hai que velo en termos relativos respecto do castelán, e neste sentido o galego non ten, nin con moito, a posición social da lingua castelá. Endebén, está grandemente estendida a concepción da lingua galega como un valor engadido non competitivo co castelán. Sen cues-

tionarse socialmente o prestixio do castelán, si que se entende que o galego achega, en determinados ámbitos, un valor para a mobilidade social vinculada ao ámbito público. Deste xeito non debemos menosprezar o grande peso e a ascendencia que ten o sector público dentro da economía e da sociedade galega.

Esta mellora na consideración do galego ten que ver coa súa maior presenza ambiental en espazos prestixiados (medios de comunicación públicos, administracións, ensino, ámbitos da cultura e da política, etc), pero tamén –como dicimos– coa percepción de que o coñecemento do galego, e mesmo o seu uso, poden ser favorábeis para a mobilidade social. Esta situación, aínda incipiente, semella ir incrementándose na medida en que haxa unha percepción fundada na necesidade de coñecemento e mesmo de uso efectivo da lingua galega no ámbito laboral. Mesmo a educación e a comunidade educativa, na súa función de formación de man de obra para o mercado de traballo, estará máis ou menos incentivada para a incorporación da lingua galega en función da virtualidade desta lingua para a promoción social posterior.

Ademais a lingua galega estase constituíndo nun referente de identidade positiva, que rompe coa identidade negativa anterior. Crecentemente o galego está sendo un valor de vínculo positivo coa comunidade. Para moitos galegofalantes de novo cuño o uso desta lingua ten unha connotación identitaria de primeira magnitude. Un dos principais elementos que permite gañar ou “mantener” falantes para o galego é a súa calidade de manifestación expresiva de identificación coa comunidade, o sentimento de pertenza a un espazo de fraternidade que funde as raíces no tempo e que transcende as persoas concretas. As persoas que se incorporan por esta vía tenden a ser falantes completos, é dicir utilizan a lingua galega en todo o seu repertorio comunicativo. Estes comportamentos teñen un efecto moi relevante na promoción do galego, rachando coa tendencia que supón que a adaptación lingüística sexa favorábel ao castelán nos ámbitos prestixiados. Este perfil de falantes teñen un relevo cualitativo moi importante no gaño para o galego de novos ámbitos.

As accións públicas da Xunta de Galicia conducentes a unha maior presenza pública da lingua galega teñen os seus froitos nunha mellor percepción desta polos seus falantes e polo conxunto da poboación en xeral. Este foi un dos maiores logros acadados pola Administración autonómica. A extraordinaria mellora nas actitudes cara á lingua galega por parte da poboación ten que ver coa corrección política introducida nestes anos, e así o sinalan todas as análises sociolingüísticas. Con todo, debemos ter cautela co uso do concepto de actitude lingüística para explicar as situacións das linguas nas sociedades. Esta mellora permite que os galegofalantes habituais tendan a estender o uso da súa lingua a un maior número de ámbitos, e polo tanto utilízalo cunha maior normalidade. En paralelo a esta situación observamos as mellores actitudes lingüísticas nun momento de grande caída nos usos sociais da lingua galega.

Ineficacia das políticas lingüísticas canto ao mantemento e recuperación dos usos do galego

En Galicia deuse nas dúas últimas décadas –tamén nas inmediatamente anteriores– un proceso de substitución lingüística do galego polo castelán, caracterizado fundamentalmente pola *non reprodución da lingua galega*, entendido como o proceso en virtude do cal os fillos non falan a lingua que falaban os seus pais, Euromosaic (1996). Na situación máis tradicional, cunha economía máis vinculada aos sectores primarios, as axencias de reprodución da lingua galega eran a familia e a comunidade; a escola era unha axencia de non reprodución, o que non afectou en exceso aos usos lingüísticos ata que as destrezas adquiridas nela foron funcionais para a mobilidade social asociada ao castelán.

O proceso de modernización da sociedade galega, caracterizado fundamentalmente pola urbanización e os cambios socioeconómicos que tenderon a terciarizar a economía –facéndoa moito máis homologábel ás economías do contorno do que en épocas pasadas–, provocou unha reestructuración da funcionalidade das

linguas e polo tanto das súas dinámicas de uso. Nesta nova situación, os espazos urbanos onde a mobilidade social estaba asociada á lingua castelá, provocaron que as familias educasen aos seus fillos en castelán “polo seu ben”, para que puidesen progresar socialmente.

Durante os anos 60 e 70, as familias máis vinculadas ao espazo urbano xogaron en boa medida un papel de non reprodución da lingua galega, ao tempo que a escola afortalaba este proceso sendo o ámbito da comunidade o que mantiña un pouso galeguizador.

A partir dos anos 80, coa institucionalización da Comunidade Autónoma e a incorporación do galego ao ensino, fréase o efecto desgaleguizador da educación e de xeito progresivo comeza a xogar favorablemente na reprodución da lingua galega. Nestas últimas décadas, a familia xoga en xeral un papel de non reprodución, perdéndose o traspaso interxeracional da lingua galega, que nos leva á situación actual onde o galego é a lingua moi maioritaria nos segmentos de poboación de máis idade, sendo minoritario nas xeracións máis novas.

Os cambios na consideración social do galego están a modificar a posición de moitas familias, que ou ben non ven un obstáculo para a mobilidade social na utilización do galego no ámbito familiar; ou mesmo optan por educar os seus fillos nesa lingua, como un elemento que os pode favorecer. Na actualidade están xogando un papel favorábel moitos factores vinculados ao sector público, como dicimos unha axencia primaria de produción e reprodución da lingua como a educación, e algunha axencia secundaria como os medios de comunicación públicos. Sen embargo a actuación pública non é quen de conter, e moito menos inverter, o proceso de non reprodución global.

Eficacia na capacitación lingüística en galego

Vendo a evolución da competencia lingüística en galego da poboación, podemos comprobar como ao longo destas dúas déca-

das se dá un forte incremento no coñecemento da lingua galega. Podemos atribuír esta mellora á acción combinada dos poderes públicos galegos, pero onde o factor central vai ser a introducción do galego no ensino regulado, como materia e como lingua parcialmente vehicular do ensino.

Tamén contribúen a esta mellora os cursos de formación, que tiveron como beneficiarios fundamentais os traballadores da función pública (funcionarios das distintas administracións, mestres, etc.) e a persoas que estando en situación de desemprego consideraban que a puntuación proporcionada polos ditos cursos era un elemento que podía xogar nunha potencial vida laboral vinculada ao sector público. Veremos que este incremento da competencia lingüística ten que ver fundamentalmente coa dimensión lecto-escritora. Tanto a habilitación do ensino regulado como dos cursos de galego centrábanse nas cuestións gramaticais da lingua e coa xeneralización dunha normativa que establecía o canon oficial de referencia. Podemos considerar bastante exitosa esta política, se vemos o gran salto na cualificación dos últimos anos; a tendencia positiva sosterase pola incorporación de novas xeracións con boa formación en galego, conforme o seu peso no conxunto da poboación vaia en aumento.

Non se conseguiu, con todo, unha capacitación productiva oral da poboación; a adquisición de competencia lingüística en galego mantense nos planos da lectura/escritura e da comprensión, pero non na competencia operativa para o uso. Ao comezo destas dúas últimas décadas, partíase dunha situación onde o galego “ambiental” era hexemónico salvo en determinadas zonas moi concretas, e a gran maioría da poboación tiña contornos galegofalantes na familia, no barrio/aldea, no traballo, etc. Isto supoñía que aínda non tendo o galego como lingua inicial e/ou principal, o coñecemento da lingua galega estaba moi apoiado polo medio comunicacional. Con todo estes contornos fóronse reducindo, e na actualidade existen zonas relevantes do espazo urbano e determinados segmentos da poboación en que o peso do galego no medio social é moi feble. Nestes casos a competencia lingüística adquire-

se fundamentalmente na escola, e observamos que cando esta capacitación só depende da escola resulta non ser operativa para o desenvolvemento oral.

Cada vez máis a competencia lingüística terá que recoller a dimensión oral dentro dos seus obxectivos, xa que ata agora para a maior parte da poboación, a adquisición de competencia lingüística en galego supoñía adquirir destrezas na lectura /escritura dunha lingua xa coñecida; sen embargo, moitas das novas xeracións escolarizadas en galego non son capaces de se desenvolver con soltura na fala. A obtención de competencia lingüística non foi acompañada da adquisición de competencia comunicativa en idioma galego.

Esta eiva na competencia comunicativa pode ter consecuencias nos usos da lingua galega, dado que persoas castelánfalantes que “por opción” estarían en disposición de falar o galego, non son capaces de dar o paso por falta de seguranza nas súas propias destrezas lingüísticas. Sabemos que en xeral, as zonas que mencionamos, onde o contorno ambiental en galego é menor, coinciden cunha maior lasitude no cumprimento da normativa de incorporación do galego como lingua vehicular do ensino. Co cal, non podemos afirmar que a normativa sexa insuficiente para garantir a competencia completa nas dúas linguas, pero si que a actual situación non a garante en determinadas zonas.

Ineficacia e ineficiencia das medidas normalizadoras nos medios de comunicación privados

Se analizamos a utilización do galego por parte dos medios de comunicación privados, comprobamos a exigüidade no uso de dita lingua; observamos que se dá a seguinte dinámica:

1. Existe unha mínima utilización da lingua galega tanto nos xornais diarios (se exceptuamos o caso de *O Correo Galego*) coma nas radios privadas.
2. Existe unha gran distancia entre o uso social da lingua galega e a súa presenza nestes medios de comunicación. Os

medios privados ademais de non seren un factor de normalización lingüística en Galicia (habería que ter en conta ademais do elemento cuantitativo o cualitativo, que relega o galego a determinado tipo de noticias “menores”) non reflicten a proporcionalidade do uso social das dúas linguas. É evidente que un dos factores determinantes desta ausencia é a desconfianza en que a menor competencia en galego do conxunto da poboación minguase o número de lectores. Sen negar completamente esta percepción, si podemos afirmar que na actualidade a situación ten mudado dabondo, e que as novas en galego inseridas nos xornais diarios non teñen un menor índice de lectura. Se no ámbito escrito a incorporación da lingua galega non é tan evidente que afecte ás audiencias, no ámbito das radios está claro que non ten por qué afectar negativamente.

3. Na liña da falta de correspondencia lingüística coa realidade social, vemos como tamén existe unha fenda importante entre os usos lingüísticos nas fontes das novas e a emisión pública destas. Boa parte das novas referidas aos ámbitos galegos ou locais xorden de voceiros políticos ou institucionais que fan un uso público de forma maioritaria en galego. Esta hexemonía do galego na expresión pública no ámbito da política e das institucións non ten correspondencia nos medios de comunicación privados. Hai unha tendencia á tradución ao castelán na elaboración de novas que na súa orixe se producen en galego. Visto en perspectiva dinámica, vemos que a evolución do uso do galego nestes medios durante as últimas décadas non foi acorde coa evolución da presenza pública da lingua galega.
4. Observando a dinámica evolutiva do uso do galego nos medios e as accións públicas da Xunta que promoven o seu uso, detectamos unha falta de correspondencia entre elas. Se as liñas de financiamento público (convenios e subvencións da DXPL) financiaron ao longo desta última década

os medios de comunicación privados para a utilización progresiva do galego, a situación a penas variou neste período. Á ineficacia desta liña de actuación da Dirección Xeral de Política Lingüística por non cumprir os obxectivos marcados hai que sumarlle a ineficiencia dado que se empregou unha cantidade relevante de fondos públicos sen que se dese unha mellora aparente en canto ao cumprimento dos obxectivos.

O PORTUGUÉS COMO UN VALOR ENGADIDO

O alto grao de interrelación rexional do Eixo Atlántico no marco da Unión Europea, estableceu un novo escenario ao longo destes anos. Este supón unha reconsideración entre veciños que tradicionalmente estiveron de costas. Neste ámbito tamén xoga a cuestión da lingua, e pode xogar un sentido estratéxico na comunicación entre as dúas comunidades.

A liña central de promoción do galego baseada na valoración do propio como referente de identidade, pode ter un bo complemento difundindo o seu valor de vínculo a outro espacio comunicativo internacional. Isto suporía que a nosa comunidade pode dispoñer sen esforzo de dúas linguas de comunicación internacional, e constituírse nunha avantaxe comparativa para os cidadáns galegos. Para isto deben estreitarse os vínculos simbólicos da lingua galega co portugués, e que isto teña unha proxección positiva cara ao conxunto da sociedade.

Como derivación do anterior, deben incrementarse os intercambios comunicativos entre as comunidades de lingua portuguesa e Galicia –nomeadamente coa rexión norte de Portugal–. Facilitar prácticas comunicativas reais, como os intercambios e a distribución de produtos culturais entre as dúas comunidades, permitiría con escasos recursos a expansión da competencia operativa en portugués.

BASES PARA A REVITALIZACIÓN DUNHA POLÍTICA LINGÜÍSTICA
MÁIS EFECTIVA NA PROMOCIÓN SOCIAL DA LINGUA GALEGA

En xuño do ano 2000, o European Centre for Minority Issues (ECMI), en colaboración coa Comisión Europea, co Consello de Europa e o Bureau Europeo para as Linguas Menos Estendidas (EBLUL) publicou o documento da conferencia titulada “Evaluating policy measures for minority languages in Europe: Towards effective, cost-effective and democratic implementation”. Nel emítense unha serie de recomendacións que tentaban reunir os principios de boas prácticas políticas no ámbito das linguas minoritarias, en particular aquelas que facían fincapé na eficacia, eficiencia das políticas lingüísticas, así como no proceso democrático a través do que deben ser desenvolvidas.

Tomando en conta o contido deste documento e as achegas dos distintos expertos que participaron nesta investigación, presentamos diversas ideas que puideran servir de base para unha revitalización da política lingüística en Galicia. Como se verá, os comentarios desenvolvidos neste capítulo establecen en boa medida os parámetros cualitativos do conxunto da avaliación anterior.

Estamos convencidos de que a confrontación política en materia lingüística (na dimensión *politics*) non se corresponde cun disenso tan grande en torno á política pública (dimensión *policy*) que deba desenvolverse en materia lingüística en Galicia. Coidamos que existe un amplo consenso entre a meirande parte dos actores que xogan un papel relevante na promoción da lingua galega. Mostramos a seguir os elementos que poderían fundamentar este consenso:

- a) A xestión das dúas linguas que conviven na sociedade galega debe conxugar a protección efectiva dos dereitos lingüísticos individuais cunha promoción do galego polos poderes públicos. Este punto de partida que está recollido nas bases normativas da política lingüística (CE, EA, LNL...), ten como fundamento a consideración do galego

como lingua propia, como patrimonio cultural que salvargardar, como referente de identidade comunitario; pero ademais, parte do presuposto de que existe unha desigualdade social de fondo entre as dúas linguas que pon en risco a supervivencia da galega. Somos conscientes de que o castelán non vai deixar de coñecerse e utilizarse en Galicia, o que entendemos como unha riqueza para a nosa sociedade; endebén, isto non pode predicarse da lingua galega se os poderes públicos non aplican accións positivas que promovan o seu coñecemento e uso. Para poder dispoñer das dúas linguas funcionando de xeito operativo na sociedade galega, ten que desenvolverse unha política lingüística máis decidida que incorpore os criterios de eficacia, eficiencia e conformación democrática no seu desenvolvemento.

b) A décima recomendación do mencionado documento, denominada “proceso democrático”, alenta a asegurar unha ampla participación e consulta incluíndo canles non formais que permitan o debate con organizacións da sociedade civil e coa sociedade en xeral. Deste xeito baseamos o consenso necesario para esta política no diálogo artellado en tres dimensións:

- 1) *Diálogo político*: haberá que atinxir un grande acordo estratéxico sobre a lingua galega que permita substraer a confrontación partidista da normalización lingüística. Neste sentido, en Cataluña sempre houbo un grande acordo entre as forzas políticas sobre as directrices centrais da política lingüística, tentando non trasladar á sociedade mensaxes que se traslocen en connotacións políticas derivadas de usos lingüísticos. O diálogo político apelará á responsabilidade e xenerosidade suprapartidaria, a prol da mellora da situación da lingua galega.
- 2) *Diálogo social*: na determinación e desenvolvemento da política lingüística en Galicia, deberá contarse co conxunto dos axentes sociais. A política lingüística debe

implicar o conxunto da sociedade, tanto por requirimento democrático –que a acción pública se fundamenta no que a sociedade quere–, como pola súa propia efectividade. A utilización dunha lingua, nunha situación como a nosa, xógase fundamentalmente no ámbito do social. Os poderes públicos teñen grande ascendencia sobre a sociedade: por unha banda, na dimensión clásica reguladora e coercitiva; pero por outra, nun *estilo de goberno relacional*, ten grande relevo a capacidade de mobilizar recursos a favor do galego. Fronte á unidireccionalidade das accións da Administración, os poderes públicos deben ser complementarios da iniciativa social. Debemos desbotar a concepción dirixista da Administración e apoiar e promover as accións civís a favor do galego.

Este diálogo social debe ter, pois, dous planos: a) por unha banda, cos actores sociais máis comprometidos na promoción da lingua galega; b) por outra parte, un diálogo co conxunto dos actores de maior representatividade e significación en Galicia que permita conformar unha política lingüística cunha fonda ancoraxe na sociedade galega. Tradicionalmente, considerouse que a cuestión da lingua debía ser un debate restrinxido ás elites políticas e culturais, convencidos de que a normalización lingüística non era algo querido, e moito menos, demandado pola gran maioría da poboación. A identidade negativa asociada ao galego facía que houbera unha desconfianza cara ao conxunto da poboación por parte dos responsábeis e activistas na súa defensa. A lingua galega convertíase en algo que había que promover ou reivindicar, pero non debater abertamente na sociedade, presupoñendo que esta non estaría o suficientemente “madura” para adoptar as decisións máis axeitadas. Aquí sostemos que se debe abrir un grande debate na sociedade sobre a situación e os

destinos lingüísticos na comunidade galega. Trátase de socializar o proceso de normalización lingüística, de forma que na reflexión e determinación dos obxectivos participen o conxunto dos actores relevantes na nosa sociedade, para que dese xeito se sintan copartícipes da política, e polo tanto implicados no proceso. Trata de establecerse unha auténtica comunidade política en materia lingüística que teza unha rede de mobilización de recursos para a promoción da lingua galega. En Cataluña, por exemplo, existe un organismo consultivo e de consenso cidadá denominado Consell Social da Llengua Catalana que incide sobre o desenvolvemento da política lingüística.

- 3) *Diálogo interinstitucional*: trátase de comprometer aos distintos niveis de goberno nunha estratexia conxunta para a promoción do galego. A Administración autonómica debe encabezar un proceso que implique ao conxunto das institucións operantes en Galicia. Noutra orde de cousas, a normalización lingüística implica unha transversalidade nas actuacións, que supón a forte coordinación de áreas distintas da propiamente responsábel da lingua galega. Isto significa que o diálogo e a coordinación non deben darse soamente entre distintas institucións ou no plano vertical, senón horizontalmente entre os distintos departamentos das administracións; con especial interese no caso da Xunta de Galicia. Neste sentido tamén existen experiencias no País Vasco e en Cataluña, sobre todo de coordinación entre a Comunidade Autónoma e as entidades locais; no caso vasco, a Comisión Coordinadora Interinstitucional, e no caso catalán o Consorci per a la Normalització Lingüística.
- c) Incorporar unha cultura e práctica planificadoras, que permitan determinar os obxectivos, deseñar as actuacións a desenvolver e establecer un seguimento e avaliación das

accións que permita valorar a súa efectividade e, polo tanto, a corrección sobre a marcha. A práctica totalidade dos axentes que xogan un papel importante na normalización lingüística, incluídos os responsábeis da Administración, consideran que se debe elaborar un Plano Estratéxico de Normalización Lingüística para Galicia que estableza a medio prazo as directrices de actuación. Baseado nos puntos anteriores, entendemos que este Plano non debe incluír exclusivamente a intervención da Administración autonómica en materia lingüística, mais incorporar ao conxunto das institucións e axentes sociais nun proceso de intervención conxunta. A propia elaboración do Plano debe servir como momento de reflexividade social sobre as cuestións lingüísticas, entendendo o proceso de conformación do mesmo como unha forma de achegar o debate sobre a lingua galega á sociedade. Este exercicio non será simplemente unha forma de coñecer a situación social das linguas e canalizar as demandas da poboación; senón que debe ser un auténtico exercicio de fundamentación democrática do proceso, facendo copartícipes ao conxunto dos actores sociais relevantes en Galicia. Isto suporá unha maior implicación no proceso, facilitando a implementación posterior. Este Plano debería incorporar tamén as características que a seguir se comentan.

- 1) *Claridade dos obxectivos*. Como indican as recomendacións europeas a que nos estamos referindo; a implementación exitosa da política dunha lingua minoritaria require que as metas estean claramente identificadas, establecendo o conxunto de medidas para a consecución dos obxectivos. Estas metas deben determinar cal é o impacto social que se desexa obter, e logo indicar cales son as medidas a tomar para acadalos. Moitas veces enténdese a planificación como unha mera ordenación das tarefas dunha organización. Está claro que é isto, pero estas actuacións deberán estar orientadas ao

efecto social que se pretende. Os parámetros de avaliación das políticas públicas teñen que estar en función da súa efectividade (eficacia e eficiencia), e os criterios de valor estarán referidos ao seu impacto social entendido como mellora significativa do coñecemento, valoración e uso da lingua galega.

- 2) *Planificación detallada.* Os obxectivos deben estar especificados pormenorizadamente, para saber con nitidez o seu cometido, e para que logo poida ser avaliado o seu grao de cumprimento. Existe unha tendencia a deseñar metas xeneralistas que recollen ideas ambiguas sobre os obxectivos, e que normalmente non son operativas para a planificación (non facilitan a determinación das accións, nin son medíbeis, o que dificulta a súa avaliación). A planificación require a identificación apropiada dos obxectivos, dos recursos utilizados (materiais e humanos), e dos procesos a través dos cales se pretenden conseguir os obxectivos. Neste sentido, unha das accións relevantes levadas a cabo en Cataluña e o País Vasco está referida a intervencións en organizacións (institucións, empresas, asociacións...) o que permite un alto grao de detalle nos obxectivos e seguimento dos avances, ademais de supor un autocompromiso corporativo coa normalización lingüística.
- 3) *Avaliación das accións.* As políticas públicas deben poder ser avaliadas para poderen ser corrixidas e melloradas. Débense establecer sistemas que permitan medir e analizar o grao de efectividade das intervencións públicas, como contraste para saber se o que se está a facer é atinado, e ver en qué sentido poderían introducirse modificacións de cara a gañar efectividade.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, Xesús (1973): *Informe –dramático– de la lengua gallega*, Madrid, Akal.

Álvarez Cáccamo, Celso (1987): “Fala, bilingüismo, poder social”, *Agália*, 10, AGAL, 127-150.

Álvarez Docampo, Xulio César, García Conde, Socorro e García Gómez, Valentín (1999): “Proposta da CTNL sobre a comarcalización de servicios lingüísticos” en Domínguez Salgado, Ana, Mayo Redondo, Susana e Romero Rodríguez, Daniel (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 241-261.

Appel, René e Muysken, Pieter (1996): *Bilingüismo y contacto de lenguas*, Barcelona, Ariel.

Aracil, Lluís *et al.* (1989): *Problemática das linguas sen normalizar: Situación do galego e alternativas*, A Coruña: Instituto Galego de Sócio-Pedagogía; Ourense: Galiza Editora.

Argelaget, Jordi (1998): “Las políticas lingüísticas: diversidad de modelos lingüísticos escolares”, en *Políticas Públicas en España*, Gomà, R. e Subirats, Joan (comp.), Barcelona, Ariel, 295-316.

Arias Veira, Pedro e Cancio Álvarez, Miguel (1999): *Las elecciones en Galicia. De la hegemonía centrista a la competencia tripartidista. 1977-1997*, Santiago de Compostela, Tórculo.

Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e Bureau Européen pour les Langues Moins Répandues (1995): *Actas I Simposio Internacional de linguas europeas e lexislacións*, A Coruña.

Ballart, Xavier (1992): *¿Cómo evaluar programas y servicios públicos?*, Madrid, INAP.

Ballart, Xavier e Ramió, Carles (2001): *Ciencia de la Administración*, Valencia, Tirant Lo Blanch.

Bastardas i Boada, Albert (1997): "Política i planificació lingüístiques: cap a una perspectiva ecosistèmica" en Direcció General de Política Lingüística (ed.), *Actes del Congrés Europeu sobre Planificació Lingüística. Barcelona, 9 i 10 de novembre de 1995*, Barcelona, Generalitat de Catalunya, 50-60.

Beramendi, Justo G. e Núñez Seixas, Xosé Manuel (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.

Beramendi, Justo G. (1998): "Identidade, etnicidade e Estado na España contemporánea" en Grial, 38: *O nacionalismo hoxe*, Galaxia.

Bourdieu, Pierre (1999): *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Akal.

Bouzada Fernández, Xan e Lorenzo Suárez, Anxo M. (1997): *O futuro da Lingua. Elementos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Cabrera, Julio (1992): *La nación como discurso. El caso gallego*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.

Calvet, Louis-Jean (1998): *A (Socio)lingüística*, Santiago de Compostela, Laiovento.

Carvalho Calero, Ricardo (1990): *Do galego e da Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

Centro para a Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro (ed.) (1998): *Catálogo de publicacións*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Cidadania, Rede de Aplicacións Sociais (2001): *Estudio-diagnóstico: Situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (ed.) (1990): *Informe I*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (ed.) (1991): *Informe II*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (ed.) (1992): *Informe III*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (ed.) (1995): *Informe IV*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (ed.) (1998): *Informe: Unha lingua milenaria tras 15 anos da Lei de normalización*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Consellería de Educación e Cultura (ed.) (1980): *Normas ortográficas do idioma galego*. Santiago de Compostela, Comisión de Lingüística, Consellería de Educación e Cultura.

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (ed.) (1995): *Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Consello de Contas de Galicia (ed.) (1998): *Informe de fiscalización do exercicio económico de 1997*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Consello Escolar de Galicia (ed.) (1994): *Informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia, Curso 92-93*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Consello Galego de Relacións Laborais (ed.) (2001): *Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma galega 2000*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Cooper, Robert Leon (1997): *La planificación lingüística y el cambio social*, Cambridge, Cambridge University Press.

Costas Abreu, Xesús (1999): “Os servicios lingüísticos e a súa coordinación: a figura do consorcio” en Domínguez Salgado, A., Mayo Redondo, S. e Romero, D. (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 203-239.

Costas Abreu, Xesús (2001): *As leis do Parlamento de Galicia (1982-2000)*, Vigo, Xerais.

Direcció de Política Lingüística (ed.) (2001): *Informe sobre Política lingüística 2000*, Barcelona, Generalitat de Catalunya.

Dirección Xeral de Política Lingüística - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (ed.) (1992): *Lexislación actualizada sobre a lingua galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Dirección Xeral de Política Lingüística - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (ed.) (1998): *Galego, lingua propia de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Domínguez Salgado, Ana e Mayo Redondo, Susana (2000) (eds.): *Actas dos III Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Domínguez Salgado, Ana, Mayo Redondo, Susana e Romero Rodríguez, Daniel (1999) (eds.): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Euromosaic (1996): *Producción e reprodución de grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*, Santiago, Xunta de Galicia.

Fernández Leiceaga, Xoaquín e López Iglesias, Edelmiro (2000): *Estructura económica de Galiza*, Santiago de Compostela, Laivento.

Fernández Rei, Francisco (1990): “Nacionalismo e dignificación da lingua galega no período 1972-1980”, *A Trabe de Ouro*, 1, Sotelo-Blanco, 43-71.

Fernández Rei, Francisco (1991): “O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego” en *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.

Fernández Rodríguez, Mauro (1991): “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial*, 110, Galaxia, 239-262.

Ferro Ruibal, Xesús (1998): “Porcentaxes de galego na prensa diaria. Dúas catas en outubro e novembro de 1998”, *Cadernos de Lingua*, 18, 2º semestre, Real Academia Galega, 29-51.

Fraga Iribarne, Manuel (1996): *A lingua galega cara ó ano 2000*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Fraile, Antoine (1996): *Normalisation et politique linguistiques en Galice, 1983-1993*, 2 vols., Tours, Université François Rabelais-Tours [tese de doutoramento inédita].

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, (1997): *Lingua galega: normalidade e conflito*, Santiago de Compostela, Laiovento.

Friedman, John (1991): *La planificación en ámbito público*, Madrid, INAP.

García Conde, Socorro (1999): “Propostas básicas para o funcionamento e status legal dos SNL/SL” en Domínguez Salgado, Ana, Mayo Redondo, Susana e Romero Rodríguez, Daniel (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 19-34.

García Negro, María Pilar (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vilaboa, Edicións do Cumio.

García Negro, María Pilar (2000): *Direitos lingüísticos e control político*, Santiago de Compostela, Laiovento.

Godet, Michel (1991): *Problemas & Métodos de prospectiva: caja de herramientas*, Zarautz, Prospektiker /futuribles-UNESCO.

Godet, Michel (1993): *De la anticipación a la acción. Manual de prospectiva y estrategia*, Barcelona, Marcombo.

Graña Martínez, Venancio (2001): *Lexislación da lingua* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Grin, François (2000): *Evaluating policy measures for minority language in Europe*, Flensburg, European Centre for Minority Issues (ECMI).

Grin, François e Vaillancourt, François (1999): *The cost-effectiveness evaluation of minority language policies: Case studies on Wales, Ireland and the Basque Country*, Flensburg, European Centre for Minority Issues (ECMI).

Herrero Valeiro, Mário J. (1997): "Ilusões glotopolíticas e planificación lingüística na Galiza", *I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo. Comunidades e individuos bilingües*, Vigo, Universidade de Vigo [no prelo].

Hizkuntza Politikarako Sailburuordetza (ed.) (1998): *Plan General de Promoción del Uso del Euskera*, Vitoria-Gasteiz.

Jardón, Manuel (1993): *La "normalización lingüística", una anormalidad democrática. El caso gallego*, Madrid, Siglo XXI.

Ledo Andiñón, Margarita (2000): "O audiovisual" en *A comunicación en Galicia 2000*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 85-101.

Lindblom, Charles E. (1991): *El proceso de elaboración de políticas públicas*, Madrid, Ministerio para as Administracións Públicas.

Lipsky, Michael (1980): *Street-Level Bureaucracy*, Nova York, Rusell-Sage.

López García, Xosé (coord.) (2000): *A comunicación en Galicia 2000*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

López Valcárcel, Xesús M. (1991): "Normalización. Agora ou nunca", *Cadernos de Lingua* 3, 135-146.

Lorenzo Suárez, Anxo M. (1999): "A xestión normalizadora en Galicia: encadramento, características e propostas de funciona-

mento” en Domínguez Salgado, Ana, Mayo Redondo, Susana e Romero Rodríguez, Daniel (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 7-18.

Lorenzo Suárez, Anxo M. (edit.) (1997): *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Universidade de Vigo.

Losada, Antón (2000): *La política del mar. Políticas públicas y autonomía*, Madrid, Istmo.

Máiz Suárez, Ramón (1997): *A idea de nación*, Vigo, Xerais.

Máiz Suárez, Ramón (1998): “A reconstrucción teórica do nacionalismo e as demandas políticas da democracia” en *Grial*, 38: *O nacionalismo hoxe*, Galaxia, 185-197.

Máiz Suárez, Ramón (comp.) (1997): *Nacionalismos y movilización política*, *Zona Abierta*, 79, Madrid, Ed. Pablo Iglesias.

March, James G. e Olsen, Johan P. (1997): *El redescubrimiento de las instituciones. La base organizativa de la política*, México, Fondo de Cultura Económica.

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

Márquez Cruz, Guillermo (1998): “Continuidad y renovación en las élites parlamentarias de Galicia: Cortes Generales y Parlamento territorial (1977-1997)”, *Revista de las Cortes Generales*, 45, Publicacións do Congreso dos Deputados, 83-144.

Márquez Cruz, Guillermo (2000): “Los Gobiernos de coalición en Galicia”, en Matas, Jordi (ed.) *Coaliciones políticas y gobernabilidad*, Barcelona, Institut de Ciències Polítiques i Socials, 127-191.

Mayo Redondo, Susana e Pérez Magdalena, Rosario (2001) (eds.): *Guía da lingua galega. Centros e servicios*, Santiago de Compostela, Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística, Consello da Cultura Galega.

- Méndez López, José Luis (2000): “Características estruturais do mercado de traballo de Galicia”, en *Revista galega de emprego*, 0, Xunta de Galicia, 53-73.
- Meny, Yves e Thoening, Jean-Claude. (1992): *Las políticas públicas*, Barcelona, Ariel.
- Mercator-Education (ed.) (2001): *The Galician language in education in Spain*, Leeuwarden.
- Mezo, Josu (1996): *Políticas de recuperación lingüística en Irlanda (1922-1939) y el País Vasco (1980-1992)*, Madrid, Instituto Juan March de Estudios e Investigacións.
- Mezo, Josu (1997): “Políticas de recuperación lingüística: unha tipoloxía baseada na teoría de xogos”, *Grial*, 136, Galaxia, 559-581.
- Ministerio para las Administraciones Públicas (ed.) (1991): *Estudio DELPHI. La modernización de los procedimientos de actuación en la administración pública*, Madrid, MAP.
- Molina, Ignacio (1998): *Conceptos fundamentales de Ciencia Política*, Madrid, Alianza Editorial.
- Monteagudo Romero, Henrique (1997): “Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-1996). Notas para un balance”, *Grial*, 136, Galaxia, 527-548.
- Monteagudo Romero, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- Monteagudo Romero, Henrique (coord.) (1990): “Perspectivas sobre a lingua” en *Grial*, 107, Galaxia.
- Monteagudo Romero, Henrique e Núñez Seixas, Xosé M. (1998): “La política de la lengua en Galicia. De la reivindicación nacionalista a la planificación gubernamental”, *Signo y Señal* [no prelo].
- Monteagudo Romero, Xaquín (1999): “O uso da lingua galega nas administracións públicas de Galicia”, *Boletín de Administración e Lingua*, 12, EGAP, 3-9.

Moralejo Álvarez, Juan José (1997): *A lingua galega hoxe*, Vigo, Galaxia.

Moreno, Luis (1997): “Las relaciones de concurrencia múltiple etnoterritorial en España” en *Nacionalismos y movilización política, Zona Abierta*, 79, Ed. Pablo Iglesias, 141-165.

Mota, Fabiola (1998): *Cultura política y opinión pública en las Comunidades Autónomas: un examen del sistema político autonómico en España (1984-1996)*, Working Papers, Barcelona 153, Institut de Ciències Polítiques i Socials.

Ninyoles, Rafael (1990): *Estructura social e política lingüística*, Vigo, Ir Indo.

Nova Escola Galega (ed.) (1999): *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*.

Núñez Seixas, Xosé M. (1998): “Radicais e pragmáticos: do nacionalismo galego a finais do século XX” en *Grial*, 138, Galaxia, 313-348.

Portas, Manuel (1997): *Lingua e sociedade na Galiza*, A Coruña, Bahía Edicións.

Porteiro, María X. e Perozo, Xosé A. (1981): *Quén é quén no primeiro parlamento galego*, Vigo, Xerais.

Prada Blanco, Albino (1999): *Economía de Galicia*, Vigo, Xerais.

Ramallo, Fernando (1999): “O galego na Administración: o uso entre os funcionarios”, *Boletín de Administración e Lingua*, 12, EGAP, 10-20.

Ramallo, Fernando e Rei Doval, Gabriel (1997): *Vender en galego, comunicación, empresa e lingua en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Ramallo, Fernando, Rei Doval, Gabriel e Rodríguez Yañez, Xoan Paulo (2000): *Manual de Ciencias da Linguaxe*, Vigo, Xerais.

Real Academia Galega (ed.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña.

- Real Academia Galega (ed.) (1995): *Usos Lingüísticos en Galicia*, A Coruña.
- Real Academia Galega (ed.) (1996): *Actitudes Lingüísticas en Galicia*, A Coruña.
- Regueiro Tenreiro, Manuel (1999): *Modelo harmónico de relación lingüística. Estudio en Galicia*, Santa Comba, 3catorceEdiciones(3C3).
- Rodrigues Fagim, Valentim (2001): *O galego (im)possível, radiografía de umha regeneraçom inconclusa*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Rodríguez Neira, M. A. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.
- Rodríguez Neira, M. A. e Rubal Rodríguez, X. (1987): *O galego no ensino público non universitario*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Sánchez, Francisco (1991): *Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Rojo, Guillermo (1981): "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", *Revista Española Lingüística*, 11-2, 269-310.
- Romero, Daniel e Vaquero, Isabel (2001): *Da periferia á rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos*, Vigo, Xerais.
- Sánchez Puga, Xosé (1995): "Medidas para a galeguización do ensino" en *II Xornadas UFF de cultura galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Santamarina Fernández, Antón (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisado ós 30 anos do seu ingreso na RAG*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Siguan Soler, Miquel (1993): *Opiniones y Actitudes*, "Conocimiento y uso de las lenguas en España", 2, Madrid, Centro de Investigacións Sociolóxicas.

Siguan Soler, Miquel (1999): *Opiniones y Actitudes*, “*Conocimiento y uso de las lenguas*”, 22, Madrid, Centro de Investigaci3ns Sociol3xicas.

Smith, Anthony D. (1997): *La identidad nacional*, Madrid, Trama Editorial.

Subirats Humets, Joan (1989): *Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración*, Madrid, Ministerio para as Administracións Públicas.

Subirats Humets, Joan (1991): “La administración pública como problema. El análisis de las políticas públicas como propuesta” en *Documentación Administrativa*, 224-225, outubro-marzo, INAP, 15-57.

Teixeiro Piñeiro, Anxo (1988): *O Parlamento de Galicia*, Vigo, Ed. Ir Indo.

Tristán, Pancho (1998): “Mercadeo político. Os cartos da arbitrariedade na promoción do galego”, *Tempos Novos*, 18, Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, 23-28.

Vallès, Josep M. (2000): *Ciencia Política. Una introducción*, Barcelona, Ariel.

Vilas Nogueira, José (1992): “Las elecciones en Galicia (1976-1991)”, *ICPS-Working Paper*, 57.

Vilas Nogueira, José (2000): “Gobierno y administración en la Comunidad Autónoma de Galicia” en Paniagua Soto, Juan Luis (ed.) *Gobierno y Administración en las Comunidades Autónomas (Andalucía, Canarias, Cataluña, Galicia y País Vasco)*, Madrid, Tecnos, 129-168.

Vilas Nogueira, Xosé *et al.* (1994): *O sistema político galego. As institucións*, Vigo, Xerais.

VV.AA. (1992): *Diez textos básicos de Ciencia Política*, Barcelona, Ariel.

VV.AA. (1997): *Perspectivas da normalización lingüística*, Grial 136, Vigo, Galaxia.

VV.AA. (1998): *O nacionalismo hoxe*, Grial, 138, Vigo, Galaxia.

VV.AA. (2000): *Monográfico lingua e política*, *Tempos Novos*, 36, Atlántica de Información e Comunicación de Galicia.

DISPOSICIÓN NORMATIVAS CITADAS

Constitución española do 27 de decembro de 1978 [BOE 29/12/78].

Decreto 1981/1979, do 20 de xullo, polo que se regula a incorporación da lingua galega ó sistema educativo en Galicia [DOG 01/10/79].

Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia [BOE 28/04/81].

Decreto 102/1982, do 11 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación [DOG 18/08/82].

Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da lingua galega [DOG 20/04/83].

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística [DOG 14/07/83].

Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística [DOG 17/09/83].

Orde do 23 de setembro de 1983 pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre a aplicación da Lei de normalización lingüística ó ensino [DOG 22/10/83].

Decreto 142/1983, do 11 de outubro, polo que se reestructuran os órganos da Xunta de Galicia [DOG 13/10/83].

Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación de toponimia de Galicia [DOG 21/09/84].

Decreto 14/1986, do 1 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia [DOG 03/03/86].

Orde, do 31 de agosto de 1987, pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre a aplicación da Lei de normalización lingüística [DOG 04/09/87].

Orde, do 1 de marzo de 1988, pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística [DOG 17/09/88].

Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública en Galicia. [DOG 01/06/88]. Modificada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, [DOG 13/03/91], pola Lei 8/1992, do 24 de xullo [DOG 06/08/92] e pola Lei 3/1995, do 10 de abril [DOG 20/04/95].

Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a comisión coordinadora para a normalización lingüística [DOG 29/03/90].

Decreto 317/1990, do 31 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [DOG 19/06/90].

Lei 8/1992, do 24 de xullo, pola que se modifica o artigo 33 da lei 4 do 26 de maio de 1988 da función pública de Galicia sobre a obrigatoriedade de acreditar o coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia [DOG 06/08/92].

Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios [DOG 15/09/95]. Modificado polo Decreto 6/1997, do 21 de marzo [DOG 03/04/97].

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia [DOG 05/08/97].

Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [DOG 23/07/98].

OUTRAS FONTES DOCUMENTAIS

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, I, II, III, IV e V lexislaturas, baleirado de materiais referido á lingua galega realizado polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia e a Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

ECMI recomendacións en
<http://www.ecmi.de/doc/projects-recomm.html>.

Euromosaic (2000): *Galician Language Use Survey* en
<http://www.uoc.es/euromosaic/web/document/gallec/an/e1/e1.html>.

European Centre for Minority Issues (ed.) (2000): *Recommendations from the ECMI Conference. Evaluating policy measures for minority languages in Europe: Toward effective, cost-effective and democratic implementation*, Flensburg.

Mercator-Education (2001): *The Galician language in education in Spain* en <http://www.mercator-education.org>.

Presupostos da Comunidade Autónoma, anos 1983 a 2000, Consellería de Economía e Facenda - Xunta de Galicia.

ANEXO

FICHA TÉCNICA DELPHI

Obxectivo

O obxectivo da aplicación da técnica DELPHI é facer máis participada e rica a investigación, recollendo as reflexións dos principais analistas. A través desta técnica podemos reflectir os lugares comúns sobre a situación da lingua galega e o proceso de normalización, sobre as políticas lingüísticas, sobre as tendencias previsíbeis, ou sobre parámetros para a avaliación das políticas lingüísticas. O método permite obter unha aproximación cuantificada por consenso sobre temas cualitativos, e ten unha grande virtualidade prospectiva e polo tanto constitúe unha boa base de cara á posterior toma de decisións.

Participantes

- Analistas do proceso de normalización lingüística procedentes de distintas disciplinas das ciencias sociais;
- Investigadores significados de diversas institucións lingüísticas;
- Responsábeis políticos e representantes das distintas forzas políticas e sociais;
- Representantes das asociacións que traballan na promoción da lingua galega.

Número de participantes no primeiro cuestionario: 43

Número de participantes no segundo cuestionario: 31

Procedemento

1. Selección dun panel de expertos susceptibles de formar parte do DELPHI;
2. Envío dun 1º cuestionario aberto no que cada experto deu a súa opinión de xeito confidencial sobre unha serie de temas que nucleaban a investigación;
3. Recolléronse os cuestionarios e procesouse a información sistematizando todos os elementos relevantes achegados polo conxunto;

4. Envío dun 2º cuestionario co obxectivo de afinar e especificar máis nas respostas, de xeito que puideron ser cuantificábeis;
5. Fíxose un segundo procesamento da información na súa dimensión cuantitativa e cualitativa;
6. Elaboración de conclusións polo equipo de investigación, e remisión do informe final aos participantes.

Cuestionarios

- I 1º cuestionario: guión para realizar unha reflexión aberta sobre a situación da lingua galega e as políticas lingüísticas en Galicia.
- I 2º cuestionario: sobre a base das respostas anteriores recolléronse os lugares comúns, procurando nesta segunda volta precisar máis as respostas cun carácter máis conclusivo.

Datas de realización

Xaneiro de 2000 a setembro de 2001

1º CUESTIONARIO
CUESTIONARIO DO DELPHI

Solicitámoslle que responda ás seguintes cuestións, tendo en conta que se formulan, en parte, como preguntas, pero que pretenden funcionar como un guión que permiten articular de forma común a avaliación das políticas lingüísticas levadas a cabo en Galicia.

A) Valoracións xerais sobre a situación da lingua galega

1. Cómo ve a situación social da lingua galega na actualidade.
2. Cáles cre que son as tendencias cara ao futuro da lingua galega.
 - Cáles poden ser as áreas emerxentes e as oportunidades que se lle ofrecen ao galego cara adiante.

B) Valoración das políticas lingüísticas de Galicia

3. Na súa opinión, a qué obxectivos debe aspirar a normalización lingüística en Galicia (monolingüismo en galego, bilingüismo equilibrado, tolerancia entre as linguas...).
4. Podería darnos a súa opinión sobre as políticas lingüísticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia desde a aprobación do Estatuto de autonomía (liñas máis relevantes, puntos fortes e febles, valoración).
5. Cómo ve a situación do galego nos ámbitos que sinalamos a seguir, e cal é a súa relevancia no proceso de normalización lingüística:
 - O ensino
 - Os medios de comunicación públicos/privados;
 - As novas tecnoloxías;
 - O mundo empresarial.

6. Quén cre que son os actores que xogan un papel principal no proceso de promoción/recuperación da lingua galega.
7. Qué opinión lle merece o papel xogado polos seguintes actores, e cál lle parece que poderían xogar:
 - A Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia;
 - O conxunto da Administración autonómica;
 - A RTVG;
 - Os concellos;
 - Os Servicios de Normalización Lingüística;
 - Os partidos políticos;
 - As asociacións a prol da lingua (a Mesa pola Normalización Lingüística...)
 - Os sectores profesionais (médicos, avogados, arquitectos...)

C) Comparación das políticas lingüísticas e novas propostas

8. Qué opinión lle merecen as propostas alternativas -sociais e/ou políticas- á actual política lingüística.
9. Qué opinión lle merece a cuestión da normativa do galego. Cómo lle parece repercute sobre o proceso de normalización lingüística.
10. Xenericamente, que tipo de medidas concretas cre que se deberían tomar para avanzar na normalización lingüística do galego.

RESUMO DAS IDEAS PRINCIPAIS
DOS PARTICIPANTES NO DELPHI E
2º CUESTIONARIO

INTRODUCCIÓN

Neste cuestionario DELPHI recóllense dous tipos de información:

1. as ideas centrais saídas das respostas ao 1º cuestionario, aquelas máis comúns entre o grupo de participantes; e
2. unha serie de cuestións (*senaladas en cursiva*) que pretenden afinar moito máis a opinión sobre os temas tratados.

Nalgún dos bloques pedímoslle que indique o seu nivel de coñecemento sobre o tema. Case todos os participantes no cuestionario anterior sinalaban nalgún apartado ter un escaso coñecemento desa materia; no presente cuestionario preguntamos o nivel de coñecemento que vostede estima ter sobre cada bloque, co fin de enmarcar as súas respostas.

A) Situación social da lingua galega

As opinións máis comunmente compartidas sobre a situación social da lingua galega, son coincidentes cos estudos feitos ata a data sobre a situación do galego (principalmente o *Mapa Sociolingüístico de Galicia-Real Academia Galega*)

- Hai unha perda continua de falantes (iniciais e habituais), correlativa co proceso de urbanización e cambio social producido en Galicia nos últimos 20 anos.
- Falla a transmisión interxeracional, de xeito que a xente nova non ten o galego como lingua habitual.
- A carta de natureza oficial da lingua galega foi central na mellora de actitudes lingüísticas.
- O status do galego mellorou bastante nestes anos, sobre todo no plano formal e institucional. Están esvaíndose

os prexuízos negativos sobre o galego, sen embargo algúns estereotipos continúan actuando. Aparecen novos prexuízos que estigmatizan máis a procedencia ideolóxica que a procedencia social.

- Dáse unha valoración máis positiva da lingua canto elemento de identidade colectiva e elemento central da cultura galega.
- A lingua galega está asentada no mundo da cultura e na política. Existe un problema de certa redución a este ámbitos, dándose unha ritualización de usos.
- Unindo a boa posición en canto ao status lingüístico do galego coa pronunciada baixa de falantes, pode que esteamos asistindo a unha ilusión óptica na que a situación é moito máis preocupante do que semella.

▮ *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido á situación social da lingua galega é:*

Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto

▮ *Referido á situación social da lingua galega, como diría vostede que evolucionou nos últimos vinte anos:*

<i>Canto a</i>	<i>Empeorou bastante</i>	<i>Empeorou algo</i>	<i>Mantívose</i>	<i>Mellorou algo</i>	<i>Mellorou bastante</i>
<i>Competencia lingüística en galego</i>					
<i>Uso público nos ámbitos máis formalizados</i>					
<i>Uso social en xeral</i>					

<i>Canto a</i>	<i>Diminuíu bastante</i>	<i>Diminuíu algo</i>	<i>Mantívose</i>	<i>Aumentou algo</i>	<i>Aumentou bastante</i>
<i>Prexuízos negativos cara ao galego</i>					
<i>Receptividade cara ás accións públicas a favor do galego</i>					

COMENTARIOS:

B) Obxectivos aos que debe aspirar a normalización lingüística

En xeral considérase que hai que garantir os dereitos individuais dos falantes; e que as administracións públicas deben fomentar o galego. Enténdese que a igualdade entre as linguas pasa porque o galego teña unha posición preferente no uso público. As ideas máis comúns coinciden en boa medida co fondo da Lei de Normalización Lingüística (LNL):

- Considérase unha riqueza que dispoñamos de dúas linguas, a lingua galega é un valor engadido da nosa comunidade.
- Todos os galegos deben coñecer o castelán e o galego.
- Todos deben ter ao final do ensino obrigatorio unha capacitación que habilite para o uso operativo das dúas linguas.
- Deben garantirse os dereitos lingüísticos individuais.
- Dada a situación de perda de falantes pola desigualdade social de fondo entre o galego e o castelán, as Administracións públicas deberan intervir en sentido compensatorio, usando preferentemente o galego e promovendo o seu uso.
- Para o mantemento e recuperación do galego como lingua de uso normal, debe haber unha actuación decidida por parte da Administración da Xunta de Galicia promovendo entre a cidadanía o uso do galego.
- As actuacións de promoción da lingua galega deben ter en conta a receptividade dos seus destinatarios, non deben vir pola vía da imposición.

■ *Cál é o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións:*

	<i>Totalmente en desacordo</i>		<i>Totalmente de acordo</i>		
<i>A lingua galega é un elemento central da nosa identidade diferencial</i>	1	2	3	4	5
<i>É unha vantaxe como comunidade dispor de dúas linguas</i>	1	2	3	4	5
<i>A lingua galega é unha gran potencialidade ao vincularnos á área lingüística luso-brasileira</i>	1	2	3	4	5
<i>O galego está en perigo de desaparición e o castelán non, por iso debemos fomentar o galego</i>	1	2	3	4	5
<i>As Administracións Públicas non deben intervir en cuestións lingüísticas</i>	1	2	3	4	5
<i>En Galicia non existe conflictividade entre as linguas</i>	1	2	3	4	5
<i>A sociedade galega non ten interese en que as Administracións interveñan en asuntos lingüísticos</i>	1	2	3	4	5

■ *No referente ás relacións entre as administracións públicas e os cidadáns, como cre que deberían ser as súas comunicacións (sinale cun X):*

<i>Administración</i>	<i>Admón. Municipal</i>	<i>Admón. da Xunta de Galicia</i>	<i>Admón. Periférica do Estado</i>	<i>Admón. de Xustiza</i>
<i>Tipo de relación</i>				
<i>O galego debe ser a lingua de uso preferente da Administración</i>				
<i>A lingua de atención debe ser a elección do cidadán</i>				
<i>A lingua da Administración debe quedar a libre criterio dos funcionarios</i>				

■ *Cál é o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións:*

	<i>Totalmente en desacordo</i>		<i>Totalmente de acordo</i>		
<i>Nas Administracións Públicas deben existir prazas con perfil lingüístico que esixan distintos graos de coñecemento da lingua galega</i>	1	2	3	4	5
<i>Debe haber una proba de galego obrigatoria no acceso á función pública</i>	1	2	3	4	5
<i>No ámbito da Administración debe esixirse o uso da lingua galega a aquelas persoas que desenvolvan unha función pública cara a cidadanía</i>	1	2	3	4	5

COMENTARIOS:

C) *Valoración das políticas lingüísticas de Galicia*

A maior parte dos participantes no DELPHI opinan sobre as actuacións da Xunta de Galicia. Consideran que non existiu planificación, e mesmo que non houbo propiamente unha política senón unha serie de iniciativas dispersas sen vontade de conexión, que non se marcaron obxectivos, nin se fixo labor de avaliación.

- Valóranse mellor as actuacións relacionadas coas liñas básicas da LNL (ensino, medios públicos autonómicos, Administración autonómica), que a traxectoria do departamento específico: a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL).
- Considérase que a lexislación establece un marco acaído para a normalización lingüística, pero o problema está en que non se cumpre (sobre todo os desenvolvementos do ensino e dos concellos).

- A DXPL tivo boas intencións, houbo unha “vontade de galeguización” por parte dos responsables; pero foi pouco eficaz. Houbo falta de ambición, este departamento debiera xogar un papel planificador e motor do proceso de normalización, que non deu xogado.
- Valórase positivamente a ausencia de conflito social derivado das accións de normalización lingüística, pero considérase que máis ben é froito da timidez destas.
- Critícase a excesiva discrecionalidade nas accións e no uso dos fondos públicos.
- Non se contou, desde a Administración Autonómica, cos actores sociais máis relevantes que podían apoiar as accións.
- Os medios humanos cos que conta a DXPL non son os adecuados, debería contar con profesionais relacionados coa planificación lingüística.
- As partidas destinadas á normalización considéranse suficientes; o problema estaría en como se gastan.
- As accións circunscribíronse en exceso ao ámbito do ensino e da capacitación lingüística.
- A DXPL tende a insistir excesivamente nos aspectos simbólicos da lingua, facendo moita incidencia no elemento afectivo, pola vía das campañas de sensibilización.

Para afinar máis as valoracións sobre as políticas lingüísticas da Xunta de Galicia incluímos as seguintes cuestións:

- *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido ás políticas lingüísticas da Xunta de Galicia é*
Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto
- *De cara á promoción social do galego cre que a lexislación lingüística existente na actualidade, á marxe da súa aplicación concreta, é:*
Moi inadecuada 1 2 3 4 5 Moi adecuada

- *Ordene do 1º ao 4º as catro grandes liñas de actuación autonómica segundo o seu grao de efectividade na promoción do uso do galego (sendo 1º o máis efectivo e o 4º o menos efectivo):*

Principais liñas de actuación autonómica:	Orde:
O galego como lingua parcialmente vehicular do ensino básico e secundario	
Os medios de comunicación autonómicos (RTVG)	
A galeguización dos usos públicos da Administración Autonómica	
A actuación da DXPL (incluíndo cursos de galego, campañas de sensibilización, liñas de axuda, etc)	

- *Centrándonos na actuación da Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL), hai que sinalar que non existe unha opinión moi diferenciada dos distintos momentos da política autonómica; en todo caso queriamos que valorase globalmente a actuación da DXPL en cada un dos tres grandes periodos políticos entre 1 (moi mala) e 5 (moi boa).*

Periodo:	Valoración:
Desde o comezo (1981) ata o goberno tripartito (periodo Albor)	Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa
O goberno tripartito (1987-89)	Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa
Desde o 1990 ata o 2000 (periodo Fraga)	Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa

- *De cara á promoción social do galego, coida que os orzamentos empregados pola Xunta de Galicia son:*

Moi insuficientes *Algo insuficientes* *Suficientes* *Abundantes* *Excesivos*

■ *Valorando especificamente o grao de eficacia das distintas accións desenvoltas ou promovidas desde a DXPL*

■ Os cursos de lingua galega	Nula				Moi alta
Canto á capacitación lingüística operativa acadada polos asistentes:	1	2	3	4	5
Canto á promoción do uso da lingua galega	1	2	3	4	5
Outros, ¿cal?	1	2	3	4	5

■ As liñas de axudas e subvención de fomento da lingua galega	Nula				Moi alta
Canto á mellora das actitudes cara a lingua galega	1	2	3	4	5
Canto ao fomento da utilización pública escrita do galego entre os destinatarios das axudas	1	2	3	4	5
Canto á promoción en xeral do uso da lingua galega	1	2	3	4	5
Outros, ¿cal?	1	2	3	4	5

■ As campañas de sensibilización	Nula				Moi alta
Canto á mellora das actitudes sociais cara á lingua galega	1	2	3	4	5
Canto á promoción do uso da lingua galega	1	2	3	4	5
Outros, ¿cal?	1	2	3	4	5

Unha liña de críticas á actuación da Xunta de Galicia é a localización na que está inserido o departamento responsable. En xeral considérase que debora ter un carácter máis horizontal para poder actuar transversalmente no conxunto da Administración Autonómica; pero por outra parte tamén se considera interesante que se manteña vinculado ao ensino, tendendo a ver as dúas dimensións como necesarias e non excluíntes.

- *Valore, se ten opinión ao respecto, que estrutura lle parece máis acaída para dirixir a Política Lingüística galega, tendo en conta que na actualidade depende de Educación. Sinale cun X tendo en conta que as respostas non son excluíntes:*

A Dirección Xeral de Política Lingüística.	
A DXPL con outras atribucións vinculada á Consellería de:	
Educación	
Cultura	
Presidencia	
A Comisión Coordinadora de Normalización Lingüística	
Un organismo autónomo coa participación de distintas administracións	
Unha secretaría xeral de carácter horizontal	
Unha (vice)consellería de carácter horizontal	
Un organismo tipo consorcio que vinculara á Xunta e a Admón. Local	
Outros, ¿cal?	

COMENTARIOS:

Se antes valoramos as principais liñas de actuación pública, pedimos agora que se dea a opinión de cara a priorizar os ámbitos estratéxicos de actuación. Diferenciamos entre os ámbitos que pode considerarse máis importantes para a normalización lingüística, e aqueles sobre os que ten máis sentido que interveña a Administración Autónoma (porque ten máis ascendencia sobre o sector, máis responsabilidade, etc).

Seleccione os tres ámbitos que considera máis relevantes para a normalización lingüística (ordenándoos do 1º a 3º, sendo 1º o máis importante). Sinale seguidamente cales son os tres ámbitos sobre os que debería intervir a Administración Pública (poden ser coincidentes ou non):

Ámbitos	Ámbitos máis relevantes	En que debe intervir a Admón.
<i>O ensino</i>		
<i>Os medios de comunicación públicos</i>		
<i>Os medios de comunicación privados</i>		
<i>As novas tecnoloxías comunicacionais (internet...)</i>		
<i>O mundo empresarial</i>		
<i>O mundo sociolaboral</i>		
<i>A cultura</i>		
<i>As administracións públicas</i>		
<i>As familias</i>		
<i>A igrexa católica</i>		

D) *O ensino*

- Considérase un dos ámbitos máis importantes, a escola ten un papel central na transmisión da lingua.
- É un dos ámbitos nos que mellor está o galego porque é onde hai máis sensibilidade, e a comunidade escolar está máis vinculada co tema.
- Sen embargo, a situación está estancada e segue a considerarse un ámbito desgaleguizador: os nenos galegofalantes non conservan a súa lingua. De feito, coincide a incorporación da lingua galega ao ensino co momento de maior perda de falantes en galego.
- Hai unha consciencia do incumprimento da normativa no tocante ao galego como lingua parcialmente vehicular do ensino. Neste sentido, crese que non cumpre unha función recuperadora do uso.
- O uso do galego depende das vontades particulares dos profesores.
- Non hai mala receptividade entre pais/nais e alumnas/os de cara a accións de normalización lingüística.
- Hai un grave problema no ámbito das escolas infantís (0-3 anos), onde a lingua galega a penas ten presenza; as nais e pais que queren escolarizar aos seus fillos en galego non o poden facer.

- *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido á situación da lingua galega no ensino é:*
Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto

- *Referido á normativa que establece o galego como lingua parcialmente vehicular do ensino; valore os distintos factores que inciden na normalización lingüística, de cara ao cumprimento da normativa:*

Factores	Valoración						
<i>A vontade por parte da Administración de facer cumprir a normativa</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>Os incentivos para a comunidade educativa</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>A demanda por parte dos pais/alumnos</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>O interese por parte dos profesores</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>O dominio operativo da lingua galega por parte dos profesores</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>A acción dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>Os recursos existentes</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>O material didáctico en galego</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>Ideas para impulsar o proceso</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta
<i>Outros, ¿cal?</i>	Baixa	1	2	3	4	5	Alta

Referido ao modelo lingüístico do ensino considérase adecuado o marco lexislativo actual. Sen embargo, moitos dos participantes consideran que debéra ser máis ambiciosa a consideración do galego como lingua vehicular do ensino, actuando como factor de compensación á desgaleguización da sociedade.

Recóllense unha serie de comentarios referidos á conveniencia de diferenciar modelos en función da lingua contextual maioritaria, ou da lingua de elección familiar. A opinión máis estendida é que o modelo non debe favorecer a división en dúas comunidades lingüísticas.

- *Partindo da base lexislativa, na que se sinala que o sistema educativo obrigatorio debe garantir a capacitación nas dúas linguas, cal dos seguintes asertos considera vostede que debera basear o noso modelo lingüístico para os niveis primario e secundario do ensino:*

	Totalmente en desacordo			Totalmente de acordo	
<i>O ensino debe ter como lingua vehicular maioritaria o galego</i>	1	2	3	4	5
<i>O castelán e o galego deben ser vehiculares a un 50%</i>	1	2	3	4	5
<i>A lingua vehicular debe ser a que soliciten as familias</i>	1	2	3	4	5
<i>Debe partirse dun mínimo do 50% e ir incrementando progresivamente o galego como lingua vehicular en función da situación ambiental</i>	1	2	3	4	5
<i>O centro e a Administración educativa deben elixir a porcentaxe en función da lingua de contexto onde se insire o centro</i>	1	2	3	4	5

COMENTARIOS:

E) Os medios de comunicación

Considérase, xeneralizadamente, un ámbito fundamental para normalización lingüística, sendo moi distinta a situación e as posibilidades de incidencia no ámbito público e no privado.

Medios de comunicación públicos:

- Os dependentes da Xunta (CRTVG) funcionan en galego e cumpren un papel fundamental para a difusión do

galego: o seu uso público diverso e continuado ten grande importancia na redución dos prexuízos negativos.

- A aparición da CRTVG é un dos elementos con efectos máis positivos na promoción da lingua galega durante este período.
- Hai unha serie de críticas relacionadas cos contidos de certa programación (populismo, folclorismo, manipulación informativa), tendo unha repercusión negativa sobre as imaxes que se proxectan da lingua galega. En contraste, outros programas como os infantís e as series de produción propia valóranse positivamente, como máis representativos da realidade plural de Galicia, e cuns efectos máis favorables sobre as imaxes do galego.
- Certa desconexión cos sectores urbanos.
- Reitérase outra crítica referida á calidade da lingua: o mal galego dos presentadores deixa entrever un certo desleixo cara a un elemento central da comunicación como é a lingua.
- Os medios públicos non autonómicos fan un uso moi escaso da lingua galega.

- *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido á situación da lingua galega nos medios de comunicación é:*
Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto

Referido especificamente á RTVG formulámoslle as seguintes cuestións:

- *A repercusión da RTVG sobre a normalización lingüística considera que é:*

Nula Escasa Importante Moi relevante

- *Diría que a imaxe do galego que proxecta RTVG é (non son excluíntes):*

Variada Ruralizante Moderna Artificial Similar ao castelán

- I *¿Cre que coas partidas de normalización da DXPL se debe financiar á RTVG de forma constante?* Si Non

- I *Varios dos participantes indicaron a pertinencia dunha segunda canle para a TVG, vostede diría que:*

	<i>Totalmente en desacordo</i>			<i>Totalmente De acordo</i>	
	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Sería unha oportunidade para diversificar a emisión, e incluír programas que agora non se recollen por motivos de audiencia</i>					
<i>É suficiente o que hai, unha segunda canle sería unha forma de dilapidar fondos públicos</i>					

Medios de comunicación privados:

- Hai unha presenza testemuñal da lingua galega neste ámbito.
- Son reacios ao uso do galego pola estimación que fan das preferencias dos consumidores; ten que ver coa apreciación da competencia lectora en galego da poboación.
- A presenza da lingua galega nos medios privados é moito menor que na sociedade galega.
- Non reflicten a realidade lingüística, fanse traducións das manifestacións en galego.
- Non se cumpre coas cláusulas de incremento do uso, asociado ás axudas públicas.
- Neste ámbito hai unha certa identificación da lingua galega escrita co nacionalismo e con santuarios culturais ou intelectuais.
- Tamén a publicidade é maioritaria en castelán.

■ *As axudas concedidas pola DXPL aos medios de comunicación privados cre que son: (grao de acordo)*

	Totalmente en desacordo			Totalmente de acordo	
<i>Unha forma eficaz de que os medios teñan unha boa actitude e o utilicen progresivamente</i>	1	2	3	4	5
<i>Unha forma de financiar os medios con finalidades á marxe da normalización lingüística</i>	1	2	3	4	5
<i>Non existe ningún tipo de vínculo entre as subvencións da DXPL e a progresión do uso do galego polos medios de comunicación</i>	1	2	3	4	5

■ *Pedímoslle tamén que emita a súa opinión sobre diversas cuestións relacionadas cos medios de comunicación. Indíquenos o grao de acordo coas seguintes afirmacións*

	Totalmente en desacordo			Totalmente de acordo	
<i>É comprensible a actitude dos medios de comunicación porque o galego resta lectores/oíntes</i>	1	2	3	4	5
<i>A sociedade demanda máis oferta en galego da que existe actualmente</i>	1	2	3	4	5
<i>Debera promoverse un acceso xeralizado aos medios de comunicación portugueses</i>	1	2	3	4	5
<i>No ámbito escrito, unha boa fórmula para a promoción do galego sería editar dúas versións iguais dos xornais existentes en castelán e en galego</i>	1	2	3	4	5
<i>No ámbito escrito, unha boa fórmula para a promoción do galego sería conseguir que os xornais existentes tiveran o mesmo volume de noticias en castelán que en galego</i>	1	2	3	4	5
<i>A promoción do galego nos medios de comunicación ten que estar vinculada sobre todo á produción de contidos propios, e non tanto á traducción de produtos importados</i>	1	2	3	4	5

COMENTARIOS:

F) Outros actores

Servicios de Normalización Lingüística

- *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido aos Servicios de Normalización Lingüística (SNL) é:
Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto*

- *Valore o grao de eficacia nas funcións desenvoltas polos Servicios de Normalización Lingüística, dos que dispoñen algunhas organizacións (Concellos, Universidades, Institucións...):*

	Valoración
<i>En canto ao uso correcto da lingua galega pola organización na que están inseridos</i>	<i>Moi baixo 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>En canto ao apoio para a formación e asesoría no uso do galego</i>	<i>Moi baixo 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>Para que a organización utilice o galego nos seus usos públicos</i>	<i>Moi baixo 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>Para promover a extensión do uso dentro da organización</i>	<i>Moi baixo 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>Para promover a extensión de uso do galego no sector da sociedade ao que se dirixe a organización</i>	<i>Moi baixo 1 2 3 4 5 Moi alto</i>

- *Valore o actual modelo de financiamento por parte da Xunta dos Servicios de Normalización Lingüística (SNL) nos concellos.
Nada efectivo 1 2 3 4 5 Moi efectivo*

Institucións Lingüísticas

- *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido ás Institucións Lingüísticas é:*

Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto

- *Valorar globalmente a actuación de cara á normalización lingüística durante estes vinte últimos anos das Institucións lingüísticas:*

<i>Institución</i>	<i>Valoración</i>
<i>Real Academia Galega</i>	<i>Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa</i>
<i>Instituto da Lingua Galega</i>	<i>Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa</i>
<i>CIH Ramón Piñeiro</i>	<i>Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa</i>
<i>Departamentos de Filoloxía galega das Universidades</i>	<i>Moi mala 1 2 3 4 5 Moi boa</i>

Diversas opinións indican que a maioría da produción das Institucións lingüísticas está referida ao corpus lingüístico, sendo poucas as investigacións desenvoltas no ámbito sociolingüístico e aínda menos aquelas que poidan ter un aproveitamento operativo de cara á planificación.

- *Ao seu ver cal é o grao de aproveitamento da produción investigadora das institucións lingüísticas para a promoción social do galego*

<i>Institución</i>	<i>Valoración</i>
<i>Real Academia Galega</i>	<i>Moi escaso 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>Instituto da Lingua Galega</i>	<i>Moi escaso 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>CIH Ramón Piñeiro</i>	<i>Moi escaso 1 2 3 4 5 Moi alto</i>
<i>Departamentos de Filoloxía galega das Universidades</i>	<i>Moi escaso 1 2 3 4 5 Moi alto</i>

G) *Os partidos políticos e as alternativas á política lingüística*

- Obsérvase unha postura moito máis firme en defensa do galego nos sectores relacionados co nacionalismo.
- Os ámbitos ligados ao nacionalismo son máis capaces de mobilizar activos a favor da lingua galega.
- Os posicionamentos contrarios á política actual están escasamente articulados, e a miúdo pecan de falta de realismo nas propostas.
- A vindicación do galego tende a estar circunscrita a determinados ámbitos profesionais e/ou militantes.
- Varios participantes indican o perigo de que as formulacións políticas sobre a lingua galega estean vinculadas ao nacionalismo.
- Faise fincapé en que a lingua debe ser un compromiso institucional de todas as forzas políticas e do conxunto dos actores en xogo. Considérase moi necesario xerar un consenso institucional e social, establecer un grande acordo pola lingua galega
- O asociacionismo de base e certos sectores culturais son quen máis pula pola presenza social da lingua galega, sobre todo son os que sosteñen a súa vindicación mantendo a súa vitalidade.

Os partidos políticos

En xeral, non se lle dá aos partidos políticos un papel moi preponderante na normalización lingüística entendida como promoción social do galego, pero faise fincapé no seu relevo á hora de establecer os grandes consensos que se demandan neste campo; por iso lle pedimos que avalíe a actuación das distintas forzas políticas.

■ *Valorar as actitudes e actuacións das distintas forzas políticas referidas a:*

■ Partido Popular de Galicia	Valoración
Grao de realismo sobre a situación	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Grao de articulación global de propostas	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Capacidade para a promoción de iniciativas	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Nivel de compromiso coa promoción social do galego	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Capacidade de consenso na normalización lingüística	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto

■ Bloque Nacionalista Galego	Valoración
Grao de realismo sobre a situación	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Grao de articulación global de propostas	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Capacidade para a promoción de iniciativas	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Nivel de compromiso coa promoción social do galego	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Capacidade de consenso na normalización lingüística	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto

■ Partido Socialista de Galicia-PSOE	Valoración
Grao de realismo sobre a situación	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Grao de articulación global de propostas	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Capacidade para a promoción de iniciativas	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Nivel de compromiso coa promoción social do galego	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto
Capacidade de consenso na normalización lingüística	Moi Baixo 1 2 3 4 5 Moi Alto

H) *Asociacións a prol da lingua*

- Hai unha boa valoración das asociacións a prol da lingua, como elementos de promoción do galego e axentes que activan a iniciativa da Administración Autonómica.
- A maioría dos participantes entenden que as asociacións a prol da lingua xogaron un papel moi determinante na promoción social do galego.
- Avaliase, sobre todo, á Mesa pola Normalización Lingüística, considerando moi positiva a súa acción;

entendendo, en todo caso, que non consegue ser o grande foro da sociedade civil (apartidario) que pretende ser. Tamén se menciona unha certa indefinición nas súas funcións que ás veces ten que ver coa chamada de atención á sociedade, outras coa proposición ou a protesta ante a Administración e outras co desenvolvemento de funcións que solapan á propia Administración.

- Considérase que nos últimos tempos existe unha certa desmobilización do activismo a favor do galego, que leva aparelado un menor protagonismo da sociedade civil na normalización lingüística.

■ *Vostede diría que o seu nivel de coñecemento referido ás organizacións sociais a prol da lingua galega é:*

Moi baixo 1 2 3 4 Moi alto

■ *Valorar a efectividade no seu ámbito de actuación das actividades das distintas organizacións sociais:*

<i>Organización:</i>	<i>Valoración</i>
<i>A Mesa pola Normalización Lingüística</i>	<i>Moi Baixa 1 2 3 4 5 Moi Alta</i>
<i>Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (AFNL)</i>	<i>Moi Baixa 1 2 3 4 5 Moi Alta</i>
<i>Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)</i>	<i>Moi Baixa 1 2 3 4 5 Moi Alta</i>
<i>Nova Escola Galega (NEG)</i>	<i>Moi Baixa 1 2 3 4 5 Moi Alta</i>
<i>Associaçom Galega da Língua (AGAL)</i>	<i>Moi Baixa 1 2 3 4 5 Moi Alta</i>
<i>As asociacións reintegracionistas de base (MDL, Artábria, Bonabal...)</i>	<i>Moi Baixa 1 2 3 4 5 Moi Alta</i>

■ *Como considera vostede que evolucionou ao longo destes anos a mobilización social a prol do galego*

<i>Canto a</i>	<i>Diminuíu bastante</i>	<i>Diminuíu algo</i>	<i>Mantívose</i>	<i>Aumentou algo</i>	<i>Aumentou bastante</i>
<i>A Mesa pola Normalización Lingüística</i>					
<i>As organizacións sectoriais (AFNL)</i>					
<i>Asociacións de Renovación Pedagóxica</i>					
<i>O activismo reintegracionista</i>					

COMENTARIOS:

I) A normativa do galego e a relación co portugués

- Hai en xeral unha valoración negativa de como repercute a confusión normativa na expansión do uso da lingua galega.
- Enténdese como necesaria a existencia dunha soa normativa, de cara a eliminar a confusión.
- Boa parte dos participantes desvincula a discusión sobre a normativa da discusión sobre o contacto coa área lingüística luso-brasileira.
- O galego debe vincularse máis proactivamente á área luso-brasileira. Considérase unha riqueza comprender ao galego na área desa familia lingüística, de cara a fomentar os intercambios con Portugal e Brasil.
- Deriva da lingua galega cara a estruturas lingüísticas do castelán.

■ *Indíquenos o grao de acordo coas seguintes afirmacións*

	<i>Totalmente en desacordo</i>			<i>Totalmente de acordo</i>	
	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>O problema da normativa non afectou demasiado á normalización lingüística</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>É unha grave irresponsabilidade que determinados representantes sociais e políticos non asuman a normativa oficial</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Os responsables lingüísticos deberan apostar de forma máis decidida por comprender ao galego na área lingüística luso-brasileira</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>O debate arredor da normativa foi unha fonte de crispación que imposibilitou o diálogo constructivo a favor do galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>As potenciais relacións co portugués inciden moi pouco na normalización lingüística do galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Debe permitirse o uso de distintas normativas do galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>A nosa posición no Eixo Atlántico e o maior intercambio con Portugal debe conducir a unha maior vinculación entre as formas galegas e portuguesas</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Debe incorporarse o portugués ao ensino (como lingua diferenciada ou vinculada ao galego)</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

COMENTARIOS:

COMENTARIOS FINAIS

Este cuestionario recolle os lugares comúns do momento anterior, e aquelas cuestións que máis interesaban a efectos da investigación en curso. Hai unha serie de contribucións moi valiosas que non aparecen reflectidas aquí que, sen embargo, serán integradas para o desenvolvemento conxunto da investigación.

Se ben este cuestionario ten unha estrutura moito máis pechada que o anterior, non queremos que isto poidera coartar a expresión dos participantes no DELPHI. Abrimos un espacio agora (nun anexo) para incluír calquera cuestión que se considere pertinente, pero sobre todo calquera comentario valorativo sobre os últimos vinte anos de política lingüística que non se considere recollido con anterioridade.

Gracias pola súa participación

LISTA DE ANALISTAS PARTICIPANTES NO DELPHI
DE AVALIACIÓN DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN GALICIA

A comezo de 2001 estableceuse contacto con 72 expertos para participar no DELPHI, tentando recoller un abano amplo e plural de opinións sobre a política lingüística en Galicia. Ao final foron 45 as persoas que responderon ao primeiro cuestionario e 31 ao segundo, sendo este un nivel de resposta bastante aceptable para este tipo de técnicas. Mencionamos neste listado o conxunto de participantes no DELPHI nalgunha das súas fases, e omitimos, por cortésia, as persoas convidadas que non quixeron ou non puideron participar.

Queremos agradecer moi sinceramente o seu esforzo e reiterar que o conxunto da investigación está en débeda con estas 45 persoas que achegaron reflexións centrais para o noso traballo.

	Nome	Calidade pola que solicitamos a súa participación no DELPHI	Resposta 1º cuestionario	Resposta 2º cuestionario
1	Henrique Monteagudo Romero	Sociolingüista USC	X	X
2	Xan Bouzada Fernández	Sociólogo Uvigo	X	X
3	Anxo M. Lorenzo Suárez	Sociolingüista Uvigo	X	X
4	Daniel Romero Rodríguez	Técnico NL-Concello Fene	X	X
5	Xesús Costas Abreu	Polítologo-ex concelleiro e funcionario do Concello Vigo	X	X
6	Agustín Fernández Paz	Mestre e escritor	X	X
7	Arturo Pereiro Rozas	Psicólogo Universidade de Almería	X	X
8	Celso Álvarez Cáccamo	Sociolingüista UDC	X	
9	Xoán Paulo Rodríguez Yáñez	Sociolingüista Uvigo	X	X
10	Fernando Ramallo Fernández	Sociolingüista Uvigo	X	X
11	Johannes Kabatek	Lingüista Universidade de Tübingen	X	X
12	Antoine Fraile	Lingüista Universidade de Tours	X	X
13	Xosé Ramón Freixeiro Mato	Filólogo UDC	X	X
14	Fermín Bouza Álvarez	Sociólogo Univ. Complutense	X	
15	Xosé Manuel Sabucedo Cameselle	Psicólogo social USC	X	X
16	Antón Santamarina Fernández	Filólogo ILG-USC	X	X

17	Carlos Casares Mouriño (Ú)	Escritor Presidente do CCG	X	
18	Manuel Portas Fernández	Sociolingüista Concelleiro de Normalización Lingüística - Concello de Santiago	X	X
19	Modesto Rodríguez Neira	Sociolingüista USC	X	X
20	Elvira Souto Presedo	Filóloga UDC	X	
21	Marta Álvarez Montes	Presidenta da Comisión de Educación e Cultura Parlamentaria do PPdeG	X	X
22	Pilar García Negro	Portavoz do BNG na Comisión de Educación e Cultura Sociolingüista	X	X
23	José Luís Méndez Romeu	Portavoz do PSdeG na Comisión de Educación e Cultura	X	X
24	Concha Costas Fernández	(ex) Presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística	X	X
25	Antón Costa Rico	Nova Escola Galega Pedagogo USC	X	X
26	Xosé Luís Barreiro Rivas	Politólogo USC	X	X
27	Xerardo Estévez Fernández	Arquitecto	X	
28	Benito Montero Prego	Fiscal Audiencia de Pontevedra	X	X
29	Camilo Nogueira Román	Parlamentario europeo	X	X
30	Manuel Regueiro Tenreiro	Ex director xeral DXPL	X	
31	Paz Lamela Vilariño	Ex directora xeral DXPL	X	
32	Adolfo de Abel Vilela	Ex director xeral DXPL	X	
33	Xosé Manuel Sarille Fernández	Ex presidente-A Mesa Filólogo	X	
34	Xosé Rubal Rodríguez	Pedagogo USC	X	X
35	Valentín García Gómez	(ex) Presidente CTNL Técnico lingüístico	X	X
36	Victor Fernández Freixanes	Xornalista Profesor USC	X	
37	Luis Pérez Fernández	Director de informativos da Televisión de Galicia	X	
38	Afonso Eiré López	Director <i>A Nosa Terra</i>	X	X
39	Xosé Manuel Rey Novoa	Director <i>O Correo Galego</i>	X	
40	Xosé Manuel Núñez Singala	Técnico SNL- USC	X	X
41	Xosé Chao Rego	Teólogo	X	
42	Luis Álvarez Pousa	Director <i>Tempos Novos</i> Profesor USC	X	X
43	Henri Boyer	Sociolingüista Universidade de Montpellier III	X	X
44	Alfonso Blanco Torrado	AC. Xermolos Guitiriz	X	
45	Francisco Veiga García	Nova Escola Galega Mestre	X	X

COLECCIÓN **B A S E**



O proxecto *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)* é unha análise cualitativa e global das políticas lingüísticas autonómicas e o seu impacto no prestixio, coñecemento e uso da lingua, polo que constitúe un instrumento de información, avaliación e de reflexión sobre a evolución da situación social do galego nos últimos anos, e sobre as posibilidades de mellorar o status da lingua no futuro inmediato.

A presente achega dedicada á análise da política lingüística serve de marco ó conxunto da investigación e procura determinar as posicións glotopolíticas fundamentais orientadoras dos principios, disposicións e actuacións en materia de lingua da Administración galega, así como a posición dos axentes políticos, sociais e cívicos fronte ó proceso de normalización. Este traballo complétase coa edición dos estudos sectoriais en sucesivos volumes.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA